

ESTEBO

EDICIÓN FACSIMILAR

XOSÉ LESTA MEIS



CLÁSICOS DA
EMIGRACIÓN

 XUNTA
DE GALICIA



ESTEBO



XOSÉ LESTA MEIS

ESTEBO

EDICIÓN FACSIMILAR

MIRO VILLAR

ESTUDO INTRODUTORIO



Consello
da Cultura
Galega

CLÁSICOS DA
EMIGRACIÓN



Autor

Xosé Lesta Meis

Estudo introdutorio

Miro Villar

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2023

Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro

15705 Santiago de Compostela

T 981 957 202 Fax 981 957 205

correo@consellodacultura.gal

www.consellodacultura.gal

Proxecto gráfico

Imago Mundi Deseño

Maquetación e impresión

XOU de XOUBa

Depósito legal: C 2102-2023

ISBN 978-84-17802-60-8

ÍNDICE

- 9 **PRESENTACIÓN**
Rosario Álvarez
Presidenta do Consello da Cultura Galega
- 13 **PRESENTACIÓN**
Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración da Xunta de Galicia
- 15 **ESTUDO INTRODUTORIO**
UNHA VOZ CRÍTICA DA EMIGRACIÓN GALEGA
A CUBA
Miro Villar
- 53 **ESTEBO**
FACSFÍMILE

Un dos obxectivos do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega é a difusión de estudos sobre o fenómeno migratorio, a través de publicacións de obras de interese cultural e científico. Nesa liña, e en colaboración coa Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia, aprácenos presentar ao público esta colección de libros que desfrutan da consideración de ser obras clásicas para o coñecemento e análise da emigración galega nas súas diversas épocas, destinos e facetas. Recadamos e divulgamos obras que hoxe en día son difíciles de atopar en bibliotecas ou librarías, e que así poden ser máis accesibles para o público investigador, mais tamén para calquera persoa interesada no tema.

Como ben afirmara Manuel Murguía, non se pode entender a Galicia moderna e contemporánea sen a emigración. Trátase dun fenómeno que atinxe de forma transversal a todas as dimensións da súa existencia, no eido social, económico, político e cultural. Como non podía ser doutro xeito, as reflexións sobre o fenómeno migratorio son case tan antigas coma o comezo das migracións masivas. Xa dende finais do século XIX publicáronse en Galicia e América libros, folletos e artigos xornalísticos que tiñan como obxectivo a comprensión acaída do que se percibía como un éxodo crecente de milleiros de galegos e galegas. Intelectuais, políticos, publicistas e mesmo tamén emigrantes do común posicionábanse así a prol ou en contra da emigración, preguntábanse polas súas causas e polas leis invisibles que a determinarían. Xa daquela xurdiran partidarios e detractores das migracións, optimistas e pesimistas.

Dende mediados do oitocentos, a prensa galega publicou centos de artigos e testemuños coa emigración como fío condutor. Inquiríase sobre as súas causas e solucións, denunciábanse abusos e condicións de viaxe, dábanse consellos a quen quixese emigrar, informábase tamén sobre as condicións nos lugares de destino, a existencia e actividades das comunidades de emigrantes que se artellaban alén mar. Os intelectuais máis lúcidos escribiron así abondosas reflexións; tamén institucións e organismos oficiais emitiron informes, publicaron estatísticas, e mesmo promoveron congresos para coñecer e, en moitos casos, dar cabo ao fenómeno migratorio.

Nesta colección pretendemos ofrecer unha escolma destas obras, merecentes de seren rescatadas do esquecemento, e que sen dúbida contribúen a coñecer e valorar a historia da emigración galega dende diversas perspectivas. Inclúense libros publicados por autores coetáneos ao fenómeno, dende Ramón Castro López a Vicente Riguera, que exerceron un certo influxo na sociedade do seu tempo. Recóllense tamén os testemuños e reflexións legados polos propios protagonistas da emigración, fosen eles mesmos migrantes ou fillos de migrantes, que gozaron tamén dunha ampla difusión na colectividade emigrada. Velaí o caso de escritores e xornalistas hoxe esquecidos, mais que no seu tempo deixaron unha gran pegada nas colectividades galegas emigradas, pero tamén na mesma Galicia, coma, entre outros, Fortunato Cruces, Julio Sigüenza, Waldo Álvarez Insua ou Mercedes Vieito Bouza. En fin, tamén se inclúen nesta colección obras que, dende a década de 1930, sentaron os primeiros alicerces da actual e puxante historiografía galega das migracións, dende Luisa Cuesta a Ramón Otero Pedrayo.

A publicación facsimilar destas obras acompáñase de cadansúa introdución e estudo crítico, escritos por salientados especialistas de diversas disciplinas académicas, dende a Historia ata os Estudos Literarios, para contextualizar e presentar ao público as características principais e mais a relevancia de cada un dos clásicos da emigración.

Agardamos, por tanto, que esta colección *Clásicos da emigración* sexa da maior utilidade e proveito para todos aqueles e aquelas que teñan interese en coñecer polo miúdo, fóra de estereotipos e simplificacións, as características e variantes do fenómeno migratorio en Galicia, como parte integral e determinante da nosa identidade colectiva, mais tamén do noso pasado e futuro colectivos.

Rosario Álvarez

Presidenta do Consello da Cultura Galega

Galicia non sería a que é sen o mar. Tampouco o sería sen as árbores, ríos, e produtos da terra e do mar, que fan dela un dos paraísos turísticos e de calidade de vida do mundo enteiro. Iso é exactamente o mesmo que ocorre coa emigración. Galicia non sería Galicia sen os centos de milleiros de galegos que hai espallados polo mundo, que a fan cada día máis universal e infinita, variada, multicultural e rica. A emigración ten a mesma importancia para a nosa terra que a nosa paisaxe, a nosa gastronomía ou as nosas tradicións na definición do noso sinal de identidade. A pegada dactilar de Galicia ten a forma dos cinco continentes, porque sen eles non estaría completa.

Resulta estéril intentar debuxar os límites xeográficos de Galicia. Todos coñecemos e somos capaces de deliñar cos ollos pechados a topografía da nosa comunidade autónoma, pero resultanos imposible trasladar esas fronteiras á nosa patria, á nosa terra, ao noso fogar. Os centos de milleiros de galegos que ao longo das últimas décadas pecharon as ventás das súas casas para construír fogares e abrir as portas a unha nova vida crearon sistemas sanitarios como os que aínda hoxe rexen a sanidade en moitos países, enviaron cartos para que os que quedaron na Galicia territorial puidesen seguir estudando para buscar un futuro mellor e procuráronlles traballo desde os seus países de destino aos que querían seguir os seus pasos.

E non só iso. A achega que fixeron os emigrantes galegos ao patrimonio inmaterial de Galicia aínda hoxe constitúe un fito difícil de igualar. Os escritores, debuxantes, pintores, músicos e outros intelectuais que crearon a súa obra a partir ou desde a

emigración fixeron, en moitos casos, historia e escribiron páxinas únicas da arte mundial. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Luís Seoane, Rosalía de Castro, Manuel Colmeiro, Emilia Pardo Bazán, Mestre Vide, Xosé Castro «Chané»..., é infinita a listaxe de nomes propios que gañaron o dereito de figurar en maiúsculas para a eternidade.

Décadas despois, cando estes tempos quedaron atrás e Galicia avanza máis ca nunca, os emigrantes seguen a contribuír coa súa terra e seguen a constituír unha oportunidade sen límites para a nosa comunidade, tanto os que están fóra como os que retornan cada día ou están a pensar en facelo. Por iso Galicia se sente tan orgullosa da súa emigración.

A viaxe de ida e, en moitos casos, volta dos emigrantes segue aínda hoxe a xerar un acervo fundamental na historia de Galicia grazas aos autores que reflicten este fenómeno, que se adentran nel para convertelo nun recordo á vez dunha obra mestra da literatura. Nesta colección intentamos darlles o espazo que merecen e poñer en valor a súa importancia para o presente e o futuro da nosa terra. Espero que gocen de todas e cada unha das obras que a integran e tamén, por que non, que nos axude a lembrar e entender, mellor aínda se cabe, á nosa querida Rosalía, emblema da nosa poesía, cando dicía: «¡Ai, quen fora paxariño / de leves alas lixeiras! / ¡Ai, con que prisa voara, / toliña de tan contenta, / para cantar a alborada / nos campos da miña terra!».

Antonio Rodríguez Miranda

Secretario xeral da Emigración da Xunta de Galicia

UNHA VOZ CRÍTICA DA EMIGRACIÓN GALEGA A CUBA

Miro Villar

Catedrático de Lingua e Literatura Galega

1. SÍNTESE BIOGRÁFICA

Os pouco máis de 42 anos de vida do narrador e xornalista Xosé Francisco Lesta Meis (1887-1930) non foron óbice para que o xuízo crítico da súa obra literaria acadase consenso á hora de situar a prosa do autor no cumio entre os escritores da promoción das Irmandades da Fala, no primeiro terzo do século xx.

Nace en Eirís de Arriba o 16 de marzo de 1887, que daquela aínda pertencía ao antigo concello de Oza. Lesta Meis en «La Coruña futura», un dos seus moitos artigos en *Eco de Galicia. Revista Ilustrada y de Información de la Colonia Gallega en Cuba* (1/II/1928) sinala: «Desde que La Coruña se anexionó el antiguo Ayuntamiento de Santa María de Oza, allá por el año doce, vióse enseguida que no podía poner gobierno en sus nuevos dominios». Na actualidade Eirís de Arriba continúa a ser un dos 14 lugares da parroquia de Santa María de Oza, con 293 habitantes no padrón municipal de 2023.

Adoita considerarse que a súa primeira obra, *Manecho o da Rúa* (1926), ten moito de relato autobiográfico, xa que se desenvolve «n-unha pequena aldea que hai cerca da Cruña» (transunto de Eirís de Arriba), na que o personaxe de Manecho traballa nos labores do campo, nomeadamente ir ao monte buscar leña, e esas serían as angueiras do propio autor. Manecho foxe aos 17 anos nun barco a Cuba, como polisión, mentres que Lesta Meis emigrou dentro da legalidade na procura dun futuro mellor.

É posible que, coma Manecho, estivese nas casas de madeira rodeadas de arames de pico de Triscornia, onde os capataces dos enxeños do azucre ían na procura de emigrantes. Sábese que Lesta Meis traballou arreo nas plantacións mentres malvivía nos *bohíos*

—casuchas feitas de catro táboas e cubertas de follas de palmeiras— e nos barracóns. Manecho tamén empezou a estudar pois «todol'os libros de cantos populares que vía mercábaos e aprendíaos de memoria», namorou e traballou en diversos oficios xa na Habana, mentres lía e escribía, coma o propio Lesta Meis, que seguiu unha formación autodidacta, antes de retornar á aldea coruñesa.

En 1912 colabora en *La Alborada. Órgano de la Colonia Gallega en Cuba*, dirixido por Fray Roblanto, pseudónimo de Roberto Blanco Torres, con diversos artigos, entre os que salienta «Ante lo inmarcesible: a la memoria de Don Manuel Curros Enríquez» no número 9 (3/III/1912), dedicado ao cuarto aniversario do pasamento do poeta. Nese mesmo ano tamén escribe en *Suevia. Revista Ilustrada* (A Habana) dous contos en castelán, o primeiro ambientado na aldea do Castro no monte do Mero, próxima ao seu Eirís.

De volta na Coruña, Lesta Meis casa o 5 de decembro de 1914 en Santa María de Oza con Rogelia Raso Naya. Monterroso (1986) anota: «Por certo que adoptaran unha rapaza, que lles morreu con 15 anos; agora todos tres jacen ali, no campamento de Oza, sobranceando Monelos». Raramente aparecen na prensa novas sobre a súa vida familiar; non as atopamos do seu matrimonio pero si aparece unha foto da súa filla Josefina o día da súa primeira comunión en *Eco de Galicia* (1/II/1925).

Vaise dedicar ao xornalismo; así, desde abril de 1917 escribe a sección «Crónicas cubanas» rememorando a estadia para o xornal coruñés *El Ideal Gallego*, na que narra acontecementos da vida na illa relacionados coa emigración galega mais en moitas ocasións retratando personaxes cubanos. Con respecto ao primeiro tema, salientan as duras críticas que realiza contra os centros e as «sociedades regionales españolas» polo desamparo en que deixan os «inmigrantes» (utiliza este termo) á súa chegada a Cuba. As denuncias das súas crónicas, publicadas durante varios días, servirán para trazar unha agre panorámica do negocio migratorio, con críticas furibundas mesmo contra a delegación en Cuba do español Consejo Superior de Emigración.

Deseguida vai ser nomeado correspondente dos xornais cubanos *Eco de Galicia* e *Heraldo de Galicia*. *Periódico Consagrado a los Intereses del Pueblo Galiciano y Paladín de la Colonia Gallega en Cuba* até o seu pasamento. En xuño de 1917, a petición do director, empezou a colaborar en *Eco de Galicia*. *Revista Ilustrada y de Información de la Colonia Gallega en Cuba*, nunha sección que denominará «De mi Tierra». No seu primeiro artigo agradece o convite amosando a súa sorpresa e chanceándose: «¡Colaborar en ella yo! ¡yo, señores! Que ayudé a malmorir a “La Alborada” y a “Suevia” aquí en La Habana, y a “Coruña cómica” en La Coruña. Un colmo. Si no es una ironía». Serán dúcias de anotacións diversas sobre a actualidade sociopolítica e cultural —das que logo falaremos—, como fai en «Gotas amargas», artigo polo que sabemos que escribe boa parte da súa produción no coruñés Café Oriental, «que casi es mi casa y mi despacho y mi razón de ser». Aos faladoiros deste café tamén lles dedica o artigo «Las ‘Peñas’ del Oriental».

Vincúlase axiña co agrarismo, cuxa loita enxalza, e con posterioridade será un dos irmandiños da nutrida Irmandade da Fala da Coruña, cunha activa participación nas súas actividades e con colaboracións en *A Nosa Terra*.

Malia que en xullo de 1918 anda por Madrid, xa que entrevista para o xornal coruñés *El Ideal Gallego* o escritor Salvador Rueda sobre as súas opinións literarias, é a época da reafirmación do seu retorno a Galicia, pois o *Boletín Oficial da Provincia* do 22 de agosto de 1919 testemuña a súa inclusión no censo coruñés logo dunha reclamación. Tamén aparece citado como docente —profesión que apenas desenvolveu—, pois «José Lesta Meis, Maestro» está entre os asinantes do Primer Congreso de Estudios Gallegos, que tivo lugar na Coruña entre o 24 e o 31 de agosto de 1919, convocado polo Instituto de Estudios Galegos.

En agosto de 1922 participa na concorrida homenaxe ao escultor Francisco Asorey celebrada no seu Cambados natal, na que «todos los comensales llevaban prendida en la solapa una

banderita con los colores de la enseña gallega», e pouco despois tamén aparece entre os asinantes que solicitan que o monumento a Curros Enríquez na cidade coruñesa sexa creado polo escultor cambadés.

Un artigo que asina El Bachiller de Lores, outro pseudónimo de Roberto Blanco Torres, en *La Zarpa* (17/XII/1922), cunha caricatura de Xosé Lesta Meis da autoría de Álvaro Cebreiro, é crucial para sabermos dos seus problemas de saúde, pois unha doenza que non se explica, mais que era amortecida por morfina, cocaína e éter, foi a causante do seu regreso á casa paterna.

En marzo de 1923 *Heraldo de Galicia* testemuña a súa presenza o mes anterior no cortexo fúnebre de Manuel Murguía, do que escribe a necrolóxica con dous textos: «Don Manuel Murguía» e «El galleguismo en el entierro de Murguía», este con fotografías, en *Eco de Galicia* (18/III/1923). Neste mesmo xornal o 8 de abril asina «La institución Murguía-Rosalía» para se posicionar a prol da creación dun premio con esa denominación.

O día 23 de marzo de 1923 pronuncia a conferencia «A nosa psicoloxía», a quinta na serie que organizou a Irmandade da Fala coruñesa. O texto foi publicado en *A Nosa Terra. Boletín quincenal. Idearium das Irmandades da Fala* (15/IV/1923) e ocupaba as cinco primeiras páxinas e o inicio da sexta. Tamén escribe para *Heraldo de Galicia* (13/V/1923) unha síntese das conferencias de Lois Peña Novo, Uxío Carré Aldao, Ángel del Castillo e Manuel Lugrís Freire.

Cunha ampla crónica en *Heraldo de Galicia* informa á colectividade galega en Cuba sobre «La Quinta Asamblea Nacionalista Gallega» que tivo lugar os días 18 e 19 de marzo de 1923 na Coruña, na que non participou e cuxas conclusións critica que non fosen divulgadas. Sobre o tema reincide en *Eco de Galicia* co artigo «El apoliticismo de los nacionalistas gallegos», no que censura a súa non participación activa na política.

En abril e maio de 1923 realiza unha breve viaxe a Cuba, pois *Eco de Galicia* (20/V/1923) informa de que regresa a Ga-

licia a bordo do Alfonso II «nuestro activo corresponsal en Coruña y conocido escritor» e dun anterior ágape no restaurante Carmelo no barrio de El Vedado.

En xullo de 1923 aparece como un dos asinantes da homenaxe da sociedade coruñesa ao coro Cántigas da Terra, da que realizará unha pormenorizada crónica para *Eco de Galicia* (2/IX/1923).

En *A Nosa Terra* (12/IX/1923) aparece como un dos primeiros socios protectores das Escolas de Insiño Galego, coas que colabora con dúas pesetas. Asina artigos coma «Para todos», no que realiza unha crítica feroz do caciquismo. Tamén en novembro de 1923 en *Eco de Galicia*, nun artigo que principia repudiando os militares, posiciónase a prol dalgúns aspectos do Directorio militar primorriverista, ao considerar que poden atallar a corrupción en concellos e deputacións e frear a sangría do gasto público nas guerras africanistas. Tamén o fai en *Heraldo de Galicia* no artigo «Logreros a la cárcel», para que se actúe contra os axentes de embarques da emigración. Porén, en xuño de 1924 xa está a criticar que no partido que están a formar os militares, a Unión Patriótica (UP), «no hay más que polilla caciquil»; en setembro reproba que o Directorio pretenda suprimir a Escola de Náutica na Coruña e, en abril de 1925, escribe sobre o nomeamento de Manuel Casás como alcalde que lle satisfai e a quen non considera afecto da UP; e ao que entrevistará no número do 25 de xullo de 1925.

Un ano antes, no Día de Galicia de 1924, escribe un artigo sobre esta efeméride en *A Nosa Terra* e nel salienta que «[o] día de Galicia son todos os días que se fai obra galega» e nomea artistas e escritores. Consonte a súa afirmación agrarista, tamén escribirá sobre a represión ao campesiñado en Guillarei. Pronúnciase ademais contra un posible traslado a Madrid do Arquivo de Galicia.

As acedas críticas de Lesta Meis axiña van ter problemas coa censura; de feito, en *Heraldo de Galicia* (10/VIII/1924) publica o artigo «Para el Censor de la Prensa Extranjera en la Coruña»,

a través do que sabemos dos problemas para a lectura da prensa cubana na cidade e dos artigos do propio Lesta Meis. *El Pueblo Gallego* (6/XI/1925) insire en letra grosa a seguinte nota: «Por causas ajenas a nuestra voluntad no podemos publicar un artículo de nuestro colaborador José Lesta Meis».

El Compostelano (24/II/1926) e tamén *El Ideal Gallego*, *La Región* e outros xornais informan de que o gobernador civil da provincia lle impuxo «una multa de 500 pesetas al escritor José Lesta Meis, empleado en el Ayuntamiento de La Coruña, por haber firmado en el diario de La Habana, *Heraldo de Galicia*, un artículo en el que se hacen manifestaciones inexactas que afectan a sus jefes y a la actuación del Ayuntamiento en el plebiscito nacional del mes de Septiembre último». Desde Cuba, *Heraldo de Galicia*, do que era correspondente, reacciona co artigo «Oh, las decantadas libertades de la España de hoy» (5/XII/1926) e abre unha subscripción económica de apoio, ao tempo que publica o artigo polo que fora multado, en inequívoca mostra de solidariedade. En números seguintes van publicando os nomes dos que fixeron doazóns para a causa.

Porén, o esforzo non foi dabondo. *El Correo Gallego* (5/I/1927) informa do seu ingreso na prisión para sufrir o arresto equivalente ao impagamento da multa. *El Compostelano* (13/I/1927) e ao día seguinte *El Correo Gallego*, *El Eco de Galicia*, *La Provincia* (Lugo) e outros xornais —tamén na emigración, coma *El Heraldo Gallego* (Bos Aires)— dan conta da súa excarceración despois de dez dos quince días da condena, pois a autoridade gubernativa condonoulle os cinco últimos. O propio Lesta Meis dedica a súa columna en *Heraldo de Galicia* (10/II/1927) ao tema: «Señor: ya estoy aquí otra vez. Acabo de salir de la cárcel, como sabe usted, y tengo mucho gusto en venir a saludarle». Deseguido, con moita retranca, fala da súa rexeneración e de que mollará a súa pluma en mel. Curiosamente, neste mesmo número infórmase de que acaba de ser multado Antón Villar Ponte coa mesma cantidade e que vai entrar en prisión por non querer facer o pagamento.

Meses antes de entrar na prisión, *El Ideal Gallego* (8/IX/1926) dá conta da súa participación no enterro do escritor e xornalista Pérez Lugín, que adquirira sona pola súa novela *La casa de la Troya. Estudiantina*.

Sen chegar a ser membro do Seminario de Estudos Galegos, contribuíu cunha doazón de libros á súa biblioteca (*El Eco de Santiago*, 19/X/1927).

Nesta altura comezan a agravarse os problemas de saúde, que finalmente acabarán coa súa vida. A preocupación pola súa enfermidade pode seguirse a través dos xornais da época, o que testemuña a súa notable consideración pública. *El Eco de Santiago* (16/I/1928) informa de que se atopa novamente en Santiago para someterse a un tratamento curativo das súas doenzas de ril co doutor Villar Iglesias. No mesmo xornal (11/II/1928) Lesta Meis escribe o artigo «Sor María», dedicado con afecto á monxa que o atende e datado no «Hospital de Santiago, o día de San Cosme, 2-928».

El Compostelano (13/II/1928) sinala que o doutor D. José Puente Castro lle realizou «una difícil operación quirúrgica» ao escritor. Un día despois o xornal coruñés *El Ideal Gallego* engade que «[s]e haya muy grave». Ao seguinte día *El Eco de Santiago* e tamén *El Compostelano* xa falan de «una mejoría que permite concebir halagüeñas esperanzas».

El Pueblo Gallego (25/II/1928) publica o extenso artigo «La salud de Lesta Meis», no que salienta o agradecemento á pericia profesional do doutor Puente Castro diante da gravidade da doenza que facía temer pola vida de Lesta Meis. Incluso *El Eco de Santiago* (29/II/1928) sinala que unha delegación da coruñesa «Hirmandade da Fala» composta por Somoza, Abelaira e Zamora, aos que acompañaba o artista Camilo Díaz Balíño, lle fixo entrega ao cirurxían dunha mensaxe de gratitude pola súa intervención e os coidados do seu «compañero fraterno». A nova reitérase noutros xornais, como era frecuente, e a mensaxe publícase completa en *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala* (1/III/1928). *Vida Gallega* (11/III/1928) súmase

á nova da súa convalecencia; e, máis tarde, a prensa da emigración, de maneira especial *Eco de Galicia* (25/VII/1928) co artigo «Solidaridad Gallega. El Dr. Puente Castro y José Lesta Meis» (con fotografías de ambos).

No final do verán prodúcese unha melloría notoria. *El Eco de Santiago* (6/X/1928) informa sobre o seu regreso á cidade coruñesa, despois dunha longa temporada, e sinala que co que escoitou e viu nesas semanas «lleva materia para muchos artículos». Continúan tamén os recoñecementos aos profesionais; así, *Eco de Galicia* (12/X/1928) en «Médicos gallegos: el Dr. Villar Iglesias» salienta a súa profesionalidade á hora de atender a Lesta Meis e publica unha foto de ambos sentados no xardín do sanatorio en afable conversa.

Porén, o novo ano trae malas novas. Aínda que *La Región* (10/III/1929) testemuña a súa participación na multitudinaria homenaxe «El banquete a Vicente Risco» celebrada no Gran Hotel Roma de Ourense por mor do seu nomeamento como académico de número da Real Academia Galega (RAG), poucos días despois *El Compostelano* (1/IV/1929) anuncia que regresa á cidade compostelá para ser sometido a unha nova intervención cirúrxica e ao día seguinte *El Eco de Santiago* sinala que se trata dun «tratamiento en el Sanatorio de San Agustín». *El Pueblo Gallego* (5/IV/1929) engade que ingresou no sanatorio do doutor Puente Castro «para ser operado del riñón», información que o xornal vigués, do que era colaborador, amplía o 11 de abril, no artigo «Altruismo del Dr. Puente Castro. Lesta Meis vuelve a ser operado». Na seguinte xornada *El Eco de Santiago* completa que o Dr. Puente Castro o trasladou ao seu sanatorio para que non fose ao Hospital Real, establecemento da Beneficiencia, polo que agora non sufriría as privacións de cando estivera na sala San Cosme deste hospital.

Lesta Meis responde con humor á gravidade da doenza. En *El Pueblo Gallego* (27/IV/1929) publica unha «Carta aberta a Blanco Amor» (reproducida en *Vida Gallega* o 10 de maio) que asina no sanatorio do doutor Ponte [*sic*] Castro a véspera

de que lle extirpen un ril. No texto, con retransca, dille que xa pode vir ao banqueiro para o comerem «ô xerés». Evidentemente é un relato humorístico da súa grave afección renal, pois Blanco-Amor na altura residía en Bos Aires. A prensa galega, sobre todo a compostelá, informará do éxito da devandita operación cirúrxica e, do mesmo xeito, a nova é reproducida na prensa da emigración en días sucesivos. Con especial énfase na recuperación do «noso querido irmán» pronúnciase *A Nosa Terra* (1/V/1929).

Boa proba desa aparente melloría é que Lesta Meis publica o artigo «O Hospital de Santiago» e asínoa en «Sanatorio do doutor Puente Castro 19-5, 929» (*El Pueblo Gallego*, 23/V/1929). Nel escribe sobre o mal que estaban os enfermos no hospital da Beneficiencia e lembra a súa propia estadía alí, fronte á atención recibida agora. E, de novo, datada en «5-929», escribe outra «Carta aberta a Blanco Amor» (*El Pueblo Gallego*, 1/VI/1929) para lle narrar co mesmo humorismo o desenvolvemento da operación na que fica sen un ril.

Vida Gallega (20/VI/1929) publica «El doctor Puente Castro y el escritor Lesta Meis» (con fotografías de ambos), artigo en que salienta que son «dos figuras que representan un proceso de dolor, de valor, de acierto y de filantropía». Desa relación de amizade tamén dá conta *El Compostelano* (10/IX/1930), que nunha recensión do libro de relatos *Abellas de ouro* destaca a dedicatoria: «Ó meu gran amigo o ilustre ciruxano Ponte Castro, que co seu bisturí mestre arrapañoume dúas veces da pouta da morte e quitoume da pobreza e da tristura do hospital para a espléndida ledicia do seu pazo sanatorio, onde me tivo con toda xenerosidadá e grandeza». O libro remata con estas palabras «con dôr de ril, algo de frebe e... calma ¡moita calma!».

No artigo «Bibliotecas y jardines» en *Heraldo de Galicia* (12/I/1930), reproducido en *Galicia. Revista del Centro Gallego* (Montevideo, xaneiro-febreiro de 1930), sinala: «Todos los días, después de hacer la cura a mi riñón, vengo a pasar una hora o más en estos bellos jardines coruñeses» e a continuación salienta

a iniciativa do alcalde Manuel Casás, vello amigo do escritor, de poñer dúas bibliotecas nos xardíns, unha delas infanto-xuvenil.

A grave enfermidade non vai ser un atranco insuperable para seguir coa actividade cultural e política. En *Eco de Galicia* (7/III/1930) escribe «El Partido Republicano Federal Gallego», referido á constitución da Federación Republicana Galega, por iniciativa da ORGA de Casares Quiroga e Antón Villar Ponte, e no que saúda a fundación desta formación e amosa a súa sintonía cos seus postulados. *A Nosa Terra* (1/V/1930) informa da súa participación na VI Asambreira Nazionalista, realizada o 29 de abril na Coruña e primeira despois da ditadura de Primo de Rivera, da que o propio Lesta Meis realiza a crónica «La VI Asamblea de las Irmandades da Fala» para *Eco de Galicia* (10/VI/1930), na que fala dos diferentes credos ideolóxicos dos galeguistas e se confesa «izquierdista» e «antidinástico» con relación á monarquía.

Porén, a melloría na saúde foi transitoria. O 20 de decembro de 1930 *El Pueblo Gallego* manifesta que se atopa «enfermo de bastante gravedad», aínda que ese mesmo día o cubano *Heraldo de Galicia* publica un artigo de actualidade política da súa autoría, enviado con moita antelación como adoitaba facer. Á mañá seguinte o rotativo vigués engade que «las impresiones sobre su salud son pesimistas».

Finalmente, Xosé Francisco Lesta Meis falece o día 22 de decembro de 1930. Monterroso (1986), que entrevistou varias veces a súa dona, Rogelia, afirma que morreu «non no seu domicilio de Eiris de Abaixo, como di o admirado mestre Carballo Calero, mas si no hospital: daí que na parróquia de Santa María de Oza é este da sua morte o único evento da sua vida legal que non aparece registrado».

A súa morte causa unha profunda conmoción e ao día seguinte sucédense as necrolóxicas na prensa: *El Eco de Santiago*, *El Compostelano*, *El Noroeste*, *El Pueblo Gallego*, no que lemos que se deu «sepultura al cadáver en el cementerio de Santa María del Orzán [sic]» (trátase dunha gralla por Oza), *El Ideal Gallego*,

que alén da necrolóxica publica unha esquela da Asociación da Prensa da Coruña, casa mortuoria «Eiris de Abajo»; e un día máis tarde *La Zarpa*, *El Progreso* e *Galicia* (Ourense). Novamente *El Pueblo Gallego* en «El sepelio de don José Lesta Meis» informa da asistencia de numeroso público, funcionarios municipais, os presidentes da RAG e da Reunión de Artesanos e moitos membros das Irmandades da Fala; de que o cadaleito ía envolto na bandeira galega e de que no cemiterio de Santo Amaro [sic] pronunciou unha oración fúnebre Manuel LUGRÍS FREIRE (trátase dunha gralla do xornal pois, como xa se dixo, foi soterrado en Santa María de Oza). A máis completa é a sentida necrolóxica que asina o seu amigo A. Villar Ponte en *El Pueblo Gallego* (26/XII/1930) coa epígrafe «Outra baixa nas nosas fías», na que fai un repaso bibliográfico da súa produción xornalística e literaria.

El Ideal Gallego (24/XII/1930) publica as notas do Rexistro Civil con esta curiosa anotación: «José Lesta Meis, 42 años (mal de Brigt)». En efecto, o mal de Bright —non Brigt—, que recibe o nome dese médico inglés, é unha inflamación do ril que progresa lentamente cara á esclerose e a redución progresiva da función renal.

Días máis tarde, aparecen outras necrolóxicas que inciden no seu carácter humano e na súa obra, coma a que publica Salvador García-Bodaño desde Compostela no ourensán *La Zarpa* (30/XII/1930), reproducida en *El Compostelano* dous días despois e en *Vida Gallega* (20/I/1931); outra sen asinar, mais de Manuel García Barros, no estradense *El Emigrado* (31/XII/1930), xornal en que só publicara o artigo anticaciquil «Para todos» (16/XI/1923); e a de Roberto Blanco Torres en *La Zarpa*, na que lembra os primeiros artigos de Lesta Meis para *La Alborada* (Cuba), xornal do que o de Cuntis era director en 1911.

Outras necrolóxicas de interese, aínda que sen asinar, aparecen na mesma data (1/I/1931) en *El Pueblo Gallego* e en *A Nosa Terra*, na que o autor (Víctor Casas? Risco?) evoca a súa orixe labrega en Eiris e o seu autodidactismo en Cuba, así coma as súas obras narrativas. En *Vida Gallega* (10/I/1931), nunha am-

pla necrolóxica con foto, dise que vai descansar «en el solitario, silencioso e escondido cementerio de Eiriz, en medio de la vida aldeana que él cantó».

A nova tardaría en chegar a Cuba pois finado Lesta Meis aínda publicaron en *Heraldo de Galicia* os seus dous derradeiros artigos: «Un Aniversario que no hay que echar en el Olvido», sobre o oitavo cabodano dos mártires de Sobredo, a maioría mulleres labregas asasinadas polos máuseres da garda civil, e «Una enfermedad más del caciquismo». A sentida necrolóxica do seu colaborador aparece na sección do propio escritor, «De mi Tierra», coas epígrafes «Letras de luto» e «¡José Lesta Meis falleció!» (10/I/1931).

Na Arxentina cómpre salientar a que publicou *A Fouce* (1/II/1931), «Na morte de Lesta Meis», cunha caricatura de M. da Presa e na que se fai un repaso da visión crítica da emigración na súa obra: «O inesquecente irmán, que foi precursor en sinalar o vieiro que roe os nosos ósos, no longo camiño d'a emigración». No mesmo número Clemente López Pasarón, na sección «Os nosos», fai un repaso das súas obras *Manejo da Rua* [sic], *Estebo* (un dos primeiros traballos de compromiso na nosa nova literatura) e *Abellas de Ouro*.

Semanas despois o *Boletín Municipal y de Turismo* (marzo de 1931) publica o nomeamento dun funcionario para cubrir a vacante de oficial de administración de segunda clase polo falecemento de Lesta Meis. En *El Ideal Gallego* (30/VII/1931) lemos que don Manuel Lesta Raso e dona Rogelia Raso Naya, pai e viúva do oficial do Concello José Lesta Meis, solicitan un socorro ou axuda económica, que efectivamente se lle outorgou por valor de mil pesetas, como recolle o *Boletín Municipal y de Turismo* (agosto de 1931).

El Pueblo Gallego (8/I/1933) informa de que o deputado Suárez Picallo fai unha doazón de libros para a biblioteca das Misións Pedagóxicas, instalada na escola n.º 1 de Sada, entre os que figuran as obras de Lesta Meis.

Nunha época de certo esquecemento do autor, agás breves mencións nas historias da literatura, Xoán Naya publica en

Irmandade. Boletín Mensual de la Hermandad Gallega de Caracas (xaneiro-febreiro de 1966) o artigo «En lembranza de Lesta Meis».

En 1987 o xornalista Roberto L. Moskovich reclama unha homenaxe, como confesa nun artigo de 2008: «Y eso me trae a la memoria que hace más de 30 años solicité al ente municipal que diese el nombre de Xosé Lesta Meis (La Coruña 1887-1930) a la calle en que nació, en Eirís de Abajo, casa que sigue en pie y en la que una placa de mármol lo recuerda». Porén o acordo non vai ser efectivo até febreiro de 2001, cando o Concello da Coruña introduce no rueiro a «Rúa José Lesta Meis» e coloca unha placa que di: «Neste rueiro naceu Xosé Lesta Meis que honrou a Galicia cos seus traballos na fala galega. Naceu en 14 de marzo de 1877. Morreu en 22 de nadal de 1930». Hai un erro, como corrixe Monterroso (1986): «o 16 de marzo de 1887, en que naceu (e non o 14, como di a placa que o lembra no Eiris de Arriba natal, mas non precisamente na casa nativa, segundo aclaraba a própria Rogélia)».

Por volta de 2020 a Asociación de Veciños Uxío Carré de Eirís convoca o I Certame de Creación Literaria Xosé Lesta Meis, mais a iniciativa remata ao non ter continuidade.

2. A OBRA XORNALÍSTICA

Xosé Lesta Meis escribiu ducias de artigos para a prensa; como xa se dixo, boa parte son colaboracións cos xornais cubanos *Eco de Galicia* e *Heraldo de Galicia*, dos que foi correspondente na Coruña desde xuño de 1917 até o seu pasamento. Para alén dos citados na síntese biográfica, velaquí algúns textos de indubidable interese, case sempre escritos en castelán.

Por *Eco de Galicia* (16/VI/1918) sabemos que retorna á Coruña en maio dese ano, cando asina e data as súas «Crónicas de La Coruña. Notas de viaxe», nas que critica tamén as condicións desa viaxe, e en crónicas posteriores narra a súa visita á agropecuaria Granxa Experimental da Coruña. Porén a máis inte-

resante desas crónicas é «La Casa de Rosalía» (25/VII/1918), na que fala dos atrancos na adquisición da casa en que finou a poeta, xa naquela altura. E non se pode esquecer o obituario «La Condesa de Pardo Bazán» que escribe con motivo do seu pasamento (3/VII/1921).

Tamén exerce de crítico de moitas estreas nos teatros coruñeses, coma cando, ao analizar a posta en escena de *Cristobalón* de Linares Rivas, concorda con outros xuízos críticos no feito de que a obra debe ser retirada por escasa verosimilitude da acción dramática. Noutras moitas ocasións opina sobre a actualidade, por exemplo cando fai apoloxía da escola aberta polo Centro Maurista na rúa Riego de Agua e salienta que «son completamente públicas y puede ir a ellas quien lo desée», cando escribe artigos máis costumistas coma «Murió el Carnaval», «Lluvia de Mayo», «El vivir aldeano» e «Los dos ocasos», ou cando dá conta do proxecto de Antonio Palacios para Vilagarcía, en cuxa presentación intervirían Peña Novo e Castelao.

No artigo intitulado «Las Heroínas de Sálvora» informa dunha homenaxe ás mulleres que socorreron os naufragos do Santa Isabel e salienta a participación na comisión dos «enxebriísimos» Lugrís Freyre e Peña Novo. Sobre este tema, que tanto impactou na época, tamén escribe a crónica «Homenaje tributado a las Heroínas de Sálvora por el pueblo de Vigo», ilustrada con fotografías, para *Eco de Galicia* (3/IV/1921). No primeiro aniversario da traxedia volve sobre o tema en «Indolentes», publicado en *Heraldo de Galicia* (26/II/1922), para criticar a ausencia de melloras nos medios de salvamento.

En *Eco de Galicia* é de salientar «*Trebón y su autor*» (6/VIII/1922), no que gaba a obra teatral de Armando Cotarelo Valledor, ao tempo que reivindica a creación dunha cátedra de literatura galaico-portuguesa na Universidade de Santiago. Tamén destacan textos coma «As Roladas» (13/VIII/1922), no que aplaude a aparición en Madrid, da man de Ramón Cabanillas, da revista *As Roladas. Folla dos Rapaciños Galegos*, que malfadadamente só publicaría dous números; «Una Gramática

Gallega» (17/IX/1922), no que analiza a obra de Manuel Lugo Freire; «Nuestros Poetas» (16/X/1922), que escribe sobre o poemario *Oraci3n campesina*s de Eladio Rodríguez González, ou «La Editorial Lar» (14/VI/1924), no que saúda o incipiente proxecto de Leandro Carré Alvarelos e Ánxel Casal. Tamén escribe sobre a obra literaria de Federico Manceira (febreiro de 1925), nomeadamente sobre o seu libro *San Andrés de Teixido*; fai un retrato de «Francisca Herrera y Garrido» (7/III/1926) despois de que recibise un premio polo seu traballo crítico sobre Rosalía de Castro; e publica «Eugenio Montes. Catedrático» (29/VIII/1926), «La Biblioteca de nuestra Universidad» (20/VIII/1928), sobre a humidade que ameaza a perda dos fondos e os escasos recursos recibidos, e «Una idea plausible» (15/IV/1929), sobre a idea do editor Ánxel Casal de lanzar un suplemento da editorial Nós para promover o seu catálogo de libros galegos con fragmentos perante as escasas vendas e a pouca difusión que teñen na prensa. O devandito catálogo non vería a luz até 1935.

Igualmente publica «La ópera *O Mariscab*» (25/VII/1929), sobre a estrea da obra de Ramón Cabanillas e Ant3n Villar Ponte e a excelente posta en escena do director Eduardo R. Losada; «Otro Libro de Ramón Otero Pedrayo» (1/I/1930), no que fai unha recensión de *Pelerinaxes (Itinerario d'Ourense a San Andrés de Teixido)*, baseado na viaxe que realizan o propio Otero, Vicente Risco e Ben-Cho-Shey (Xosé Ramón Fernández-Oxea), ou «Galicia y Azorín» (10/II/1930).

Por parte, en *Heraldo de Galicia*, na sección «Desde Coruña», abunda na crítica cara ás compañías consignatarias con furibundos ataques coma en «Los Buitres de la Emigración» (26/XII/1920); ou textos coma «Al través de mi retina», na defensa dos paseos en contacto coa natureza e coa beleza dos xardíns; ou do ocio, en «Unha Lectura en el Jardín»; outros coma «Una embestida al monstruo», sobre a actualidade política, mais nomeadamente sobre a actividade cultural, coma a recollida do repertorio da coral Cántigas da Terra pola casa bar-

celonesa Odeón en «Un Gran Triunfo de Nuestra Música» ou o recoñecemento de Valle-Inclán por parte do Goberno mexicano en «Galicia triunfa». Por volta de 1922 as páxinas deste xornal cubano sérvencelle para afirmar que «Galicia tiene que crear su Cambó» ou para defender en «El Suicidio de Unamuno» o filósofo contra as críticas recibidas na altura por acudir ao palacio do rei Alfonso XIII despois de lanzarlle antes diatribas desde as tribunas do Ateneo.

En setembro de 1922 a súa sección convértese nunha entrevista ao compositor José Baldomir, na que recolle interesantes datos, coma que a súa peza *Nosa pregaría*, creada a petición da Irmandade da Fala coruñesa, chegou a estar entre as propostas para o noso Himno. En outubro enxalza os coros Agarimos da Terra, de Mondariz, fundado por Enrique Peinador, Cantigas e Agarimos, de Santiago de Compostela, Foliadas e Cántigas, de Pontevedra, e o coruñés Cántigas da Terra.

Tamén en *Heraldo de Galicia* recensiona a poesía de Xavier Bóveda ao recibir *La luna, el alma y la amada*, aínda que aproveita para sinalar as súas discrepancias políticas co autor; realiza unha crónica da homenaxe póstuma a Carolina Michaëlis de Vasconcelos que lle organizou na Coruña o Instituto de Estudos Galegos á editora literaria do *Cancioneiro da Ajuda* (28/II/1926); e escribe «El Presidente de la Real Academia Gallega» (5/IX/1926), obituario de Francisco Ponte y Blanco que lle serve para facer novas críticas á RAG. En «El futuro Presidente de la Real Academia Gallega» (14/XI/1926) aplaude a posibilidade da elección de Eladio Rodríguez González; en «Romerías y Leyendas» (31/X/1926) evoca novamente a Santo André de Teixido e o ensaio de Federico Manciñeira; escribe sobre o lanzamento da obra *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte (21/XI/1926); e en «El Segundo Centenario del Teatro Crítico» (20/I/1927) ofrece unha crónica da homenaxe realizada en Ourense á obra do Padre Feijoo. Tamén escribe «El centenario de D. Francisco María de la Iglesia» (20/III/1927); «La viuda de Curros Enríquez» (maio de 1927), no que aborda

as súas dificultades económicas; «Ardencias» (xuño de 1927), recensión do poemario de Manuel Lugrís Freire, ou «La ópera *A Virxe do Cristal*» (7/XII/1928), sobre a estrea en Madrid dunha zarzuela en castelán con ese título que non é do agrado do noso compositor Baldomir, quen pretendía realizar unha ópera sobre a lenda popularizada por Curros, ao que se negaron os fillos do vate ourensán.

Mención á parte merece o seu labor como crítico de arte. Nos xornais cubanos comenta e divulga a arte galega. Para *Eco de Galicia* escribe en outubro de 1923, primeiro, unha crónica da Terceira Exposición de Arte Galega realizada na Coruña, na que salienta que «todos los artistas se inspiran en asuntos gallegos», e, uns días despois, fai unha análise da obra de Francisco Asorey. Xa en decembro escribe sobre o éxito en Madrid da arte de Asorey, Castro Gil e Lloréns.

Escribe tamén textos coma «Nuestros Grandes Pintores: Francisco Lloréns. El Poeta del Paisaje. El Cristo de Rueda» (3/XII/1922); «La exposición de Mariano Miguel» (24/VIII/1924); «Manuel Castro Gil: Colosal aguafortista gallego» (28/IX/1924); «Antonio Palacios» (19/X/1924); «Asorey trabaja» (21/III/1926), que redacta nunha das súas viaxes a Santiago de Compostela tras visitar o lugar de traballo do escultor, sobre o que escribe: «El estudio de Asorey está en un rinconcito muy apartado y muy poético de la calle Caramoniña»; «Galicia sube. Ruidoso triunfo de Castro Gil en París» (4/IV/1926); «Ángel del Castillo y nuestra riqueza monumental y artística» (6/VI/1926), ou «El pintor Abelenda» (12/X/1927).

As colaboracións na sección «De mi Tierra» en *Heraldo de Galicia* son máis da actualidade sociopolítica relacionada con Galicia. Porén, de cando en vez tamén publica artigos sobre a arte galega, coma «Asorey en la cumbre» (20/VI/1926), cando lle premian a obra *San Francisco de Asís* e non *Santa*, as dúas presentadas na Exposición Nacional; «Exposición de Carlos Sobrino» (1/VIII/1926); e, cando a revista pasa a periodicidade mensual, «Un gallego extraordinario» (abril de 1927),

sobre a obra do artista Francisco Vázquez Díaz *Compostela*, ou «Pensiones para Artistas» (xuño de 1929), no que loa a iniciativa da Deputación de Pontevedra.

Sempre saúda as novidades científicas, coma en «Prestigios gallegos», centrado na figura do doutor Roberto Nóvoa Santos (2/V/1926), a quen lle dedica tamén o artigo «Nuestros grandes prestigios» (15/I/1928) por mor do seu traslado profesional a Madrid e «Nóvoa Santos en La Habana» (1/III/1928) por unha xeira de conferencias.

Mais non só os xornais cubanos acolleron a súa sinatura, tamén en Galicia, en moita menor medida, colaborou con outras cabeceiras. No seu primeiro artigo no ourensán *La Zarpa. Diario de los Agrarios Gallegos*, intitulado «La vida manda» (2/XII/1921), amosa a súa sintonía con Antón Villar Ponte á hora de analizar a falta de perspectivas da mocidade galega e a ineludible condena á emigración. Noutros artigos pódese observar a súa comunión co ideario do agrarismo. Posteriormente escribe en *La Zarpa* (20/VI/1922) «“Céltiga” y “Almas Mortas”», sobre a obra de Villar Ponte. En *Eco de Galicia* (3/VI/1923) gaba «Una conferencia de A. Villar Ponte» no Recreo Artístico de Santiago, malia que o texto revela certo distanciamento ao acusar ao viveirense de estar detrás do manifesto *Máis Alá*.

De moito interese é o artigo «Hay que galleguizar la Academia» (15/VI/1922), no que afirma que «ni una sola vez he oído hablar a ningún académico nuestro idioma, el idioma de la Academia», alén de acusar a Carré Aldao de ser o máis interesado na súa desgaleguización. Mais o propio Xosé Lesta Meis, asinando aínda José, non publica o seu primeiro artigo en galego neste xornal ourensán até o n.º 299 (12/VII/1922), co título «Cousas do día», para defender a veciñanza de Fisterra (escribe «Finisterre») e as novas asociacións agrarias e mariñeiras contra as discriminacións caciquís.

A reflexión sobre os usos da nosa lingua podemos atopala en artigos coma «Una conferencia y unos comentarios» (*Heraldo de Galicia*, 20/I/1924), cando retruca ao fío dunha disertación do

catedrático Gil Casares na Reunión de Artesanos coruñesa sobre o analfabetismo na que vertera consideracións de que o ensino debería ser en castelán. En *A Nosa Terra* (n.º 202, 1/VII/1924), no artigo «Apelidos espurios», expón o caso dunha muller que no rexistro di chamarse Meixide pero o funcionario grafa Meigide, seguindo o habitual proceso de castelanización. Tamén no cubano *Heraldo de Galicia* (20/VIII/1930) escribe «Nuestra Lengua en Nuestra Universidad», no que avoga, na liña de Antón Villar Ponte, pola creación dunha cátedra de estudos galegos e portugueses, ao que anima ao novo reitor Alejandro Rodríguez Cadarso. No mesmo xornal (25/IX/1930) transcribese unha longa entrevista a Antón Villar Ponte, na que sinala que sempre falan en galego e que traduciu as intervencións, nas que opinan sobre a situación e o porvir da nosa lingua, sobre a literatura dos precursores e sobre a actualidade sociopolítica. En «Al Fin la Razón se Impone» (13/XII/1930) congratúlase de que o Ministerio de Instrucción Pública «acaba de proclamar que es necesario que los maestros sepan el idioma de la región adonde vayan a ejercer su profesión».

Na altura inicia a súa colaboración con artigos case sempre en galego en *El Pueblo Gallego. Rotativo de la Mañana*, concretamente no n.º 198 (16/IX/1924), sobre «Cadros históricos» na arte galega, seguindo unha idea do arquitecto Antonio Palacios, nunha sección que axiña titulou «Aquí pra entre nós».

Salientan textos coma «Leváronnos a biblioteca e mail-o arquivo de Murguía», no que se indigna porque, segundo os seus informantes, foran vendidos na maior parte a un viaxante de Madrid, feito que continuará en artigos coma «A biblioteca de Murguía ¿foi adequerida pra o duque de Alba?», no que culpa a Academia de desleixo; ou «Unha entrevista coa familia de Murguía. Desde que morreu don Manuel, a Academia non foi pol-a súa casa. ¿Non se vendeu aínda todo o de Murguía?», no que sinala que non conseguiu ollar os orixinais manuscritos, e por último «Xa interveu a Academia», despois dunha reunión provocada pola contundencia das súas denuncias, aínda que se verá

obrigado a publicar unha aclaración como resposta a un lector do xornal. Sobre este tema escribirá tamén para a colectividade galega en Cuba nas páxinas de *Heraldo de Galicia*, incluso no número do 7/XII/1924 aparece nunha fotografía de Sellier «en una interviu con la familia del insigne D. Manuel Murguía», en concreto a súa filla Alejandra e o cuñado Pedro Izquierdo, que lle sinalan que só venderán libros raros sen interese para Galicia.

En *El Pueblo Gallego* escribe tamén sobre literatura: «A obra póstuma de Pondal»; «¡Probe de mín!», no que se laia por non ser convidado ao acto de homenaxe da Academia a Camões; «O valor dos valores galegos», sobre os libros de tema galego nas librarías de vello; «Da vella roseira», recensión do poemario de Victoriano Taibo; «Noriega Varela»; «Parece unha mala fada», no que critica o xenro de Murguía pola súa edición da obra de Rosalía; «O esquencimento dos nosos homes ilustres»; «Homenaxe a dous beneméritos galegos», que son Andrés Martínez Salazar, creador da Biblioteca Gallega, e o historiador Marcelo Macías (desta homenaxe fai unha crónica ampla para *Eco de Galicia*, 7/III/1926); «Lecturas galegas. Tamén Murguía»; «Lecturas galegas. Macías, o Namorado»; «Lecturas galegas. Rodríguez de Padrón»; de novo «¿Qué pasa ca obra póstuma de Pondal?», ao que contesta pouco despois un dos interpelados, Manuel Lugrís Freire, co artigo «A Academia Galega e Pondal», e tamén retruca Eugenio Carré Aldao desde as páxinas de *El Ideal Gallego*; e «Un libro muy interesante», no que fai unha recensión da *Guía de Galicia*, de Otero Pedrayo, editada por Espasa-Calpe.

Sobre etnografía escribe «Como o pobo conserva as nosas tradicións», «Cousas que se nos van. A malla», «Tradicións galegas», no tempo da sementeira, e «Pol-a exposición do traxe rexional». Sobre historia, varios coa epígrafe «Galicia no século xv», centrados nas figuras de Pedro Osorio, Pedro Álvarez de Sotomayor —conde de Camiña— e Alonso de Lanzós. Sobre música, na presentación da coral Saudade. Sobre arte, «El pintor Cersa», curiosamente este en castelán, «Seijo Rubio e a Exposición do traxe rexional» e «Exposición González del Blanco». Sobre lingua, os

artigos «Mesturanzas que hai que evitar» e «Perxuicios que nos causa a alteración da nosa toponimia», nos que fala de preservar a toponimia en galego. Tamén escribe sobre asuntos socioeconómicos, «A nosa gandeiría e a nosa persoalidade» e «O señor Rof Codina e a nosa aitualidade»; sobre cuestións filosóficas, «O perigo dos homes bos» e «¡Meus probes, canto deben sufrir!», ou sobre a emigración galega en Cuba e sobre a actualidade política local coruñesa, galega ou española.

Meses despois publica, tamén en galego, «O moimento a Curros» (12/I/1923), no que critica as pretensións da Academia de sacar a obra a concurso e aberta a escultores de fóra, crítica que aínda segue dous días despois con «Os prostituidores da protesta». Verbo deste tema tamén escribirá en castelán en *Heraldo de Galicia* (25/III/1923) «Sobre el monumento a Curros»; en *Eco de Galicia* (19/VIII/1923) asina «El monumento a Curros», no que dá conta do acto de colocación da primeira pedra, e o día 26 en *Heraldo de Galicia* «Curros Enríquez y la opinión de un literato gallego», no que defende con ardor a obra de Curros fronte á opinión dun intelectual ao que non cita pero do que sinala a súa escasa orixinalidade.

En galego escribe tamén a sección «Cousas do tempo» en *Galicia. Diario de Vigo*, desde o n.º 565 (20/VII/1924), con artigos coma «A Cruña non é toureira» ou, de raíz histórica, «Como eran os homes d'outro tempo». E tamén nesta lingua publica «O sitio de Murguía» (26/V/1925) para lembrar a súa ausencia nas tertulias do Café Oriental.

A súa sinatura tamén aparece en *Vida Gallega*, con algún conto coma «O tío Xan de Bras» (20/IX/1929) e con artigos en galego coma «Baños de quietude» (20/VII/1928), sobre Santiago de Compostela sen estudantes no verán, ou en castelán coma «La tumba de Rosalía» (30/IX/1930), no que describe o espazo de «ruina» de San Domingos de Bonaval e remata sinalando que entre as máis de vinte coroas unha leva a tarxeta «Mrs. Charlotte Mansfield. J. The Poets Club London» e lembrando a estadía da poeta e novelista británica. Na altura ela e o

seu home, o coronel Vladimir Mansfield, estiveron aloxados na Quinta de Ruza (en Poio), propiedade da familia do arqueólogo Ramón Sobrino.

O editor Ánxel Casal bota a andar en febreiro de 1930 na Coruña o efémero *El Momento*, subtulado «Diario Independiente» ou tamén «Diario de la Noche», que só durou 14 números, até marzo. Lesta Meis, ferido de morte, colabora con varios artigos en castelán sobre tema galego.

Os seus artigos son reproducidos noutras cabeceiras da emigración galega na Arxentina e no Uruguai. Publica varios artigos en castelán na revista mensual *A Terra. Revista Mensual. Órgano del Centro Gallego* de Córdoba (A Arxentina) (1920-1924); fai a súa achega ao especial *Galicia. Revista del Centro Gallego* [de Montevideo] (agosto 1929) co texto «Un proyecto inoportuno», sobre os monumentos a emigrantes, no que defende a súa visión negativa do feito migratorio, e escribe o artigo «A Fouce en Galiza» no n.º 17 (15/VIII/1930) do arredista *A Fouce* (Bos Aires), sobre o seu exemplo na loita galeguista.

Nesta época tamén colabora co xornal *La Voz* (Madrid), na sección denominada «Crónicas coruñesas», que abre co artigo «La primera impresión» (1/VI/1928). Entre esas crónicas salienta «Murguía y Rosalía» (21/VI/1929), unha reivindicación da súa obra, en especial da de Murguía por ser máis cuestionada na altura, ou «La ciudad sin teatros» (22/XI/1929), sobre o peche indefinido por obras do Teatro Rosalía de Castro.

3. A OBRA LITERARIA

3.1. Contos e poemas

Xosé Lesta Meis publica a novela curta *Manecho o da Rúa* (1926), a novela *Estebo* (1927) e o libro de relatos *Abellas de ouro* (1929), todas tres na nosa lingua. Na prensa, alén dos seus artigos, crónicas e feraz prosa xornalística, tamén asina poemas e contos, a maioría das veces en castelán, textos que en ocasións

son reproducidos desde a fonte orixinal por outras cabeceiras da emigración coma a *Revista del Centro Gallego* de Montevideo.

Os primeiros relatos dos que temos noticia, como xa se sinalou na biografía, publícaos na prensa da Habana. Trátase de «Dos pastores» (*Suevia*, 31/III/1912), ambientado na aldea do Castro no monte do Mero, próxima ao seu Eirís natal, e «El ciego de mi calle» (*Suevia*, 21/IV/1912), que narra a historia dun cego que pedía esmola co seu desafinado acordeón e na compañía dun rapazolo farrapento.

Tamén en castelán publica prosas humorísticas críticas coa actualidade baixo a epígrafe «En broma e en serio» en dous números de abril de 1914 no efémero *Coruña Cómica. Semanario Humorístico*, do que só saíron seis e unicamente se conservan catro.

No xornal coruñés *El Ideal Gallego* (17/XI/1918) datamos o seu primeiro poema en castelán, titulado «La voz de la campana», no ronsel das campás rosalianas e pondalianas.

En *Aurora. Idearium de la Juventud Gallega* publica os relatos «La despedida» (31/VIII/1919) e «Entre dos mundos» (31/X/1919); en *El Correo Gallego. Diario Político de la Mañana*, «Soledades íntimas» (24/XI/1920) e «Unha lectora en el jardín» (7/I/1921); en *El Diario de Pontevedra. Periódico Liberal*, unha serie de «Cuadros gallegos» —contos costumistas—, como «La siembra del trigo» (3/VI/1921) e «La musa gallega» (8/VI/1921), e en *Vida Gallega* (20/XI/1926), a prosa «La campana de mi aldea».

En *Eco de Galicia* aparecen catro poemas en castelán, todos romances octosilábicos: «Nostalgia de la montaña» (20/VI/1920), sobre a saudade da paisaxe e das mulleres e homes do seu chan nativo, escrito cando o autor aínda leva ben poucos meses en Cuba; «A un viejo palomar, triste y ruinoso» (25/VII/1921), no que dialoga co pombal sobre a soidade; «A los piés de un Cristo» (7/VIII/1921), que ha ser reproducido un lustro despois do seu óbito en Bos Aires por *Nova Galicia. Decano de la Prensa Gallega y el más Popular, en América* (25/I/1935), que dirixía Fortunato Cruces; e finalmente «Aires

de primaveras» (23/X/1921). Na revista coruñesa *Marineda* (15/11/1922) sae o poema en castelán «¡...!», na sección «Nuevos poetas», emulando unha voz feminina en queixa pola existencia, «¡Qué triste es vivir, Dios mío, / lejos del ser que se ama!».

Non será até o 17/VI/1923 en *Eco de Galicia* cando apareza o seu primeiro e acaso único poema en galego, «Eu ben séi...», no que canta a dor de Rosiña ao ser o seu mozo reclamado para servir ao rei.

Colabora con *El País Gallego* (Santiago de Compostela) no especial do 25 de xullo de 1927 coa prosa «Teño preguiza».

3.2. *Manecho o da Rúa*

A novela curta *Manecho o da Rúa* (1926) fai o número 17 na Colección Lar, proxecto de obras de narrativa de peto ou de prezo popular (30 céntimos) que idearon Leandro Carré Alvarellos e Ánxel Casal. A súa escrita encargoulla Carré, que seguía con atención a súa prosa xornalística. Lesta Meis ficcionaliza sucesos da súa autobiografía, mesmo na escolla dos espazos, xa que a historia transcorre inicialmente na aldea de Eirís, despois nun enxeño azucreiro cubano, logo na cidade da Habana e a seguir a saudade do cruzamento epistolar coa moza galega, antes do retorno nunha pasaxe pagada pola Beneficiencia Galega. Pero é un inadaptado e a súa crise existencial resólvese co suicidio tragando unhas boliñas de morfina.

A crueza da descrición da emigración en Cuba, a crónica do fracaso de moitos emigrantes e o final tráxico non foron do agrado de todo o mundo. A primeira recensión, que asina Xán do Cotón —pseudónimo do filólogo Ramón Martínez López— na súa serie «Lambizos» en *El Compostelano* (6/II/1926), sinala que non lle gustou a novela e que o asunto xa estaba usado de máis. Porén, logo só se limita a retrucar a Lesta Meis porque lle criticou a Carré o feito de lle cambiar palabras no texto e non estaría no certo por estar a usar a lingua popular, contaminada, e non o «xenuino galego» da época medieval.

As seguintes recensións son todas favorables. Na de *A Nosa Terra* (1/III/1926), sen asinar —aínda que se pode pensar en Risco—, afirmase que a lectura produce «unha fonda impresión de profundo agrado», e salientase que está escrita con pasaxes de bela poesía e que Lesta Meis coñecía ben o tema «por ter residido en aquelas terras onde se espertaron n’il as aficións literarias».

Vicente Risco, na súa sección «Os homes, os feitos, as verbas» da revista *Nós* (febreiro de 1926), escribe unha breve mais certaíra recensión: «*Manecho o da Rua*, de Xosé Lesta Meis, é a historia ben malfadada por certo, d’un emigrante, un moción da aldea a quen leva pra Habana a *cobiza do lonxe*, com’o difunto Viqueira chamaba â Saudade, e que volta coa saudade d’un amor e os asomos d’unha vida que deixou aló, e remata por tomar veneno. A presentación da nai do Manecho e a pintura da vida infernal e anguriosa dos traballadores dos inxenios, son páxinas naturalistas âs que non estamos moi afeitos, mais que âs 18 páxinas desaparecen xa, deixándonos outra vez no terreo onde nos movemos adoito. Ten acertos e verdade esta noveliña».

3.3. *Abellas de ouro*

Despois da novela *Estebo* (1927), sobre a que volveremos máis adiante, Lesta Meis compila unha serie de relatos co título *Abellas de ouro* (A Coruña, Imprenta Nós, vol. XXXVI, 1930). Trátase de trece retratos costumistas da súa contorna familiar e veciñal, agás dous, todos protagonizados por mulleres, entre os que salienta o da súa dona, Rogelia Raso Naya.

En 1982 Edicións Xerais de Galicia publica unha nova edición da obra na colección Grandes Mestres, con actualizacións lingüísticas á normativa. Tomando como base esta versión, en setembro de 2002 o diario *La Voz de Galicia* reedita a obra dentro da colección Biblioteca Galega 120.

O orixinal leva na portada unha caricatura da autoría de Álvaro Cebreiro e un «Preludio cordial» de Antón Villar Ponte,

que sinala: «[R]ecolle neste novo volume cadros realistas daquel mesmo lugar onde tivo o berce, a través do seu temperamento romántico, da que a sinxeleza limpa e pura de toda influencia literaria allea dálles un verdadeiro sabor orixinal». O propio Lesta Meis, nun texto introdutorio intitulado «Por qué sal agora este libro», engade: «Todas son da miña aldea. Todas son auténticas. Hainas que levan o mesmo nome que teñen. Hastra algunha pertence â miña familia».

«Ánxela», «A siña Gabriela», «A siña Dominga», «O tío Manuel», «A lavandeira» (que se chama siña Xerónima), «Elisa», «A costureira» (que non se nomea, mais que é a súa propia dona, Rogelia, que cosía para fóra, coma María Miramontes e moitas outras mulleres), «Matilde» (que a crítica adoita considerar como transunto da propia Rogelia), «Roxelia», «A siña Farruca» (que leva a dedicatoria «A doña María Miramontes de Casal»), «Culasa» (que é unha mandadeira), «A siña Antona a Mesqueteira» (termo que define como «muller que se dedica a mercar e vender, cunha cesta e unha burra») e «O siño Mingos» son as epígrafes. A primeira versión dalgúns destes retratos viu a luz na prensa; así, en *El Pueblo Gallego* aparecen «As abellas de ouro. A siña Farruca» (28/X/1928), «As abellas de ouro. A siña Dominga» (18/XI/1928) —reproducido en *Correo de Galicia*, Bos Aires, 20/I/1929— e «Abellas de ouro. A lavandeira» (9/XII/1928), e, de maneira póstuma, «Estampas gallegas. A Costureira» en *La Noche* (28/IX/1946).

Hai un conto intitulado «A chouza do siño Pedro», publicado en *El Despertar Gallego* (Bos Aires, 17/XII/1929), que leva a indicación «Unha páxina do libro que vai aparecer “Abellas de Ouro”», mais por algunha razón, quizais a súa brevidade, Lesta Meis ou os editores non o incluíron na publicación.

Malia que o libro é de maior sinxeleza na técnica narrativa, acada notable repercusión e ao pouco de saír succédense as recensións en *El Compostelano*, *El Noroeste*, *El Progreso*, *Vida Gallega*, *La Región*, *A Nosa Terra*, *El Pueblo Gallego*, unha asinada por R. Otero Pedrayo e outra por Plácido R. Castro, *Ga-*

licia (Ourense), que asina Antonio Couceiro Freijomil. Postumamente publícanse recensións en *Eco de Galicia*, asinada por V. Fernández Asís, en *Vida Gallega*, que asina Enrique Rocha Castiñeiras, e en *El Orzán*, 2ª época. Tamén na emigración arxentina; así, *A Fouce* (15/X/1930) publica unha brevísima recensión ao recibiren o exemplar que lles enviou o autor.

Nesa altura (20/XI/1930) *El Eco de Santiago* e *El Noroeste* informan de que a Comisión Provincial, órgano de goberno da Deputación, aproba adquirir cincuenta exemplares do libro. Anos máis tarde, *A Fouce* (novembro de 1935) sinala que a Sociedade Nazionalista Pondal realizou unha doazón de ducias de libros galegos á Biblioteca Nacional arxentina, entre os que está *Abellas de ouro*.

Cando chega o franquismo, *El Compostelano* (15/V/1937) publica un «Edicto judicial» que asina Amador Ruibal Amor, como xuíz suplente, no que consigna todas as pertenzas embargadas ao editor Ánxel Casal Gosenje: mobiliario, máquinas e centos de libros, entre os que figuran «126 libros en rústica y gallego titulados “Abellas de ouro”, de José Lesta Meis», aos que se lles asigna un valor de cen pesetas.

Cristina Corral Soilán, na sección «Mullerciclopedia» da revista *Foeminas*, no número 28 (maio de 2008)¹, realiza unha interesante lectura feminista do libro e salienta «a psicoloxía do galego, e máis que nada a da “galega” que aparece perfectamente perfilada na vida de trece mulleres galegas que en tempos da emigración viven en Galicia, e dicimos trece porque inda que dous dos relatos titúlanse “O tío Manuel” e “O siño Mingos”, no fondo son as mulleres que comparten vida con estes homes as que realmente fian, sosteñen os relatos».

¹ *Foeminas* está hospedada na Rede nun servidor do Concello de Lugo, porén a ligazón no momento da redacción deste estudo está rota. Débolles á artista e poeta Luz Darriba e á súa filla Micaela a recuperación deste texto.

4. ANÁLISE E RECEPCIÓN DE *ESTEBO*

A novela longa (296 páxinas) *Estebo* é a achega literaria máis importante de Xosé Lesta Meis. Foi publicada por vez primeira na Coruña, en 1927, pola Biblioteca de Novelas Lar, da editorial Nós, que tamén lanzara a súa novela curta *Manecho o da Rúa* un ano antes por iniciativa de Leandro Carré Alvarellos. En 1981 reeditouse na colección Montes e Fontes de Edicións Xerais, con capa de Xosé Guillermo, nunha edición do profesor Benito Varela Jácome que incorpora un amplo estudo da súa autoría: «O testemuño da novela de Lesta Meis».

Abre a primeira edición da novela a dedicatoria: «Ó meu ilustre amigo, don Manuel Casás Fernández, alcalde da cibdá» (home que pertenceu á RAG), que Varela Jácome eliminou. Tamén inclúe unha «Lembranza» para os renovadores da literatura galega, na que cita case vinte escritores, entre eles Murguía, Rosalía, Curros, Pondal, López Ferreiro ou Lamas Carvajal, e «a cantos nos limparon o camiño de croios e silveiras que hoxe alcontramos tan bo de recorrer». O exemplar que se conserva na RAG leva autógrafas estas palabras: «Para a Real Academia Galega con toda a miña devoción que para ela gardo e por ela sinto. José Lesta Meis. 27-9-927».

Trátase dunha novela-documento que nos permite coñecer unha visión da emigración galega a Cuba no primeiro cuarto do século xx. Con este texto, esta temática é levada por vez primeira ao relato novelesco, como farían, con posterioridade, Silvio Santiago en *Vilardevós*, Xosé Neira Vilas en varias das súas obras ou, máis recentemente, Bieito Iglesias en *Vento de seda*, aínda que no seu tempo estaba presente na poesía de Rosalía de Castro e, nomeadamente, na de Curros Enríquez.

A interpretación que Lesta Meis fai da emigración galega en Cuba está baseada en experiencias sentidas moitas delas en carne propia, polo que esa identificación entre o autor e *Estebo* —o personaxe protagonista— converte a materia literaria nunha evocación de elementos autobiográficos ficcionalizados

nos que a estética literaria obedece a unha compoñente emocional. Neste senso, pódese afirmar que se trata dunha prosa con obxectivos realistas e, en opinión de Antón Villar Ponte, algo daquilo que fixo que os críticos coetáneos chamasen a Balzac o «grande demógrafo» tamén se dá en Lesta Meis.

Algunhas das súas características xa foran adiantadas na novela curta *Manecho o da Rúa*, coma o retrato sociolóxico dos costumes e hábitos da xente máis próxima ou as coincidencias dos referentes espaciais na aldea de Eirís, na Habana ou nunha plantación cubana. Ambas a dúas presentan o problema social da emigración ao fondo. *Manecho o da Rúa* vén ser coma un bosquexo de *Estebo*, malia seren moi distintos os seus protagonistas e, sobre todo, o final das súas respectivas traxectorias vitais. No primeiro hai un desenlace dramático, mentres que no segundo é idílico e feliz, despois de que Estebo decidise volver pola súa conta, defraudado polas condicións de traballo e de miseria nas que a maioría dos galegos vivían en Cuba. As súas experiencias desagradables empezan no barco que o transporta como viaxeiro de terceira clase e continúan na Habana, en Triscornia e na fábrica de azucre. Coa volta do emigrante e co retorno á vida da aldea restitúese o equilibrio.

A novela *Estebo* emprega procedementos narrativos tradicionais próximos ao costumismo, cos que se reflicte nos dezaseis capítulos a vida diaria da aldea natal e da emigración a Cuba. Despois de describirnos con minuciosidade o lugar, os primeiros catro capítulos céntranse nas peripecias da familia do protagonista, xa que Estebo non se converte en axente do relato até ese momento e de maneira tanxencial. É no capítulo IX, ao embarcar no vapor, cando adquire relevancia no relato, aínda que con frecuentes elipses. Son moitos os personaxes secundarios que lle tiran protagonismo e da maioría só se nos fala por viviren na súa aldea. Lesta Meis manexa con notorias deficiencias técnicas a estrutura de carácter diseminativo.

O ritmo da acción é continuamente retardado polo material etnográfico, documental e didáctico, que fai oscilar o carácter

do texto entre a novela e o cadro de costumes. Así, sabemos da estrutura familiar, dos tipos de vivenda, dos labores, da xerarquización do mundo rural galego e de moitas outras cousas. Como sinalou Carballo Calero, un falso concepto do realismo, ou xa do naturalismo, leva en ocasións a Lesta Meis a esaxerar a descrición, como ocorre na detalladísima descrición da zafra. Con todo, descricións semellantes abundan en novelas cubanas e portorriqueñas, segundo apunta Varela Jácome.

En paralelo á caracterización topográfica, socioeconómica e sociolóxica, discorre a viaxe de ida e volta de Estebo, un nó argumental que se enfía coa existencia dunha relación amorosa que se anuncia no sétimo capítulo e que vai ser crebada pola emigración. As liñas da historia sentimental pérdense moitas veces e aparecen de maneira subsidiaria noutras até o desenlace feliz no final do texto, cando se descobre como motor actancial da diéxese. Un elemento importante, que incide na rotura da unidade de acción, é o cruzamento de cartas entre Estebo e Mari-Pepa, iniciado no capítulo XII, que ademais serve como pretexto para alimentar outra historia de amor entre as persoas que llelas escriben, don Vicente e dona Adela.

Finalmente, cómpre subliñar tamén a semiotización da linguaxe en función dunha interpretación xeoantropolóxica, que denota unha escolla variada segundo o rexistro e a narración do momento, á marxe dalgúns hiperenxebrismos e castelanismos. O léxico é o que estaba en uso nos arredores da Coruña, con abundancia de moitos termos concretos coñecidos desde neno polo escritor, feito que contribúe a darlle unha maior impresión de verismo á novela.

A recepción de *Estebo* foi moi boa na época. Mesmo antes de saír xa concitou o interese da prensa; así, *El Pueblo Gallego* (18/V/1927) avisa da súa próxima publicación, aínda que unha gralla fai que a denominen *Esterero*. No mesmo diario A. V. P. (Antón Villar Ponte) publica o 25/VI/1927 unha recensión da novela, malia que aínda está no prelo, pero o autor deulle a coñecer en primicia o mecanoscrito e o propio Villar Ponte,

que despois asinará o limiar, salienta o seu rexistro lingüístico e o seu interese sociolóxico e etnográfico, aínda que recoñece que o seu realismo pode estar «demodée».

Pouco despois a revista *Nós* (15/08/1927) indica: «N'este mes poñeráse á venda ESTEBO, NOVELA Por XOSÉ LESTA MEIS. 300 páxinas. 3'50 pesetas. Pedidos a NÓS – Real 36-1º – A CRUÑA». E de novo *El Pueblo Gallego* (29/IX/1927) informa da saída e venda en librarías compostelás de *Estebo*, unha novela «de ambiente y escrita en gallego». Nesa mesma data *El Noroeste* insire a nota: «A nuestra redacción llega un libro recientemente publicado, del que es autor don José Lesta Meis. Consta de 296 páginas, escrito en gallego y dedicado a don Manuel Casás Fernández, alcalde de La Coruña. Agradecemos el ejemplar de “Estebo” que el señor Lesta Meis nos envía».

En *A Nosa Terra* (1/XI/1927), na altura dirixido por Víctor Casas, na sección «Follas novas» publícase unha recensión sen asinar e na que se sinala que o maior mérito é «transcribir unha páxina do cotidián vivir do noso agro» e «que demostra o fondo coñecemento da emigración a Cuba», menosprezando o logro narrativo e salientando as súas achegas etnográficas. No seguinte número de decembro vólvese falar da novela para retrucar a un artigo de V. Fernández Asís en *El Orzán* no que afirmara que o idioma galego só era adecuado para novelas de ambiente rural coma a obra de Lesta Meis.

Tamén na revista *Nós* (novembro de 1927), na sección «Os homes, os feitos, as verbas» que escribía Vicente Risco sen asinar, aparece unha recensión na que, con excelente criterio, sinala que o xermolo de *Manecho o da Rúa* deu pé a esta novela e centra o seu interese no tema da emigración a Cuba, subliñando outros antecedentes na visión lírica de Rosalía e de Curros ou na obra *Almas mortas* de Villar Ponte.

En poucas semanas aparecen tres recensións en *El Pueblo Gallego* (30/IX/1927, 1/XI/1927 e 21/XII/1927), das que só está asinada a segunda por Antón Villar Ponte, a cal foi reproducida en *Eco de Galicia* (15/XI/1927), xornal do que era colaborador.

A primeira é breve, inclúe unha foto do autor e salienta o seu lugar de preferencia na nosa literatura «por su contextura literaria, por su universalidad temática, por la soltura y corrección de su estilo». Por parte, Villar Ponte na recensión «Una novela recomendable» sinala que é a mellor e acaso a única en reflectir a realidade do agro galego, volve reincidir en comparar a súa narrativa coa de Balzac e engade que «*Estebo* es en la literatura gallega lo que *Los aldeanos* de Raymond en la polaca». Deseguido fai un repaso da narrativa galega anterior, para reforzar o seu argumentario, e tamén destaca o seu valor etnográfico, advertindo que en breve Eirís pasará a ser un barrio da cidade herculina. Finalmente fala do drama da emigración, pois «Lesta Meis ha sufrido el horrible calvario del éxodo». A terceira, sen asinar mais con certeza do propio Villar Ponte, reincide nalgún dos aspectos sinalados e no léxico da novela que estaría en uso nos arredores da Coruña nesa época. Este mesmo texto é reproducido no número de decembro de *Galicia. Revista del Centro Gallego* de Bos Aires.

Tamén en *Vida Gallega*, que xa lle dera a benvida á novela cunha caricatura do autor (12/X/1927), saen dúas recensións: a primeira, publicada o 30/X/1927 e da autoría de Fernán Mineiro —pseudónimo do escritor e xornalista Juan Fernández Merino—, dedica os primeiros parágrafos a falar da humanidade do autor e logo céntrase no realismo co que se narra a vida do campo en Galicia e en Cuba (no número seguinte reproducen unha páxina da novela); e a segunda, «Mientras Galicia marcha. Lo que vale *Estebo*», publicada o 30/XI/1927 e sen asinar mais probablemente de Jaime Solá, é a máis longa das que se escribiron, fala do seu realismo, compara a súa prosa coa fotografía («Sus cuadros están tomados a diafragma cerrado y lucen minuciosamente, copiosamente todos los detalles») e cita como referente a Tayne, o teórico do naturalismo.

En *Eco de Galicia* (1/XII/1927) reproducen tamén outra recensión do mesmo xornal vigués asinada por Johan de Loira —pseudónimo usado polo seu propietario e director, Porte-

la Valladares—, co título «Unha gran novela» e que principia: «Unha visión sempre crara; unha exactitude de fotografía; a luz soave e cariñenta do noso campo; unha linguaxe doce, falangueira, eufónica, como a que escoitamos e amamos; é a “alma galega” o espírito do adro desbordando bondade, humanidade, convivencia, solidariedade». Deseguido engaden tamén unha páxina de *Estebo*, pero con significativos cambios respecto da edición do libro. Tamén nesa mesma data a revista *Domecq en Galicia*, que se editaba na Coruña, na súa páxina literaria reproduce outra páxina da novela antecedita dunha breve introdución.

Manuel García Barros —aínda que o texto está sen asinar—, en *El Emigrado* (7/XII/1927), na sección «Bibliografía», escribe unha longa e laudatoria recensión con asercións coma: «Todo n-ela é natural, verosímil e hastra vivido. Xa se dixo tamen que na novela ista había algo de autobiografía». A única chata que lle pon é que ás veces o autor (por narrador) adopta «os modismos e maneira de falar» dos personaxes.

Augusto María Casas en *La Gaceta Literaria Ibérica-Americana-Internacional. Letras, Arte, Ciencia* (Madrid, 15/I/1928) afirma na súa recensión que «[p]or ser novela gallega tiene excesivo encanto lírico, no adolece, en cambio, de sobria y completa arquitectura» e remata: «es la más humana de cuantas Galicias se hicieron en literatura».

Eco de Galicia (1/II/1928) insire un anuncio publicitario, en letras maiúsculas, que di: «Estebo (de José Lesta Meis). La gran novela gallega de 300 páginas, escrita en nuestro idioma, de un vericismo real de nuestra aldea y sobre el desenvolvimiento de nuestros emigrantes en Cuba. / Ya está a la venta en esta Redacción. / Su precio es de un peso. / Para el exterior y el interior de la Isla 10 cts. Más para el franqueo. / Paisano: no deje de leer esta hermosa novela que habla al alma de los gallegos». O anuncio reitérase en números posteriores.

Julio Sigüenza en *Correo de Galicia* (Bos Aires, 5/II/1928) asina en «Montevideo, 1928» o artigo «Nuestras letras. Una gran novela gallega», no que dedica os primeiros parágrafos a

gabar o poemario *Proel*, do «infortunado» Amado Carballo, mentres que de *Estebo* chega a dicir que será unha obra clásica «que todos leerán», salienta o seu realismo e a influencia do xornalista sobre o narrador na construción e remata afirmando que representa o nacemento da novela moderna en Galicia.

«Una estadística significativa», publicada en *El Pueblo Gallego* (16/II/1928), recolle unha relación dos libros publicados en galego durante 1927 e o número de exemplares que se venderon nas librarías da cidade de Santiago de Compostela. *Estebo* aparece en sétimo lugar con 10 exemplares, moi por debaixo dos 55 de *A fiestra valdeira* de Rafael Dieste e dos 30 da *Historia sintética de Galicia* de Ramón Villar Ponte e a *Síntesis biográfica de Galicia* de Ramón Otero Pedrayo.

Novamente Antón Villar Ponte en *El Pueblo Gallego* (18/IX/1928) asina o artigo «La gran tragedia gallega», no que avoga por tratar esta temática na arte e na literatura galega, seguindo o exemplo de Asorey ou de Castelao, e afirma: «En este sentido, también “Estebo” de Lesta Meis y “Os camiños da vida” de Otero Pedrayo, señalan la orientación de una necesaria ruta a seguir».

E tamén *A Nosa Terra* (1/X/1928) publica en varios números co título «Da Galiza renascente» unha panorámica, que vén sendo unha breve historia da literatura galega, asinada por Vicente Risco, quen sinala: «Lesta Meis revelouse como escritor de corpo enteiro en *Estebo*, novela semi-biográfica de recente publicación (1927) que tivo un éxito merecido. Os seus cadros da aldea e a descrición da vida dos galegos emigrantes en Cuba son de mán de mestre». O día 20 dese mesmo mes *El Noroeste* salienta a doazón do autor dun exemplar da súa novela á Biblioteca Municipal da Coruña.

Na década dos cincuenta prodúcense novas reivindicacións da novela; así, en *La Noche* (21/08/1952) infórmase sobre «América vista por los novelistas gallegos», unha conferencia de Varela Jácome nos Cursos Hispanoamericanos da Coruña, onde afirmou: «Estebo es el prototipo del mozo gallego emigra-

do, que vive a dureza de la zafra, que no consegue a ansiada fortuna e solo encontra a súa felicidade ao regresar a la aldea». No mesmo diario da tarde compostelán (05/10/1954) recóllese a intervención de Otero Pedrayo no «Discurso inaugural do curso académico» pronunciado na Facultade de Filosofía e Letras sobre «Vivencias, dolor e esperanza de la emigración gallega», no que comenta a obra de Lesta Meis, ao tempo que introduce —salvando a censura— escritores exiliados coma Florencio Delgado Gurriarán, Emilio Pita ou Lorenzo Varela.

O poeta Manuel María, ao escribir unha recensión de *Camión bretemoso* de Xosé Neira Vilas en *El Progreso* (29/X/1967), cita en varias ocasións a narrativa de Xosé Lesta Meis como precursora no tratamento do tema da emigración.

Quitado a lectura crítica de Varela Jácome na súa edición de 1981, quen máis demorou na análise da obra narrativa de Lesta Meis foi Carballo Calero na súa magna *Historia da literatura galega contemporánea*. Considera —e non lle falta razón— que «os persoaxes que figuran nesas narracións están tomados do natural. Lesta é un realista, un verista, que non concibe o relato senón como testemuña e documento». A respecto de *Estebo*, entende que *Manecho o da Rúa* é un bosquejo con diferentes personaxes e «*Estebo* é menos novela que *Manecho*. Un rico material etnográfico, documental, didáctico, entorpece o desenrollo da acción».

Sen contradicir o anterior, a novela *Estebo* segue a ser unha obra fundamental para achegármolos ao contexto do mundo rural na época da masiva emigración a Cuba, con esa conmovedora descrición das penurias na estación de emigrantes de Triscornia, no alto do monte da Cabaña, nas aforas da Habana, a onde eran enviados ao chegaren os que non tiñan familiares, un contrato de traballo ou diñeiro. Este espazo singular, xa presente en *Manecho o da Rúa*, era un campo de internamento e clasificación semellante á illa de Ellis de Nova York; unha crueza que tamén conforma un dos episodios narrados na recente novela longa *Sándalo* (2019), de María Xosé Porteiro.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACUÑA, Xosé Enrique (2023): «Edicto xudicial ou un gran poema a Ánxel Casal?», *BiosBardia. O país dos libros en galego* (<https://biosbardia.org/edicto-xudicial-ou-un-gran-poema-a-anxel-casal/>).
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Editorial Galaxia. [3ª edición].
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1951-1953): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores. Vol. II*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1983): *Ánxel Casal e o libro galego*, Sada, Ediciós do Castro.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1990): *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada, Ediciós do Castro.
- IGLESIAS, Xabier (10/X/2012): «Manecho o da rúa», *Os libros de Ánxel Casal* (<https://oslibrosdeanxelcasal.blogspot.com/2012/10/manecho-o-da-rua.html>).
- IGLESIAS, Xabier (14/XII/2013): «Abellas de ouro», *Os libros de Ánxel Casal* (<https://oslibrosdeanxelcasal.blogspot.com/2013/12/abellas-de-ouro.html>).
- IGLESIAS, Xabier (27/IX/2014): «Estebo», *Os libros de Ánxel Casal* (<https://oslibrosdeanxelcasal.blogspot.com/2014/09/estebo.html>).
- MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (1995): *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*, Vigo, Edicións do Cumio.
- MATO, Alfonso (coord.) (2007): *Ánxel Casal, un editor para un país. Catálogos de Lar e Nós*, Santiago de Compostela, Seminario de Estudos Galegos / Consello da Cultura Galega.
- MONTERROSO, Xosé María (29/X/1986): «Morreu Rogélia, viva Matilde!», suplemento *Cataventos*, de *El Ideal Gallego*.
- NEIRA VILAS, Xosé (1994-1996): *Memoria da emigración*, 3 volumes, Sada, Ediciós do Castro.

- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada, Ediciós do Castro.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (2013): *O inmigrante imaxinario. Estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2014): *Las patrias ausentes. Estudios sobre historia y memoria de las migraciones ibéricas (1830-1960)*, Oviedo, Genuve Ediciones.
- VARELA JÁCOME, Benito (1981): «O testemuño da novela de Lesta Meis», en X. Lesta Meis, *Estebo*, Vigo, Edicións Xerais, 9-28.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alexandre (2015): *Emigrantes galegos, transportes e remesas (1830-1930)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- VIDAL RODRÍGUEZ, José Antonio (2005): *La emigración gallega a Cuba: trayectos migratorios, inserción y movilidad laboral, 1898-1968*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- VILAVEDRA, Dolores (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega. I. Autores*, Vigo, Editorial Galaxia.
- VILLAR, Miro (1997): «Estebo», en Dolores Vilavedra (coord.), *Diccionario da literatura galega. III. Obras*, Vigo, Editorial Galaxia, 188-189.



XOSÉ LESTA MEIS
ESTEBO


FACSÍMILE

ESTERO

A monochromatic illustration in shades of brown and tan. In the foreground, a shirtless man sits on a rock, viewed from the side, holding a long wooden staff or paddle. He is looking across a body of water. In the middle ground, a large, full moon hangs in the sky, and a multi-masted sailing ship is visible on the water. A large, leafy tree stands on the left side of the frame, its branches extending over the scene. The overall mood is quiet and contemplative.

XOSÉ LESTA MEIS

**ESTEBO : NOVELA : POR
XOSÉ : LESTA : MEIS**



BIBLIOTECA : DE : NOVELAS : LAR — A : CRUÑA : 1927

ESTEBO

*Ó meu ilustre amigo
Don Manuel Casás Fernández
alcalde da cibdá*

LEMBRANZA

Ó dar á luz este libro quero adicar aquí unha, tan fonda e cariñosa como eles ma fixeron sentir por Galicia coas suas lecturas, ós finados Murguía, Rosalía Castro, Curros Enríquez, López Ferreiro, Martínez Salazar, Pondal, Feijóo, Vasco Aponte, Lamas Carvajal, Camino, Vesteiro Torres, García Ferreiro, Barcia Caballero, Aureliano Pereira, Bernardo Barreiro de W., Florencio Vaamonde Lores, Tettamancy, Añón Francisco Antonio de la Iglesia, e á cantos nos limparon o camiño de croios e silveiras que hoxe alcontramos tan bó de recorrer.

ESTEBO

I

ERA unha aldea como de medio cento de casas, separadas unhas d'outras por hortas, cortiñas, corredeiras e terreos. De lonxe coasementamente non se vía mais que unha dúcia. Pero según se entraba n-ela íbanse descubrindo na volta d-unha corredeira, detrás d-unha arrimada, ô abrigo de figueiras, â sombra d-un parral ou ô socaire d-un loureiro.

Sacando duas ou tres as demais eran vellas. Medrâballe-a erba nos tellados como en camiños sin xente. Moitas tiñan os cumes algo esfondados. As paredes, cas pedras todas ô aire, cubríaas a carriza e os cascamelos. Habíaas medio esbarroadas dos buratos que lle facían as nésporas.

XOSÉ LESTA MEIS

Moitas non tiñan máis luces que unha porta baixiña, estreita e cas pedras do marco comidas de tanto afiar n-elas fouciños e gabillos. A que tiña unha ventana era de madeira toda, tamén cativa, con dúas follas medio podres, sin pintar e con algunha visagra de menos, pois nas casas dos pobres todo se vai botando á perder pouco á pouco, non se anova nada, hasta que a xente tén que fuxir cando xa non lle é posible parar n-elas.

Algunha tiña o sitio d'un cristal, cativo como d'unha cuarta, tapado con farrapos, que salían pol-o buraco para fora como unha cabeza calva, quedando d'este xeito cegado o único ollo da casa por onde se podía ver algo e entrar algunha luz.

As que eran de labradores tiñan todas unha bufarda dando á corte, aberta na parede. Non sei si era pra que dera luz ou aire. Non debía ser pra nada d'esto porque cáseque todas o tiñan tapado con palla ou louza. Pol-as portas que estaban abertas víase dentro unha escuridá negra como de coba fonda.

Había dúas que chamaban na aldea «casas vellas». Non sei porqué, pois vellas eran cáseque todas, como queda dito. Debía ser por que non tiñan tellado nin portas e porque, comparadas cas demais, resultaban, senón mais vellas, máis acabadas. Non tiñan máis que as paredes, desfeitas xa. Dios sabe desde can-

ESTEBO

do foran abandonadas. Na aldea non-o recordaba ninguén. Pero todos sabemos cómo sucede esto nas aldeas. A xente agúantase n-unha casa hasta que xa non lle é posíbre estar máis n-ela. Cando lle entra a auga por total-as tellas e o vento por total-as xuntas; cando o tellado se esfonda e se esbarroan as paredes a xente fuxe e queda a casa abandonada. Ninguén se ocupa máis d'ela. O dono é un señor da vila que nunca veu pol-a aldea nin sabe onde está. Collía a renda cando lla levaban, ou mandaba por ela. Por moito que os caseiros lle pidiran que mandara arreglal-o tellado ou botar unha táboa na porta, que se estaba caendo de vella ou de podre, o dono non facía caso. Aquelo producíalle pouco e non lle daba importancia. Cando non servira que a deixaran. Así era. Si caía caída quedaba xa pra sempre.

Algunhas d'estas casas, oficialmente, eran orfas. Non estaban en ningún rexistro. Non pagaban contribución. Tamén, máis que casas, parecían cortellos. De modo que o dono, cando se enteiraba, porque non lle iban pagal-a renda, de que a casa caía, dábaa por morta e todo quedaba así. O mesmo debeu suceder co estas dúas «casas vellas». Cando xa non era posíbre estar n-elas un día máis a xente abandonounas. E hoxe un puntón, mañán unha ripia, pasado outra cousa, os veciños

XOSÉ LESTA MEIS

foron levando pr'o lume canto poideron hastra acabar con todo, e quedar as catro paredes ó aire como corpo sin alma.

N-estas «casas vellas», que cubrían silveiras, edras, ortigas, labazas e viouteiros vivían o trasno e outros dioses do medo da aldea, conque as nais e bolitas ameñazaban ós nenos que eran «malos como a sénéca». Alí tiraban os veciños de máis cerca total-as cousas inútiles do fogar: lorchos, farrapos, caldeiros e animais mortos. Así que os viouteiros, silveiras, edras e demáis seres da vida vexetal que había alí, medraban vizosos que... ¡na miña vida!

Os camiños eran como todol-os das aldeas: corredoiras retortas e fondas, según por onde pasaran. Eran máis amigas da sombra que do sol, porque sempre procuraban esconderse dél.

Cando non era o tarreo que se afondaba e abría para elas pasar pol-o medio como reinas entre filas de xigantes admiradores, eran os viouteiros, cas suas frores grandes e redondas como pratos; os espiños cas d'eles, cativiñas e brancas, figurando as espadas que leva a virxe no peito; as silveiras facendo guirnaldas, cas amoras de cores verdes, negos ou encarnados, según estiveran de chegadas, i-os loureiros, máis graves e solenes, cas suas follas escuras que lles daban sombra e abrigo. Por eso no vran estaban fresquiñas como auga

ESTEBO

pura da fonte, e no inverno eran abrigosas e mornas como regazo de nai.

Estes arbores das corredeiras eran moi vellos. Algún poida que acordara á facela primeira casa da aldea. Tiñan moitos deles as raíces ô aire porque co roce dos carros cargados de leña ou de louza, o escarabello das galiñas i-o bular dos cochos, iballes caendo a terra do pe pro camiño. Eran albres casiñeiros, amigos dos rapaces, que se subían ôs seus gallos á xoldear cheos de confianza e comodidá. Algús hastra tiñan o ser d'un sentadeiro, de tantos anos sentarse neles todol-os rapaces da aldea. Non había home nín muller de por alí que sendo nenos non estiveran algunha vez debaixo do espiño do vello Villeo, ou dos loureiros do tfo Gorecho, de onde un día a vella Betanceira, que en gloria estea, c'un fouciño sin mango, torto i enferruxado na man, fixo salir máis que de presa ô Meipú e mais a Cachelos, que estaban alí moi aniñados.

A aldea era pobre. Sacando algús que traballaban no seu, moi poucos, e tiñan algún gando, os demais pasábano mal. Vivían d'un xornal cando o había, e un anaco de terra que levaban en arrendo e lles iba dando unhas pataquiñas e berzas, si o ano era bo, para facer un pote de caldo conque quental-o corpo no inverno. O xornal era de cinco e seis réas; e pra ganalo tiñan que traballar desde o abrir

XOSÉ LESTA MEIS

do día hasira que se vían as primeiras estrelas. ¡E houbera sempre! Leña pra queimar íbana buscar ô monte. Iban en fatos e viñan cargados con feixes de queiroas, carqueixas, pinica, cepos ou gallos secos dos pinos.

Os donos da aldea pódese decir que eran tres: os tendeiros e o Bulebule. Os tendeiros porque cásese todos lles debían, e o Bulebule por sel-o amo de máis bes que ningún da aldea; e ademais tiñanlle un medo como o demo á cruz, por ser amigo do Xuez e de todol-os que andaban en trampas da xusticia. Pol-a menos amenazaba á calquera con demandalo. E facíao. Non lle costaba traballo nin cartos. Para eso regalaba todol-os anos polos e pernilles dos mellores que tivera ôs seus amigolos. Así se lle quedaba a calquera co que tiña. Cando vía unha cousa que lle enchía moito o ollo había que venderlla pol-o que quixera. Se non lla vendían había de facer conque lle viñera âs suas más, fose como fose, ou máis non había de poder. Cando ofrecía algo, ninguén llo ademecía de boa gana, porque todos sabían que era para pillar dez veces máis.

Era un home alto e delgado; con algunhas lombas; cara toda afeitada e fina, pero d'un color amarelo como de touciño rancio; parecía que non había pan por onde él andaba. Tiña falar de maricas, usaba bolinas con tacós de muller; non miraba de fronte á ninguén i-era

ESTEBO

capaz dé chuparlle o sangue á calquera, sorríndose como un malpocado.

Gústáballe moito que lle baixaran cabeza e contaran con él pra todo. Cando algún veciño se atrevía á facer algo n-unha leira, anque fora da sua propiedá, que estivera ô pe d'outra d'él, aló se iba con dous homes e o pedáneo, pra amenazar con presentarlle demanda ô que fose, tivera ou non motivo. E como non perdía xeira, porque as terras traballábanllas os criados e caseiros, obrigándoos á que lle foran botar un día ou dous, que despois convertíanse en seis ou mais, sin darlles un carto, pouco lle importaba ter que ir á réo â Cruña. Inda lle viña ben, que lle servía de distraición e de gusto, par saber que amolaba ô veciño, que se vía obrigado a abandonal-a sua facenda pol-os líos da xusticia. Por eso non querían nada co él e pasábanlle por todo.

Na aldea habíaos que sabían por onde andaban, e tiñan, ademais, pra se iren gobernando. Non se deixaban asoballar de ninguén... Menos pol-o Bulebule, a quen todos lle tiñan rabía. Pero con estes, que non eran máis que tres ou catro, o Bulebule víñase âs boas de contado. Cando as vía mal paradas botaba a sua sorriso mariqueira, ô mesmo tempo que se poñía un pouco nervioso, e deixaba facer. Quen-o vera e non-o conocese coidaba que era desinteresado; unha almiña de Dios.

XOSÉ LESTA MEIS

Prestaba cartos á rédetos. Por cada peso tiñan que darlle un real ô mes, ou sexa o sesenta por cento. Daba gando âs gancias. Dar gando âs ganancias na aldea era esto; un mercaba unha vaca, cuxo ou o que fose e dábaos á coirdar. O que o recibía facíase cargo d'él. Maniñao unha temporada e despois, cando se vendía, as ganancias, si as había, parlíanse a metá entre os dous. As mulleres que se adicaban a esto chamábanse criadeiras. Así tiña o Bulebule varios na aldea. E podía ter mais si quixera. De modo que entre os que lle tiñan gando âs ganancias, e os que lle levaban en arrendo un anaco de terra ou eran seus caseiros, pódese decir que estaba media aldea baixo o seu poder. Cuasemente se pode decir toda, porque aqueles que non dependían d'él baixábanlle cabeza, por si acaso. Por todo o dito, moi poucos se atrevían á rosmarlle, inda que todos deseaban vel-o morto.

Pobre e todo, a aldea divertíase ben. Ademais da festa, que caía no mes d'agosto, o día de Nosa Señora, había tres funciós; San Antonio, San Xuan e mail-a Virxe do Carme. A festa duraba tres días. Pero hasta facelos catro eran poucos os que traballaban. E d'eses marmulaba todo o mundo. As funciós sempre cadraban en día santo, que entonces gardábanse todos con moita relixiosidá. Non era día de fes-

ESTEBO

ta máis que o primeiro. Pero ô outro aínda se facía baile dendes do atardecer.

Despois viñan os bailes d'acordeón e pandeiro todol-os domingos e días santos, sacando na coresma, Semana Santa e o día de Difuntos, que hastra cantar era pecado; as feiras, as salidas da misa, os velatorios, as esollas, as romerías...

Romaría facíanse moitas. Desde que viña vindo a primeira xa se preparaba a xente. Cada vez que había unha víanse os camiños e carreiros cheos. O día que había dúas repartíase. Os devotos de cada unha iban pol-o seu camiño en fatos algareiros, coas súas cestas novas moi feilucas e cubertas con panos tan branquiños, tan branquiños que ô mesmo sol daban envexa. N-estas cestas levaban a comida. En cada fato iba un ou dous con pandeiros e conchas, que xa pedían prestadas, se non-as tiñan eles, tres ou catro días antes do da romaría. Despois, ô vir de volta, non paraban de tocar en todo o camiño. Inda resoan nos meus ouvidos as copras da siña Gorecha a de Lalao que en grória estea:

Vamos cantando e ruando.
Vamol-o pasando ben,
Què este mundo aquí ha quedar,
Non-o ha de levar ninguén.

E ô chegar â aldea, que sempre era con noite, non iban ô dereito para as súas casas. Me-

XOSÉ LESTA MEIS

tiñanse nas tendas, e aquilo non tiña fin. Alí se cantaba e bailaba pola vella. Hastra que os galos anunciaban o día ninguén falaba de marchar. ¡Un día é un día! –decían us á outros. D'hoxe n'un ano sabe Díos quen estará vivo.

As romerías de máis sona por alí eran Pastoriza; San Andrés de Teixido, que algus chamaban de lonxe; Santa Margarita de Monte Maior; Frai Pedro; San Paio das Viñas e San Paio do Monte.

Tamén daban motivo de diversión as mallas e sementeiras. As sementeiras máis que as mallas, porque se xuntaban homes e mulleres de varias casas, axudándose us á outros hastra arrematal-as todas, e desde pola mañán á noite era como un xoldeo continuo. O traballo non parecía máis que o pretesto.

Entre os veciños que se valían ben estaba o tío Mingos.

O tío Mingos vivía coa súa dona, a siña Marica, e catro fillos. Tres eran femias e un varón.

Pagaban un foro cativo por todo o lugar que levaban, que era un dos mellores de por alí.

Tiñan unha casa grande, e das mais farturentas. Collían pan pro ano canto querían e máis para vender algún. O mesmo patacas, fabas e millo.

Inda que tiñan os seus anos, estaban rufos. Conservábanse dereitos e fortes. Non eran egoístas; iban levando a vida con ben. Daban

ESTEBO

limosna ôs probes todos que chegaban á sua porta; pousada tamén á algú que os pillaba a noite fora e non tiñan casa cuberta onde dormir. Unha cesta de patacas ou unha cunca de fabas para facel-o caldo, si á man viña, tam-pouco lla negaban a un veciño que tivera necesidá.

Os días máis señalados de dar limosna, como ó lus e xueves, aquela casa era o xunta-doiro de todol-os probes. Parecía unha procesión.

— ¡Avenaría puriiisma! Non haberá unha limosniña á esta probiña que non-o pode ganar! ¡Dios queira que nunca pan lle falte nin teña que andar pol-as portas do mundo!

— ¿Hai algo pra velliña, miña devotiña, pol-a almiña dos seus difuntiños! ¡A Virxe santismiña a arrede d'unha cama!

Algunhas veces pedía unha e había tres ou catro á porta. Ningunha se iba sin a sua esmola. Xa poñían á man un bó cesto de patacas e espigas para ir dando á todas.

Eran moi ben levados. Vivían sempre en boa paz. Entre eles non había unha palabra máis alta que outra.

O lugar compoñíase de sete pezas: Curramontes, Franxeiro, o Carraxao, Xangaio, O monte de Liñares, o Montño e o Tarreo.

Tiña terras moi boas, con pastos verdes e abundantes todo o ano, a non sel-o que viña

XOSÉ LESTA MEIS

moi seco. Franxeiro era a mellor terra repoleira de cantas había por alí; anque sea para patacas e millo valía aquela conta. O Tarreo daba moi bo trigo, alcacén e aveas; e navales como os do Carraxao víanse poucos. Tamén andaban ben estercadas. E para a terra o esterco é a nai.

O tío Mingos era un home algo cativo, regordecho, chistoso e simpático. Sempre con moita calma para todo. Non lle gustaba saber da vida allea, non marmulaba de ninguén nin facía caso de moitas cousas que oía. Moi cumpridor da súa palabra, nunca faltou ós seus tratos. Gozaba de moito creto entre os veciños e era un dos máis estimados da aldea.

Andaba sempre coa faixa algo caída d'un lado, e os calzós enrugados enriba dos zocos. Os zocos eran de coiro duro, teso e forte; non-~~o~~ entraban todol-os fíos. Andaba co eles sin amalloor de todo, e o calzón metíasele dentro. Deste xeito as pernas do tío Mingos parecían crebadas. O seu paso era sempre o mesmo, chovera ou nevase; cachazudo, como se non soupera en que empreal-o tempo. A súa dona xa lle decía ás veces: «Eres bó pra ir busca-la morte».

Non se enfadaba, á non ser que o picasen moito. Decía as cousas unha vez e gustáballe que non llas fixeran repetir. Se algo malo sucedía na casa buscáballe remedio o mais axiña

ESTEBO

que poidese, pero sin andarse laiando nin perdel-a pacencia. Si se falaba do que non lle conviña oír deixaba pasar como se zoara o vento. Era moi caído na razón. Tamén si se enfadaba tiña que salir ca sua.

Gastaba sombreiro de ala ancha, moi ancha, como un paraugas, sin forma nin xeito; na boca tiña de cote un cigarro, aceso algunhas veces, e apagado moitas. Cando o quitaba da boca poñíao na orella, e alí o deixaba todo o día, cheo de suor e cuspes, relucindo ô sol.

Velo andar cos pantalós caéndolle enrosca-dos pol-as pernas, que lle facían unha cueira como un paxe, e a faixa colgándolle por detrás, movéndose ô mesmo tempo que él daba os pasos, facía rir.

Para todol-os sitios do lugar que fose acom-pañábao sempre o «atrevido», o can vello, que tiñan dous. Às veces o tío Mingos rosmáballe pra que se quedase na eira, O can non facía caso; iba indo pouco á pouco detrás d'él. En chegando â leira tumbábase no arredor, xunto ô chaleque do tío Mingos, e así se deixaba estar hastra a hora de vir pra casa.

A sua dona Marica era unha muller tamén algo pequecha, de gordura regular. Era boni-teira. Mellor dito, fora. Pero inda se podía ver. Estaba mellor conservada que o tío Mingos. Debia ser mais nova. Non andivera tanto ô sol, pois samente facía os labores da casa e

XOSÉ LESTA MEIS

pillar por alí, ás veces, unha presuca d'herba. Era moi espilida, moi arrichada, moi facendosa. Andaba sempre moi limpa e ben arreglada. N-esto non parecía muller do tío Mingos. Levaba conta de todo na casa, e á todo atendía no seu tempo e á sua hora. Ela pagaba as rendas e cobraba os cartos do que se vendía; axustaba a soldada ós criados, coidaba de que o gando estivera ben mantido e as cortes ben estradas, indaque n-esto non facía falla o seu coidado, porque o tío Mingos non-o deixaba de man. Iba ás feiras co seu home, interviña nas compras e vendas, sin quitarlle á él autoridá, senón poñendo sempre por diante a sua palabra; anque él deixaba valer a d'ela porque sabía que nunca iba fora de camiño. O tío Mingos, o mais das veces, non sabía ben o dereito se na sua casa había moitos, poucos ou algúns cartos. Non era porque non estiveran á sua disposición sempre, que si estaban. Él tiña toda a sua confianza posta na sua Marica, que sabía mais que él na administración, e deixaba todo o seu cargo, moi contento porque marchaban as cousas como un ben de Dios.

Na colleita era ela tamén quen apartaba o gran para semente: escolmaba o trigo, o millo, fabas e patacas. Todo o mellor apartábao para prantar no seu tempo. N-esto tamén interviña o tío Mingos.

Conocía as crases mais boas; sabía os de-

ESTEBO

feutos que tiñan ou que podían ter. Axudárelle n-esto a Dios perdone a seu pai, e adquirira un coñecemento como o do labrador mais es-primentado.

Tiña conta de que se colleran as sementes no devalo da lua, que é cando se deben pillar para que non espiguen antes de tempo as cousas. Despois de collida, mallada e posta en condicións, metíaa en saquetes cativos e xeitosos que gardaba no seu sitio, con marcas para saber cal era a naviña e demais sementes. A de leituga e mail-a do ceboliño conociáanse de seu, por ser diferentes de total-as demais

De canto se sabía en toda a bisbarra de cousas de labranza non tiña que deprender nada de ninguén.

Creía moito en Dios, no mal de ollo, nas malas fadas e en total-as cousas de meiguería. Na porta do curral, pol-a parte de fora, tiña un corno de carneiro cravado; e pol-a parte de dentro un morcego e unha ferradura. Tamén poñía escritos, despois de leval-os a bendecir. Os escritos non-os poñía máis que cando había algún andacio pol-a aldea, ou se lle enfermaba un animal.

Ô parirlle unha vaca colgáballe ô pescozo da cría un saqueliño pequerrecho con nove cabezas de chubrisco, ou un sapo cativiño. O sapo tiña que ser alcontrado por casualidá, sin buscalo. A vaca tamén tiña o seu. Isto era pa-

XOSÉ LESTA MEIS

ra que non lle entraran as meigas ou o mal de ollo.

Cando viña un animal pr'a casa por primeira vez, poñíalle na soleira da porta unha boina ou sombreiro (monteiras xa poucas se vían para que o pisara ô entrar.

Por San Pedro Mártir levaba á bendecir trigo, millo, semente de toda cras, patacas, fabas, pan, cebolas, allos, sal, unha pòla d'oliva, hovos de galiña pra deitar... Un pouco de todo o da casa.

O trigo, o millo, as patacas e demais legumbres benditos mesturábaos cada un cos da sua cras dos da semente para que Dios lle dera boa anada. As pòlas d'oliva gardábaas na hucha pr'as ocasiós.

Do pan dáballe un anaquiño ôs animais todos da casa pra que non lles entrara ningún mal de meiguería. Xa levaba media broa á bendecir para eles. Para a xente traía roscós, que mercaba na mesma porta da igrexia, e cada un comía o seu.

Por semana santa levaba a sua vela, cando non duas, â igrexia. Despois iba pol-os cabos e por auga bendita pra ter na casa. Os cabos de vela acendíaos cando tronaba moito. «para apracal-a ira del Señor». Tamén lle poñía un nas mas acendido á un enfermo que estivera na agonía e tardara moito en morrer, para que Diol-o levava logo e lle dera boa morte.

ESTEBO

Algús veciños, sabendo que era ela quen levaba o goberno da casa facíanlle proposicións de compras ou vendas, ou pedíanlle algo prestado. Pero ela non daba unha palabra sin contar co seu home. Somentemente resolvía si eran cousas que se din das mulleres. En tocando ás que acostuman tratar os homes non se metía.

— ¡Alá Mingos, alá Mingos! decía. Esas son cousas d'él.

Erguíase ô abril e día sempre. Como non tiñan reló guiábase pol-o cantar dos galos. Tiña dous. Un cantaba a primeira vez pol-as duas da madrugada, e ás tres e media volvía cantar. O outro non cantaba máis que ás catro e media no vran e ás cinco e media no inverno. Pol-o cantar de cada un sabía as diferentes horas que anunciaban.

E xa non paraba hastra que se iba deitar. O primeiro que facía era chamar ôs fillos e ô criado. Despois, sí era tempo d'eles, iba coller us poucos grelos, ou rabizas, se non había grelos aínda. Se non eran grelos nin rabizas, eran repolos brancos, ou verdura, ou tomates, ou pimentos, ou dúas restras de cebolas. Ela sempre había de buscar algo que levar á vender de camiño que iba co leite. E quería collelo que fora no mesmo día pol-a mañán cedo, para que fose máis fresco e estivera de mellor ver, que sempre daba algo máis.

¡Había que verlle na cesta aqueles grelos,

XOSÉ LESTA MEIS

aquela verdura, aquelas rabizas! ¡Qué fresquiños, qué crechos, qué vizosos! Mesmo semellaba que lle querían saltar.

Era moi limpa e disposta. N-un airiño de Dios facía unha chea de labores. As culleres non, que eran de pau; pero o que é os pratos e mail-as cuncas, con ser de barro e todo, viase a cara n-eles.

Cando facía o caldo lavaba a verdura na fonte, en dúas ou tres augas, e alí mesmo a partía ca man, á non ser que fosen repolos, que entonces tiña que ser co coitelo. Despois de ben lavada ibaa partindo n-unha paxeta xeitosa, que xa tiña pra eso; e cando acababa de partila volvíaa poñer debaixo do caño. Dáballe un bó refregón, que a facía runxir entre as más. En acabando collía un pano branco sin fiaños, botáballo por riba e levábaa así para a casa, pingando e todo como se aínda lle fora vertendo o caño dentro da paxeta. Ó fervel-o poñe namais, xa ulía por alí á caldo fresco que mesmo daba xenio.

Cando mataban o cocho, que era todol-os anos pol-o mes de nadal ou primeiros de xaneiro, preparaba ben todo o que fose mester. Ela mesma remexía o sangue pra que non se callara. Despois facía as morcillas con cebola rustrida, pasas, piñós e zuce. Mandáballe dúas á sua comadre, c'un prato de roxós, e as demais colgábaas na chimineia para ir co-

ESTEBO

mendo. Ó metelo no baño iballe decindo ô matachín como o había de poñer para que estivera ô seu gusto. Primeiro, un touciño; despois, os perniles e as más; as palas, as cacholas, os bicos e as orellas. Nos sitios que iban quedando entre estas pezas poñía os ósos do armón do lombo, picados. E para rematar viñan as costelas, as uñas, os ósos da vella, os riles, a chanfaina, os recortes dos touciños que non cabían no ancho do baño, os untos e mail-a grasa para derreter. Por riba de todo o outro touciño.

Para barrel-o chan tiña unha basoira de xesta axeitada pra ese labor. Pr'o piso mercaba unha na tenda, con mango de caña, que costaba dous patacós ou un real.

Entrarlle no sobrado era un gusto. Había olor a mazás, á néveda, á lesta e a trigo.

Non podía ver maltratados os animais. Fosen d'ela ou d'outro. Rifáballe ô que o fixera. Chamáballe xudío, herexe e mala alma. Ós seus querialles moito. Tiña un gato moi rateador, moi limpo e nada larpeiro, que por ningunha cousa do mundo, o quixera perder. Ser, era moi cariñoso. E tiña un saber como un cristiano fora a alma. Faltáballe falar namais. Andaba sempre ô rabo d'ela, e, cando se sentaba, enredáballe coa saia ou co mandil. Fose pr'o río, pr'a fonte ou pr'o tendal, que os tiña na mesma eira, o gato non-a deixaba. Se non

XOSÉ LESTA MEIS

iba á cando ela, marchaba á buscala cando lle parecía. A ela tamén lle gustaba moito esto. Regañáballe algunhas veces porque se lle deitaba enriba da roupa branca, que poñía a sollar, e botáballe pelos. E tamén porque collía aveléiñas pol-a eira adiante. As aveléiñas tiñan para a señora Marica non sei qué misterioso encanto, ou secreto poder de santi-dá, que non podía ver maltratar ningunha. Para ela eso era unha xudiada.

Todo-lo días pol-a mañán, cando a siña Marica viña de vendel-o leite, sempre lle traía algunha larpeirada. O gato tamén ô vela vir, ou si a oía falar, pois conoía na voz, xa iba agardala ô portelo, co rabo dereito, meando con tanto mimo como un neno, fora a alma.

En chegando ô pé d'ela arrimábaselle âs saias e daba voltas d'arredor, co rabo dereito e todo él teso como se fora de pau, mirándolle pr'o que traía nas más, si traía algo, ou pr'a cesta.

A señora Marica algunhas veces reprendíao cariñosamente.

- ¡Xa vés, xa, pol-a larpeirada, condanado!

¡- Moito lle quer o seu gato, siña Marica!

- decíanlle -. Cando a ve vir, ou a oie falar, aló vai xa correndo co rabo repichado.

Ela facía como se non lle interesara.

- ¡Boh! ¡Xa cho creo! ¡Quer quer! Pol-o pan baila o can.

Desde o portelo, onde o gato a viña esperar,

ESTEBO

hasta entrar na casa, a señora Marica íballe falando. Despois que pousaba a cesta botáballe a lambada: Unhas parrochas, unha sardiña mulida, que xa pedía para él..., un xurelo... Fose o que fose ela nunca se viña sin traerlle algo. Se non había parrochas, nin sardiñas, nin xurelos, mercáballe na cortaduría unha cadela de liviano. Isto facíao moi poucas veces no ano, porque entonces era moi raro o día que non había sardiñas ou parrochas á babar.

Tiña outro malo costume o gato. Pol-o menos á señora Marica non lle gustaba nin unha miaxa: írselle meter no cesto dos remendos, cando lle esquecía arriba da hucha. Revolvíalle todo. Enguedelláballe o fío, e as veces rolaban pol-o sobrado adiante, cesto, gato e remendos e o carrete de fío iba parar sabe Dios a onde. Isto dáballle moita carraxe á señora Marica. Entráballe un arretino que era capaz de derrealo. Pillaba unha bordesca e íbase pra él safuría. Pero o gato librábase ben. Metíase debaixo da cama na escuridá. E cando a señora Marica lle zoscaba co rabo da escoba por un lado, salía él pol-o outro, moitas veces sin se decatarse siquera a señora Marica, que seguía zoscando cando xa o gato estaba na eira.

- ¡Deixa, deixa, que xa volverás! - decía, mentras volvía ô labor que estaba facendo. Xa te ensinarei eu á ir á onde non debes. Non te me vas sin elas. ¡Eu che darei!

XOSÉ LESTA MEIS

Pasáballe axiña. O gato sabíao ben, porque ô pouco tempo viña pr'o pé d'ela como un relambido, e todo quedaba así.

Non podía ver un animal fraco. Os da súa casa conócíanse de ben cuidados e mantidos entre todol-os da aldea. Ela quería fartura na casa pra todos. O cocho sempre tiña algo que comer na maseira e ô can tampouco lle faltaba âs súas horas o seu caldo con codelos. Do gando xa non digamos. Daba xenio velo tan gordo e tan limpo. Para eso na corte non se vía un bosteiro; todos se tapaban con louza, que sempre había algunha nun curruncho da corte, e gracias á eso os animais onde queira que se deitaban tiñan limpo e seco.

N-esto tamén o tío Mingos era moi considerado e cursidoso. ¡Coidadiño! Ôs animais habíaos que atender o mesmo que âs perso- nas, que pra eso son de Dios tamén. Era o que el decía. Ou telos ou non-os ter. Primeiro quedaba el sin cea que deixaba ôs animais. Inda algún día que lle cadraba a ocasión d'estar na taberna, pol-os seus compromisos e viña un pouco aluspado, a primeira cousa que facía ô entrar na casa era perguntar se comera o gando e ver como estaba a corte.

Cando tiñan un cuxo ou cuxa na corte moi bonito e llo viña mercar un cortador non llo vendían de boa gana. O tío Mingos inda se deixaba ir, âs veces, porfiándolle un pouco

ESTEBO

Pero o que é a siña Marica, non. Eso de que foran matar aquel animal que nacera e se criara na súa casa, con carochiños de broa que ela mesma lle fora dando pol-a súa man, e que tanto gusto lle daba velo, non-o podía consentir. ¡Ai, non!

- Fanme falla os cartos como ô primeiro - dicía - ¡pero pensar que un animalíño así, tan feituco e tan noviño, que un criou con tanta aquela, llo levan para matar, non sei que dá. Non podo pensalo. Inda primeiro llo dou c'un peso ou dous ô revés á outro. Algús trababan de convencela:

- ¡Pero señora Marica á voste que mais lle dá pagándoll'o seu por qué? Os animais xa son para eso. O caso é que cubran.

Ela non se daba por conforme.

- ¡Ai non me diga; non me diga, por Dios, que é o mesmo! O que vai para alí mátanos e xa non se sabe nunca máis d'él. E o que vai para criar inda se pode ver moitas veces. ¡Inda pode volver pr'a casa! E anque non se vexa, sempre hai quen dea razón d'él. E por eso, parece que dá gusto saber que viven as cousas que foron d'un.

XOSÉ LESTA MEIS

II

A casa do tío Mingos era grande, pero con poucas comodidás por dentro. Tiña dúas portas: unha pr'a eira e outra pr'o curral. Entrando, á man esquerda, estaba a cociña, que tapaba un paredón da altura d'un home. Este paredón iba desde unha porta hastra a metá do chan. Desde a outra porta viña outro paredón na dereitura do primeiro, e tamén paraba no medio do chan, deixando entre os dous un paso pr'o lar bastante ancho.

Como a casa non tiña no baixo máis luces que as portas, e os paredés cuasemente lla quitaban toda, que xa non era moita, estaba a cociña ás escuras. Pol-o día e todo, costaba algún traballo ver unha persona n-ela á quen non estivera acostumado a vivir alí.

Era moi espazosa. O lar estaba arrimado á parede, no medio e medio do chan, de frente, según se entraba. Levantaría como dúas cuartas. A cadea da gramalleira era gorda como a de tirar pol-a grade. Cubríaa o feluxe. A un lado da lareira, arrimada ô paredón que viña da porta do curral, había sempre catro ou seis forcadadas de toxos pra queimar, e mais aínda quedaba sitio para un tallo grande de pés cativos donde se podían sentar catro personas

ESTEBO

ben agusto. O forno estaba ô pé da cucuña. No outro paredón, o que arrancaba da porta da eira, estaba o cunqueiro, as sellas da auga e o buraco donde se espetaba o candil. No chan, as finas e caldeiros d'aparellar pr'o gando. Enfrente, pegada â parede, víase relucir unha cousa branca: era a artesa, que a tiña sempre a señora Marica que se podía vel-a cara n-ela. A moa de moer estaba detrás da porta da eira.

Â man dereita, según se entraba na casa, había outro paredón que chegaba desde a porta do curral â da eira, e subía hasta o teito. Este paredón dividía a casa en duas. Tiña catro aberturas grandes como ventanas: eran as comedeiras pr'o gando. Alí estaba a corte. Enriba da corte, descansando as vigas no paredón, estaba o sobrado. Non ocupaba mais que a metá da casa. Era de madeira vella, chea de polilla e de buracos, algús grandes como puños. Para subir á él había unha escaleira que arrincaba desde o medio do chan. Era recta e empinada, de poucos pasos; pero tan altos que pra subir por ela había que tel-as pernas grandes pra dar boa cancha. E que non tembrasen. Estaba feita de mala morte, como de emprestado.

O sobrado era todo franco, sacando a alcobas dos vellos. Non tiña máis ventanas que unha, bastante cativa, toda de madeira. Era de

XOSÉ LESTA MEIS

duas follas. Unha fiña no medio o sitio d'un cristal, como d'unha cuarta de grande, e sabe Dios o que fora d'él desde non sei que tempo. Esta ventana daba â posta do sol, e debaixo d'ela había unha esterqueira pequena que facía zurro pr'as terras da horta.

No sobrado non había mais trastes que duas uchas de castiñeiro, vellas, unha xa sin mortavela; dous bancos, tres sillas de palla comestas da trilla e de vellés, unha d'elas coxa, e duas camas. Enriba das huchas, e tamén en cravos negros do fume, víase roupa de uso diario. Pegadas na parede había unha estampa da virxe de Pastoriza e un cristo. Tiñan ese color amarelo-escuro das cousas que están sempre ô fume. O teito estaba negro. Por entre as ripias, que se separaban dous ou tres dedos, víase o día. E o aire, ô entrar, movía as teas de araña que a señora Marica non vía cando pasaba a escoba.

Fora, salindo pol-a porta da eira, â man esquerda estaba o alprende. Era grande. Â man dereita un sentadeiro de pedra donde se podían sentar como quixeran tres personas. No alprende gardaban as cousas de uso na labranza.

Había de todo; vello e novo. O tío Mingos todol-os anos por San Vicente iba a Elviña e mercaba algo. Eixos, axugadas de fungueiros, chavellas, chavellucos, lóros, forçadas, en-

ESTEBO

siños, paxes e varas pr'os bois. Gustáballo ter de repostos sempre. Era a súa Marica que llo aconsellaba e iba coél para que non se lle esquencerá cousa ningunha. Tamén mercaba algún chideiro cando o do carro xa iba indo, e un par de rodas. Todo gardaba no alpendre para as ocasións. Nunca esperaba á quedar sin unha cousa para mercar outra. Gracias á señora Marica, que estaba en todo e á todo acudía no seu tempo.

Tamén había no alpendre leña seca, fungueiros vellos, cainzas desfeitas, lòros comidos, paxes esmendrellados, aixadas sin orellas, gadaños con algún dente de menos, forcadas sin gallos, ferranchos de carros, rodas vellas cas ferraxes caéndolles de podres; cordas destecidas... E pol-os currunchos e detrás de todo esto niños, onde as galiñas poñían os hovers e sacaban roladas de pitos todol-os vrans.

A eira tiña tres figueiras das que chaman de San Miguel, porque é neste tempo cando dan os figos. Eran as tres grandes e daban moitos e moi boa sombra. Debaixo d'unha tiña sempre o tío Mingo o carro e o arado. E pol-o vran, cando o calor era moito, tamén poñía alí os bois pra que estiveran ô fresco.

N-un lado da eira, entre as dúas primeiras figueiras, entrando pol-a cancela estaba o cabazo e mail-o palleiro. O cabazo era gran-

XOSÉ LESTA MEIS

de, todo de madeira de castiñeiro, posto enriba d'esteos de pedra. O palleiro, cando se facía, chegaba á altura das figueiras. Era un dos máis grandes de por alí, contando o de Bulebule e todo. Os arredores da eira tiñan bo pasto, anque estaban bulados do cocho, que se pasaba as mañás e as tardes por alí facendo canto lle petaba. As galiñas coasementa facían a vida fora. Algunhas nin siquiera iban poñer á casa; facíanlo debaixo do cabazo, n-un furaco do palleiro, ou por alí, n-un sitio escondido. Pero non se perdía un ovo. A siña Marica sabíalles buscar moi ben os sitios. E cando non daba con algún, collía a galiña e miráballe se tiña o ovo. Se o tiña, e non era moi chegado, metíaa debaixo d'un paxe, hasta que lle iba chegando a hora. Despois deixábaa salir e a galiña iba dereita xa pr'o niño, amostrándollo a siña Marica.

Cando non era na casa era na eira, ela de cote andaba laboricando. Alegre, cantaruxando sempre. Non se lle pasaba nada. No tempo dos figos non había rapaz que lle fora a eles que ela non-o cañara un día ou outro. Os rapaces tiñanlle máis medo que ô tío Mingos. O tío Mingos tén estado moitas veces na eira escollendo louza, collendo unha presa de palla, ou abrindo camiño á auga cando chovía moito, e os rapaces andarlle nos figos, e mais él non-os ver. ¿Pasarlle esto á siña Marica?

ESTEBO

¡Ai si, ho! Os rapaces sabíano moi ben. Luca-
ban cando non estaba ela para comer figos.
Algunhas veces vían na eira ô tío Mingos
facendo calquera cousa, e de gatiñas íbanse
chegando á figueira que estivera mais lonxe
d'él, e subían a ela, coidando de non facer
ruído cas pòlas. O tío Mingos seguía ô que
estaba, cachazudo sempre, co seu ciga-
rro sin lume na boca. Os rapaces, encan-
tados. Pero cando se coidaban máis segu-
ros oían a voz da señora Marica:

- ¡Ai, beiganvol-os demos. condenados!
¡Esperade que agora!

¡Alá se botaban abaixo da figueira como
podían, rompendo pòlas, esgazando a roupa,
espelexando a cara e mail-as más! E coa
mesma ¡pés que te criou, Dios! pol-a horta
adiante, a collel-a corredoira e seguir hasta
donde lle cadrara. O can non llel-o ceibaban,
porque un día o tío Mingos ceiboullo á un e
mordeuno moito n-unha perna, despois de
esfarraparll-a roupa. Desde entonces a señora
Marica tiña avisado que ¡coidadiño! con vol-
vel-o facer, e non se fixo máis, co cono-
cemento d'ela.

Pero reñíalle ô tío Mingos.

- ¡E ti estabas aquí e máis non vías que che
andaban nos figos? ¡Arre, diaño, que se pre-
sisa estar tonto, ho, así Dios m'axude! Mira

XOSÉ LESTA MEIS

que tén que se lle diga. Se fora outra cousa era o mesmo. ¡Arrenegau!

Facía o sinal da cruz.

O tío Mingos disculpábase sin facerlle moito caso.

-E eu qué querías que fixera, se non-os vin, muller? ¿Ou coidas que vou estar de guardián? ¡Téñoche boa gana! ¡Se non houbera mais que facer! Non dis que non se lles ceibe o can? Pois...

E seguía co que tiña entre más, sin acordarse máis do asunto.

Rezaban o rosario total-as noites de Dios. Iba a él de vez en cando unha que outra moza, veciña e amiga dos fillos. Tamén axudaba algunha que a esa hora iba pedir que lle deixaran moer unha cunca de millo para facer us bolos no pote, ou botarlle «unha presa de fariña ô caldo» cando xa quedaba pouco mais d'un chisco e era como auga.

O rosario na casa do tío Mingos non se facía tristeiro como n-outras de por alí, onde a fartura non era tanta e había máis cavilaciós. Na casa do tío Mingos daba gusto oílo. Guiábao él mesmo, dende o banco da cucuña, ou do da artesa, donde se sentaba total-as noites, según fose vran ou inverno.

Algunhas noites, ô mesmo tempo que rezaban, facían labores. A señora Marica atendíalle ô lume e ô que tivera n-él. Ás veces empezaba

ESTEBO

unha salve no lar e arrematabaa no saleiro, cortando unto pr'o caldo. Gorecha e Farruca debullaban no millo ou pelaban patacas. O mesmo tío Mingos, ô acabar un padrenuestro, se â man viña, dáballe un berro ô gando, por non estar quedo na corte. O fume do lar andaba por toda a casa, como o incenso na igrexia. Moitas veces hasta ulía e todo, porque cos toxos iban herbas olorosas que viñan do monte: ou queimaban paus e pòlas secas d'arbres que ô arder deixaban unha aroma moi agradable. A luz do candil non chegaba máis que á alúnear un pouco o sitio onde estaba, deixando a casa toda n-un lusco e fusco de noite de vran, con lúa. Oíase remoer e alental-os bois na corte. O can esperaba sentado no medio do chan que lle deran a cea, sin quitar ollos da señora Marica. O gato adormexábase ô mor do lume. Respirábase humildá e sinxeleza. Aquela casa semellaba a casa da paz.

Despois do rosario viñan as rogas.

- Un padrenuestro e unha salve pol-as benditas ánimas do purgatorio - pedía o tío Mingos.

Outro pol-os presos e disgrasiados.

Unha salve pol-os mariñeiros que están en peligro.

Outra pol-os camiñantes, para que Diol-os libre d'un mal paso.

Estas rogas non-as facían sempre. Pero al-

XOSÉ LESTA MEIS

gús días coasementa, duraban tanto como o rosario. Era cando se sabía d'algunha desgracia ou crime.

Un día apareceu un rapaz pol-a porta. Tería us doce anos. O corpo correspondía á esa edá. Viña enfarrapado; descalzo, cos dedos dos pes desfeitos de cotelós; as pernas carteadas de vellas friaxes en algús sitios viánselle bostelas de carafunchos. Na cabeza traía unha boina vella toda chea de buratos. Pol-os buracos salíanlle os guedellos, que eran grandes e aspros como xardós.

Parouse diante da porta. A siña Marica, que saleu da cociña ó medio da chan, veuno.

- ¿Qué querías neniño?

- Veño buscar casa pra servir.

- Ves buscar casa pra servir...

A siña Marica quedouno mirando un pouco.

- ¿E de donde és?

- Son de Soandres.

Iballe seguir preguntando. Pero n-esto apareceu o tío Mingos.

- Ven buscar casa pra servir - díxolle a siña Marica. Pol-o visto é de Soandres.

O tío Mingos botoulle unha ollada d'arriba abaixo. Mandouno entrar.

- ¿Como te chamas, ho?

- Chámome Antón.

- Antón... É un nome bonito.

O rapaz mirou pro chan.

ESTEBO

- ¿E vés buscando casa pra servir?
- Si, señor.
- ¿Tés pai?
- Non sei.
- ¿Cómo non sabes?
- Non señor, porque marchou pra fora fai moitos anos e nunca máis se soupo d'él.
- ¿Elogo, morrería?
- Non sabemos.
- ¿Tés nai?
- Si.
- ¿E irmás?
- Tamén.
- ¿Cantos irmás sodes?
- Catro.
- ¿Cómo se chama tua nai?
- Nanai chámase Xaquina.
- ¿Mandoute ela servir ou escapáchelle tí?
¡Conta a verdá!...
- Mandoume ela.
- Paréseme que mintes.
- Non, señor.
- ¿Elogo na tua casa non hai traballo, ou...?
- Non.
- Destonses ¿qué fasías tí e mais teus irmás?
Volveu baixal-a cabeza. Despois d'un pouco sigueu:
- Eu andaba â bosta por alí, e algús días iballe co gando o siño Xan.
- ¿A que siño Xan?

XOSÉ LESTA MEIS

- O siño Xan de Culás.

Mentras lle facía estas preguntas, o tío Mingos picaba un cigarro con moita cachaza, sin quitar ollos do rapaz. Iba seguir preguntando-lle. Pero a siña Marica díxolle que xa estaría cansado de tantas preguntas, e que poida que non houbera comido dendes Dois sabe cando. Dirixeuse a él con agarimo.

- ¿Tés fame, neno?

O rapaz non se anduvo con cortedás.

- Teño. Se me dera un bocado de pan comíao de boa gana.

A siña Marica conmoveuse.

- ¡Meu probe! ¡Sí, neno, sí; ven e fártate!

Mandouno sentar n-un tallo. Foi ô pote, quitou unha cunca acugulada de caldo con bastante garula, parteu un bó anaco de pan e doullo.

- Toma, neno, toma. Come e fártate, e que che preste.

O rapaz comeu con moita gana. N-un istantiño de Dios acabou. Deu as gracias.

- ¿Queres máis, neno? Non teñas cortedá. Está o pote cheo.

O tío Mingos mediou, sorríndose:

- Inda seique come outro pouco.

- Non como, non. Xa vou farto. ¡E tiña boa fame! dixo o rapaz con moito espabilamento

A siña Marica doieuse:

ESTEBO

- ¡Terías, meu neno, terías! Pois que che faga bó proveito, ho.

Volveu tomal-a palabra o tío Mingos.

- ¿Agora fumarías un cigarro, non si?.

E coa mesma alargoulle o canuteiro de metal branco.

O rapaz volveuse colorado e baixou a cabeza.

- Eu non fumo, señor. Inda non son home.

- ¿Gústache a casa, ho?

- Gusta.

- Logo ¿queste quedar de criado?

- Quero.

- ¡Mira que hai que traballar moito!

- Mais que haxa.

- ¿E canto queres ganar?

- O que me dea.

- ¿A soldada ha ser por mes ou por ano?

- Como queira. N-outra casa que estiven era por ano.

- ¿E logo xa serviche?

- Xa.

- ¿E en qué casa?

- N-unha de Meisende.

- ¿E canto che pagaban? ¡Ou non se pode saber!

- Pagábanme oito pesos ô ano e máis dábanme a brancura. Duas mudas.

- Boeno, pois eu dareiche algo máis, sempre que o merezas.

XOSÉ LESTA MEIS

Quedouse o rapaz. Facialles falla un, por que xa o Bulebule lle andaba facendo as veiras ô fillo do Pontas, e o menos día quedábanse sin ter quen lles botara o gando á apastar.

III

Os fillos do tío Mingos chamábanse Lela, Gorecha, Farruca e Estebo. As mulleres estaban entre os dazaoito, vinte e vintecinco anos. Estebo era máis novo. Tiña dez. Era o derradeiro. Lela, Gorecha e Farruca, ensinadas pol-a nai, sabían facer de todo na casa dun labrador. O mesmo iban por un paxe de herba ó prado que por un feixe d'alcacén á leira; tanto lles tiña que as mandasen ir vender á praza as cousas de todol-os días, que levaban sempre de camiño que iban co leite, como facel-os labores da casa. Amasaban como o mellor forneiro; sabían quental-o forno; botaban un remendo con moita cursidá; muxian a vaca, lavaban a roupa, facían un pote de caldo moi ben feito, e ningunha cousa lles poñía medo. Todo se lles daba moi ben. Sabían sachar e arrendar no millo, patacas ou o que fose como o primeiro. A trullar na sementeira daba xenio velas, e aterreando no frigo non había home que as deixara atrás. O mesmo axudaban a cargar un carro de louza, si se terciaba.

Lela e Farruca eran d'altura regular, morenas, vivarachas, despostas e non mal parecidas. Vestían con moito modo e sempre a uso da aldea. Si era domingo ou día de festa: saía

XOSÉ LESTA MEIS

negra con rizados; chambra branca con bordados nos puños; pano ô pescozo, dos que chaman de alfombra ou cachemira que lles cruzaba o peito, arrumbándolles-o moito, e atábano atrás na cintura. Á cabeza un pano de seda, caído sempre atrás, pra que se lles vése a cinta do pelo; as puntas do pano atadas diante, no pescozo, e moi abertas, todo ô máis que o pano permitira. No cabelo, que lles chegaba hastra a cintura (tel-o así grande era a mellor gala dunha moza), ataban un lazo. Ademáis usaban unha cinta colorada que, desde a coliga, pasando por debaixo da trenza do pelo, viñase atar n-unha lazada no medio e medio da cabeza, véndose moi ben toda, que pra eso, como digo, levaban o pano caído atrás. Pol-o diario roupa de traballo, según o tempo en que estivéramos e o labor que foran facer.

Pero a cinta na cabeza traiana sempre, anque non tan boa como os días de festa. O mesmo na punta do pelo. Sólo que en vez do lazo ataban unha trenza ou cinta de mala cras.

Andaban de cote ledas, cheas de saúde e de forza. Bulrábanse con moito xeito, como quen non quer a cousa, do mozo máis avispado e do vello máis churrusqueiro. Sabían levar unha broma hasta onde fose de bon gusto, e non pasar d'alí. Eran dúas rapazas das que se dí que son malas de forcer.

ESTEBO

Gorecha era máis forte e máis dura. Non se facía tan chusca. Non se coidaba tampouco de parecelo. Non lle daba por ahí. Era a mais vella. Non parecía pensar nos mozos, nin que lle importaran nada. Os vestidos semellaba poñelos para tapal-as vergonzas namáis. Non se coidaba de cómo lle estiveran. Tiña o falar gordo; as hobreiras anchas e macizas; os brazos redondos e duros, e os dedos parecían puntas de fungueiros. A faciana estaba cortida por todol-os ventos i-as xiadas todas; os carrillos abultábanlle un pouco máis da conta, e o andar era pesado, con canchas longas como as dos homes. Era de poucas falas e non se coidaba moito de cómo lle saliran d'agradables. Os mozos tanto lle daba decir tal como cal.

Non había traballo que a vencera, nin frío que a fixera tembrar. Traballaba sempre e mais despois. Desde que abría o día hasta que era noite pecha non paraba. Sin lle mandar ninguén poñíase a facer cousas que podían quedar para outro día. Non lle cocía o callo estar parada. Por ser así, algús labores que farían suas irmás facíaos ela. Gustábanlle os traballos duros onde houbera que poñer forza. Tiña, e precisaba facer uso d'ela. O mesmo andaba ô gadaño prantando patacas, dándolle que facer a calquera home; que iba ô monte a cargar un carro de leña ou louza, como qui-

XOSÉ LESTA MEIS

tal-o esterco da corte pr'o curral, ou subilo en chotas grandes pro carro. Para ela non había imposibres no traballo. O seu gusto era poñerse man á man c'un home e facerlle pedir papas. Que xa non era o primeiro. Cando iba por herva ô prado cargaba cada feixe que sólo de verllo ô lombo parecía que lle pesaba á un. ¡E cómo os subía por aquela costa arriba de Xuxán! ¡Había que vela!

Non descansaba. Se chovía, mollábase; se facía sol, aguantábao. Na casa xa lle decían:

- ¡Imposibre de Dios que non teñal-o azougue, Gorecha!*

Pero ela non facía caso. Ou lles chamaba lacós e señoritas ás irmás. Como houbera algo que facer, e na casa d'un labrador nunca falta. Gorecha non podía estar queda.

Pol-as mañás, ô abril-o día, iba sempre por un brazado de berzas pra lle aparelhar ôs coches. Houbera frío, caera neve, chovera ou xiara, Gorecha iba pol-o seu brazado de berzas. Un brazado que enchía un paxe. Os brazos traíaos de cote ô aire. Eran colorados e gordos como eixos. Apretaba as berzas contra o peito como se foran un neno gordo e brincador que lle quixera fuxir.

Cando as berzas eran moi vizosas runxíanlle ô compás do seu andar, como si lles fixera cóxegas.

Como digo, era sempre pol-as mañás cedo

ESTEBO

cando as traía. Así que, ou porque chovera ou porque houbera rocío, as berzas viñan cheas de pingas d'auga que lle saltaban pol-os brazos e pol-a cara, facéndolle aformigalo sangue no corpo, que lle encendía as cacheiras como tizós. Gorecha, así, daba a sensación d'unha leituga grande, fresca e recachada, con follas algo aspras, pero d'un sabor único.

Cando iba â fonte, que era moitas veces, porque na casa d'un labrador gástase moita auga, viña ca sella na cabeza sin agarrar e andando o seu paso de canchas longas, como si non trouxera nada. E non lle caía unha pinga. A sella era das máis grandes que había en todo o lugar. Cargaba á calquera. Como que ninguén da casa a levaba de boa gana â fonte. Pois Gorecha erguíaa sola como se fora unha gaveta.

Para facel-a encaldada ôs cochos e cocerlle ôs demais animais había un caldeiro grande que non sei, e pesado que na miña vida. Valdeiro e todo pesaba aquela conta. Levaba duas sellas, da grande, de auga. Despois as berzas, a fariña e as patacas que lle botaban. Sempre eran duas persoas para penduralo na gramalleira. Pois Gorecha botáballe as duas más ô aro e poñíao dun golpe enriba do lar. Despois, d'outro golpe guindábao na gramalleira, e quedaba o caldeiro un bó anaco movéndose d'un

XOSÉ LESTA MEIS

lado para outro, hasta que chegaba á pillal-o equilibrio.

Tamén comía. O mesmo ô almoço que ô xantar poucas veces lle chegaba unha cunca de caldo con bastante garula e sopas, despois d'unha ou dúas sardiñas con pan, senón que recuncaba. E pol-a tarde, á hora da merenda, mangaba cada trancazo de broa con cebolas que lle chegaba ben á calquera outra persona pr'o día.

Pol-a noite, despois de cenar os animais e mail-a xente, Gorecha lavaba as cuncas e o demais que houbera por alí. Coa auga que lle quedaba de lavar todo, moitas veces volvía á encher-o caldeiro e cocíalle ôs cochos, aproveitando o lume que quedaba de facel-a cea, para almorzar ô outro día. Algunhas noites, ô irse todos deitar, quedaba o caldeiro agurgullando á ferver c'un montón de brasas debaixo, sin fume xa, pero c'un calor aínda d'abondo para soste-lo ¡gole-gole-gole! que facía fervendo, e que ás veces semellaba os arrotos de cheo que fai un bazuncho. Ôs refreixos dourados dos tizós víanse os gatos durmindo ô mor do lume; pois pr'a casa da siña Marica sempre víña algún dos dos veciños, porque se alcontraban millor que na de seus donos. Comían do que houbera como o da casa, á non se-las lambadas que lle traía a siña Marica pol-as mañás, que esas si, non as vían os alleos.

ESTEBO

Pero a sona de moi prantada que tiña Gorecha viñalle d'outra cousa. Colleuna sin pensalo.

Salía da casa pr'o curral c'unha forcada de ferro ô lombo para levar toxos secos pr'o lume, e viu mulleres correndo d'un lado para outro, chamando pol-os seus fillos.

Algunhas choraban. Oíanse batel-as portas e poñel-os ferrollos.

- ¡Qué é, que é! - preguntou Gorecha, quedándose parada no medio e medio da corre-doirá.

As mulleres seguían correndo e laiándose, sin facer caso á Gorecha.

- ¡Ai, Dios mío, o meu nenño!

- ¡E meu irmán anda coa vaca por alí!

- ¡Disque é grande como un lobo!

Por fin poido sabel-o sin que llo dixera nin-guén.

- ¡Dádelle que vai doente! - oíeu berrar.

Era un can da rabia. Gorecha sinteu que lle subía dos pés á cabeza unha cousa, como aformigamento do sangue. Pero non ganou medo. Pasoulle de contado, e siguiu onde estaba tan tranquila.

De vez en cando oía os berros da xente que de lonxe seguía coa vista ô can e iba decindo o camiño que levaba.

- Velo ahí vai! ¡Velo ahí vai chegando a do Queimarano!

XOSÉ LESTA MEIS

- ¡Xa saltou pol-a arrimada do vello Dios!

- Vai pol-a do Gorrión.

- ¡Agora colle cara á casa do tío Mingos!

Gorecha cando oieu que viña en dereitura á sua casa, preparouse. Como a un lado e outro da corredoira había arbres, e a corredoira facía alí unha volta grande, pouco espazo podía ver. Pero non deixou de lucar.

- ¡Aparta, Gorecha, que ahí che vai! - be-rroulle un dos que viñan máis cerca en segui-mento do can.

Gorecha veuno vir cara á ela. O animal non podía recuar porque non-o deixaban os que viñan tras d'él, que eran moitos de varias aldeas de por alí arredor. Cortal-o camiño tampouco podía. A un lado e outro tiña a co-rredoira grandes silveiras enriba de valados altos. Non podía facer máis que seguir adiante. E así o fixo. Pero Gorecha cangóuselle no camiño e chantoulle os dentes da forcada na barriga. Alí quedou á rabo estirado.

Cando chegaron cabo d'ela os que viñan correndo ô can quedáronse admirados da sua valentía.

- ¡Vaite, rapaza, que, nos anos que teño, outra como ti non-a vin. Nin creo que a haxa!

- ¡É desposta, puñella!

- ¡Recoiro! ¡Calquera lle pon o pé diante!

- ¡Non hai quen lle pise o risco, tío Pepe
- decíelle o Panxuliñas, que sudaba como un

ESTEBO

boi cargado por unha costa arriba, de tanto correr atrás do can, ô vello Turuxo.

Xuntouse media aldea pol-o gusto de vel-o can morto, e en moitos días non se falou d'outra cousa en todol-as de por alí arredor.

Gorecha xa tiña sona de muller forzada e de moita desposición. Pero desde aquela quedou como exemplo de mulleres bariles.

Levábanse moi ben, sacando Gorecha que rifaba algunhas veces con Lela.

Todo era porque Lela tiña mozo, quería lle moito, pensaba sempre n-él e non lle iba ben senón cando estaba ô seu lado, Moitas veces de noite, se lle tardaba máis da conta, íbase pr'a eira e rompía á chorar como si lle pasara algunha desgracia. Non se ocupaba da doutrina e hastra lles collía rabia âs mozas que iban â que lles-a adeprenderan. O seu gusto era que a deixaran soila onde xa se poñía para que non-a vera ninguén, e chorar.

Pero Gorecha sabíalle todo e decíallo â nai, aunque fora diante de Lela, sin consideración ningunha. E chamáballe mil catrocentas, poñéndolle, ademáis, alcumes feos ô mozo, que era o que máis lle doía â Lela.

Lela non podía evitalo. Cando iba sendo hora de lle vil-o mozo e non aparecía, todo se lle volvía ir d'un lado pra outro sin acougar, iba â porta unha ducia de veces. Volvíase toli-

XOSÉ LESTA MEIS

ña. Hastra que non podía máis e largábase pr'a eira a chorar.

- Xa vas pingal-a mona, xa, camastrón!
;Non che dá vergonza chorar por un home!
;Fai falla estar tola, Dios me perdone! ;Mesmo
me dan ganas de non sei que che facer! ;Se
do meu xenio me valera esmagábate, mira!

Esto aínda facía chorar mais a Lela. ;Verse maltratada por unha cousa da que non tiña culpa nin podía remediar! ;Qué máis quixera ela que verse libre d'aquel tormento! Ben llo pedía á Dios.

O caso é que Gorecha tamponco llo decía por mal. Non lle cabía na cabeza que unha muller chorase por un home. Non comprendía eso. E líñao por un noxo. Pol-o mesmo dá-balle moita carraxe velo. E mais n-unha irmá. Para Gorecha non había outra cousa no mundo que traballar moito á total-as horas; comer, dormir, rezal-o rosario e pensar en Noso Señor e na Virxe. Todo o que non fora esto, para ela non era nada, e coa mellor boa fé do mundo houbera condenado ô que fixera d'outro modo ou tivese pensamento que non fora d'esta cras. Degaros do corazón, sentimentos de beleza, amor ;qué sabía ela de todo eso! Andrómenas.

Non era solo por chorar por un home pol-o que Gorecha non podía ver á irmá. Era tamén porque moitas noites non decía a doutrina, e

ESTEBO

n-esto Gorecha vía un pecado grande contra Noso Señor, que non podía pasar por él. Hasta lle doía que Lela caera en semellante conde-nación.

- ¡Parece que te veu o demo, non-o queira Dios! - decíalle chea de carraxe.

A señora Marica tamén sentía moito esto, e pedíalle á Dios que perdonara á sua Lela, ô mesmo tempo que lle poñía ansia pr'a doutri-na. Non lle reñía porque xa abundaba Go-recha. Pero doer doíalle moito. Sobre todo por se o chegaba a saber-o señor cura. Lela sofria e calaba.

Por aqueles días veulle un criado ô Bule-bule. Tería trinta anos. Era algo cativo, gordo, pesado, cheo de color e de poucas palabras. Vran e inverno andaba sempre en mangas de camisa, co peito ô recacho, véndoselle us pelos enguedellados e duros como aramios. Era forte como un seixo. Tiña mais forza que un boi. Chamábase Lucas.

Ôs poucos días de vir, toda a a'leia falaba d'él pol-os seus feitos forzudos. Un día tiña os bois soltos no curral e seique lles picou a mosca que botaron á correr por alí adiante co rabo dereito e bufando que daban medo. Foi tras d'eles. O varelo deixouse pillar axiña. Pero o gallardo doulle máis que facer. Cando chegou cabo d'él botoulle as más ôs cornos

XOSÉ LESTA MEIS

e suxefouno como si fora un cuxo de seis meses.

Nunca saliran carros de esterco tan cargados da casa do Bulebule como os que levaba Lucas. Nin de ningunha de por alí. Cargaba sin dó, anque fora para subir pol-a costa de Curramontes. Cando non podían os bois arri-máballe el o hombro ô chideiro e botaba pol-o carro pra diante, fose como fose. Xa se decía por alí, buscando unha comparanza á algunha cousa de moita forza: «É como as chedas do Lucas». Porque lle chamaban cheda ô botar pol-o carro co hombro posto no chideiro, axudándolle ôs bois, cando non podían.

A Lucas chamoulle a atención o moito que traballaba Gorecha e a ansia que tiña. A Gorecha gustáballe ver como traballaba Lucas, e máis aínda oír â xente falar ben d'él. Non faltou quen lle dixera:

- ¡Faciades boa parexa, Gorecha, ti e mais Lucas, así Dios me salve!

A Lucas tamén houbo quen lle dixo:

- Ti e máis Gorecha a do tío Mingos había-des facer un xuntoiro de moito rosmillo. Mesmo parecece que vos dou Dios un para o outro.

Gorecha non facía caso. Gustáballe ver traballar a Lucas, pero non pasaba d'ahí. Lucas tampouco daba importancia á nada d'esto. Era un criado, e aínda acabado de vir, coma

ESTEBO

quen di, da montaña. Non pensaba mais que en dar gusto á seu amo para que estivera contento d'él e lle subira a soldada.

Pero a xente seguía falando do mesmo: que Gorecha e máis Lucas habían facer bon parexo.

Así comezan moitas cousas. Así comenzou Gorecha á querer á Lucas e á facerlle as beirras. Lucas tamén quixo á Gorecha. De primeiro a cousa iba pouco á pouco. Pero despois colleu forza canta quixo. A Gorecha entroulle con tanta fogaxe o querer de Lucas que chegou á esquencerse de moitas cousas da casa que denantes sempre tiña mais presentes que ninguén. Hastra esquenceu os rezos. E cos seus vintecinco anos ben curtidos, tan cheos de poder, de forza e de vida, entregouse a Lucas en corpo e alma. E pol-a mañán, pol-a tarde, á noite, erguida, deitada, durmindo e desperta, para Gorecha non había mais que unha cousa no mundo: o seu Lucas. E que ninguén lle dixera nada nin a apurasen moito. Revirábase. Poñíase como unha fera.

-Hastra o d'agora foi unha vida, poña: pero d'aquí en diante é outra,

Ôs poucos días púxose desconocida. Volveuse máis doce, máis tenra, máis alegre. Colleu un falar mais suave, un rir máis gracioso; un andar máis espelido. Tiña máis gusto

XOSÉ LESTA MEIS

pra se vestir e tratar ca xente, Hastra se facía algo bonita.

Todol-os Domingos e días santos pol-a tardechiña deixaba o labor que estivera facendo, e íbase arreglar. Despois andaba por alí adiante cantaruxando, facendo que facía algo para ver ô seu Lucas e que o seu Lucas a vera a ela. Non iba ô baile porque xa non se vían n-él mozas dos seus anos, e máis porque Lucas non sabía bailar. Ela tampouco lle daba moito xeito; pero por eso non deixaba de ir se fora o seu Lucas.

Un día correuse pol-a aldea que Lucas se iba, porque o despachara o seu amo, o Bulebule, e non parou de chorar hastra que soupo que era mentira.

Desde entonces Gorecha quixo á Lela máis que a todol-os da casa, ¡Cánto lle pesara facela rabiarse tanto como a tiña feito rabiarse! ¡Cánto lle quería agora! Chamáballe Leliña e todo.

IV

Lela e Farruca sabían ler algo. Pouca cousa. Pero á Lela tiñana na aldea por moi sabidora. Non era mais que porque sabía ler «de corrido» na *Voz*. Saber ler na *Voz*, un rapaz alí na aldea era a admiración de todol-os veciños. Cando querían probal-a sabiduría d'un sempre decían o mesmo: que lía moi ben na *Voz*. Había quen non nombraba a *Voz* por non sabel-o seu nome. En tonces decía: «no papel da Cruña».

- ¡Ai, o neno de Fulano, dis que che é moito conto, miña filla, o que sabe! Pol-o visto xa lé de corrido no «papel da Cruña».

Lela a do tío Mingos tiña outra cousa. Sabía de memoria a cartilla. Isto foi o que mais fixo correl-a sua sona de lista. O crego desde o púlpito gabábaa canto mais podía. Para él non había muller mellor nin que tanto valera. As nais quedábanse tontañas oindo ô señor abade loubala. Facíanse cruces de semellante muller: de semellante «nena», decían. E ás suas fillas, na casa, cando non adeprendían ben a doutrina, que había que ir dar todol-os domingos pol-a coresma ô señor cura, poñíanlle por exemplo Lela a do tío Mingos.

- ¡Esa si que ten cabeza - decíanlle - e non

XOSÉ LESTA MEIS

vos outras ¡camastronas! ¡que non sabedes mais que xoldear e andar de gaverna!

Nais e fillas, mozas e vellas tiñan que ir á doutrina. Ir á doutrina chamábase alí ir á decirlle ô señor cura, que mandaba pasar unhas poucas á sacristía cada domingo e ibaas eisaminando da cartilla. As mozas que non-as sabían non-as casaba. E ás nais, como xa estaban casadas e non-as podía amenazar con esto, facíalles pagar unha peseta ou unha dúcia d'ovos, que era o que valían naquel tempo. (1) O crego levaba unha lista. E según lle mandaban a peseta ou a dúcia d'ovos, borraba da doutrina e da confesión á quen fose. Se non lle mandaban a peseta ou os ovos quedaba alí apuntado o deudor; e despois, na primeira ocasión que se presentara, como bautizo, enterro, misas, etcétera, cobráballo, se podía. Xa decían as nais, entregándolles os ovos ás fillas que iban pra misa. «Toma, e dille o señor abade que me borre». Todos sabían que era da doutrina. Por eso decía un cantar:

«Señor cura, señor cura,
eu non lle sei a doutrina.
Cáseme, que de casada
Eilla de saber todaña»

(1) Histórico.

ESTEBO

Porque de casada con mandal-a peseta ou os ovos tiña listo.

Moitas mozas non sabían a doutrina nin podían adprendel-a, porque non sabían ler. Tiñan que xuntarse n-un fato arredor de quen soupera, pra que lles fora lendo a cartilla, e elas ir decindo atrás, hastra que lles quedara na cabeza. Pagaban medio real cada unha todal-as semanas, e xa había quen se adicaba a eso nas noites d'inverno, que era cando se adprendía.

O crego tamén a enseñaba na sua casa pol-a noite. E iban moitas mozas adprendel-a. Este cantar recorda o costume.

•Miña nai voume â doutrina,
que se non non chego â hora.
Despois o señor abade
dime que anduven de solda•

Pero fóronse deixando, porque había moitas marmulaciós maliciosas. que os mozos lles botaban na cara. Unha das coplas que fai referencia a esto di así;

•Miña nai, eu a doutrina
Non-a podó adprenderere.
- Vaite ver ô señor cura
que remedio eso ha de tere•

Non ten nada de particular esta copla, se ben se quer, porque ensinando a doutrina o

XOSÉ LESTA MEIS

señor cura era natural que o remedio estuvera bó de alcanzar. Pero xa se sabe a intención que o noso pobo pon en todol-os cantares en que entran cregos.

Xa digo: as mozas xuntábanse en fatos de oito ou mais e iban adeprendel-a doutrina con quen llel-a quixera ensinar na aldea. Poucos podían facel-o, porque eran contados os que sabían lêr. A donde máis iban era a Lela a do tío Mingos, que a sabía millor. Non precisaba cartilla, porque a sabía de memoria, e esto dáballe mais autoridá sobre dos outros. Sin esto e todo abundaba o que decía o señor cura d'ela para que todos foran a que llel-a enseñara.

- ¡Tés unha nena que Dios cha conserve, muller - decíanlle as veciñas â señora Marica. ¡Mira que é moita cousa de rapaza! ¡Mesmo dá xenio oíla. ¡Aquelo é un milagriño de Dios! ¡Non sei de donde tal saca! Dios cha fade ben muller, que, abofé, outra así nunca se veu.

Como é natural, â señora Marica poñíase ancha que non cabía n-ela, anque o disimulaba canto podía, porque nunca lle gustou alabarse do seu.

- Pois cáseque todo saleu da sua cabeza, porque o escolante... ¿qué tempo botou aquí? Poida que aínda non chegara a dous anos. Bueno, muller, así e todo, fai como o que di, algo lle valeu: que se non non era posibre que

ESTEBO

soupera o que sabe. Porque, como dí o outro adprendido non nace ninguén. Pero vamos aquí, que xa saleu d'ela. Cando tiña nove anos saltaba no papel da Cruña que había que vela.

Lela víase total-as noites aburada pol-as mozas da aldea. Todas querían ir â «sua» doutrina. E' mais desde que pasara pol-a vergonza Tomasa a do Necho, que a iba adprender, ela e mais outras, con Chinto o de Curral. Ô preguntarlle o cura non sei qué de Cristo, que ela debía contestar, «ungido», contestoulle «enjado». O cura correuna, e na aldea non se falou d'outra cousa por aqueles días.

Algúnhas veces Lela cansábase de tanta cartilla; de tantos padrenuestros e avemarias. Non lle deixaban unha hora tan siquera para estar de tuna. Pero as mozas convencíana sempre. Se había de ser unha hora que fose media. A señora Marica tamén lles axudaba.

- Anda, Leliña, anda; adepréndellel-a, que Dios Noso Señor cho ha de ter en conta na santa groria. É unha obra de caridá que fas, ademais de cho pagaren,

Na aldea había mozas que anque non sabían ler sabían algo de doutrina. Pol-o menos un padrenuestro e unha salve, para non quedar mal de todo diante do señor cura. Era porque entonces, n'algúnhas casas, inda se rezaba o rosario de noite, e iban á él os d'outras

XOSÉ LESTA MEIS

onde xa se perdera este costume. É así, á que lle levaba ansia, íballe quedando algo na cabeza.

Nos días d'inverno pol-a doutrina, e nos do outono pol-a esfolla, a eira do tío Mingos era o sitio da aldea onde se xuntaba mais xente. No outono, cando viña o tempo de esfollar-o mainzo, as mozas e mozos sentábanse d'arredor da meda e poñíanse á esfollar. Pol-a gana que tiveran d'esfollar non-o facían, nin maldita a cousa que lles importaba. Xuntábanse para armar troula. Había cada agarrada que na miña vida. Con quen non querían moitas bromas os mozos era con Gorecha. Gorecha botáballe as poutas á un, e despois de loitar un anaco, chimpaba co él no chan, con tanta forza, que ô que lle cadrara non lle quedaba desexos aquela noite de volvela á tentar.

Outras veces facían contos, ô mesmo tempo que esfollaban. O que alcontrase unha espiga «reina» era tido por unha persona de moita sorte. Chamábanlle reina á unha espiga de coor vermello, que algunha vez ô raro aparecía entre as da meda.

Nas noites de luar a eira do tío Mingos somellaba un turreiro. Era a mais conocida de total-as da aldea.

Xuntarse así as mozas para deprendel-a doutrina e il-os mozos tras delas para armar trou-

ESTEBO

la foi todo un. Esto acabou co-a doutrina entre as mozas.

Onde non se atrevían moito era no alprende da señora Marica, porque a señora Marica non consentía que pol-a xolda deixasen as mozas de adprendel-o rosario. ¡Coidadadiño! Que se adivertisen despois, bueno: non lle parecía mal. Pero que deixaran a cartilla pol-a troula ¡ai, eso non podía ser! Pol-o mesmo âs nais gustáballes que as suas fillas fosen cabo de Lela. Pero tamén pol-a mesma cousa as mozas iban de mellor gana â casa do tío Xacobe, que era o mesmo diaño, Dios me perdone, en figura de persona. Sabía máis contos que tempo tiña pra contalos. Era capaz de non acabar nunca. Moitos enxármaboos. Pero o caso é que lle salían ben, e decíaos c'unha gracia que facía doel-a barriga a calquera co-a risa. Nos velatorios todo o mundo se poñía cabo d'él pra oílo. Posto a falar non tiña remate. Sabía contos de toda cràs: d'encantamentos de milagros, de santidá, de meigas e trasnos... De costureiras sabía un feixe, e raro era aquel en que non andaban cregos ou frades pol-o medio. Pero tamén había princezas, condes e reinas. Tiña de todo.

Non hai para que decir que todos eran alegres. Habíaos colorados e picantes como guindillas. Pero o tío Xacobe dábase moita maña pra decilos sempre con moi bós modos.

XOSÉ LESTA MEIS

Xa o falar que tiña prestáballe axuda. Facíase escoitar. Mesmo parecía que nacera pra facer rir. Algunhas vellas que marmulaban d'él eran as primeiras que se poñían ô seu pé nos velatorios, pra poder oílo mellor. E ríanse que se escachaban.

Era un home bó, desinteresado e xeneroso. Alto e delgado como un salgueiro. Dobraba un pouco as lombas. Tiña os ollos cativos, pero moi vichos, moi lagarteiros. Por debaixo da ala retorcida do sombreiro miraban con pillería engaioladora. O nariz salíalle da cara un pouco mais da conta, como ulindo os ventos que corrían. Pero non era un nariz de husma, cazoleiro e enxarmador, d'eses que ô velos dannos ganas de tirarlle unha poutada de bosta. Non. Era un nariz falangueiro e chanceador, que se adiantaba ô primeiro que vía:

- ¿Elogo, cómo che vai?

Era moi pachorrento en total-as suas cousas. O mesmo que no andar, que no decir e no facer. Parecía non enterarse de nada cando xa estaba pra acó de volta de todo. Pero non se metía no que non lle importaba. Xa podía ver ou oír calquera cousa que fora segredo. Por él como se non vira nada. A vida allea tiña todol-os seus respetos. Non se enfadaba nunca. N-unha broma pasaba por todo, e gustáballe que os demais fixeran o mesmo. A

ESTEBO

primeira condición que poñía sempre era esta: «¡El rapaces, o que se enfade paga catro nelos!»

N-aquel tempo os velatorios eran unha diversión. Rapaces, mozos e vellos non paraban en toda a noite de rir. Us facendo contos, outros namorando âs escondidas e os demais xoldeando de total-as maneiras. Había o xogo de prendas, o do lorcho, o do gorrión, o de Xan soldado...

No de prendas daba unha cada persona que entrara n-él: un pano, a gorra, ou outra cousa. O que dirixía o xogo chamábase «nai». Sempre era unha muller. Recollía as prendas todas na abada, facendo un saquete co mandil, pra que non se viran. Cando as tiña recollidas empezaba o xogo. A «nai» metía a man no saquete do mandil, iba sacando unha á unha e preguntaba de quen era. O dono chegábase â «nai» e a «nai» decíalle ô oído, caladiñamente, a penitencia que tiña que facer para recuperar-a prenda. Pol-o regular as penitencias eran facer algo que causara risa. Si era home, bicar algunhas das vellas que había alí e decirlle us piropos coas mesmas palabras que lle mandaran. Si era muller, bicar un home. A penitencia o mesmo podía ser esto que outra cousa.

O que a tiña que cumprir paseábase pol-o medio da xente para pillar descoidada â per-

XOSÉ LESTA MEIS

sona que lle dixeran e poder facel-o que lle ordenasen. Moitas veces lográbao. Pero outras non, porque o que máis e o que menos estaba alerta ô ver andal-o penitente mirando pra us e pra outros.

Co tío Xacobe nunca podían. Anque non parecía estar mais que a conversación que tivera, estaba á todo. Ô seu ollo vicho que lucaba por debaixo do sombreiro, non se lle escapaba cousa ningunha. E cando unha moza iba darlle o bico ou facerlle outra cousa que lle puxeran de penitencia, él botáballe as gadoupas:

- ¡Ai, ruliña, miña prenda dourada, sei que Dios te trae âs más d'este vello!

E rolaban os dous, se á man viña, un por riba d'outro. O tío Xacobe ô facer esto roucaba ríndose como se lle deran vaidos de gusto, e a xente toda escachábase de risa.

Para o do lorcho poñíanse sentados en roda, coas pernas en figura d'un cambón, formando ponte, de modo que por debaixo poideran andal-as más e correl-o lorcho. O que pandaba poñíase no medio, de rodillas para que tivera as costas ô xeito dos xogadores. Cando estaba de cara á us tiña que darll-a espalda â outros. E destonces éstes ¡pumba! bourábanlle co lorcho nas costas. El íbao pillar; pero ô botal-as más âs do que

ESTEBO

o tiña, xa o lorcho pasaba á outro, que tamén lle zoupaba, cando vía a ocasión.

Así seguía, o xogo. Ó que lle tocaba pandar non se libraba de levar lorchazos nas costas hastra que poidera pillal-o lorcho. Ó que llo colleran pandaba.

Entramentas duraba o xogo as más non estaban quedas debaixo das pernas, para enganar ó que pandaba; facéndolle creer que tiñan o lorcho us cando estaba n-outros, co fin de que lle poideran bourar.

E no de gorrión poñíanlle un nome de paxaro a cada un. Laberea, cotovia, maceirento, papuxa, paspallás, pardasca e así. Empezábase pol-o gorrión. A que facía de «nai» chamaba ó gorrión e había entre os dous este diálogo:

- Gorrión ¿fuche ó monte?

- Fun.

- ¿Qué viche?

- Unha ave.

- ¿E qué ave?

Tiña que contestar un nome, dos que houbera no xogo; ó decilo viña a toda présa o que fose e repetíase o diálogo, sempre o mesmo d'us á outros. A gracia do xogo estaba en que había que contestal-as preguntas á escape e sin se trabucar porque o que non-o fixera así, levaba c'un trapo pingando nos morros,

XOSÉ LESTA MEIS

que pra eso a nai tiña nas máis un tope con auga.

Algús cando se poñían a facer contos empezaban por este diálogo:

- ¿Fuches â praza?
- Fun que non fora.
- ¿Andivechel-a toda?
- Máis ela fora.
- ¿E qué viche?
- Unha cesta d'ovos.
- ¿Cántos mercache?
- Unha ducia.
- ¿E cántos che romperon?
- Dous.
- Dous contos tes que contar (1).

Despois, aló pol-a amañecida, cando xa empezaban á cantal-os galos, algús, cansos de troulear, íbanse adormecendo pol-os curunchos. Cando estaban dormidos chegábase a eles o tío Xacobe c'un carozo de millo queimado ou un corcho, ou a sartén da casa, iba risnando caras á eito, cosendo us n-outros e facendo total-as garachusas que lle viñan ó pensamento.

A él non había quen-o cañara. Âs veces facíase o dormido, como o raposo o morto, e quedaba coa cabeza colgando enriba do peito.

(1) Cantos ovos dixera que lle romperan. tantos contos tiña que facer.

ESTEBO

roncando e todo, pero oíndo o que trataban de lle facer. Cando se lle achegaban botáballe as poutas ô que fose, e moita había sel-a sua sorte se non lle facía o que levara pensado facerlle á él.

Unha vez parecía dormido de verdá. Non sei canto tempo levaba coa cabeza descansando enriba do peito, moqueando. Tomara unhas copas de máis, tamén. «Hoxe si que non se vai sin elas» -decía a xente. Pero tanto desconfiaban aínda de que estivera dormindo, que lle puxeron un cabo pequerrecho de vela acendido n-unha man. Xa coasementa queimaba. O tío Xacobe non dou á pé nin á perna. Non pestanexou.

Cando tal veu a vella Merella érguese moi crecha de donde estaba e poñendo un dedo dereito no narís para que todos calasen, foise cara ô tío Xacobe, caladiñamente, c'un carozo de millo queimado na man. Ô chegar cabo d'él arrodillouse para collerlle ben a cara. O tío Xacobe, que a veu tan ô xeito, botoulle as gadoupas á toda présa,

- ¡Vente, miña Merella, vente ôs meus brazos, que aínda teñen forza!

Pillouna pol-a cintura. A vella Merella espoldrexaba por escaparse d'él, e él apreixábaa contra sí á facer que lle quería bicar aquela cara de lorcho.

XOSÉ LESTA MEIS

A xente ¡ja, ja, ja; ¡ja, ja, ja! Non paraba coa risa. A vella Merella pedía papas.

— ¡Déixame, Xacobe! ¡Déixame Xacobe ou diaño que te leve! ¡Déixame que non estou para lerías! ¡Mira que non che quero esas bromas! ¡Ten vergonza. ten sentido! ¡Mal raxo te parta, non queira Dios! ¡Danche un dedo e pillas unha man!

Cando saleu das más do tío Xacobe caé-rall-o pano da cabeza; e os catro quenechos brancos que fiña viñéranselle pr'a cara, todos enguedellados, como se lle pasaran un toxo por eles.

Cando había unha cinzarrallada non deixaba d'ir á ela co seu corno. Era costume na aldea tocarlle caldeiros e cornos á un viudo cando se casaba. Ibaselle á porta, e por tres ou catro días fiña que aguantal-o ruído de caldeiros, toque de cornos e copras alusivas ó casamento e á outras cousas escandalosas. Pois xa se sabía que o tío Xacobe era un dos primeiriños.

Na noite de San Xuan, que destonces non se deitaba ninguén, ou moi poucos, o tío Xacobe recorría a aldea toda. Aló pol-a unha ou duas da madrugada víñase pra xunta a casa do Cuco, que sempre había xolda e gandaia largas. En toda a noite non se apagaba a luzmerada. Cocíanse cachelos con sardiñas; íbase por viño, á escote entre os homes que

ESTEBO

houbese, e o pandeiro e as conchas non paraban de tocar en toda a noite de Dios, nin a xente de troulear. Cando viña vindo o día facíase café; un caldeiro grande c'un real d'él, ou menos. Mozos e vellos tomaban parte na broma. O que non cantaba, bailaba; o que non cantaba nin bailaba ría as gracias dos demáis. Así se iba a noite sin sentir.

O tío Xacobe viña caladiñamente para pillar descoidado a alguén e empezar facendo das suas. Se se lle poñía ô xeito, collía unha muller pol-a cintura e salvábaa na lumerada. Unha vez agarrou á Marica a Redonda, que era divertida e churrusqueira como ela sola. E mentrase ela espoldrexaba por irselle das más. él pasabaa por riba do lume coas palabras de ritual na aldea:

¡Sálvate, lumerada de San Xuan,
que non te morda cadela nin can
nin cóbregas de entre o pan.
¡Sálvate!•

Algús días aluspábase un pouco. Tomaba dúas copas demáis. E ô pasar por diante da casa do Roque, que era xastre e andaba cosendo pol-as casas, decíalle berrando:

•Roque, froque, estaba na eira,
veu o raposo e levoulle á monteira;
Roque, froque, estaba cosendo,
veu o raposo e levoulle o remendo.

Ô Roque dáballle moita rabia, porque des-

XOSÉ LESTA MEIS

pois os rapaces non-o deixaban en paz coa solfa. Era tatexo, e decíalle ô tío Xacobe:

- ¡Tifititi tiiiio Xacobe! Nononono no non lle pareza mal, ¿sabe? Pepepepepe peeero non me gusta quequequeque me diga eso. Nonononono no po... po... por vosté ¿sabe? E que, que, que despois os rapa-pa-paces no, no, non calan.

A sua Dominga, cada vez que o vía peneco ô chegar â casa rifáballe:

- ¡Eres un perdevidas! ¡Eres un bádexo!
¡Eres un pelenxín, que non pensas máis que na taberna! ¡Eres un acabador da miña saúde!

O tío Xacobe dáballle expricaciós, que a sua Dominga nin siquera lle quería oír, e seguíalle decindo cousas:

- ¡Vai d'ahí, vai, mal borracho! ¡Pouca lacha! Tantas contas como eu voto para tremar da vida, e ti sempre melido na taberna, como se non tiveras vida que gobernar!

O tío Xacobe entonces cantáballe:

•Dios che me dea pacencia
con esta miña muller;
ela non fai o que eu mando:
eu non fago o que ela quer. •

E pol-o antroido non había quen metera máis lárgalas que él. Pero melfaas graiudas e de todos os modos que poidera. Se vía pasar á calquera pr'o río chamaba:

- ¡Ou Rosa! ¿E seique vas pr'o río?

ESTEBO

- Vou. ¿Quería algo?

- ¡Muller, de camiño que vas, se lle levaras un fouciño que lle quedou aquí esquezado ó Milhomes...!

- Levo, señor levo. ¿E qué caro me costará? Volvía a boa da muller á collel-o fouciño.

- Traia -decía ô chegar â porta do tío Xacobe.

O tío Xacobe empezaba á buscar d'un lado para outro pol-o fouciño, facendo esperar co paxe da roupa na cabeza â muller.

- ¡Mal raio parta a miña cabeza...! ¡Pois non sei onde diaño o metín.

Hasta que lle parecía xa moito facela agardar. Entonces pillaba o corno, ó mesmo tempo que decía: «Xa apareceu», e amostráballo.

- ¡Toma!

A muller, botando muxiças pol-a boca de tanta carraxe que lle daba, como é natural, poñíao como un lorcho:

- ¡Mala sentella o coma, vellouqueiro do demo, fora o ben de Dios que tén! ¡Vaia, un sentido d'un home de sesenta anos, que pode ser meu abó! ¡Non sei que queda pr'os nenos, codio!

A xente salía âs portas ri que ri, e inda lle preguntaban â do chasco cómo fora pra rirse máis oíndollo contar.

Fora moi amigo das mulleres, e seguía sêndoo aínda, cos seus anos e todo. Entre elas

XOSÉ LESTA MEIS

tiña moita baraxa, e sabíalles buscar-as cóche-gas como ningún de vinte anos. Co él non se podían enfadar. Cando algunha se lle encabur-xaba facíaa rir de contado. Onde él estivera non había penas.

Non conocía unha letra. Pero cousa que oía non se lle escapaba. Tiña unha memoria que recollía todo como un libro. Debido a eso sabía moi ben todo o rosario e parte da letanía. Non faltaba quen dixera que algunhas cousas enxarmábaas. Tamén sabía unha chea de remedios contra os enemigos, o mal de ollo e mal d'amores.

Cando chegaban as mozas pé d'él pra adprendel-a doutrina e non tiña gana aquel día (ou noite, mellor dito, porque era de noite cando se adprendía, para non perder xeira) de a decir, o tío Xacobe empezaba á engaiolar n-elas coas suas andrómenas e non había quen lle fixese pensar n-outra cousa. As mozas de primeiro protestaban.

- ¡Pero acabe, señor, d'unha vez. Déixenos de contos!

- ¡Nós non vimos aquí pra perdel-o tempo, tío Xacobe. Temos mais que facer!

- ¡Xa estamos fartas de leria!

- ¡Ai, que diaño de vello este!

- ¡Tén correa pra todo!

O tío Xacobe, que sabía moi ben, que as protestas das mulleres cáseque sempre son

ESTEBO

para que lles digan mais e porfien e terqueen, non facía caso e seguía adiante coa súa parolla, que as mozas escitaban cada vez máis engaioladas. Decíalles cómo podían sabel-o nome do mozo con quen habían casar, e hastra cómo había que facer para velo de noite. E xuráballes moi seriamente que facendo como él lles dixera averiguábano de contadiño e con toda verdá.

As mozas, aunque non lle creían nada, gustáballes velo enxarmal-os contos. Preguntáballes todas á unha:

-Boeno, tío Xacobe, ¿e cómo se fai logo, a ver?

O tío Xacobe, ô velas entusiasmadas, non empezaba no mesmo intre. Primeiro facíaas desquerer un pouco. Decíalles que non barullaran tanto, sendo él o que barullaba máis, e iba mirando na cara de cada unha o efeuto que lle facía a ansiedá por sabelo. Entramentras picaba un cigarro coas uñas. Todo con moita cachaza e con moita sorna. Cando lle paracía que tal, empezaba.

-Para sabel-o nome do mozo con quen habedes casar facedes así...

As mozas, sospeitando a malicia, daban en rir tanto que xa non podían escoitar ô tío Xacobe. O tío Xacobe protestaba moi serio.

-Se non calades non vol-o digo. ¡E mal raio se non paresedes nenas!

XOSÉ LESTA MEIS

-Boeno, tío Xacobe, bueno; acabe d'unha ves, que nos é hora - pedían elas.

Aló iba o tío Xacobe.

-A cousa tén que ser na noite de San Xuan... ¡Fixéchedes ben!... Porque as mulleres sodes moi cabeza de vento. E non vos pareza mal! ¿eh?

-¡Pero acabe d'unha ves, señor, ande se quer! - volvíanlle a decir.

O tío Xacobe dábase máis á calma.

-¡Non m'atalledes e escoitade! Cóllense tres frores de cardo e quémanse. Despois de queimadas pónselle à cada unha un nombre dos de tres mozos á quen lle teñades botado o ollo. Os nomes escribense en tres anacos de papel: en cada un envólvese unha fror, e métense as tres debaixo da cabeceira da cama. Pol-a mañán a que teña o nome do que ha de ser aparecerá frorida e vizosa como se-a acabaran de cortar. E na cama hase vel-a sua figura. Pero xa digo; hai que saber-o facer ¿eh? Se non, é o vento e mail-o aire.

As rapazas veña rir outra vez.

-¡Axiña a armou!

-¡Tén boa cabeza!

-Ai, non: debuxar debuxa que hai que velo!

O tío Xacobe seguía.

-Esto para saberll-o nome. Pra podel-o ver hai que facer d'outra maneira. Tén que

ESTEPO

poñerse en pelico a que o faga, tamén na noite de San Xuan, ás doce en punto, entre dous espellos ela sola. No de detrás haio ver, en coiro tamén. á quererlle botar-as más e montarlle enriba. Pro haino que facer sin que vexa ninguén.

As mozas non se cansaban de oirlle enxarmar contos así, anque despois de cada un decíanlle que non lle escoitaban máis. Entramentras o tempo iba pasando e chegaba a hora de ter que marchar cada un pr'a sua casa.

Moitas veces o tío Xacobe non tiña siquera que facer contos pra librarse de decir padre-nuestros e avemarias, porque se xuntaban os mozos, e aquilo poñíase ben para todo menos pra boas doutrinas.

Así foi acabándose na aldea o costume da doutrina. Os mozos por un lado e as parolas do tío Xacobe por outro, poideron máis que os consellos, padricaciós e amenazas do señor cura.

V

Estebo, por ser o único home dos fillos, e máis novo, e por morrerlle un irmán que nacera primeiro que él, era o chis-chís da casa. De todos. Tanto dos pais como das irmás. Tiña máis mimo da conta. Pasabánlle por todo o que se lle antoxaba facer, e nunca lle cobrou afición ô traballo. A señora Marica ben lle mañaba sempre.

- ¡Anda, Estebiño, anda, que hoxe ou mañán ben che virá - decíalle.

Pero Estebo non facía caso. O pai tamén volvía por él. Decíalle á muller que o deixara, que os anos non eran moitos aínda, e que tempo había de ter pra todo. A señora Marica calaba porque tampouco se sentía con bastante forza para obrigar ô rapaz. Queríalle moito. E anque o querer moito ôs seus fillos nunca lle quitou a enerxía necesaria pra lles ensinar crianza, con Estebo faltáballe valor para prendelo e obrigalo.

Acordábase de Minguíños, o outro neno que lle morrera de sete anos, e collíaa un tembror por todo o corpo como si se lle fora á il-a vida. Enchíanselle os ollos de bagoas, e tiña que escondel-a cara pra que non-a veran chorar. As mesmas irmás tapabánlle moitas cousas á Es-

ESTEBO

tebo pra que non llas souperan na casa e non lle reñiran.

Estebo así criábase no maior vicio do mundo. Non había fillo de labrador en toda a bisbarra que tivera a vida que tiña él. Co gando non iba máis que cando quería e á traballar tampouco, máis que cando lle petaba. Porque sí o facían ir cos bois e andar con eles â corda era capaz de deixarlles facel-o derramo que quixeran. Por él podían botal-a boca á todo. Xa tiñan pra esto un criado. E cando non era o criado era un rapaz da aldea, o fillo do Poutas, que o vestían, mantiñano e calzábano, e máis dábanlle â nai, de vez en cando, que era pobriña, unha cesta de patacas, unha cunca de fabas, un anaco de unto pra facel-o caldo, ou unha pouca fariña, moída na moa da casa, pra facer papas, ou bolos no pote. A señora Marica sempre lle daba algo á Tomasa, que así se chamaba a muller do Poutas, moito antes de ocuparlle o fillo duas ou tres horas ô día, que non-o precisaba máis tempo,

Vivían pe da sua casa. A señora Marica sabía que moitos días non tiñan nin un anaco de pan, e partía un trancozo de broa e mandáballela, ou dáballes de comer ôs fillos, que xa viñan pr'a casa da señora Marica cando na deles non había bocado nin frangulla, que eran moitos días, sobre todo no inverno.

O Poutas era un home alto de mirar triste,

XOSÉ LESTA MEIS

un pouco pandado e cos osos do lombo salíndolle por riba da roupa. Non-o había máis traballador nin máis amigo da súa casa. Tanto él como a súa dona eran moi humildes e moi bós. Favor que lles fixeran, anque fora ben cativo, agradecíanlo toda a vida.

Tiñan catro fillos e moréranlles tres. Todos eran pequerrechos. Sacando o que lle iba cos bois á señora Marica, os demais non podían axudarlles nada.

Si lle viviran os primeiros xa sería outra cousa. Pero quíxoo Dios así e non había que lle facer.

Vivían nunha choupana, que chamaban casa. Catro paredes negras e obscuras; un ventanuco vello, acabadiño, con algunha visagra de menos e os cravos ô aire. Caíase o marco dz podre. Dentro cheiraba a terra húmeda.

Puxéranlle o alcume de Poutas pol-o seu andar. Tiña as pernas grandes e pesadas; usaba zocos con media cuarta de pau, e ademais ferrábaos. Así que ô dal-os pasos deixaba cael-os pes á promo e con tanta forza como si lle caeran desde a cabeza. Petaba que se oía âs légoas.

Cando viña por Eiris xa se oía pol-a fonte:
•¡Pou! ¡pou! ¡pou!•.

- Ahí ven o Poutas -decía a xente. E o Poutas lle quedou

Un día estaba o señor cura decindo misa e

ESTEBO

oieu reiumbar: «¡Pou! ¡pou! ¡pou!» Parecía que se esfondaba a igrexia. A xente dou en mirar pr'a tras, escandalizada, á ver quen era o xudío que facía aquilo na casa de Dios. O señor cura, que non debía conocele-o, ou que sí o conoecía non lle sabía ese defeuto, coidou que o facía adrede e ordenou ô sancristán.

— ¡Bota fora esa «caballería»!

Era o Poutas.

Ademáis de probiños tiñan a desgracia de ser caseiros do Bulebule. E o Bulebule despoñía d'eles cando lle daba a gana, o mesmo pol-o día que pol-a noite. E verdá que non andaban moi puntuales que digamos no pago da renda. Pero o Bulebule pódese decir que se cobraba por adiantado; pois ô probe do Poutas tiñao moitas veces ô seu servicio, sin lle dar un carto.

Mantíñao, e con eso xa se coidaba libre de todo outro deber c'un home que lle traballaba todo o día e que ademáis tiña catro fillos.

Sempre que o viña chamar decíalle que non era máis que por unhas horas ou un día. Co seu falar mariqueiro chegábase á casa do pobre Poutas.

— ¡Ou Gusé! ¿E pódeme vir botar unha man alí, ho, axudar á fasel-a sementeira? ¡Eicho d'estimar, ho, así Dios me salve! Anda que non as perder do demo cousa. Xa andiven mirando si vía xornaleiros e non sealcontra un.

XOSÉ LESTA MEIS

¡Como todos queren fasel-os seus labores agora, aproveitando os días bos...

O Poutas, tateando e tremendo de carraxe, queréndolle botar-as mas â gorxa á aquel home sin 'corazón, decíalle que él sabía d'algús que tiñan gana de traballar, e que ainda agradecerían moito á quen os chamase. Pero o Bulebule poñíalles chatas a todos. Eran us lacazás e lampantis. ¡Nin de balde os quería na leira!

Non había máis remedio. O pobre do Poutas tiña que ir botarlle «unha man» ô infame do Bulebule. Unha man que sempre viñan sendo dous ou tres días. Mentras, os seus labores estaban por facer, e os fillos moitas veces sin pan. Despois descompoñíase o tempo, chovía días e días á reo, e o home non podía salir d'aquelas catro paredes frias da sua chouza. Sin lume no lar, nin pan na artesa, nin caldo no pote conque quentar unha miaxa o corpo, anque namais fora.

Un día do mes de nadal, que estaba facendo a sementeira, veuno buscar a él e mais â muller. Quería arrematar no día, porque estaba o tarreo lonxe, e compríalle non volver. Para que non puxeran escusas díxolles que pol-os nenos non se apurasen, que irían comer â sua casa.

- ¡Ademais de pagárvolo héivolo d'agradecer moito ho! - díxolles.

Foron. Âs doce chegóulles-o xantar â leira e

ESTEBO

puxéronse á comer todos. Pero ô Poutas e máis â dona non lle podían atravesal-a gorxa os alimentos, pensando como pasarían os seus fillos. Hastra que, cadrando en conversación, díxolles a criada do Bulebule que estaban fartos, non poideron probar bocado.

Xa escurecera e aínda non viñeran da leira. Os fillos estaban á porta chorando. Pasou por alí o tío Mingos, que viña do Carraxao.

- ¡Parésemi que non veu Tomasa nin Xan, que vin ôs fillos chorando á porta! - díxolle â sua dona ô entrar na casa.

A señora Marica fói ver. Estaban soliños. A nena máis grande tiña no colo ô irmán pequecho, e ô outro arrimadiño á ela sentado. A casa estaba fría. Non había luz nin lume. Na lareira cantaba un grilo. Cantaba pouquiño a pouco, como se lle faltara o alento, e con moita tristeza:

¡Kri!... ¡Kri!... ¡Kri!...

Mesmo parecía estar dicindo:

¡Aí!... ¡aí!... ¡aí!...

A nena que tiña no colo â irmán cantáballe pra que calara, e tamén para ela non sentir tanto medo:

Ora, meniño, ora,

que papai vai fora,

â ganalo pan

co sacho na maaan...

¡Aaaah!... ¡aaaah!... aaaah... aah?

XOSÉ LESTA MEIS

Os nenos, ô ver a señora Marica, deron en berrar máis, non sei si coa alegría de vela ou co desexo de que os levara. Á maior tamén se lle soltaron as bágoas.

Aloumiñounos o mellor que poido.

- ¡Como non viñestes pra aló, santiña?
- díxolle â máis grande.

Trúxoos co ela. Estaba facendo o caldo e máis cocéndolles ós animais. Había unha larada que se podían quentar ben á gusto media ducia de personas, sin arrechegarse moito ô lar. Sentounos onde se poideran quentar ben: doulles unha cunca de caldo da fervedura con sopas, e quedaron fartucos como pepes. Ô pouco tempo tiñan as cacheiras do coor do lume, de tan quentes que estaban.

Así estiveron hasta que poideron vir seus pais. Entraron pidindo á Noso Señor mil bendiciós para a señora Marica e o señor Mingos, que tan bós eran, e arrenegando do Bulebule, que os deixou vir sin darlles un carto.

Desde que tivo oito anos Estêbo foi â escola. Unha escola que había n-outra parroquia, pero cerca da sua aldea. Era n-unha casa vella, cas paredes todas esburacadas e o sobrado cheo de buratos. No medio tiña duas mesas, grandes e altas, comidas da podremia e da vellés. Eran para os que escribían. Ningún da escola chegaba ben á elas, mais que un manzón, alto como un olmo, que levaba piñas de

ESTEBO

todos. Os demáis, para poder escribir n-elas, tiñan que poñel-os brazos coasementa â mesma altura da cabeza. Parecía que estaban colgados. A carón das paredes había bancos cativos, onde se sentaban os rapaces e rapazas, pois tamén andaban rapazas, en dúas ou tres filas, según lle cadraba d'haber. Estes bancos levábanos os mesmos rapaces, cada un o seu, ô entrar na escola. As paredes estaban afumadas, o mesmo que a casa toda, e cheas de cravos, onde colgaban os rapaces as pizarras, carteiras e bolsas de leval-os libros.

Para a escola entrábase por unha porta vella que andaba arrastro. Os marcos eran de pedra. Estaban gastados de tanto afiar n-eles fouciños, gabillos e coitelos. Â man dereita, según se entraba, había unha corte cativa. Moitos días estaba n-ela unha burra, coa que facían os rapaces algunhas xudiadas. As escaleiras por onde se subía pr'a escola estaban acabadiñas de vez. Non sei tan siquera cómo podían tremar. Por todol-os sitios tiñan grandes fendechas e buracos como puños. (1) Na mesma escola, n-unha alcoba, estaba a cama e demáis cousas do mestre.

O mestre viñera de Villalba. Vivía solo. Viña us días cada ano unha mulleriña estar co él

(1) Por estes buxeiros os rapaces relambidos poñíanse a ver subil-as rapazas. ¡Boas vareadas lle ten costado a algún!

XOSÉ LESTA MEIS

e levarlle os cariños que xuntaba. Era gordo: tiña a cara ancha e redonda de home satisfeito e bonachón; o mirar intelixente e agradable; altura regular. Estaba coxo. Andaba con muletas. O seu saber non pasaba da «Guía del Artesano», o «Mosaico», o «Fleury» e algunhas contos. Era o que enseñaba, despois do silabario, catón e cartilla. Cando un rapaz chegaba a saber estas cousas, aconsellaba ós pais que o levaram á outra escola, se querían seguirlle enseñando. Era moi bó. Por nada do mundo enganaba á ninguén. E menos facerlle algún mal.

Non-o había máis relixioso. Todo canto tocara ós santos e á igrexa enchíalle a alma de ledicia. Mesmo se vía. Creía en todol-os santos e cousas de relixión c'unha inxenuidade tan grande que poñía respecto e amor en todol-os que o viran. Creía como un neno todol-os contos milagreiros que lle contaran.

Ós sábados facíalles cantal-a cartilla ós rapaces dende o empezo hastra o remate. Mentras os rapaces cantaban, él paseábase d'un lado para outro pol-a escola, colgado nas suas muletas; o pescozo metido entre os hombros; as cacheiras salíndolle fora da cara, e a vista pro chan, gozando na sua alma de neno as emociós relixiosas que lle iban producindo os rapaces ó cantar.

Algunhas veces parábase, e soltan lo as más:

ESTEBO

das muletas, que suxetaba debaixo dos brazos ô mesmo tempo que se sostiña n'elas, persignábase ou facía unha señal no aire, como vía facer ô señor cura cando bota a bendición. Despois debía de rezar baixiño, porque se quedaba movendo os labios, alleo á todo, e c'un mirar vagoroso como si se sentira voar pr'o ceo, no medio de anxeliños e músicas divinas.

Cando acababan de cantal-a doutrina, arri mábase á ventana e poñíase a mirar pra calquera lado como si estivera volvendo en sí. Os rapaces non buchicaban. Impresionábaos aquel estado do mestre. Pasado un pouco tempo, o mestre alentaba forte; decía «boeno», primeira palabra conque empezaba a falar; os rapaces alentaban tamén, e coa mesma enrababan en barullo, e volvía a escola parecel-o exame de todol-os días.

O tempo que faltara para a hora de salir, despois de acabal-a cartilla, empregábo en facerlles algún conto, sempre de carácter relixioso. Pol-o xeneral eran de milagros, nos que amostraba sempre o poder de Noso Señor e o da Virxe María, favorecendo ôs rapaces que querían moito á seus pais e lles axudaban no que podían á traballar en todo aquilo que lles mandasen; e ôs que, ademáis d'esto, bicarón nas mas ôs vellos e os saudasen con moito respeto, viñan velos de noite os anxeliños do ceo, e decíanlles cousas moi bonitas

XOSÉ LESTA MEIS

de cómo era a vida na groria, ô pe de Noso Señor e da Virxe María.

Estas cousas contábanas os rapaces na casa, e o mestre era lido por un santo.

— ¡É un santo, é un santo! — decía a señora Marica oíndollo contar ô seu Estebo. E ti debes reparar ben no que chz di e obedecerlle en todo, que é pol-o teu ben e pol-o ben da tua alma.

Pra facerlles ver o mal que era mentir e o ben que a Noso Señor lle gustaba a verdá, un día, ô acabar de cantal-a doutrina, contoulles este conto:

«Unha vez había un home que fixera moitas maldás. Salira ôs camiños á roubárllel-os cartos ôs labradores que viñan da feira de vender bois, vacas e cuxos; fixera mortes, e entrara nos camposantos e nas igrexias. ¡Todo o malo que pode facer unha mala alma!. A xusticia persigueuno, pero él sempre poido fuxir d'ela. Conque un día Noso Señor vaise e dixo:

«Boeno, pois xa que a xusticia e o poder que dei ôs homes na terra non abundan pr'a facer bo de tí; si os civiles cos seus fusiles e sabres non te poden prender, vas ver cómo hai un poder máis grande que todos eses e do que non poderás fuxir, anque te metas debaixo da terra.»

«O home ouviu estas palabras de Noso Señor porque Noso Señor faise oír cando quer,

ESTEBO

sin que teña que falar pouco nin moito, e tra-
tou de fuxir n-un barco pra moi lonxe. Noso
Señor deixouno hastra que se coidara ben se-
guro. Cando xa estaba metido no barco dixo
o home pra sí: - «Agora xa estou salvo. Ago-
ra non teño nada que temer. Aquí ninguén me
conoce e hastra pode pasar por boa persona.»

«Botou a andal-o barco. O mar estaba moi
bo. Non se movía. Semellaba un espello. Mes-
mo daba gusto de o ver. Pero ò barco non lle
iba ben. Non facía máis que dar grandes turra-
das no mar. D'algunha parecía que non volvía
rexurdir.

«A xente deu en laiarse e en berrar. ¡Aquelo
era o fin do mundo! Todos rezaban á Noso
Señor para que os salvara de morrer afogados.
O barco seguía turra que turra, cada vez me-
tendo máis no fondo a cabeza.»

«Vendo esto e non encontrando razón para
que sucedera, o capitán mandou xuntar toda a
xente que iba á bordo e dixo:

«Aquí debe ir algunha persona que fixo moi-
to mal á Noso Señor e á Virxe. O que sea que
o diga, e que se arrepiña de corazón, e nós
pidirémolle á Dios que o perdone.»

«En acabando de decir esto o capitán, caeu
de rodillas o home que fixera os crimes e re-
ventou a chorar, pidíndolle perdón á Noso Se-
ñor e decíndolle ò capitán:

- ¡«Ese home son eu, que fixen moito mal a

XOSÉ LESTA MEIS

Noso Señor e máis â Virxe María. Collede e tirade comigo ô mar! »

« Axiña que dixo esto, o barco deixou de dar turradas. Corría como o tren e parecía que non salía do sitio. A xente que iba n-el rezoulle a Noso Señor e mais â Virxe. E o capitán, chegándose pe do home que fixera tantos crimes, díxolle así:

« Estás salvado. Noso Señor perdónache, porque te arrepiñes de todo o mal que fixeches, e por decil-a verdá. »

Para probar o ben que era bical-as más dos vellos e saúdalos sempre, contaba este outro, que debeu d'aprender n-algún libro:

« Era unha nena que todol-os días ô ir da escola pr'a casa alcontraba no camiño unha velliña estendendo na roupa. A roupa era branca, moi branca; relucía ô sol que mesmo daba gusto vela. Parecía de prata. A velliña estendíaa n-un pouco romeo que medraba â beira d'un regato d'augas crariñas como espellos, que corrían por entre espadáinas e frores vermellas e azules. Por riba da corrente estendíanse herbas grandes e vizosas, como n-un leito de cristal, que as augas arrolaban contándolles cousas de milagreiro son. Nos arbres os paxariños tomaban a raiola e cantaban con moita ledicia. Tamén a velliña cantaruxaba. Parecía moi probe, porque vestía de farrapos. Pero limpa como un coral. »

ESTEBO

• Así a topaba a nena sempre ô vir da escola. Us días â beira do carreiro. Outros, máis adentro. Pero a nena nunca deixaba de a bicar, despois de saúdala.

• Â velliña dáballe moito gusto. Sempre lle decía algo â nena. • Dios Noso Señor te bendiga, miña santa. • • Dios te críe para ben. • • Benia â nai que te pareu e ô mestre que che da o ensino. •

• A nena salía moi contenta de pe da velliña. Algús días contáballo ô mestre, e o mestre, diante dos demais rapaces, gabábaa canto máis podía, e queríalle moito

• Un día a nena nonalcontrou â velliña. Pero no sitio d'ela veu unha muller moi ben vestida, unha señorita, c'un traxe de seda. Os ollos brilábanlle como dous luceiros na frente. Tiña cabelos d'ouro e zapatos de prata. Era bonita coma un sol. O seu falar era doce, doce que non sei. Estaba sentada ô pe d'unha oliveira.

• A nena ô vela non sei que lle entrou. Non podía quitar os ollos d'ela. Pero ô mesmo tempo tampouco se astrevía á chegarse ô seu lado. Vaise a señorita e foina buscar. Colleuna no seu colo, e bicándoa moito, díxolle;

• Eu era aquela velliña que alcontrabas estendendo na roupa, e que lle bicábal-a man todolos días ô vir da escola. D'hoxe en adiante non me verás máis. Pero sempre me acordarei

XOSÉ LESTA MEIS

de ti, porque eres moi boiña. ¡Adiós! Volveu-
na bicar, púxo a no chan, e coa mesma desa-
pareceu. A nena non poido ver cómo. Fíxose
unha nube branca e azul, e cando se acrarou
xa non estaba ali a señorita.

•A nena foi correndo á casa e contoullo á
seus páis. Os pais foron co ela decirllo ó mes-
tre. O mestre púxo en coñecemento do señor
cura, e o señor cura dixo que a velliña que
sempre vía á nena e lle bicaba a man era a
Virxe, a nai de Nosoñoriño, que se lle pre-
sentaba así para ver si facía o que o mestre lle
mandaba.

•A nena foi muller e fivo moita sorte en to-
do; tanto ela como seus páis e mail-o mestre.
Canto pedía tiñao. Na aldea chamábanlle a
Santiña, e cando morreu foi pr'a gloria, donde
xa a estaba esperando a Virxe que se lle apa-
recera vestida de velliña•.

Despois, ó salir da escola, facíaos xuntar
diante da porta, e ali cantaban, todos á unha,
berrando canto máis podían, un adiós á reina
do ceo. Empezaba así:

•¡Adiós, Reina do ceo,
e Nai do Salvador!•

Seguían unhas estrofas máis, e arremataba:

•¡Adiós, Nai amorosa!
¡Adiós! ¡adiós! ¡adiós!...•

Os rapaces non ensaiaban. Us cantaban

ESTEBO

diante e outros atrás. Según lles cadraba. De modo que cando us decían as últimas palabras, á outros inda lles faltaba algo. E como o derradeiro verso era:

¡Adiós! ¡adiós! ¡adiòs!

e decíao cada un xa botando á correr, anque o mestre ordenaba que non se moveran hastra arrematar todos, resultaba que ô final había unha de ¡adiós, adiós, adiós! que o mesmo podían ser á Virxe que d'us para outros.

Este adiós cantado â Reina do ceo era o reló do máis da xente da aldea. Por él sabían cando daban as once da mañán e as cinco da tarde, que á esas horas se salía da escola. Tamén o poñían por término de moitas cousas.

- Cando oias cantar â reina vente co gando.

- Acende o lume no intre que canten a reina.

E así.

VI

Estebo andivo n-esta escola us catro anos. Non adprendeou gran cousa. Coasement non sabía lér un recibo da contribución, que a señora Marica lle daba algunha vez para saber de qué ano era. A culpa non fora do mestre. O mestre fixo o que poido. Tiña a culpa Estebo. Non iba á escola senón cando quería, e quería poucas veces. Outras precisábano na casa. E se aínda os días que fora os aproveitase, menos mal. Pero non lle levaba ansia ningunha. Algunhas veces dábanlle permiso na casa para se salir unha hora antes que os demais, e ese permiso facíao valer cando lle daba a gana. Tamén era amigo de facel-a latorusa. Moitas tardes boas de sol morno quedábase xoldeando na Agra de Galán, sitio de moi boa vista.

Desde alí vese a veiga de Xuxán e das Cernadas, cos seus prados verdes, rodeados de ameneiros vizosos e arredores cheos de margaridas, que brilan ô sol como estrelas pequeñas entre leiras de millo, trigo, centeo e patatales. Pol-os campos hai roupa branca a crareo. Nos tendales está posta á secar, e andan as lavandeiras moi frescas, moi espilidas moi recachadas e alegres, canta que te canta.

ESTEBO

tendo conta d'ela e poñéndoa ben. Os homes que apastan-o gando entonan alalás cheos de saudade, que o vento recolle, trai e leva, resoando mainiñamente en outeiros e arrimadas, e vanse esmorecendo no espazo como un sa-laio tenro e doce da Natureza.

À man direita está Eirís, coas suas casas vellas, de paredes e tellados escuros, cos cumes esfondados algunhas, â beira de corredoi-ras fondas entre arbres que contan os anos por pares de ducias. Nas eiras vense os pallei-ros moi redondiños, moi lisos, moi feitucos, tendo arrimados á eles cabezallas vellas de ca-rros, comestas da invernada e da podremia, e óiense ladral-os cás que os gardan.

San Cristobo queda â esquerda, ô abrigo dos seus montes altos, por onde veñen os ne-boeiros e bretemadas. O campanario da sua igrexia sube por riba dos arboredos; e o cam-posanto, humildoso e casiñeiro, está ô pe das casas do lugar, e somella unha cortiña máis das que o arrodean. Un pouco máis abaixo, na mesma beiriña do val, ô abrigo de pinos vellos e fungadores, están a Cabana e Someso, con parralles sombrizos enriba das portas, que as teñen todas cara ô sol, e son de coor escuro tamén, como as pedras dos seus valados e pa-redes. Despois, a Grela, a Silva, a Moura, o Borrallón, Lonzas... E mirando ô frente amós-trase a Cruña, coa sua torre, o seu mar azul e

XOSÉ LESTA MEIS

as suas casas xuntas, cheas de cristiás, que arrincan o sol do atardecer refreixos de moitos coores.

Estebo cando non estaba por alí o Xanocas coas burras para xoldear co él, entretíñase ôs niños, ou pasaba o tempo botando á nadar, no pozo que había no fondo da corredeira, á sombra d'unha vella silveira, barcos de papel, que adepndera a facer na escola. Cando poñía un na auga decíalle, o mesmo tempo que lle daba un pulo:

- ¡Hale!. Tí vas pr'a Habana,

Un día entretúvose neste máis da conta. Pausou-o tempo sin sentir. Xa iba boa que deran as cinco, hora en que salían da escola, e él seguía mandando os seus barcos pr'a Habana. Nin siquera oieu cantal-a reina.

Cada vez que botaba un barco á nadar, empuxándoo para que chegara á outra beira do pozo, bruáballe, como oía facer ôs de verdá cando entraban ou salían na badía da Cruña. N-unha das veces pasaba o mestre por alí, d'acabalo da burra. Iba pol-o carreiro que hai nas leiras, enriba da corredeira, e o chegar pe da silveira que cubría o pozo oieu, indo a voz de baixo á alto:

- ¡¡¡Buuuuu...!!!

Chamoulle a atención e botou a cabeza por riba da silveira. Veu que era Estebo. Como aquela tarde non fora á escola, douse conta de

ESTEBO

que facía a latarusa. Sigueuno mirando un anaco. Estebo non se decatou. Tiña a carteira pousada no medio da corredoira, a boina ô pe d'el e os zocos metidos na auga hastra a metá do pe. Estaba moi enfaenado. Como se acabara de empezar.

N-aquel intre pra él non había no mundo escolas, nin mestres, nin libros nin nada que nou fose mandar barcos para Habana e bruarlles.

- ¡Eses son os labores que tes que facer cando non vés â escola, eh, lacazán!

Estebo conoceu a voz do mestre. Non podía sôspear que pasara por alí. Non sabía que iba ôs baños, e ademáis aquel non era o camiño máis dereito.

Sin mirar pra él botou á correr como un condenado, deixando alí a carteira cos libros e mail-a boina. Non parou hastra ô fondal da do vello Vilas. Alí, poñendo a man non peito, porque lle saltaba moito o corazón e acoraba, porouse. Por detrás d'unha silveira estivo lucando o que facía o mestre. Cando veu que se encubría por detrás do Monte de Liñares, alentou e deu volta, tremendo co medo de que lle levara a carteira ou a boina. Estaban alí como as deixara. Tamén estaban os barcos quietos nas beiras do pozo. Algún, feito unha sopa, xa se lle iba á pique. Él non reparou n-eles. Pillou a boina e mail-a carteira e foise

XOSÉ LESTA MEIS

pra casa pensando no que lle había decir â nai para que non lle soupera aquilo.

Ô chegar non foi â artesa á pillar pan, como facía sempre cando viña da escola. A nai estaba na eira.

- ¿E cómo vés tan tarde, Estebiño? ¡Paráchetel!

- ¿Están no Carraxao? - preguntoulle â nai en vez de contestarlle ô que a nai lle preguntaba.

- Sí, están aló ¿Vas pr'o pe deles?

- Vou.

- ¿E non levas pan?

- Non señora, que non teño fame.

No Carraxao estaban o pai e mail-as irmás sachando nas patacas. Presentouse con moitas ganas de traballar. Esto chamoulle a atención ô tío Mingos.

- ¡Carafio! ¡Menos mal, ho, que algún día che pide o corpo traballo!

Pois velahí tés no arredor unha aixada da tua irmán, que vai pillar unha presa de xenos para levar mañán á vender, e podes cumpril-o antoxo.

Estebo púxose á sachar.

Ô outro día quixo ir traballar tamén. E ô seguinte o mesmo. Isto acabou d'asañar ôs da casa.

- ¡Ti algo fixeche, Estebiño! - decíalle Lela.

ESTEBO

Damo a alma. ¿Qué che pasou? Dimo que non hei decir nada.

Estebo resistiuse. Pero como Lela era quen máis lle encubría as faltas, doulle unha espiación.

- Andiven á pelourazos co can de Xaner, porque sempre me viña ladrar ô camiño, e agora querenme pegar.

- ¿E quen che quer pegar?

- O Xaner e mail-os fillos.

Lela calou. Pareceulle que aquilo era unha escocha do irmán, pero fíxose a tonta.

- ¡Por qué non vas á escola, Estebiño! matínáballe a nai.

- ¡Vaite d'ahí á escola, ho, que corre o mes e non sealcontran os cartos! - berroulle Gorecha. A culpa non é túa. ¡Lástema d'unha boa bordesca!

Estebo facía o zorro.

O pai sospeitaba que algo había, pero deixaba pasar.

- Hai que ir vel-o mestre - díxolle a nai á Lela. O noso Estebo algo fixo. Hai que ir sabelo sin que se decafe.

Lela foi, e soupo a verdá. O mestre contoulle todo. Lela non llo dixo á nai máis que un pouco, e entre as dúas arreglaron a cousa sin que soupera nada o tío Mingos, Estebo volveu á escola, fíxolle algunhas refreusíós o mestre,

XOSÉ LESTA MEIS

que pegar non lle deixaba a nai, e todo quedou así.

Pouco máis tempo sigueu. Dende aquel día perdeu por compreto o pouco deseo que tiña d'ir e acabou por non volver.

Cando deixou d'ir á escola estaba entrando nos doce anos. Era un rapaz forte, de bastante corpo para a súa edá; vivo de xenio, e de mal contento. O seu Dios era andar os gorriós con palletas de visgo; poñel-a paxareira na horta; voar cometas; andar ôs chés e â billar da, e pol-as festas ir co gaitero e correr atrás dos foguetes. Cando chovía subíase â parede da casa vella e dende alí berraba:

«Ai como chove na casa do probe,
Ai como pinga na cas de Dominga».

E ôs domingos:

«Hoxe é domingo, mañán día santo
Tres paxariños beilando no campo»

As cousas que lle mandaban facíaas tarde e de mala gana; sempre con cara de non. E eso que era un dos que andaban máis ben postos na aldea. Entre os rapaces do seu igual non había quen lle puxera o pe diante. Vestía e calzaba millor que todos, e pol-o peto sempre lle andaba algún patacón. Libertade tiña tamén máis que ninguén de por alí que fose fillo de labrador. Ôs domingos, cando outros iban co

ESTEBO

paxe para a herba ou coa corda e o fouciño para o alcacén, e algús aínda andaban apas-
tando o gando, xa Estebo salía pol-o portelo
da eira para brincar, mangando un bo anaco
de pan, e sendo a envexa de cantos non po-
dían facel-o mesmo.

Gracias ás irmás, e sobre todo â Gorecha,
que facían os labores.

E como era o primeiro en largar para a xol-
da era o derradeiro en volver pr'a casa. Nin
lle gustaba moito que digamos xuntarse cos do
seu igual. Quería andar cos mozos. Xa sabían
os do seu tempo que non se podían comparar
con él, e n-esto gozaba d'un respeto que o
enchía de fachenda. Se algunhas veces non
iba a fora da aldea era porque os mozos non-o
deixaban ir con eles. El atrevíase á todo.

Na casa sempre salía ben. Cartos iba tendo.
Moitas veces a nai dáballos, coidando así
atraelo e facer que se baixara pol-as cousas
da casa e resultaba peor. Cantos máis lle daba
menos ansia tiña.

No vran, despois de xantar, iban todol-os
rapaces e algús mozos bañarse â Pasaxe.
n-un sitio que lle chaman o Doque, que é
donde teñen os mariñeiros varadas as embar-
caciós. Había boles, lanchas, buquetas, minne-
tas e unha falúa dos carabineiros. ¡Probe do
que lles tocera! Viñan os mariñeiros e corria-

XOSÉ LESTA MEIS

nos a todos. E despois non-os deixaban bañar ali.

Todos procuraban ir e vir con ansia para estar na casa ás dúas e ir traballar coa demais xente. Algún que se descoidaba máis da conta andáballe despois o chabelluco do carro pol-o lombo. Ou iballe d'arrebolo un fungueiro ás costas. E de por parte ó outro día inda se rian d'él os demais.

Entre os que se iban bañar estaban o Patelas, o Guerreiro e o Carpulla. Eran o mesmo díaño, fóra o ben de Dios que tiñan. Onde eles estiveran non habia cose boa. O pai do Patelas e mail-o do Carpulla traballaban nas obras. Marchaban pol-a mañán e non viñan hastra a noite. Os rapaces tiñan así o día por eles. Deixábanlles-o labor desposto pol-a mañán pero nunca o facían. Na xolda iballes todo o tempo. Despois á noite pagáballe-as o lombo. O Guerreiro non tiña pai. Andaba en moi boas escolas da Cruña. Pero ademáis de facel-a latarusa á reo quedábaselle á nai cos cartos do mestre. Un día a nai recibeu un aviso do mestre pra que pasara pol-a escola. Foi aló a pobre da muller ealcontrouse conque debía tres meses. Nove pesetas xustas, porque pagaga tres cada un. ¡E ela que sempre lle mandaba os cartos o día primeiro!

Coidou volverse toliña. Como xa lle fixera moitas e estaba chea, foillo decir á un irmán.

ESTEBO

labrador e vinculeiro, que vivía na mesma aldeia. Aconsellouse. Vendo que non podía facer bo do rapaz acordaron traelo pr'a casa do irmán, a ver si o arrecadaba. O rapaz foi pra pè do tío. O tío mândabao apastal-os bois, levábao ô monte e á cantos traballos él iba. Os primeiros días moi ben. Aquela vida nova gustáballe. Pero axiña se cansou e volveu às mesmas de denantes. Escapáballe ô tío. E como o tío lle arreaba anque fose e'un fungueiro, o rapaz, cando facía unha falcatruada, xa non aparecía nin á comer nin á dormir. «Andaba ô monte». Así se decía cando un escapaba da casa dos pais e andaba por alí adiante, durmindo onde podía e comendo o que lle viña á man ou pasando carpulla, cando non había quen lle dera algo, que nunca faltaba entre os da pandilla.

Ô Patelas inda era peor. De tantas que lle facía ô pai xa non poñía o pé na casa semanas enteiras. Así como o Guerreiro andaba ô monte poidéramos decir que por esceición, o Patelas andaba por costume, e iba á casa por esceición. Cando as ventaba mal botaba a conta do perdido, e todo o que fora facer garchusas era bo para él.

De labor dábanlle andar á herba para manter un cuxo que tiñan. O animal pasaba máis fame que can sin dono. E ademáis de pasar carpulla levaba a sonade comer moito. O Pate-

XOSÉ LESTA MEIS

las, cando non podía xuntar herba d'abondo, decíalle ô pai que xa comera o cuxo. E non lle botaba ningunha. A pouca que traía gardábaa para enseñarlla ô pai cando viña á noite, e librase da tolena. Pero pol-o día o cuxo brua-
ba coa fame e non faltaban veciños que, doí-
dos do animal, decíanllo ô pai do Patelas. Cando sucedía esto o Patelas poñíase pé da porta; se as ventaba mal, fuxía como un lós-
trego e non volvía á casa hastra que a nai o fora buscar chorando e lle aseguraba que xa non había peligro. O pai tuvo que vendel-o cuxo pol-o que lle deran, porque senón mor-
rialle á fame.

Hai que decil-o todo. O Patelas tiña que buscar herba por onde fose. O pai non-a tiña. Non lle mandaban roubar. Pero tiña que traer. Isto paréceme que desculpa moito ô Patelas.

O carpulla andaba á bosta. C'un cesto de aro colgado debaixo do brazo, iba e viña por camiños e carreiros recollendo tanta alcontra-
ba para facer esterco. Moitos días poñíase á xoldear e non se acordaba da bosta para nada. Hastra que se iba poñendo o sol. Entonces eran as presas. Algunhas veces víñase pr'a casa e da que había na esterqueira facía unha morea, coidando ben que non se decatase seu pai, e amostráballe como do día. Algunhas veces campaba, Outras salíalle mal, e lambía unhas labazadas.

ESTEBO

O Carpulla era o menos atrevido. Tiñan que turrar moito por el os demais para que os acompañase nas suas falcatruadas. Non andaba ô monte senón unha que outra vez porque ô pai gustáballe o chisco. E cando viña peneco, que eran moitos días no mes, non se ocupaba da casa pouco nin moito. Isto sabiao ben o Carpulla. Como o vira na taberna uu pouco alusado xa tiraba co cesto da bosta e ¡veña gandaia! E se de noite lle podía arrear algún patacón, que as veces enfadábase e tiraba con todo o que tivera e vira por diante, tamén o facía.

Andar Estebo con eles e perder-a pouca ansia que tiña pol-as cousas da casa, foi todo un

En vez de vir âs dúas viña âs tres ou tres e media. Empezou así. Despois chegaba cando lle parecía. Alá se enredaban no Doque con botes e chalanas, levándoos d'acó para aló, tirando pol-as cordas á que estaban amarrados. Us facían de barcos de guerra d'unha nación e outros d'outra. E dábanse grandes turradas, con tanta máis forza poideran tirar pol-as cordas, rompendo táboas e barrotes das embarcaciós. Armaban un barullo do demo. Hasta que viñan os donos e os facían correr por alí adiante.

N-esto íbanselles dúas ou máis horas. E despois, como a tunda xa había que levabala o mesmo, seguían xoldeando.

XOSÉ LESTA MEIS

Algunhas veces íbanse meter co vello Petoutos. O vello Petoutos era un home cativo, regordete, vivaracho, de andar miudo e lixeiro. Tiña moi mal xenio. Pol-a menos rosmaba. Non podía ver un rapaz. Andaba de présa á total-as horas, e non paraba con ninguén, a non ser que lle fora preciso. Pra él non había descanso en todo o día. Sempre tiña moito que facer. Na casa non paraba mais que a dormir. Non viña pra ela hasta ben entrada a noite. Ó abril-o día, cando os primeiros paxaros empezaban a rebulir, erguíase e botaba á andar para «As Tenzas». «As Tenzas» chamábanlle a un lugar que había na aldea repartido en moitos leirós. Pol-o visto viñalles d'esto o nome.

O vello Petoutos levaba en arrendo a maior parte. E alí estaba desde pol-a mañanciña hastra an oite pecha, traballando sempre, sempre ¡sempre! Alí almorzaba, alí xantaba, alí botaba os sonos do vran. Para o almorzo levaba un anaco de broa escarolada, sin peneirar, con cascos enteiros de gras de millo. Debía lastimal-a boca. De compango tiña no peto algunha cebola. Pr'o xantar levábanlle un pouco caldo, verde como o zurro, con moitas berzas, poucas patacas, algunha faba e un nisco de unfo, tan pouquiño que non chegaba nin tan siquera para lle dar olor.

Alí mesmo tiña unha chouza posta ó abrigo

ESTEBO

d'unha silveira vella e grande, na cabeza dos leirós. Cando chovía, cando o frío era moito ou o sol picaba forte metíase dentro. Do sol e do frío namáis se gardaba ás horas de xantar. Estando no traballo non-o arreaba, á non ser que chovera moito.

Como digo, nunca largaba d'alí hasta que era noite pecha.

E se pol-o día tiña que ir á algures deixaba ben á vista a chaqueta ou o chaleque co can, para que a xente pensase que estaba por alí. O can chamábase Sesobra, e o vello Petoutos tiñaño enseñado á que non se separara d'unha peza de roupa calquera que lle deixara.

Cando pousaba no arredor o chaleque aló iba o Sesobra a sentárselle n-él. E entramentras o vello Petoutos non quitara o chaleque d'alí, o can non se movía do sitio, anque vira marchar o seu dono.

Fose inverno fose vran, e anque xa estivera para marchar, como oíse falar xente non se iba. Era capaz de estar alí hasira media noite. Metíase na chouza, como o raposo na coba, e poñíase a lucar quen era, é onde iba e que camiño pillaba. Sempre coidaba que lle iban a roubar algo. O máis das veces non tiña nada que lle poideran roubar. Nin patacas, nin millo, nin fabas, porque non era tempo d'estas cousas. Unicamente algunhas berzas, rabizas ou grelos. Pero ninguén roubaba nada. Era o

XOSÉ LESTA MEIS

vello Peloutos que tiña sempre esa teima metida na cabeza de que todo aquel que pasaba por alí viña roubarlle algo ¿Nin qué lle podería importar que lle collera calquera unha presa de verdura ou de grelos para facer un pote de caldo?

Eran moitos na aldea os que mandaban ir ós seus leirós pillar un pote de verdura ou grelos á quen lle fixera falla. Pero o vello Peloutos non-o entendía así. ¡Coidadiño! Na d'él que non chincara ninguén. Nin pasarlle por un arredor. Eso que non tiña gando que apastar. Inda ós que levaban terras acarón das suas, e tiñan que pasar pol-o carreiro que as separaba, inda á eses non-os podía ver sin rosar baixiño. E como fosen rapaces non paraban sin o seu responso.

- ¡Coidado, coidado! ¡Mira onde pôs os pés! ¡A ver qué modos son eses d'andar pol-o carreiro pisándome todo! ¡Pisa na vosa, ¡carástolas! que teu pai ten bos lombos para traballar.

Había que deixalo.

Como vira un que non tivera qué ir por alí, fose quen fose, e anque non lle fixera mal ningún, berráballe axiña desde onde estivera.

- ¡Por ahí non é camiño, eh, por ahí non é camiño! ¿Ou é ésta unha agra aberta? ¡Eu non piso pol-a de ninguén, carástolas! ¡Pra eso trabálloa eu? ¿Para eso pago a renda?

ESTEBO

Non calaba hasta que o perdera de vista. E si lle contestaban era pior. Arremangaba o sa-cho ou a aixada que tivera na man e xurábalas ô que fose.

- ¿Inda tés que decir máis que eu, puñella, inda tés que decir máis que eu? ¿Inda rosmas? ¿Piso eu pol-a tua?

Algús soltábanlle unha palabra forte sólo por velo. O vello Petoutos enchíase de carraxe.

- ¡Para ti e máis pra cepa que te dou, que non che enseñou máis crianza, recastado do demo! ¡Malia a landra que te pareu, que non te afogou entre as pernas! ¡Se me valera do meu xenio esmagábate!

Por ser así, moitos rapaces metíanse con él.

Unha tarde, viñan do baño, como de costume o Patelas, o Guerreiro, o Carpulla e Estebo. Non sei por onde se lles daba aquel día de vir cedo pra casa. Se conoce que estaban á ben cos pais e querían seguir, cansos xa d'estar á mal. Viñan sobindo a costa da Regueira pouco á pouco, sin malos pensamentos nin malas aiciós, Oíron berros.

- ¡Guerreiro! ¡Morrai! ¡Non és home se non vés aquí!

- ¡Patelas! ¡Carpulla! ¡Sodes us caguiñas! ¡Sodes us meduscas se non vides xunto á nós!

Eran us dō Pasaxe, que estaban en guerra cos de Eiris. Entonces había guerras sempre

XOSÉ LESTA MEIS

entre os pobos. Guerras á pedrada limpa, sin que unha vez que outra faltase algún chisme; navalla, coitelo, ou unha pistola toda enferruxada, e sin gatillos. Isto era unha excepción, pois non estaba permitido pol-o costume.

O Guerreiro, non ben oieu que lle chamara morral dou en correr cara ô atrevido como unha fera. Non podía consentir que ninguén lle chamase morral, porque eso iba en contra da súa sona ben ganada de valente; pois nas guerras era o que sempre iba á cabeza, e aguantaba os máis fortes avances. D'ahí viña lle o alcume de Guerreiro, ganado nos campos de batalla, e por cousa ningunha o deixaba perder.

Atrás do Guerreiro foran os demais, ¡Láste-ma fora! Os outros, os que desafiaron, estaban no curuto do monte de Xangaio. Deixáronos ir subindo, sin parar de chamarlles á todos morrales, caguñas e medusas.

Ô Guerreiro sobre todo, porque como tiña tanta sona de valente daba tamén máis importancia á que o desafiaba.

- ¡Onte chameille morral ô Guerreiro! ¡E fillo d'unha cocha!

O que dixera esto, ou non era creído ou escoitábano coa boca aberta. Porque calquera podía desafiar ô guerreiro dende lonxe. Pero tamén xa sabía que sí o cañaba rompíalle os morros.

ESTEBO

Cando o Guerreiro iba chegando ô monte de Xangaio, os que estaban n-él deron sebo ôs pés e non pararon hasta chegar âs suas casas. O Guerreiro foinos seguindo. Vendo que non os podía cañar, xuróulle-as e dou volta.

Xuntos todos sentáronse â falar do caso. Sentiron tanta carraxe pol-o sucedido que o Guerreiro, pódose en pé, quixo ir él solo ô Pasaxe e facerlles guerra á cantos se lle puxesen diante. Pero acordaron deixalo para o domingo. Ôs domingos e diasantos facíanse as guerras.

Cando recordaron que querían chegar cedo â casa xa estaban sendo as catro.

- ¿Qué facemos agora? - preguntou o Paretelas. Eu a falerpa xa a levo; conque á levala levala por algo.

- ¿Imonos meter co vello Petoutos? - propuxo o Guerreiro. E como cousa que propoñía o Guerreiro era cousa que se facía, quedou aceptada a proposición.

- ¿E que lle imos facer? preguntou o Carpulla.

Despois d'espoñer cada un a sua idea, quedou acordado de irlle us âs freses, mentras os demais o toreaban. O que fora âs freses debía enche-la boina e despois comerían todos xuntos.

Meu dilo, meu feito.

Chegaron •Âs Tenzas•. Non viron ô vello

XOSÉ LESTA MEIS

Petoutos. Miraron todo por alí arredor; miraron na chouza. Non apareceu. A aixada fina deitada ô longo d'unha mesa de patacas, que estaba sachando. Isto escamou un pouco à cuadrilla. Botaron man d'un recurso que coidaron decisivo: pisarlle pol-o arredor berrando pra que oíse si estaba por alí en algures, e tirarlle pedras ô can. Entrou o Guerreiro, como máis atrevido. Nada; tampouco o vello Petoutos dou señaes de vida. Inda fixeron máis. Inda tiraron algunhas pedras á un mato que había xunto á freseira, por sí acaso estaba agachado entre os toxos. Tampouco dou resultado. Decidiron entrar todos. Xa que non estaba o vello Petoutos non había porqué bulralo.

Denantes d'entrar quedaron en que, se viña e podían escapar todos, escaparían. Pero que se «caía» algún había que defendelo, fose como fose, e non fuxír d'alí hastra velo libre. E o que fuxira sin cumprir esto sería mallado despois pol-os demáis.

Era no mes de Santiago. N-aquela terra, que era de monte, foupeira como borralla, arreaaban as cousas axiña. Se non chovía a miudo estaban coa raíz ô aire e secaban. Así estaba a freseira do vello Petoutos. Estralaban as follas debaixo dos pés. Freses había moi poucas, e todas chuchadas e cativas como graus de millo. ¡Aquelo nin era refugallo tan xiquera!

ESTEBO

- ¡Por eso non está por aquí o vello Petoutos! - dixeron todos á unha, desilusionados - . Coa mesma, saíu o vello d'entre os toxos como un can doente, fóra a alma.

- ¡Agardade, coiro, que vos axude eu!

Todos botaron á correr cada un por onde poido. Ninguén se acordou do xuramento que fixeran ô entrar. O vello Petoutos arreboloulle á un ás pernas o mango d'un sacho e tirou co él de fuciños no medio e medio da leira.

- ¡Aí siño Manuel, que non lle heí volver! ¡Déixeme, por Dios lle pido!

Esto dixoo o Patelas ô caer, coidando que xa o vello Petoutas lle botara as gadoupas. Pero cando viu que aínda non chegara ô pé d'él ergueuse e fuxiu que non había pés que o pillaran. Iba tan cego que non dou co portelo. Ôs berros do vello Petoutos aturdírono e botouse de cabeza por unha silveira. Esfarrapou toda a roupa. A cara quedoulle toda agaduñada e chea de raias sanguentas e puntas d'espíñas. Púxose feito un San Benito.

Coa présa de fuxir ningún soupo quen fora o que caera dos catro. Hastra quiz se xuntaron os tres máis listos e afortunados. Entonces poideron sabelo. Sentáronse no mato do vello Dios, pra esperar ô compañeiro á ver si o vían. Mentras tanto quitaban as espíñas dos pés, que cravaran á correr e saltar por todo o que al-

XOSÉ LESTA MEIS

contraron diante, e falaban da malicia do vello Petoutos.

Ninguén soupo donde estaba nin de onde sa-lira, anque sospeitaban que d'entre os toxos.

Cando chegou o Patelas e o viron cómo traía a cara e a brusa e a demáis roupa, botáronse a rir.

- ¿Qué che pasou, ho?

- ¡E tí como vés!

O Petelas protestou doído.

- ¡Sí; rídevos aínda, rídevos! ¡Vaia uns compañeiros que deixan á un solo! ¡Por vos ben me podía matar! ¡Si o fixera eu quen vos vería!

Sentouse á parte d'eles esperando unha es-
pricación.

Déronlla, e volveron quedar amigos como sempre. Despois todos riron a pillería do vello Petoutos.

O pasado xa o daban por pasado. Faltaba a segunda parte. ¿Cómo iban facer na casa? Porque o vello Petoutos había de llo decir á seus pais. ¡Apuradamente!

Ô que mais e ô que menos xa lle tremaba o corpo coa tolona. Houbo quen propuxo non ir á casa por us días. Á levala, levala por algo. Ou andar ô monte hasta que viñera un vapor da Habana e fuxir n-él de polisós.

Esto propoñíao o Patelas e máil-o Guerrero. O Carpulla e máis Estebo non aceptaron. Viñéronse pr'a casa. Quedaron o Patelas i-o

ESTEBO

Guerreiro, Estebo ofreceulles levar de noite dous cachos bos de pan.

O Carpulla foi para a casa con idea de facer na esterqueira unha morea dz bosta para que a vira o pai cando viñese, e non lle anduvera coa albarda. Pero non poido. Estaba o pai na casa e xa non se chegou a ela. Volveu pra xunta d'os outros.

Estebo pasou o disgusto máis grande da súa vida. Antes de chegar á casa xa o tío Mingos soupo todo e colleu tal carraxe que ô vel-o díxolle que se lle quitara d'alí e que nunca máis se lle aparecera diante. Hastra ergueu a aixada para darlle co peteiro. Nunca de semellante modo se puxera c'un fillo.

A señora Marica tamén se disgustou moito. Chorou. As irmás enfadáronse co él e pol-a primeira vez mirárono con noxo. Porque todo lle houberan pasado. Pero roubar nada á ninguén ¡eso sí que non! E para as irmás como para a nai era roubar o que acababa de facer Estebo.

¡Ben lle decían que non se xuntara co aquelas malas castas do Patelas, o Guerreiro é-o Carpulla!

Estebo non se acordou de levarlles pan ô Patelas e ô Guerreiro. Non quería xa nada co eles. Nin volvería estar máis na súa compañía.

Aquel día pol-a noite non saleu da casa. Estivo na eira hastra que o tío Mingos se deitou.

XOSÉ LESTA MEIS

Despois venno chamal-a siñá Marica. Fíxoo cear, que él non quería, e irse pr'a cama. Ó outro día ergueuse cedoño e foise pr'a leira. Estaban na sacha do maízo. Púxose a traballar.

Cando chegou o tío Mingos e máil-as irmás non lle dixerou nada. Ó tío Mingos pidíralle a señora Marica que lle perdonara por esta vez. Que o deixara, que ela sabería arrecadalo. E así quedou todo.

Ós poucos días sópouse que o Patelas, o Carpulla e o Guerreiro marcharan pr'a Habana de polisós.

ESTEBO

VII

Despois dos da súa casa, quen máis lle preocupou á Estebo pol-a falcatruada do vello Pe-toutos foi Mari-Pepa. Mari-Pepa era unha rapaza á quen quería moito. Foran xuntos cogando ducias de veces e pasaran o tempo moi estraídos os dous.

Os pais de Mari-Pepa tiñan unha vaca, como outros un cuxo ou unha cuxa, sin ter con que os manter. Levaban un leirón en arrendo e outro que era da súa propiedá. O que levaban en arrendo non tiña arredor ningún para apastal-a vaca. O d'eles sí; e máis daba boa herba. Pero como era cativo, c'unha vez á semana que fora a vaca por él deixábao limpo de contado. Todol-os demáis días levábaa Mari-Pepa á pacer pol-os camiños, pol-a Coba de Blanco, que anque se chamaba de Blanco era coma si fora de todos, e pol-a Capela, que tampouco se lle conecía dono, ou se o tiña deixaba que cada un fixera alí o que lle petara.

Cando non iba coa vaca mandábana á herba. A buscalá por onde fose. A vaca habíaa que manter. Collía o paxe e o fouciño e ¡hale! por ahí adiante á onde lle cadrara. Así había máis na aldea.

Sempre que podía Mari-Pepa iba coa vaca

XOSÉ LESTA MEIS

mellor que a herba. A vaca tiñase que arreglar co que poidera comer por onde a levaran, e herba moitas veces non se podía coller un fondo d'ela, porque non había donde. Todo estaba arrapañado.

Mari-Pepa era unha rapaza moi chusquiña. Ríase de cote. Andaba nos mesmos anos que Estebo. Sempre que podía, Estebo levabaa co el para xoldear. Cando iba pr'o Monte de Xangaio ou de Liñares, non faltaba unha vez. Á Mari-Pepa víñalle ben, porque pasaba a tarde con Estebo, que era o seu gusto. E a vaca tampouco lle iba mal, porque comía hasta encherse no Monte do lío Mingos.

O monte era grande, había algúns pinos e penedos altos e tamén petadas de toxos que cubrían un home. Isto víñalles ben á Mari-Pepa e máis á Estebo, que podían non ser vistos todol-as veces que estaban xuntos.

Eran moi bos amigos. Mentras o gando apastaba entretíñanse os niños, as estendas ou en contos. Fixeran unha chouza con pedras e torrós o abrigo d'un valado. Alí comían pan con cebolas que sempre traía Estebo. Estebo, moitas veces non-o probaba, anque tivera fame, por darllo todo a Mari-Pepa. Mari-Pepa tamén traía un nisco algunha que outra vez. Pero era de fariña sin peneirar e non se lle coñecía a mestura. Facíase aspro, seco e duro. O de Estebo estaba pasado pol-a criba e máis

ESTEBO

pol-a peneira, e tiña unha tercia de mestura. Sabía moi ben. Á Mari-Pepa, que non estaba acostumada á comelo tan bo, mesmo lle sabía á gloria. Estebo, cando lle apretaba moito a fame, comía o pan de Mari-Pepa. Decía que lle gustaba máis. Pero non era certo. Facíao para que Mari-Pepa non tivera dóo de comer do d'él.

Algunhas tardes de frío melíanse na chouza, despois de Estebo pøñer ben o gando, e pasábanse horas e horas sin salir. Xa os tén tomado o sono e andal-o gando toda a tarde pol-a sua conta. E parece que era cousa do diaño: cando estaban alerta, o gando non daba unha torna. Pero cando se entretñían en contos ou se quedaban dormidos ô calor un do outro, sempre lles facía algún derramo. E coa séque total-as veces era a vaca de Mari-Pepa. Estaba acostumada á andar por camiños e corredoiras, botando a boca aquí e alí por riba dos valados cando eran baixiños ou estaban esbarroados, e nin o demo lle quitaba este vicio. Xa decía Mari-Pepa:

- ¡É unha ladra desfeita!

Por sel-a vaca así sabíanlles na casa que pasaban as tardes xuntos e que a vaca de Mari-Pepa comía ô par dos bois do tío Mingos. Os donos dos tarreos onde entraba a vaca e facía derramos íbanse queixar ôs pais de

XOSÉ LESTA MEIS

Mari-Pepa. Os pais asañábanse porque sabían que por alí, non tiña a qué il-a sua filla coa vaca para nada. Hasta que o perxudicado acraraba a cousa e sabíase todo.

Bos roñazos e tolenas lle tén custado esto a Mari-Pepa. Porque si a «Roxa» non escarmentaba de botar-a boca á onde podía, Mari Pepa tampouco deixaba d'ir con Estebo en todas-as ocasiós. Xa se citaban de vispera. A Estebo non lle decían nada porque senón non iba co gando. Os pais facían como que non-o sabían.

Algunhas veces Estebo non podía metel-a vaca de Mari-Pepa no monte, porque andaba xente por alí e vía. Entoncez deixábana na corredeira e iba Mari-Pepa para xunto de Estebo, ou viña Estebo pr'o pé de Mari-Pepa. Pero procuraba sempre metel-a no monte, porque si a deixaba fóra non tiña acougo. ¡Qué iba tel-o animal se non alcontraba qué levar á boca! Pero aínda na corredeira e todo facía Estebo que estivera queda. Arrincaba herba por alí e botáballa para que se enchera e se deitase. Así podían eles xoldear ás suas anchas.

Por andar sempre xuntos xa marmulaban os do seu igual que eran mozos. E algúis ó velos decíanlles berrando desde onde estiveran, para que lles dera rabia:

ESTEBO

*O mozo e mail-a moza
quérense casar.
Non teñen un ichavo
para merendar*.

O monte de Xangaio está n-un sitio de moi-ta vista. Desde él vése cáseque toda a Cruña e a entrada e saída pol-o mar hastra lonxe, por onde veñen e van os barcos pr'as Américas. Vese tamén a entrada ô Ferrol e batel-o mar bravo nos penedos da costa, hastra subil-as ondas escumosas tan altas como os montes aqueles que parecen tocar no ceo. Grandes furnas onde o mar, cando está bravo, entra bruando tan forte que dá medo, e as ondas sa-len esnaquizadas en falerpas d'escumas. Pol-a costa as fragas de pinos poñen a sua mancha escura no hourizonte entre petadas verdes de campos e leirós.

No fondal o Pasaxe, coa sua ría sempre de augas craras e brillantes como espellos, onde se ven as casiñas brancas dos mariñeiros que hai ô seu pé, con remos âs portas e redes nos balcós, ou roupas d'augas color amarelo, que levan ô mar para non mollal-a d'acarón. Casiñas vellas estas casiñas mariñeiras; vellas e pobres; pero alegres e simpáticas máis que ningunhas, á pesar dos seus tellados escuros con petadas d'herba, e das madeiras sin pintu-ra xa, onde cada inverno que pasa vai amole-

XOSÉ LESTA MEIS

cendo os cravos que despois caerán, no vran, cheos de ferruxe e de vellez.

Algunhas teñen grandes moreas de terra, pedras e cascallo ô pé, onde medran pola sua conta ortigas e silveiras rodeando algún viouteiro vello e esquerquenado. Debaixo d'él buscan sombra no vran e abrigo no inverno as galiñas, e toman o sol cando o fai lagartos cachazudos e dormilós.

¡Vellas casuchas querezosas, limpas, soleadas, acolledoras, que rin con risa d'amor á todol-os que as ven! Teñen as portas de cote abertas de par, e amóstranse por dentro como elas son, ou como parece que queren ser: de todos e para todos, como é o mar onde os que viven n-elas buscan á rzo o seu vivir traballoso e pobre.

Na rampla, no doque e en sitios que o mar cando baixa deixa descubertos, están as embarcaciós de toda eras e tamaño das d'alí, dztadas sobre d'un lado ô sol, collendo folgos para ir despois con máis animo a loitar co mar e cos ventos. No areal, á beiriña mesmo das ondas, vense fatos de mulleres que andan ôs berberechos e âs ameixas; descalzas, coas saias recollidas na cintura, o cesto ô seu lado e o sacho na man, araña que te araña. Seme llan gaivotas grandes tomando o sol. Veñen as ondas bruando, subindo unhas por riba

ESTEBO

d'outras, e chegan á pé d'elas mansiñas, desfeitas en brillantes sorrisas d'escumas.

Sigue a ría hastra o Burgo. Na ponte do Pasaxe estréitase como a cintura d'unha muller. Despois anchéase pouco á pouco, en curvas redondiñas e moi xeitosas, que esconde ás sombras dos pinares que hay pol-a beira, facéndolle abrigo e arroládoa todol-os días con música dos ventos e cantos paxareiros. Así vai meterse pol-as pontes do Burgo, e entra por terras mariñas, con salgueiros, castaños, abeneiros e olmos ás dúas bandas. Xa non oe os cantos bravos dos mazaricos, pillaras e gaivotas, senón os tenros e doces dos maceirentos, verderolos, xirís, xilgaros e pardillos. Os ventos non son fortes e bruadores. Agora alenta aires lixeiros e craros, cheos d'aromas. Regachiños que baixan cantareiros do monte á recibila, tráenlle perfumes de queiroas, carqueixas, néveda, fiuncho e menta brava, con que a agasallan e convidan.

Anque nin Estebo nin Mari-Pepa sabían nada de paisaxe, esto gustáballes velo, porque unha cousa así non precisa máis pra gustar que ser vista. E ver liñana que ver á forza, e tamén fixarse n-ela, porque a liñan ós seus pés e diante dos ollos.

Algunhas veces viña da banda da Cruña un cachemarin. Entraba na ría cando estaba chea, coas velas todas abertas, moi pouquiño a pou-

XOSÉ LESTA MEIS

co, porque non había vento, e íbase pr'o areal do medio. Alí, ô baixal-o mar, quedaba varado e poñíanse á traballar n-el. Oíase o peto dos martelos todol-os días.

Era moi bonito ver dende o monte un cachemarín pol-a ría. A Estebo dáballe a impresión d'un d'aqueles barcos de papel que botaba a nadar no pozo da Agra de Galán. Solo que era máis bonito.

Unha das cousas que máis lles gustaban era ver entrar e salil-os barcos da Cruña. Desde que asomaba un máis aló da Torre hastra que entraba na badía non deixaban de mirar pra él e de preguntarse cómo facerían para andar de noite e acertar cos sitios á onde tiñan que ir. Ademirábanse de velos tan cativos de primeiro, e despois, según viñan chegando, tan grandes e tan bonitos. Falaban d'afogamentos, das Américas e do medo d'andar pol-o mar adiante.

- ¿Onde serán as Américas? - preguntáballe Mari-Pepa á Estebo.

- ¡Por aló!

Señalaba o hourizonte.

- ¿E tí querías ir velas?

- ¡Quería! Cando sea grande hei d'ir.

- ¡Carai, pero se afogast...

- Ai, pero hei d'aprender a nadar. Xa sei algo. Xa dou algunhas paladas. O outro día atravesei o doque de banda á banda.

Cando acertaban algún niño, que tamén an-

ESTEBO

daban á eles, coidaban moito de non-o decir á ninguén, ou si o decían cuspir antes. Porque non facendo esto podíanlles «botar-as formigas de Belén». Botábanse así:

«Meu compadre sabe un niño,
e non mo quer ensinar.
Formiguiñas de Belén
ídello a derrucar.»

Era creencia na aldea entre os rapaces que si lle decían esto á quen soupera un niño e non quixera enseñal-o, iban as formigas desfacerllo. ¡Poucas morradas ten habido por causa d'esto!

Esta amistá de Estebo e Mari-Pepa foise conservando sempre. Xa Mari-Pepa non iba coa vaca, porque era moi grande para eso, nin Estebo cos bois. Pero queríanse o mesmo, ou máis aínda que denantes. Non eran mozos. Nin un nin outro se atreveu nunca á falar d'amor, anque non deixaban de pensalo sempre, nin podía pasar un día sin que se viñan.

É verdá que os anos non eran moitos. Pero xa os había na aldea do mesmo tempo d'eles que tunaban á barullo. Non se atrevían á estar na porta. Poñíanse no portelo, ou na fonte, coa desculpa de que iban por auga, ou n-unha volta da corredoira, ô abrigo encubridor dos loureiros. Nunca falta sitio para estas cousas. Estebo e Mari-Pepa nin siquiera andaban xuntos

XOSÉ LESTA MEIS

de noite. Dáballes vergonza que os viran e lles dixeran que eran mozos. E o caso é que lles gustaba que a xente o creera así.

- ¿Estebo é o teu mozo, eh, Mari-Pepa?

Mari-Pepa decía que non. Pero botábase á rir e poñíase colorada. Algunhas veces encabuxábase:

- ¡Non vos quero esas bromas, sabedes!
¡Coidadiño!

Esto non-o decía de corazón.

Tiñan moita confianza un co outro. Moita. Canta poden ter dous amigos ben levados. Entre eles non había segredos. Estebo, que era tan atrevido coas demais rapazas, con Mari Pepa estaba como un parvuliño. Non tiña desquite ningún. Nin sabía falar de modo siquera. O que o vise non-o creía.

Mari-Pepa non lle riñeu. Nin se acordou do vello Petoutos para nada. Faloulle como de costume, coa mesma sorriso que tiña pra él.

Como sempre que marchaba algún, aqueles días non se falaba entre a moxedá d'outra cousa que do Guerreiro, do Patelas e do Carpulla. Trataron d'esto tamén Mari-Pepa e Estebo. Estebo viu que Mari-Pepa, ô nomealos, admirábase como si fixeran un milagre. Estebo sinteu frío nos ósos.

- ¡Pronto marcharei eu tamén! - díxolle.

Mari-Pepa non lle creeu.

- ¿Ti? ¡Ai sí, ho! ¡Logo has!

ESTEBO

Estebo d'esta vez viuse humillado. Coidou que Mari-Pepa non-o creía capaz de semellante cousa.

- ¡Pois xa o verás!

Desde aquel día todo se lle volveu pensar en marchar pra fora. Mañán e noite matinaba como había facer. Na casa non-o dixo á ninguén. Cando falaba d'esto con calquera sempre decía o mesmo:

- N-esta terra non hai máis que fame. Eu vexo que o que vai á fora nunca ven mal. Chega ben posto, con bo traxe, boa leontina no reló, e todo o mundo o agasalla. Aquí está un traballa que traballa desde o abrir do día hasta a noite pecha e nunca sal da miseria.

E coa mesma salía á relacir algún que marchara e tiña mandado oito ou nove centos réas e máis un retrato, vestido como un señorito, c'un puro e todo na man, que a xente da aldea se quedaba coa boca aberta mirándoo.

VIII

O tío Mingos tivo unha desgracia. Indo c'un carro d'esterco para Xangaio pol-a costa da Regueira non puideron subil-os bois. O tío Mingos, despois de pelear moito en valuto, quixo axudarlles c'unha cheda. Arrimou a hombraira ô chideiro e botou pol-o carro ô mesmo tempo que falou ôs bois para que os dous esforzos foran â unha. Pero o carro en vez d'ir adiante ceou pr'atras. Ô tío Mingos escorreulle un pé, cazu e pasoulle unha roda por riba.

Tiveron que o vir buscar n-un carro. A siña Marica coidou volverse tola. Mandou buscar â toda presa un manciñeiro moi entendido que había n-outra aldea. O manciñeiro veu e fixolle unha chea de remedios, despois de darlle unhas correduras coas mans untadas de sebo no sitio onde o magoara a roda, e de bismalo moi bismadiño.

Non sei canto tempo estivo sin poderse erguer da cama pouco nin moito. A siña Marica facíalle todol-os remedios que lle daban, e ofreceu â Virxe de Pastoriza levarlle duas velas, unha por ela e outra pol-o seu home, tan grandes como eles, e dar dúas voltas de xionllos arredor da igrexa, pra que llo sanase.

ESTEBO

Pero ò tío Mingos non lle viña a milloría. Enterábase de cómo iban as cousas e despoñía o labor que se había facer. Despois Estebo facía o que lle petaba. Moitas cousas iban fora do seu tempo ou quedaban sin facer. Eso que a siña María non deixaba de recordarllo todo-los días. Pero Estebo íbac deixando d'hoxe pra mañán, e cando quería recordar xa era tarde.

A siña Marica consumíase. Vía que se lle chegaba á faltal-o seu home aquilo iba ser unha ruína.

Como denantes cantaruxaba de cote agora non se oía senón para falal-o preciso. Parecía que na sua alma non entraba o sol. Nin falaba coa xente con aquel agrado de primeiro. Xa decían todos por alí.

- A siña Mariña, dendes que ten o home así volveuse outra. Â probe fóiselle a vida.

O tío Mingos un día empeñouse en que había deixal-a cama. E fíxoo. Arrimado á dous paus que lle arreglaron d'un mango d'insíño, poido poñerse de pè, e dar dous pasos pol-o sobrado, arrimado â siña Marica. Costoulle moito caro chegar â ventana. Pero él quería vel-a Natureza; os seus tarreos; os arbres, os froitos, os montes, o ceo... ¡Tiña unhas arelas tan grandes e tan fondas de poder velo..!

Non poido aguantar máis que un anaquiño.

XOSÉ LESTA MEIS

Pideulle á sua Marica que o axudara á ir pra cama, que non podía consigo. Pero xa o tuvo que levar. Nin cos paus lle foi posibre terse de pé.

Empeorou. O médeco foino ver e topouno moi mal. O home íbase de día á día.

A siña Marica coidábao como a un neno. Sempre tiña pra él as milliores cousas, as milliores palabras e as únicas sorrisas. Faláballe de cote leda; decíalle que se había poñer bo moi pronto para ir á Pastoriza á cumpril-o ofrecemento que lle fixera á Virxe; que non se apurara por cousa ningunha, pois todo marchaba ben, e que o caso era que él sanase.

O tío Mingos non tiña acougo. Non había cousa do seu corpo que non lle doera. Ademais sabía que todo o da casa andaba mal, inda que a sua Marica lle decía que non, e consumíase. Moitos días estaba o carro na eira abríndose ô sol ou podríndose á auga, en vez d'estar á sombra das figueiras ou á cuberto no alpendre, como tiña sempre o tío Mingos. Non faltaba quen llo dixera e ô home pudríasell-o sangue no corpo.

- ¡Este meu fillo que non ha ter mais dóo, das cousas da casa..!

Non valeron os coidados cariñosos da siña Marica, nin os remedios do manciñeiro, nin o saber do médeco, nin canto fixeron todol-os veciños, coas herbas todas de sanar que tiñan

ESTEBO

us e outros. O tío Mingos, ô amañacido d'un día do mes de Santos, entregou a alma á Dios.

A siña Marica coidou morrer tamén co delor de ver morrer ô seu Mingos. Gracias á que tomaba total-as cousas como da man de Dios e da Virxe de Pastoriza, poido resistir.

Non quixo que ninguén lle tocara ô seu Mingos. Hasta que llo levaron pr'o camposanto non se aportou do pé d'él pouco nin moito. Foi o único día que non quixo saber nada da casa nin de cousa ningunha que non fora do seu Mingos.

Visteuno coa roupa milloriña e púxoo na caixa moi ben posto, con moito coidado; as pernas ben estricadas; os brazos pol-o corpo abaixo, ô seu ser; a cabeza descansando n-unha almoadada de poma, negra e moi feitea. Nos pés púxolle us morceguís acabados de solar e un prato cativo c'un pocillo d'auga bendita e unha poliña de oliva, pra que o bendecise quen quixera.

Como se lle abría un pouco a boca atoulle un pano dende debaixo do queixo â cabeza. Parecía que estaba dormindo n-unha d'aquelas tardes en que o dolor lle daba un pouco descanso.

Cando o tuvo así ben posto colleu un banco e sentouse cabo d'él â cabeceira; o pano negro que tiña â cabeza tiron por él pra diante hasta

XOSÉ LESTA MEIS

cubril-a metá da cara, e xa non se apartou do sitio mentras non llo levaron pra enterrar.

Por de noite encheuse a casa de xente. Como era c'ía de tuna habíaos de fora d'aldea tamén. Ibanse xuntando en fatos, por edades: os vellos á un lado; os mozos á outro, e os rapaces formaban o seu en calquera carruncho, aparte dos vellos e dos mozos.

Ademais dos xogos que facían d'aquela nos velatorios puxéronse á andar «ás palmas» e á «arrínicate nabo».

O xogo das palmas era así; o que pandaba metía a cabeza no regazo da «nai», e tapábanlla ben c'un mandil. A que facía de nai tiña que ser muller, o mesmo que no xogo das prendas, no do «gorrión» e no de Xan soldado. Cando tiña a cabeza e a cara ben tapadas, poñía unha man nas costas, aberta, coa palma pra riba. Un dos do xogo dáballe n'ela. O que pandaba erguía a cabeza e señalaba aquel que creese que fora o que lle dera. Se acertaba, iba o outro para a panda; e senón seguía o mesmo.

As palmas non andaban máis que os moi fortes e duros, porque arreaban de mala maneira. Ó que mais e ó que menos costáballe tel-os cadrís dous días derreados.

O de «arrínicate nabo» si que era inofensivo. Sentábase o primeiro no chan coas pernas abertas. No medio das pernas d'él, e ben arri-madiño, sentábase o segundo e así o terceiro

ESTEBO

e os demais todos que entraran no xogo. Poníanse coa cara pra adiante. O que se sentaba primeiro agarraba pol-a cintura canto máis poidera ô segundo; o segundo ô terceiro, e todos así; o d'atrás ô de diante hastra chegar ô último, que non tiña á quen agarrar. O que lle tocara pandar tiñaos que «arrincar» á todos. A cousa non era moi boa de facer, porque estaban ben agarrados us n-outros.

Empezaba o xogo pol-o último que se sentara, con este diálogo entre él e o que pandase.

- ¡Arrínicate nabo! - decía o da panda, tén-doll-as mans collidas ô outro.

- ¡Non quero que estou prantado! - respondía éste.

- ¡Arrínicate, codeso!

- ¡Non quero que estou teso!

Entonces o que pandaba, suxetándolle ben as mans e tirando con tanta forza tiña, decía:

- ¡¡¡Aarrínicate!!!

Se o arrincaba quedáballe un menos. Porque os tiña que arrincar á todos. Despois volvían a empezar, pandando outro.

Cando lle foron quital-o morto de diante para levalo a enterrar, a siña Marica volvíase toliña chorando por él.

- ¡Adiós, meu Minguíños! ¡Adiós, meu Minguíños! ¡E vaste, despois d'estarmos tantos anos xuntos, Minguíños! ¡E déixasme xa pra

XOSÉ LESTA MEIS

sempre! ¡Tanto como te coidei e non che poiden valer! ¡Adiós, Minguíños! ¡Adiós, Minguíños! ¡E non me dis nada, Minguíños!

Non había consolo pra ela.

Despois do enterro xuntáronse coa siña Marica os da familia para falar á sobre de cómo había facer. A siña Marica non precisaba consellos de ninguén n-estas cousas, nin podía pensar máis que no seu Minguos.

Todos dixeron o mesmo: que Estebo mirara pol-a casa e atendese o labor, que alí non faltaba, gracias á Dios, qué comer e que roer canto se quixera; que por sel-o único home que había na casa, á él correspondía facerse cargo de todo e amosstrar que se hastra d-aquella non tivo máis ansia, fora porque non había necesidá; pero que d'alí en diante iba ser outra cousa.

Á noite fóronse indo todos cada un pr'a sua casa. Cando estiveron solos, a señora Marica, diante dos demais fillos, fíxolle estas refreuxiós:

- «Agora tén que ser outra vida, Estebiño. Xa ves como quedamos. Non hai máis home que ti na casa, e tés que mirar por ela como é debido, que hoxe ou mañán ben che virá. Has tra o d'agora funte deixando, porque mentras vivía Dios perdona a teu pai todo se iba arreglando. Pero agora é outra vida. Se tés ansia podemos ir vivindo sin deber un carto á nin-

ESTEBO

guén, como fomos indo hastra o d'aquí, que, en boa hora sea diño, nunca naide nos avergonzou; sempre fomos salindo pr'a adiante. Ti podes ser tanto como calquera dos do teu igual, sin que che falte unha peseta no peto pr'as ocasiós, nin teñas que ser asoballado por ninguén. E fóra mal, libres d'unha disgracia, non-os ha faltar qué comer*.

Estebo calou. Non-o convenceron as razóns de sua nai, porque él tiña outras. Pero pouco se atreveu a contradicirlle. Estaba emocionado. Era a primeira vez que vía que os seus autos iban ter importancia na vida, fose pra ben ou pra mal.

De primeiro foi cumprido. Non era moita cousa que digamos; pero ô par de antes menos mal.

Tiña ansia de facel-as cousas e de que fosen no seu tempo, inda que algunhas veces non se fixeran todas. Non había veciño que ô falar co él non lle dixera que debía cumprir como un home, e que se tiña que facer cargo de que agora era él quen estaba obrigado á facel-as veces de seu pai.

Estebo comprendiao así e fixo de tripas corazón. Pero cansouse. Non valeron consellos nin promesas. Cada día un pouco, foise deixando de vez. Algunhas leiras de millo quedaban sin sachar ou sin o arrando, ou se sacaban malamente e fóra de tempo. Cando o

XOSÉ LESTA MEIS

trigo dos demáis estaba nado inda él facía a sementeira. Si levaba esierco pr'os tarreos quedaba alí días e semanas secándose en moreas, hasta que lle cadraba. Os valados que se esbarroaban esbarroados seguían, inda que as pedras estorbasen no camiño. Cando abría un portelo para pasar co carro non se acordaba de volver poñer-as pedras no seu sitio. Xa quedaba así como cousa sin dono. Gracias ô criado que algunhas veces doíase de tanta deixadez e botaba unha man. E que a siña Marica non deixaba de estar sempre ô tanto de todo e de poñer remedio en canto podía.

Así andaba todo mal. En dous anos que había que quedara ô frente da casa todo viñera á menos. O palleiro era moito máis calivo; o cabazo non se enchía; a morea de patacas baixara; os ferrados de trigo non eran a metá... Aquela casa non parecía a casa do tío Mingos.

A xente marmulaba da pouca ansia de Estebo, e cada día foi sendo máis grande o noxo que todos sentían d'aquel abandono.

- E un larchán desfeito.

- Palanquín como él non se veu.

- ¡Non sei a quen raio somella!

Cada un decía a sua sentencia. Como é natural, chegaron â oídos de Estebo todas estas xustas marmulaciós, pois n-unha aldea todo se sabe axiña. E en vez de servirle de remedio

ESTEBO

e obrigalo á baixarse pol-o traballo, inda o aburriron máis. Agora hastra non podía andar cos animais. Malláboos. Acababa co eles á picaoadas. Esto foi o que máis disgustou a siña Marica. Non poido pasar sin llo decir. Estebo aproveitou a ocasión tamén para facerlle saber que se marchaba pra fora.

A señora Marica sabía xa que Estebo tiña esa idea. Oírao falar varias veces. Pero coidou que eso non sería máis que unha de tantas cousas que se din sin fon nin son. Non lle dera importancia. Agora sí. Agora dixérallo o mesmo Estebo, e con determinación de o facer canto máis axiña poidera.

Disgustouna moito.

¿Cómo iba facer con toda a tráfala.

- ¡Qué falla tés d'ir ti pol-o mundo adiante á pasar calamidás, podendo vivir na tua casa coa tua familia? ¿Fáltache qué comer? ¿Fáltache unha peseta pr'os teus vicios? ¿Non tés unha peza de roupa para poñer como calquera dos da tua crás? ¿Quén te apura nin che fai andar desacougado? ¿Qué cavilaciós tés que ter? Aquí, tendo ansia pol-as cousas da casa, podes vivir ben, sin que ninguén teña que te avergonzar por cousa ningunha. Hoxe ou mañán cásaste. trázl-a muller pr'a casa e n-ela quedades e pode des facel-a vosa vida, como nós fixémol-a nosa.

Estebo escoitou â nai con moita calma, e

XOSÉ LESTA MEIS

con moita humildá. Estaba algo triste, como se xa fora aquel o momento de marchar, pois xa se sabe que inda que nos vaiamos de boa gana d'un sitio donde levamos vivindo moito tempo, sempre nos entra algunha anguria ô deixalo. É moito máis se se trata do pobo donde somos nados.

Reconoceu que a nai levaba razón no que decía, que na casa non lle faltaba qué comer e roer por onde quixera, nin que vestir á uso dos do seu igual. Pero, quizría probar fortuna, quería ver mundo. Se lle iba mal e podía, daba volta axiña; e se non, que fose o que Dios quixera. El quería ver mundo. Non-o quitaba ninguén d'esto.

Estebo us días antes non tiña presa por marchar. Entroulle a fogaxe porque un fillo do Malmesirves, que estaba na Habana, mandoulle catrocentos réas ô pai e máis un retrato. O retrato andivo por todol-as mans das mozas da aldea. Ningunha deixou de o ver, nin de falar d'él en moitos días.

- ¡Ai o fillo do Malmesirves moi ben che está, miña filla! Disquẽ ch'è moito conto. Pol-o visto gana canto quer. Non sei xa canto lle mandou ô pai. ¡É no retrato hai que velo! ¡Mesmo parece un señorito! Sei que ten un emprego dos mellores que hai aló.

As mozas, ô decir esto, quedabanse coa boca d'unha cuarta. A que máis e á que menos

ESTEBO

facíase a ilusión de poder ser hoxe ou mañán unha muller rica, si a sorte d'ela chegaba á tanto como poder casar co fillo do Malmesirves.

Mari-Pepa, cando veu a Estebo, tamén lle foi coa mesma solfa. E piconlle o amor propio canto poído.

- Se eu fora home, ou máis non había poder ou iba aló. ¡Qué diaño; eu vexo que ningún de cantos marchan mandan decir que está mal. Todos din que están ben, e moi contentos. E ben se ve cando veñen. Somellan caba-leiros. Hastra á un non sei qué lle dá arrimar-se á eles. Parece que non se lles pode chincar

Xa eran mozos. Xa se decraran o amor que sentía un pol-o outro. Estebo quería á Mari-Pepa máis do que coidou que se podía querer. Así que aquelas palabras entráronlle na alma e decideuse á marchar d'unha vez. Xa non somente por darlle gusto e demostroulle que á él non lle poñía medo fecer o que fixera outro senón pol-o pracer de mandar un retrato de señorito e verse admirado por todas as mozas do lugar, como o fillo do Malmesirves.

Inda que Mari-Pepa lle metía na cabeza a Estebo que se marchara, sentía moito que se lle fora. Primeiro porque lle quería, e despois porque podía-se esquecer d'ela.

Pero ¡gustáballe tanto poder decir que tiña o mozo na Habana, e que lle preguntasen as

XOZÉ LEZTA MEIS

amigas noticias d'el! Conque se marchara e lle escribira xa ela coidaba que iba ter na aldea un valor novo que lle daría dereito a que ninguén dixese cousa ningunha d'aquel país, fose do que fose, sin oír-o seu parecer.

Estebo, por estar desposto a marchar e porque xa llo sabía todo o mundo, non perdía un baile nin unha romería. Xa o facía denantes; pero agora máis. Calquera labor que estivera facendo deixábao pol-a tardechiña e íbase de gandaia, sin pensar máis que en se divertir canto poidera.

Gustáballe moito que lle preguntasen se era verdá que se marchaba pra fora, para poder decir que sí, dándose moita importancia, e repetir que n-esta terra non había máis que fame. Se non llo preguntaban decíao él sin máis nin máis. O caso era falar do seu viaxe, porque así salía él á relucir, e todas-as mozas, cando o vían, lle crababan os ollos con moita aquela e algunhas veces hastra o rodeaban para lle facer preguntas, cousa que a él, como é natural, dáballe tanto gusto como si lle fixeran cóxegas no coliga.

En vez d'ir con zocos a traballar levaba - botinas, e moitas veces tamén a mesma roupa que trouxera ô domingo. Non sei qué daba verlle aqueles calzôs de bon pano cheos de terra e as botinas manchadas d'esterco. Era a primeira vez que se vía na aldea semellante

ESTEBO

cousa. Pero como estaba de marcha todo lle parecía acaído. Hastra se coidaba obrigado á andar d'aquel xeito para corresponder ó interés con que era mirado, ou con que creía él que o miraban.

A señora Marica non parou de mafinar co él, pra ver se lle quitaba da cabeza o mal pensamento de marchar. ¡Moito sufreu, a probe! En pouco tempo quedouse como unha espiña. Pero Estebo non cedeu. Derradeiramente a señora Marica xa cobizaba que se fose d'unha vez. Aquela vida era unha ruína, e había que tomar unha resolución.

Cando se dispuxo á marchar ofrecéranlle na casa do Malmesirves unhas letras de recomendación pr'o fillo. Estebo aceptounas de moi boagana. Co elas no peto parecíalle xa que tiña á Habana por sua. Fervía de contento. Xa se estaba vendo admirar pol-as mozas todas da aldea n-un retrato moi bonito, c'un traxe noviño do trinque que pensaba facer cos primeiros cartos que ganara, para vestir á estilo cubano, e que o veran na aldea así. Contaba os días que faltaban pra vil-o barco, e quixera poder brincar por riba d'eles como quen salta un portelo, e prantarse xa no que tanto levadaba por se ver.

Os amigos e conocidos facíanlle moitas preguntas á sobre dos días que tardaría en chegar á Habana, e cantos non verían máis que mar

XOSÉ LESTA MEIS

e ceo. Estebo contestaba á todos sin sabel-o que decía; pero xa se consideraba obrigado á conocer o que inda non vira, como si en vez d'ir viñera xa de volta.

Prometía escribirlles á todos un por un, nin máis nin menos que si na Habana non fora facer outra cousa que escribir cartas. Que inda tiña que deprender; pois si ben é verdá que cando saleu da escola escribía algo, moi pouco, como dende aquela non collera a pruma na man, esquecéralle todo.

Chegou o día tan deseado por Estebo como tan arrenegado por sua nai. A señora Marica, inda que de primeiro dixéralle que co ela non contara para nada, porque ter non-o tiña, e non se iba empeñar para despois non poder cumprir, porquè quedaba sola, fixérao por ver si Estebo determinaba de se quedar. Pero cando viu que se iba de total-as maneiras, chamou á costureira e fixolle roupa hastra encherlle o baúl. Roupa d'acarón, ou sea camisas e calzoncillos. Da demás non quixo levar, porque ô chegar á Habana habíaa de facer alí.

A siña Marica foilla poñendo no baúl. A millor no fondo de todo. Antes meteulle un escapulario da Virxe de Pastoriza, para que salira ben do mar e o amparara despois pol-o mundo adiante. Das camisas que tiña na casa botoulle as milloras. Algunhas estaban sin estrenar. Foran as primeiras que puxo no baúl.

ESTEBO

Iban co escapulario da Virxe, olendo á lesta e á mazás, como se estiveran na hucha hastra d'aquela.

IX

Unha mañán de mes de Outeno, despois de bicalo moito e darlle apretas sua nai a mais suas irmás, foi Estebo carreteira abaixo cara â Cruña. Levaba o mellor traxe que tiña. Nos petos o demo de cousas, e a cabeza chea de carabullos. Embarcaba aquela mesma tarde.

Por sel-o día tan señalado pra él quixo despedilo ben. Comeu e bebeu canto se lle antoxou n-unha casa da Cruña. Unha enchente de callos e viño do Ribeiro que na miña vida! Estando comendo ouviu brual-o barco e tremoulle todo o corpo. Xa non quixo comer máis.

Estaban á sel-as catro cando entrou no bote que había de levalo ô vapor. Xa se lle iban un pouco os folgos. Sinteu tristeza. Cambeóuselle o coor. Dábanlle ganas de volveirse. Se non fora pol-a vergonza szi que o facía. Algús compañeiros de viaxe, rapaces e mulleres, diiron en chorar, ô despedirse dos seus. Estebo virou a cara. Non quería chorar por nada do mundo. Pero ô ver chorar ôs que iban co él acordouse dos choros, adioses e apretas da nai. Fíxoselle un nudo na gorxa que non-o deixaba alentar, e na vista púxoselle unha cortina bretemosa. Eran as bágoas que lle bulían por salir.

ESTEBO

No barco sinteu máis tristeza. Era xa outro mundo aquilo. Pero un mundo no que él non rezaba para nada. Non-o conocía ningnén, nin él conocía á naide. Non había mozas que que lle fixeran preguntas, á sobre do viaxe, e o escoitaran coa boca aberta e as miradas cheas d'ilusión, nin amigos que o mirasen con enveixa. N-unhas horas namáis, Estebo pasou á ser «un» pasaxeiro. Un pasaxeiro de terceira, que é o menos que se pode ser na vida d'abordo.

Xa non sei qué lle dou verse entre maletas e baúes, algunhas baténdolle nas pernas sin consideración ningunha. Moito máis cando un mariñeiro lle dixo, cos malos modos que eles empregan cos viaxeiros de terceira, que se apartara á un lado e non se cangara no camiño. Sin ser entremetido, que nunca fora. Estebo houbéralle chamado a atención á aquel bruto, de ser outro o lugar. Por menos tiña saltado algunha vez. Pero alí achantou. ¡Qué remedio!

Esmorecíase o día. Por riba dos altos cumes íbase pondo o sol. Bruou o barco. A Estebo subéuselle o sangue dos pés á cabeza. Tiña un formigueiro dentro de sí. Tremábanlle as pernas.

Bolou o barco á andar. Xa se vían algunhas luces na Cruña. Pol-as valgadas de lonxe íbanse estendendo os fumes da evaporación

XOSÉ LESTA MEIS

que se ven nas tardes e mañáns das noites que xía. Pouquiño á pouco, manseliñamente, cubrían todo, facendo mil figuras raras, como fan as nubes brancas no ceo azul.

Estebo pasaba a vista pol-os lugares coñecidos de máis cerca da súa aldea, que se podían ver desde o barco. O Monte do Crego, co casal e os alciprestes d'arredor; un pouco máis á dereita, a fraga do Faballón, cos seus pinos grandes e dereitos, onde canta o cuco total-as primaveiras. Ó fonal, gardada dos ventos, a aldea de Castro de Elviña, escondida entre o souto de castiñeiros vellos, con moitos gallos secos xa e os troncos esburacados, onde se meten os rapaces pr'os seus enredos. Enriba, domeñándoo todo, o Castro, que lle dá nome á aldea, redondo e alto como un palleiro xigante, fonte de vellas e medoñentas tradicións, entre os veciños. Máis ô mediodía estaba o Monte de Liñares e máil-o de Xangaio, onde Estebo xoldeara tanto con Mari-Pepa. Despois, Curramentes, Terranova, Tralacosta... A ría do Pasaxe... Todo o iba vendo entre lusco e fusco, e decíndelle coa alma un ¡adios! tenro o longo.

Estaba arrimado á baranda do vapor. Xa iba fronte á torre. Todo o que tiña diante, casas e montes, parecíalle outra cousa. Era que os vía pol-o lado que nunca os vira, e facíanselle desconocidos. Este ser e non ser das cousas

ESTEBO

que lle eran tan familiares, fíxolle na cabeza un embarullamento. A súa alma andaba o xiringol entre emocións diferentes. Unhas veces podía máis a tristeza que a alegría. Pasaba de súpeto d'un estado á outro. Pero á tristeza non-a podía botar fora de sí. Cando parecía írselle, volvía con máis forza. Chegou un momento que o facía acorar.

Botou man ô peto da chaqueta. Nonalcon-
trou o que buscaba. Mirou nos do calzón.
Tampouco. Doulle en saltal-o corazón. Su-
beulle pol-a faciana un ardor de lume. Coidou
perdel-o. Pero non. Quixo gardalo tanto que
o meteu no seo. Alcontrouno mesmo d'acarón
do peito. Era un pano de seda noviño que lle
dera como recordo Mari-Pepa e máil-a reco-
mendación do Malmesirves. Tiñaos envolti-
ños n-un anaco de papel. Cando os íveu na
man alentou. Alentou forte canto máis poido.

Fóiselle a fristeza. Ca recomendación sinteu-
se xa un cubano feito e dereito. Coidaba ir tan
seguro de facer cartos como o que vai herdar
unha fortuna. E co pano de Mari-Pepa abríu-
selle a alma de ledicia. Estúvolle pasando as
mans e sintindo n-elas a suavidade da seda,
como se fora unha caricia de Mari-Pepa. Non
se vía ben, e esto dáballle áas ô seu pensamento
para maxinar canto quixera, pois xa é sabido
que a escuridade axúdalle á un á voar por
onde queira e á facer total-as lilainas que lle

XOSÉ LESTA MEIS

pete. Quedouse pensando na despedida que tiveron de noite, debaixo dos loureiros ô pé do carro cargado de estrume.

Sigueu unhas horas consolándose co recordo. Isto fixoo esquencer da realidade que tiña diante de sí. As derradeiras impresiós da vida da aldea sobrepoñíanse na sua alma á todo o d'abordo. O pensamento podía máis que o feito. N-aquel intre a realidade era vencida pol-a maxinación. É o que nos sucede á todos en casos somellantes. Cando a realidá se nos pón en contra, a alma vive fora d'ela canto lle sea posibre. Vaise pr'o pasado ou pr'o porvir.

Á medianoite tivo que baixar pr'o camarote. Na cuberta non se paraba coa friaxe. ¡Aquelo foi matalo! Non ben asomou a cabeza pol-a escaleiriña, veu de dentro unha bafarada de cheirumes que o fixo volver pr'atrás de contado. Revolvéuselle o estómago. Pero na cuberta non se podía estar. O vento frío facía zoa-las cordas dos paus. Tivo que facer de tripas corazón. Puxo o pano no nariz e foise pra abaixo d'un salto. Faría como fixeran os demáis.

¡Virxen Santisimiña! ¡Aquelo era o fin d'o mundo! Corpos tirados aquí e alí de homes e mulleres que parecían montós de farrapos. Mareáranse, e ô pé de cada un estaba todo o que comera ô xantar. Cheiraba que fedía. Non

ESTEBO

se podía dar un paso sin ter que pisar o que a xente gomitara espóndose a escorrer e rompel-os fuciños. Ninguén se ocupaba de limpar. O calor do vapor facía aquilo máis imposible de resistir. Os mariñeiros debían estar moi acostumados á esto, porque en vez de botar auga e pasar unha escoba deixábano, e inda lles servía de risa. Non había quen se chegara a un pasaxeiro pra decirlle si se lle ofrecía algo. Sacando o que tiña algún parente ou amigo que non se mareaba e podía ir á cociña buscar un chisco de té ou manzanilla, pagando ben, que se non non llo daban, os demais podían morrer antes que ninguén lles dixera nada. A non ser que lle ventasen peto. Se lle ventaban peto si que non faltaba algún d'aberto que lle viñese ofrecer canto quixera. Pero como son moi raros os pasaxeiros de terceira que poden levar unhas pesetas, víase o chan e os camarotes estrados d'eles, o mesmo que se a morte pasara por alí.

Estebo foi d'un lado para outro co estómago dándolle voltas e a cabeza facéndolle remuíños. Andaba como un tolo buscando un sitio onde poidera entrar sin ver nada d'aquelo. Como non-o había, non tuvo máis remedio que quedarse n'un calquera. Quixo volver á cuberta e perdeu o rumbo. Onde xa non poido terse de pé caeu como un croio. A pancha de callos e viño do Riveiro que comera antes d'embarcar

XOSÉ LESTA MEIS

saleu pra fora, e alí quedou, poñendo no chan unha mancha vermella.

¡Probe Estebo! Coidou morrer. Pol-a mañán despertou n'un camarote cheirento. Tiña a cabeza chea dos pantasma que vira de noite en sonos. Quíxose erguer e non puido. Non tremaba d'el a cabeza. Pideu de favor que lle truxeran un tanque d'auga fresca. Esligaña coa sede. Tróuxolle un compañeiro un xarro d'ela. Este compañeiro era de Ourense. A bordo chamábanlle o ourensán. ¡Levouna â boca c'un degaro como se fora a sua salvación! Pero non a poido beber. Aquela auga parecía haber estado ô mor do lume. Era auga tépeda. ¡Cánto daría Estebo por un xarro da sua fonte! ¡Aquela sí que era auga! ¡Aquela sí que lle viría ben! ¡Quén lle dera unha pouca alí! Sana-ba axiña. Por fartarse d'auga da fonte dos caños, que así lle chamaban â que había no seu pobo, daba canto lle pidiran e tuvera. Non pensaba n-outra cousa. Íbaselle a alma. Sólo de mexinar n-eso vía a gloria.

Como nunca en tal se vira tremaba co medo de que lle viñera a morte alí no vapor, e o tuveran que lírar ô mar. Laiábase como se xa se vise nas últemas. Agrandadas co medo de que as iba perder para sempre, tiña a alma chea d'imaxes da vida da sua aldea. Sobre todo os dos últimos días antes do viaxe; a despedida da nai, a de Mari-Pepa, a das irmás, a dos

ESTEBO

amigos e conocidos. Agarrábaselle á esto tan fortemente a alma, como se fora o derradeiro alento que lle dera vida.

O compañeiro que lle fora pol-a auga dou-lle ánimo. Xa fixera máis viaxes. Estaba curado do medo ô mar. Vendo que non calaba, e que todo se lle volvía decir que c'unha pouca d'auga fresca poñíase bo de todo, preparoulle un bo xarro d'ela con limón. Sabíase pandexar á borda, e conseguiu que lla deran fría. Os limós levábaos él.

¡Ai! Estebo bebeuna c'unhas ganas que non sei. Abría os ollos según iba bebendo como si cada sorbo lle fora dando vida. Non-a bebeu. ¡Tragouna! ¡Moito lla agradeceul Non sabía qué lle dixera ô compañeiro ourensán para amosrarlle o seu moito reconecimento pol-as suas bondades.

Ô acabar de beber poido fartarse d'alento, como se lle quitaran un penedo d'enriba do peito, e deixou cael-o corpo no camarote. O ourensán subeu pra cuberta, despois de decir-lle que fixera o posibre por subir tamén, que o aire puro era moi bo e daríalle folgos de contado. Que non tiña mal ningún, máis que un pouco mareo, e que eso non era nada de perigro.

Estebo quedou un anaco bo, sentindo o pracer d'aquela auga que tan ben lle prestou. Fói-selle despexando algo a cabeza e índoselle o mal gusto da boca. Fame non tiña. Deixou-

XOSÉ LESTA MEIS

se estar toda a mañán coa idea de subir un pouco âs doce, ou así, á respirar unha miaxa de aire, e quentarse â raiola do sol. Pero non poido. O corpo non lle deixaba moverse. Non tremaban as pernas de sí, e a cabeza bailáballe como unha buxaina.

Sigueu deitado. Á hora de xantar baixou o ourensán pra preguntarlle se quería comer algo e porqué non subía pra cuberta. Estebo díxolle como estaba, e que sólo quería descansar. Doulle as gracias. Así estivo hasira o outro día.

Ergueuse por ahí âs dez da mañán. Costoulle moito traballo. Dobrábanselle as pernas. Acaneáballe a cabeza. Pero foi indo.

Había moitos marzados. Non sei qué daba velos. Tiñan a cara laricenta, e do coor da tiricia. Parecían salir d'unha gran enfermédá. Estebo mirou a d'él no espello da dos demás e pasoulle unha cousa pol-o corpo que o deixou frío.

Pol-o chan seguía habendo de toda a porcallada que o puxera así. Anacos de pan untados de prebe; pratos de lata enzoufados; comida estrada por todol-os sitios, que parecía devolta de peitos enfermíos. A xente amontoada de calquera xeito, e coa roupa porca de todo aquilo que tiña que chincar; nenos que facían de corpo, ou que se mareaban e botaban

ESTEBO

todo no colo de suas nais. ¡Non había peito que resistira tal ver!

A Estebo cerráranselle as voluntades. Non lle atravesaba nada a gorxa. Solamentes tiña sede. Bebía sempre auga con limón, que lle daba o compañeiro ourensán. Inda que non iba afeito a finuras, pois na aldea ben sabemos que non se ven, gustáballe moito a limpeza, que na sua casa había en todo o que a poidera haber. Pra eso a siña Marica andaba de cote lavaricando.

Estebo ben se decataba que algunha culpa de que alí estivera tan cocho tiñana os mesmos pasaxeiros. Pero ¿qué iban facer nin con qué coidado podían andar, si os obrigaban á comer por alí adiante como poideran, en fatos de seis ou oito, sin un tallo pra sentarse nin unha mesa donde poñel-o prato?

Pasou catro días sin comer ben ô direito. Pra decir verdá, ben ô direito non comeu nada en todo o viaxe. Se algunha vez podía pasar algo que lle tremara do corpo era unha lambetada que lle vendían os camareiros. Un anaco de carne, ou un prato de calquera cousa. Según lle cadraba. Unha vez díronlle un conxote d'un polo, por moita cousa, despois de cobrar-llo como quixeron, e resultou seco e duro como un toxo. Nin o demo lle chantaba o dente. Tuvo que tiralo ô mar.

Como todo esto facíanllo por un gran favor

XOSÉ LESTA MEIS

e âs escondidas, inda que llo cobraban ben, como digo, non podía dal-as queixas. Había que roelas. O home levaba cerca de trescentos réas no peto cando embarcou na Cruña, e coasementos todos se lle foron indo. E como quen dí sin sacarlles proveito ningún.

Cando xa iban pol-a metá do camiño víanse poucos mareados, e dos que se marearan, só-lo Estebo e algún que outro por alí seguía mal. Non faltou quen tocara un acordeón ou unha gaita. Pero sonaban tristes como se dentro tiveran o corazón de Estebo.

E sí algunha cántiga se oía pasáballe o mesmo que á gaita. Era un salaio, unha congoxa, como un adiós pra sempre que se diran dúas personas que se quixeran moito.

Quen lograba animar algo ô pasaxe era o ourensán, Non vin home máis adivertido que él, nin é posibre que o haxa. Sempre estaba disposto para facer rir. Mesmo parecía haber nacido pra eso. Co él ninguén morría de pena. Xa a catadura llo daba. Non decía cousa que non lle estivera ben. Tiña us ollos lagarteiros que na miña vida. Cando se cansaba de tocar e cantar facía contos. Fíxose tan necesario, que se un día tardaba un pouco en ir pra xunta todos, porque se entretiña n-outras cousas, todo o mundo preguntaba por él. E íbano buscar á onde estivera. Chegaba e había troula larga xa.

ESTEBO

Sabía local-o acordeón e máil-a flauta. O pandeiro repinicaba n-él como se nunca fixera outra cousa en toda a súa vida. Bailar bailaba na punta d'unha agulla. Con aquelas suas pernas un pouco frencas bordaba na muiñeira que era un contento. Hastra os pasaxeiros de primeira o viñan ver moitas veces e dábanlle puros e todo. De vez en cando botaba un ;Uuuuxuxu! tan forte como se o quixera facer chegar á súa terra, e daba un viva a Oureuse.

A Estebo íbaselle a alma pr'a súa aldea. Só-lo vivía porque a lembraba. Tiña dentro da maxinación, e o pensamento non se podía apartar d'ela pouco nin moito. Hastra coidaba vela aló no lonxe, donde o mar e máil-o ceo semellan poñer fin ô mundo.

Todo os días miraba o pano que lle dera Mari-Pepa. Arredábase canto podía dos compañeiros e poñíase a miralo como si tivera nas mans unha cousa milagrosa. E algo de milagre tiña para él. Pois velo e cobrar ánimos, todo era un.

Contando os días que faltaban pra chegar á Habana e pensando no que tiña mentes de facer tan axiña como poidera, fóiselle indo o tempo. O que máis o alegraba era a idea de mandar pronto o seu retrato c'un traxe á estilo do país, á estilo cubano, para que as mozas da súa aldea se quedaran bobiñas mirándoo.

Pensar n-esto e agrandárselle o corazón era

XOSÉ LESTA MEIS

todo un. Mesmo vía él xa un fato de rapazas n-unha roda mirando todas o seu retrato, que Mari-Pepa tiña man. E despois víase entrar pol-a aldea adiante, vestido como o mellor cabaleiro da Cruña, e ollado por todol-os veciños, mozos e vellos, mentras os rapaces, correndo por alí adiante daban a gran noticia:

«¡Veu Estebo! ¡Veu Estebo o da siñá Marica!», e as mozas daban volta do camiño que levaban pra facel-os labores, sólo por poder decir despois cada unha que fora a primeiriña en velo. Pero estas ilusiós durábanlle pouco.

Un día, ô facel-os doce de viaxe, empezáronse á vel-as chimineas máis altas da Habana por riba da brétema que a cubría. Xa facía máis d'unha hora que a xente andaba gipando á ver si aparecía. Cando se viu, desde unha punta do vapor á outra pasou este berro de centos de bocas á un tempo.

– ¡¡A Habana!! ¡¡A Habana!!

No vapor houbo un movemento xeneral. Aquelo somellaba un formigueiro. Os de primeira salían á fatos dos salós de recreo con grandes anteollos de longa-vista colgados ô pescozo, e poñíanse á mirar, decindo á berros us á outros o que iban descubrindo, según o vapor adiantaba. Os de terceira, como non tiñan anteollos de longa-vista nin un piso alto dendes de onde mirar, como os de primeira, aganchaban pol-os paus do vapor arriba, e á

ESTEBO

todo os sitios onde poideran ver máis. Andaban como tolos. Us cantaban, outros batían as mans, outros daban vivas; algúns montaban á cabaleiro dos que tiñan acarón. Todos facían algunha garachuza. Había un barullo dos diáños. O ourensán botou un aturuxo que se ouviu en todo o vapor. As caras enchéranse de ledicia; os ollos, moi abertos e brillantes, parecían querer saltar. Inda que estaba sendo hora de xantar ninguén pensou n-eso. E os pratos, as cuncas, as botellas con tapós de carozos de millo; os xarros, o pan, a roupa vella; todo aquilo que os probes tiveran que ter nos días tristes do viaxe, iba agora polo aire pr'o mar, entre risas e bulras alegres de toda aquela xente que xa vía ¡por fin! o remate de tantos sufrimentos.

Estebo non estaba pra bromas. O bo do home víase e non se conocía. Nin o houberan conocido tampouco na aldea. Estaba como se acabara de salir d'unha frebe. Caíanlle os calzós por él abaixo, e arrugábenselle nas pernas. Agora que estaba ô cabo do viaxe, véndose tan mal, pensaba con medo no de volta á Galicia. Parecíalle que non era home á podelo facer, á non ser que fose en primeira, cousa sobre da que él non se facía ilusiós, porque as que tiña de conquistar á Habana en chegando á ela fóranselle indo. Agora, en vez de pensar que iba facer na Habana montós e moreas,

XOSÉ LESTA MEIS

maxinaba cómo poder vir pra Galicia o mais axiña que lle fora posibre. Parecialle xa unha tolería aquilo de querer facer un traxe á estilo do país para retratarse e mandal-o retrato á aldea. Víase mal, e sólo pensaba poñerse bó. Todo o demáis non existía pra él.

Dende que se viu a Habana de todo a xente foise preparando pra desembarcar. Iba e viña ós camarotes á toda présa, como si xa estivera o vapor na badía. Todol-os baúles e maletas estaban abertos, e cada un iba sacando as cousas que precisaba no intre e poñendo as outras por alí, o mesmo que fan nas nosas casas cando sacan da hucha a roupa das festas.

Xa poucos estaban tan alegres como de primeiro. O que máis e o que menos pensaba como había facer cando se vira alí, sin coñecer a ninguén nin saber por onde había de andar, e nos poucos cartos que levaba. Sólo o ourensán seguía tan campante, coa gaita ó lombo toca que te toca, e dando aturuxos cada vez mais fortes e vivas á Ourense.

Estebo tamén se dispuxo a sacal-a sua roupa. Ó abril-o baúl subeulle desde os pés á cabeza unha cousa así como candoalcontra-mos de súpeto unha persoa que ó vela nos recorda algo moi querido que se nos foi. Remexéuselle o sangue no corpo. Tremou de ledicia o mesmo que se tivera diante dos ollos

ESTEBO

un anaco da súa aldea. Cada vez que collía unha peza na man facíao c'unha aquela, que non sei. Vía á súa nai ô pé da hucha, de onde iba sacando a roupa d'él para poñerlla no baúl, mentras lle salían as bágoas, que limpiaba coa man do revés, procurando que non a viran. Foino mirando todo. Inda non sabía ben ô dereito o que levaba. Ô chegar ô fondo alcontrouse co escapulario da Virxe de Pastoriza que lle metera alí súa nai. ¡Bicouno c'unha devoción tan grande e tan humilde ô mesmo tempo como nunca sentira hastra d'aquela. O baúl conservaba aínda algún olor á lesta e mazás, que a siña Marica tiña na hucha onde estivera gardada a roupa que traía Estebo. ¡Cánto lle gustaba a Estebo este ulido! Pra él n-aquil intre non había millor cousa no mundo. Mesmo quería fartarse d'él.

Cando rematou de miralo todo volveu poñer cada cousa onde estaba, e o mesmo que viña. O pano de Mari-Depa deixouno co escapulario no fondo do baúl. Envolveu o escapulario n-él.

Xa todo o mundo estaba preparado pra desembarcar, coa mellor roupa que tiña, e as malletas ô pé. Cada vez había máis barullo. Todos se foron poñendo â banda do vapor déndesde onde se vía millor a Habana. Anque o vapor era grande, co peso de tanta xente pandábase pr'a aquel lado. Cando entraba por entre o

XOSÉ LESTA MEIS

Morro e a Cabaña, xa había unha chea de botes e lanchas cargadas de xente, que viñan buscar familiares, conocidos ou recomendados, que esperaban n-aquel vapor.

Denantes do barco tiral-as áncoras, daban voltas e reviravoltas d'arredor d'él, berrando canto máis podían pol-as personas que viñan recibir, para saber si estaban ou non. E se estaban e se reconocían, que algunhas veces costáballes algún traballo, empezában á facerse preguntas de cómo fora o viaxe, cómo quedaba a familia, porqué non viñera Fulano, e así.

Estes diálogos tiñan que ser, como deixo dito, á todo berrar d'us e d'outros pra poderse ouvir. E como eran moitos á vez, e dende todos os sitios do vapor, aquilo parecía un inferno. Así estaban hastra que empezaba á desembarcal-a xente.

Foron desembarcando primeiro aqueles que tiñan alí quen os viñera buscar, con todo xa arreglado para que non lles puxeran impedimento ningún. Os demais tiveron que agardar hastra que lles permitiran ir á diante d'us señores, que eran os que habían de decirlles si desembarcaban pr'a Habana ou pra Triscornia. Co fin de que ninguén se fuxira, cerráronlles c'unhas cordas as portas de paso pr'a escaleira, e aínda lles puxeron guardias. Fixéronos ir pra proa, e alí estaban degoándose, vendo

ESTEBO

desembarcar ós demais, mentras eles tiñan que quedar, entre guardias e todo, como se fixeran algún delito.

Esto acabou d'apouquiñar á Estebo. Non podía pensar que se iba ver entre guardias, sin facer daño á ninguén, nin que na Habana, que él en Galicia coidou que era chegar e encher, pasaran semellantes cousas.

Xa lle dou moita tristeza ver marchar ós demais e él ter que quedarse. É verdá que como él aínda había moitos. Pero cada un sinte as suas. Tamén se dou conta de que unha cousa era ir ô tun-tun, á boa de Dios, como él iba, e outra cousa era ter alí á quen acudir e botar-a man. A diferenza era moita. Ben-a vía él alí mesmo no vapor. Por de contado, os que tiñan á quen doerlles xa os viñeron buscar, e leváronos consigo pra decirlles, cando menos, por onde habían d'ir e como tiñan que facer. Xa se lles terían escollido onde empezar á traballar nas mellores condicións posibles. Pero os que non tiñan á ninguén... alí quedaban agardando entre os guardias, que lles dixeran para onde podían ir, sin saber como era o sitio á onde os levarían, nin de qué xeito serían tratadoss.

Pensando n-eso, á Estebo hincháronselle as venas de carraxe e despúxose á todo. N-un siriño de Dios pasou da tristeza a esa alegría algo atolada dos homes dicididos cando se ven

XOSÉ LESTA MEIS

n-un trance perigroso. Prantóuselle frente á frente á vida, e o que deseaba era que aquilo tomara un camiño, fose o que fose. Levedaba xa por verse en terra e alcontrar d'unha vez total-as dificultades xuntas para loitar co elas i-esnaquizalas. Se n-aquel pronto lle viñeran propoñer levalo pr'a Habana con emprego e todo, buscado xa, como irían moitos d'aqueles que viu salir do vapor, non houbera aceptado. ¡Non! El quería saber á onde podía chegar sin axuda de ninguén. O malo era que se alcontraba con poucas forzas. Pero xa se poñería bó. Aquelo non era máis que o mareo do viaxe, Cando levara us días en terra pasaríalle todo. Dixérallo moitas veces o ourensán, e chegouse á convencer de que era verdá. Xa lle volvía bailar na cachola o pensamento de facel-o traxe á estilo cubano e mandal-o retrato á sua aldea.

ESTEBO

X

Por fin, mandáronos pasar á diante d'us señores que lles preguntaban se conocían a Habana ou se traían seiscentos reás. Como non había un que troxera tantos cartos nin que conocera a Habana, e ademáis xa se vía en todos pouca disposición, polo que lles adiviñaba calquera que era a primeira vez que se vían alí, xa os mandaban á fatos á Triscornia. Ós derradeiros non lles preguntaban nada. Pasaban por diante d'aqueles homes como nunha revista, e adios. O ourensán desembarcou coa súa gaita ô lombo, tan desposto e farfantón como se fora entrar na súa aldea de ruada.

A Estebo tocoulle d'ir co ourensán. O ourensán iba contento á Triscornia para saber cómo era. «Xa que estou aquí, dicía, quero ver de todo. Comer non nos han comer». E veña inchalo fol. Ós gardias e empregados gustáballes velo tan arrichado e tan alegre.

Esto deulle máis ánimo á Estebo. Tamén se alegrabra d'ir á Triscornia, despois de poñerse á todo como se puxera no vapor. E mais c'un compañeiro así.

Denantes de chegar á Triscornia, que está no alto do monte da Cabaña, Estebo botou a

XOSÉ LESTA MEIS

a vista atrás. Viu a Habana chea de luces. Os tranvías, moi alumeados, ô correr d'un sitio para outro, somellaban xogos de luces que iban e viñan pol-o aire para facer bonita a cibdá. Estebo non vira un tranvía nin sabía como eran. N-aquel tempo inda non-os había na Cruña. Quedou admirado. Na sua alma volveu nacer a ilusión da fermosura da Habana que tiña na aldea. E como non-a poido ver máis que d'un vistazo, porque había que seguir pr'a diante, foi mais grande o efecto que lle produxo. Xa dou por ben empregado todo o que pasara no viaxe. Agora, inda que lle ofreceran levalo á Galicia non iba. Primeiro quería ver ben como era á Habana.

Cando chegaron fixéronos lavar a todos de todo o corpo. Facíalles boa falla. Despois deitáronse. Había departamentos para homes e mulleres. Eran de madeira. Estaban limpiños e alumeados que mesmo daba gusto velos.

Ô outro día déronlles d'almorzar pan con café. Âs once, ou así, xantaron. Iban en fatos, porque todos d'unha vez era imposible, ôs comedores, que eran grandes, onde xa estaban os pratos en fila, todo ô longo das mesas, cheos d'un potaxe d'arroz con fabas, garbanzos e anacos de touciño. Ô pé de cada prato había un bolíño de pan. Era unha boa ración. Non había queixa. A xente non tiña máis que sentarse e poñerse á comer. Canto máis pron-

ESTEBO

to acabaran millor, porque así podían vir máis axiña os que estaban agardando. E ô que non lle chegaba un prato podía recuncar, sin ter que pedil-o. Xa poñían en cada mesa us poucos máis da conta pra que botase man quen quixera. O ourensán sempre recuncaba.

Hai que enchel-a barriga para poder hinchalo fol - decíalle á Estebo.

O primeiro día Estebo comeu pouco. Inda lle duraba o mal estar do viaxe. Pero ô outro deixou o prato limpo. E despois comía canto lle deran. Poñíase como un aro. D'endes do día que embarcou na Cruña hastra d'aquela non comeu tanto nin que lle gustase tan ben. Os aires frescos de Triscornia abríronlle as ganas. Pasáballe diante ô ourensán.

Triscornia non lle causou tan mal efeuto como lle fixeran creer. Era un tarreo grande todo cerrado con aramios de picos. Dentro estaba moi ben. Tiña arbres, frores, campos verdes como os de Galicia, porque lle's botaban auga todolos días; sitios para pasear, con area e todo, como as hortas dos señores. Ô lonxe víase o mar por onde veñen os barcos cando van d'aquí. Despois, aquel entrar e salir a reo de xente.

Us días pasábanse sin moita aquela. E co ourensán, que quitaba as augurias, millor. E non digo que ben porque alí non se ganaba nada, senón que se gastaba aínda, e ademais,

XOSÉ LESTA MEIS

como non se tiña a certeza de cando un iba salir, nin pra onde nin pra qué cras de traballo, porque alí os axentes din unha cousa e despois resulta o que eles queren que sea, están os ánimos algo desvaídos, baixo o sufrimento d'un porvir que non se ve craro por moito que un mire. Pol-o demáis, xa digo, us días alí eran levadeiros. Tamén era o que tiña. Os arredores son feos. Monte pelado, de coor da cinza, sin nada verde.

Todol-os días pol-as mañás e algún tamén pol-as tardes, viñan capataces e axentes buscar homes para traballar. Levaban á cincuenta e á mais. Cando chegaban ás oficinas salía un empregado á avisar á grandes berros. Pero non facía falla. Xa se poñían todol-os emigrantes ben á man para collel-o mellor sitio, á fin de que os viran. O malo era que o axente non se agarraba ós primeiros que vía. Escolmaba os que tiñan máis corpo e parecían máis fortes. Eles pedían todos á unha:

- ¡Léveme á min! ¡Léveme á min!

O primeiro día tocoulle de salir ó ourensán. Por certo que non quería ir sin Estebo. Pero Estebo díxolle que por él non tuvera coidado ningún, que axiña tamén estaría fora. Xa o houberan levado aquel mesmo día pol-a tarde. Mais como o vían algo escontromiñado do viaxe, coidaban que tiña algunha enfermédá, e non-o querían. Pero ós catro días mellorou

ESTEBO

como por milagre. Sano estaba como un buxo. «Agora xa podo ir á feira» – decía bulrándose de cómo escolmaban nos homes os axentes.

Estebo, Ó faltarlle o ourensá perdeu folgos. Menos mal que estivo pouco tempo. Ó facel-os catro días saleu. Foi c'un home que tiña «moitos negocios». Despois resultou que non tiña máis negocios que unha mala fonda. Daba pousada tamén. A Estebo quixo poñelo á lavar pratos, prometéndolle pra máis adiante darlle outra cousa mellor. Podía chegar a ser cocineiro. Podía hoxe ou mañán estabrecerse. Así empezara él.

Cando tal oieu, os ollos de Estebo botaban muxicas de carraxe. Bufaba. ¡Mandarlle lavar pratos!

– ¿Seique coida que son algún maricas?
– díxolle moi serio.

Díronlle ganas de cravarlle as mans na gorxa.

A él que o mandaran traballar no que fose, que pra eso iba. Pero non facer cousas de mulleres. Por eso non pasaba. Primeiro rompíalle a alma o que se lle puxera diante.

Quixo irse d'alí. Pero o home «dos moitos negocios» non-o deixaba marchar sin que antes lle abonase os cartos que tivera que dar por él en Triscornia, e mail-o gastado no bote e o franvía que os trouxera.

En Triscornia cóbranlle á cada emigrante un

tanto por día, que paga o axente que os veña á buscar. Despois o axente descóitalle-o do que ganen. Pero como ô salir o emigrante non hai quen lle diga en canto vai empeñado, pode despois o axente facerlle a conta que queira. E como pol-o xeneral sempre os levan aló pr'os quintos infernos, a un inxenio donde non hai máis lei que a voluntá do dono ou de quen o represente, protestar é como quen dá paus ô aire. O millor é calal-o pico. Así perderáanse algús cartos, pero non lle andaban co lombo á un.

Según as contas do home dos «moitos negocios», o gastado con Estebo chegaba a setenta réas.

Estebo non cedía. ¡El non fregaba pratos, inda que se caíra o mundo! ¡Que o fixeran os maricas! Pagarlle ô home dos moitos negocios tampouco lle era posibre. Dos trescentos réas que levaba no peto cando embarcou na Cruña non lle quedaban máis que vintedous, que poido ir gardando.

Arreglouse a cousa, por fin. Na fonda do home dos moitos negócios comían dous albañiles. Enterados do caso levaron á Estebo de peón unha semana. Así Estebo poido pagal-o seu rescate e quedou libre.

O albañil encargado díxolle á Estebo ô acabal-a semana que debía d'ir pr'o campo onde había traballos moi axeitados pra él. De peón

ESTEBO

non lle conviña, porque, anque era bo traballador, non estaba afeito á andar nas obras e, fai como o que di, todo quer costume.

A Estebo pareceulle ben esto. Amostroulle ó encargado as letras de recomendación que levaba pr'o Malmesirves. O encargado díxolle que non estaba moi lonxe. Non costaba o trén máis que corenta réas. Estebo tiña estes cartos. Coasementa conta xusta. O encargado doulle uu peso pra que levara no peto. Ademáis fíxolle saber que en Cuba eso de lavar pratos un home non tiña nada de cousa do outro mundo. Non se metía en que lle gustara a Estebo ou non; pero que tivera en conta que eso facían moitos, e que, pol-o mesmo, o home dos moitos negocios non llo decía por mal.

Estebo agradeceulle con toda a alma ó encargado todol-os favores que lle fixo. Pero no de lavar pratos non estaba conforme. Nin por canto vale o mundo quería que llo souperan na aldea. Morriase de vergonza.

Nos oito días que estuvo na Habana pouco viu. Non lle gustou tanto como a noite que o levaran para Tricornia, cando os tranvías, cheos de luces, ó ir d'un lado para outro, somellaban resiras de estrelas que iban e viñan por toda a cibdá, pra facela bonita.

Sin perder tempo, que fampouco podía, por-

XOSÉ LESTA MEIS

que os cartos eran xustiños, meleuse no tren e foi pra ond' o fillo do Malmesirves.

Non saleu agradecido da Habana. Por máis que non gastaba senón o preciso, en comer e dormir íbaselle o comido pol-o servido. Se se descoida non lle queda un ochavo. E como o xornal que ganaba era o d'un peón alí, xa podía traballar toda a vida, que sempre había ter os mesmos cartos.

Esto sí que lle quitou moitas ilusíons. As de retratarse c'un traxe cubano foron as primeiras. De noite na cama - un catre co forro esgazado - pasaba horas e horas matinando cómo había facer para que ô remate da semana lle quedasen unhas pesetas con que ir para xunto o fillo do Malmesirves, que xa lle aconsellara o encargado que o fixera o máis axiña, porque alí samente podía darlle traballo aquela semana. O home volvíase tolo. Renegaba de haber tido a mala ocorrencia de marchar.

- ¡Malia â hora que se me dou por vir! decía moitas veces susoirando.

Agora iba un pouco máis tranquilo. Dixéranlle que nos inxénios ganábase máis, e que non había que pagar pousada. E traballo había á reo. Pol-o visto moitos entraban n-un cándo viñan de Galicia e xa non se iban d'el hasta que volvían para a Terra.

A Estebo gustáballe ouvir estas cousas, como nos gusta sempre á todos que nos falen

ESTEBO

d'aquelo que dá âs nosas almas algunha quen-
tura. Pero parecíalle moito ben xunto. Descon-
fiaba que fose todo verdá. Porque habendo
como había tanta xente na Habana sin traba-
llo, que él, anque estivo us días namáis, ben
a viu, porque moita paraba na fonda do home
que lle quixo facer lavar pratos, e sendo tanto o
traballo que tiñan os inxenios e ganándose
máis xornal, non lle cabía na cabeza que toda
aquela patulea que vía andar por alí ô leilán
non fose ôs inxenios. Así e todo iba animado.
Confiaba moito no Malmesirves.

O salil-o tren da Habana botou a cabe-
za pra fora. Quixo ir vendo todo o que hoube-
ra por cerca da vía. Miraba con moito degaro
por ver si alcontraba aldeas rodeadas de figuei-
ras e loureiros, con carros cargados de louza
no curral, empinados, coa cabezalla mirando
pro ceo, como a d'él. Non veu nada d'esto.
Nin un castañeiro, nin cerdeiras, nin corredo-
ras fondas sombreadas de viouteiros vellos,
como aqueles do seu lugar, onde xoldeara
tanto cando era neno; nin eiras, nin palleiros,
nin alprendes nin cabazos con melós postos
por fora á curar; nin cortiñas, nin patelos,
nin prados con salgueiros e regachos pol-o
medio brillando ô sol; nin campos verdes e
froridos... ¡Nada, nada de canto él quería ver!

Sólo nas estaciós veu us pobos de mala
morte, con casuchas de madeira, cuase todas

XOSÉ LESTA MEIS

vellas e despintadas, e coas madeiras abertas do calor. As rúas eran do color do barro, e todas escalabradas. Algunhas casas tiñan no curral un arbre ou máis. Pero debaixo estaba a terra pelada. Hastra habria e todo como si pasara por ela unha nube de lume.

Nó seu tanto gustábanlle mais os «bohíos», que vía aquí e alí ó correr do trén. Pol-o menos tiñan todos algúns plátanos arredor, que daban sensación de cousa fresca. En troques, os barriles postos nos carros, que usaban para traer auga de onde a houbese, causaban unha impresión de pobreza que facía volver a cara. Porque onde falte a auga falta todo. Os «bohíos» son unhas chouzas feitas de táboas e cubertas con follas de palmeiras. Alcóntanse á dous e á tres de vez en cando. N-eles viven familias moi probes, pol-o regular, e sin máis coñecementos que os que poden adequerir entre sí. Moi raro é o que sabe ler nin escribir. Cando precisan algo de comer vestir e demais cousas, montan no seu cabalo con alforxas, que teñen todos e van ó pobo comprar. Sacando d'estas ocasiós non salen do «bohío» para nada. A estas familias que viven así chámanlles «guajiros». Son moi boas personas, desinteresadas e nobres. O seu trato é sinxelo e natural, como o seu vivir.

Unha cousa alcontrou Estebo que lle fixo alentar d'alegría: ver unhas galiñas escarabe-

ESTEBO

Nando n-unha leira arada de fresco. Era á caída da tarde. Xa o sol non fería. Aquelas galiñas eran como as que hai en Galicia, e os regos de arado parecían tamén os nosos. Tiñan a mesma feitura.

Esto sí que lle dou á Estebó unha impresión anque cativa, de vida caseira, aldeán, que tanto cobizaba ver. Foi o único que alcontrou.

Todo o demás eran canavales á un lado e á outro, con palmeiras aquí e alí, e algunha que outra persona que iba e viña por aqueles camiños que abrasaban como se tiveran lume. Entre os canavales víanse algúns negros e brancos traballando. Os negros estaban en coiro do medio corpo arriba. Ó pasalo trén erguíanse pra ver. O coiro, cheo de suor, briláballes o sol como brillan as áas do corvo. Acordouse que se decía na súa aldea do que traballaba sempre e máis despois, que «traballaba como un negro», e tuvo doo d'eles.

Outra cousa que lle doeu moito foi ver cóchos amarrados pol-o pescozo con cordas e cadeas, o mesmo que se foran cás. Acostumado na súa casa e na súa aldea á ver tratar os animais como é debido, co aquel coidado e amor conque os trataba sua nai, á siña Marica, non sei qué lle dou. Parecelle unha xudiada. E como na súa casa ouvía decir sempre á súa nai que o que maltrataba un animal tamén era capaz de facer calquera cousa c'un

XOSÉ LESTA MEIS

cristiano, acordóuselle n-aquel intre, e pare-
ceulle que alí tampouco serían ben tratadas as
personas.

Esto e reboladas de «totís», que son us pa-
xaros como os nosos melros, sólo que non
tan feifucos nin cantan tan ben, foi o único
que víu.

ESTEBO

XI

Chegou ô inxenio âs seis da tarde. Chamábase «Inxenio Couchita». Cando o avistou de lonxe pareceulle unha cousa dina de ser conoída. Veu as chimineas moi altas por riba dos canavales vizosos. Eran de ferro e de ladrillo. As de ferro estaban pintadas d'encarnado, e relocían âs raiolas do sol, con refreixos d'ouro. As de ladrillo eran brancas, de feitura cadrada, facendo máis boniteira a redonda das de ferro. Viu arbres grandes con moitos ramaños, que facían pensar que por debaixo d'elles correrían rebuldeiros regachiños, entre fieitos e pedras cubertas de carriza, onde algunha rapaza estaría lavando os pés das lameiras do camiño.

Estebo alegrouse. Alentou con total-as forzas do seu peito. Iba ver algo do que hastra d'aquela buscara en valuto. Pero a xente que vía traballando según se acercaba ô inxenio, quitoulle algunhas ilusíons.

Sigueu pr'adiante. Cando xa entrou no inxenio perdeunas todas. ¡Aquelo era moi diferente de cómo lle parecera de lonxe!

Da primeira ollada o inxenio presentóuselle así:

Un campo grande; no medio e medio do

XOSÉ LESTA MEIS

campo ó inxenio, ou sea a fábrica de facel-o-zucre. E por alí arredor, separados do inxenio, casupas de madeira, coartuchos, onde vivían os traballadores, e un barracón cerrado todo de muralla. N-este barracón estaban os negros. Sólo había dúas casas boas: a do dono e a do ademistrador do inxenio. A xente que se vía andaba esfarrada, descalza, cotrosa, famenta. Parecía non haber un carto.

A Estebo mudousell-o coor.

O campo do inxenio atravesábano vías do trén, que saían por varios sitios pra fora por todol-os tarreos do inxenio. Os tarreos do inxenio chegaban a máis aló d'unha légoa e de dúas. Por alí adiante, no medio de «batéy», que así chantan ô campo que rodea ô inxenio había facos amarrados, con herba diante e todal-as señales de ser aqueles os sitios d'estar sempre, por que se vía hastra o de se deitar, ou sea a cañeira. Á porta da tenda estaban algús cabalos e mulos con alforxas de saco e albardas cheas de remendos e fiaños. Os donos vestían de mala morte; c'us zapatos que alí chantan de «baqueta». Son feitos de catro coiros e dúas puntadas, sin tacós, da mesma feitura das alparagatas. E pra eso descosidas xa por moitos sitios, non tendo xiquera onde suxetal-as esporas.

Eran colonos do inxenio que viñan mercar qué comer para as suas casas.

ESTEBO

D'un lado para outro do «batey» andaban negros cativos, encoiro como sua nai os pariu, tragando o polvo que levantaban á xoldear. De vez en cando pasaba tamén algunha negra, que iba ou viña da tenda, coa saia recollida na cintura como si houbera lameiros, cando todo ardía co calor; unhas chinelas comidas por detrás na punta dos pés, e as pernas sin medias do color do pote. As saias eran de coores moi rechamantes. E elas, ô andar, dábanse un aire de personaxes que mesmo facían rir.

Preguntou pol-o Malmesirves. Estaba na fonda empregado. Axiña que llo dixeron sospeitou que estaría fregando pratos. Así foi. O Malmesirves, que mandara á seus pais un retrato c'un traxe novo, corbata e puro na man, e que decía nas cartas que tiña un emprego de moita cousa, un dos millores que había en Cuba, ¿estaba de frega pratos!

Foi velo á fonda. A «fonda» era unha casa vella e porca. Tiña o feluxe d'unha cuartera e as teas d'araña como cubertas de chanteiros. O chan era de terra. As galiñas e os pitos escarabellaban n-él ás suas anchas, e comían as frangullas de pan e graus d'arroz cocido que había por alí. Nas mesas víanse manchós de prebe e grasa, xa vellos, que revolvían o estómago. As moscas podíanse pillar á poutadas. Estaban á montós, o mesmo que n-unha prea.

XOSÉ LESTA MEIS

Presentóuselle sin afeitar, co pelo cubríndolle as orellas; cheo de lisno e de gresa. As calzas e o elástico que vestía daban noxo. Mesmo estaba pórco. Parecía máis bruto aínda do que era na aldea.

Esbo quedouse frío. O Malmesirves tamén. Estebo por alcontralo d'aquel xeito, e o Malmesirves por ser alcontrado así por Estebo.

Saudáronse. Estebo contoulle cómo quedaba a xente por acó e as novidades todas. Contoulle tamén como pasara o viaxe, cómo fora á Tricornia, cómo salira, cómo o quixeran poñer á fregar pratos, e cómo poido verse libre d'aquel mala alma que o quería obrigar a facer labor de maricas.

Despois que viñeron os traballadores á comer, e que fregou e barreu, o Malmesirves quedou libre. Saliron pra dar unha volta pol-o «batei» adiante. Estebo agora estaba tan triste como os primeiros días no vapor. Veu o inxenio como único recurso xa para poder cumprir os seus desexos, e resultaba que tampouco alí vía modo de os cumprir. Arrenegou da hora que pillou o vapor. Aquelo, era o inferno. Metido entre negros e sin máis mundo que aquelas casas que parecían cortellos. Aquelo era o fin do mundo!

O Malmesirves, fíxolle algunhas refreuxiós. Díxolle que alí non tiña nada de particular que un fixera calquera cousa, por que ninguén os

ESTEBO

conocía, e o caso era xuntar carlos. Que entre andar arando ou «chapeando» caña con negros, e un sol como aquel que derrete os ósos, e estar á sombra, ben valía a pena fregar pratos. O caso era ilo pasando ben alí, e poder vir pronto pra Galicia.

A Estebo non-o convenceron estas razóns. Xa o vivir alí facíaselle imposible para canto máis ter que fregar pratos ou ir arar entre negros. ¡Ir arar él, que por non querer facer eso deixou a súa aldea, onde podía vivir en moitas millores condicións que alí, e con xente da súa cras! E todo ¿pra qué? Pra nunca chegar a ter nada: pra non ganar máis que dazaseis réas o día, que inda non eran d'abondo pra comer como era debido. Era verdá que alí podía andar de calquera maneira, que todo era acabiado. Pero el viña acostumado á limpeza e á fartal-o corpo. «A limpeza daia Dios de balde» - decíase na súa terra. Non podía pasar por aquilo.

O Malmesirves non deixaba de lle decir que non se apurase, que un ano ou dous pasábanse de calquera maneira, e que sendo bos compañeiros había de irles ben. Falaría co dono da fonda pra que o puxera alí en algo, pois estaba a vil-a zafra e tiña que meter outro emprego máis, e pol-a noite podían ganar un xornal extraordinario.

Algo do que o Malmesirves lle decía era cer-

XOSÉ LESTA MEIS

to. Pero non-o facía tanto por esto como por que Estebo fregara pratos tamén, inda que na máis fora unha vez. Así, se hoxe ou mañán contaba na aldea que o Malmesirves estivera de fregapratos, que sería para facer morrer de risa a todas as mozas, tamén o Malmesirves podía decílo mesmo d'él.

Estebo díxolle que non lle gustaba traballar na fonda. Pero que xa vería. Por decontado precisaba traballar no que fose. Despois xa botaría as súas contas.

De noite o Malmesirves levouno para o seu cuarto. Fíxolle unha hamaca d'un saco e púxolla no seu sitio. Eran tres, e con Estebo facían catro. O Malmesirves díxolle ós compañeiros que Estebo era seu veciño. Díxollello para que non forceran o morro, e non lle puxeran mala cara, porque si os tres iban estando ben, catro xa tiñan que apretarse. Coaseamente non se podían remexer.

O cuarto tiña o chan todo esburacado de partir leña n-él, pois os compañeiros do Malmesirves facían a súa comida, como moitos máis traballadores. Era de madeira. Estaba sin pintar nin calear. Había máis pulgas que na cañeira d'un can. Nun dos currunchostiñan a «lareira». Eran catro ladrillos. Alí facían de comer. Nos demais sitios, por onde menos podían estorbar, estaban as cousas de comer, en sacos e queixós abertos, que mercaban na

ESTEBO

enda. Era arroz, garabanzos, patacas, fabas e touciño. As potas de cociñar tiñan o feluxe que se lles podía cortar c'un coitelo.

Xunto con todo esto gardaban a leña e os papeles pra acendel-o lume. Víase todo o máis preciso, menos comodidá, limpeza nin vida de cristianos. As hamacas estaban tamén. Nunca as lavaran, e deitar deitábanse n-elas coa roupa chea de polvo e suor. Eran de saco como a que o Malmesirves lle fixo a Estebo. Sacos en que viña o arroz, e que por moito que os lavaran nunca perdían de todo o cheirume do almacén.

Estebo saleuse pra fora. Non podía alentar alí de tan triste que estaba.

Notoulle o Malmesirves o mal efeuto que lle causou aquilo. Díxolle que todol-os cuartos eran o mesmo ou piores. Pero que eso non tiña importancia. Cuestión d'us días namáis. Despois xa se afacía. O mesmo lle sucedera á él e á todos. E que non había máis remedio.

Esto de que non había outro remedio que roelas ben o vía Estebo. Foi o que o fixo conformar:

Falaron de como iban facer para virse o máis axiña que poideran. O Malmesirves díxolle que á última hora n-unha zafra podían aforrar pr'o viaxe. Todo sería pasalo mal us meses.

XOSÉ LESTA MEIS

- ¡Mais mal que esto xa non se pode pasar!
- atalloulle Estebo.

O Malmesirves espricoulle cómo é o traballo na zafra.

• Na zafra - díxolle -, que é cando os inxenios fan o sucre, gánanse mellores xornales, e ademais pódese traballar todo o tempo seguido que un queira. O inxenio traballa día e noite. Non para, senón que teña algunha averría. Os homes túrnanse cada seis horas. Para ganalo día de xornal, teñen que traballar dous turnos: un de día e outro de noite, que veñen sendo doce horas. Moitas veces faltan homes en algún turno, e desonces buscan quen queira traballar un extraordinario. O que o faga traballa dazaoito horas seguidas, doce no d'él e seis no outro. Pero tamén gana xornal e medio. Hai quen traballa oito e dez e hastra trinta turnos extraordinarios, se lle deixa o corpo; e ô cabo do mes cobra por corenta e cinco días de xornal. Ou sea, que mentras un que non faga turno ningún extraordinario cobra somente trinta pesos, porque na zafra gánase un peso ô día, o que faga os trinta turnos extraordinarios cobra corenta e cinco pesos.

Son moi poucos os que poden facer trinta turnos extraordinarios, porque son moitas horas de traballo á reo. Pero hainos que chegan á eles.

- Nós, en vez de traballar tantos, que non

ESTEBO

poderíamos, traballamos menos. Algún podémol-os facer. E sempre son unhas pesetiñas que veñen de máis a máis. ¿Qué un día temos ben o corpo? Facemos un turno. ¿Que estamos cansos? Imonos deitar. Non sendo así, aquí non se aforra un carto. Foi o que fixen eu cando mandei aqueles e mail-o retrato».

Anque esto de traballar día e noite á Estebo pareceulle demasiado, como era tanta a gana que tiña de volver pra Galicia, e non vía outro modo de podelo facer, estaba xa deseando que empezara a zafra para traballar canto máis poidera, e aforrar todo o posibre. Nada de tratarse nin facer roupa a estilo cubano. Fuxir d'alí o máis axiña. Somente pensaba n-eso.

Ô outro día falou o Malmesirves co maioral para que lle dera traballo á Estebo. Deullo. Púxoo á «chapear» caña nova. Chapear caña non é outra cousa que irlle cortando a herba c'un ligón que alí chaman guataca. Algo así como quen sacha pol-a tona da terra.

Tocáronlle de compañeiros us negros vellos e cansos. Algún decía que recordaba os últimos tempos da escravitú. Contaba como lles facían. Traíanos ô traballo en fatos, homes e mulleres. Detrás d'eles andaban os maiores c'un bergallo na man. Ô que non se daba maña pegábanlle. Si era unha negra e estaba pra parir, mandábana deitar coa cara p'ra terra e a barriga metida n-un burato que lle facían no

XOSÉ LESTA MEIS

chan. Despois, leña. Tiñan conta os maiores que non se malograra a cría, porque era un negro máis conque o amo contaba para traballar pra él. Pol-a noite encerrábanos no barracón, todo cerrado de muralla alta, con grandes e moi fortes portas de ferro. ¡E coidadiño que ninguén buchicase!

Estes negros vellos, compañeiros de Estebo, eran moi boas personas. Falaban do «tempo de España» con moita cousa; como o mellor tempo que conoceran en toda á sua vida. Decían que d'aquela Cuba estaba millor. Había máis diñeiro, máis gusto. Calquera negro tiña enterrada unha ola de onzas, e non había «guajiro» que non anduvera no seu caballo, con montura das milloras, adornada con estrelas de prata, e con esporas do mesmo metal. Así decían. Os probes non reparaban que valía máis a libértá que todo.

A Estebo gústáballes moito ouvir falar así ós negros, por que o que lle decían á sobre da riqueza dos tempos pasados en Cuba, viña á resueltar na sua maxinación os contos da mesma cras que tiña ouvido na sua aldea. E tamén suspiraba como os negros. Estonces si que lle houbera sido moi doado facel-o traxe e cumprir todol-os seus deseos de volver á aldea feito un gran señor, para levar detrás d'él todal-as mozas do lugar. Pero naceu tarde. Aquela, pol-o visto, era outra Cuba. Eran

ESTEBO

outros tempos. Abondaba xa que un fose branco pra que os negros traballaran pra él. Pero agora tiña que traballar o mesmo que os negros, se quería comer. E non propasarse nada.

Os bos dos negros traballaban moi contentos. Cantaban na súa lingua cantos do tempo da escravitú, que eles namáis entendían. O malo era cando suaban. Cando suaban salía d'eles un cheirume ô bravío que non se podía aturar. E labábanse moito. Pero con eso e todo cheiraban. Os probes non podían evital-o Estebo procuraba poñerse en sitio que o vento lle apartara o cheirume.

O traballo de chapear caña era levadeiro, como deixo dito. Pero tiña o seu. Requería costume. Mentras os negros, inda que eran vellos, facíano sin matarse nada, Estebo dá-balle canto podía e máis por eso quedaba un siriño atrás.

Esto facíao reventar de carraxe. Non podía ver que us vellos lle levaran a dianteira. Ademáis da rabecha que lle daba non ir de par d'eles, inda tiña que oír de cote ô capataz, un branco con mala catadura, e un machete que lle arrastraba:

- ¡Vamo, muchacho, vamo; tira p'alante!

Sempre estaba con esto. Estebo non sabía que en Cuba todol-os que non saben ler nin escribir, e inda moitos que saben tamén, por

defeito de pronunciación, aunque falen en plural, usan a forma singular, Non din «vamos». Comen o ése e din «vamo». E para «muchachos» din «muchacho». De modo que cando lle ouvía decir ô capataz: «¡Vamo, muchacho, vamo; tira p'alante!» coidaba que era por él samente. E non. O capataz decíao por todos. E decíao por decir; por costume, ou poida que por creer que era esa a súa obrigación. Malo non era.

O caso é que Estebo tomouno por él, e máis d'unha vez déronlle ganas de firal-a «guataca» e tocar á andar. Pero como non tiña cartos nin sabía pra onde ir, aguantou.

À hora do xantar, que alí é ás once da mañán' pr'o inxenio. Estebo viuuse coa idea de non volver máis ô traballo aquel. Non podía resistir ô capataz. Pol-o camiño, na fonda despois, e en calquera sitio que se encontrara onvia sempre:

– «¡Vamo, muchacho, vamo; tira p'alante!»

Craváronselle na alma e soáballe de cote nos ouvidos. Tamén o desacougaba o cheirume dos negros. Pero como xa lle dixeran á Estebo que non-o podían evitar, non lles tiña xenreira. Inda se doía d'eles.

Ô chegar á fonda contoulle ô Malmesirves o que lle pasaba co capataz. O Malmesirves díxolle que non fixera caso, que non-o decía por él. Era un costume. A proba tiña nos de-

ESTEBO

máis traballadores; â ninguén lle parecía mal. E referir referíase á todos. Era así o falar de'él.

Sentouse á comer. Xa lle pasara algo a fame coo disgusto. Pero cando viu a comida que lle puxeron diante fóiselle de vez. ¡Aquela non era comida de cristiáanos! Un prato d'arroz cocido en branco, seco e sin ligamento ningún, como se estivera crúo; enriba unhas frangullas de «lasajo», moi ben asentadiñas, como coa man. E n'outro prato un pouco caldo de fabas negras, que alí chamaban frijoles. Sin máis pan nin máis nada.

¿Quén comía aquilo? Estebo non poido. Primeiro morría coa fame.

Fixouse como facían os demais. Collían unha cullerada d'aquel caldo negro con fabas negras, e botábana n-unha esquina do prato d'arroz. Remexían coa culler e iban comendo unha cousa mesturada coa outra.

Ergueuse da mesa. Viñanlle ganas de chorar. Esperou que o Malmesirves salira. O Malmesirves fiña que fregal-os pratos e mentras non arremataran todos de xantar non podía deixal-o labor. Esperou por alí onde non lle viran moito a cara de malpocadiño que fiña.

Cando a xente empezou á irse saleu o Malmesirves á porta da fonda, c'un mandil de coiro posto por diante. Estebo, ô velo, foise pra él. Contoulle cómo non poidera tragar aquela comida. O Malmesirves xa o sospeitara e non

XOSÉ LESTA MEIS

lle estrañou. Pasálles o mesmo a todol-os que van d-aquí, nos primeiros días. Pasáralle a él tamén.

Mandouno sentar n-unha mesa e que o agardara, á ver si podía traerlle algunha cousa. Tróuxolle un bo prato de patacas guisadas con tres ou catro anacos de carne, e un bolicó de pan. Díxolle que non se apurase, que todo se había d'ir axeitando. Que estaba á vil-a zafra, e que destonces podería comer millor, porque xa entraría na fonda.

De chegada ô inxenio, cando o Malmesirves lle dixo que podía entrar na fonda non lle gustou nada. Pensar que tiña que fregar pratos era malo. Pero agora xa non lle parecía tan mal. Vendo que se podía comer carne guisada con patacas, e que dã outra maneira había que tragal-o arroz branco con caldo de fabas negras, ou adoecer coa fame... estaba disposto á todo.

Foise conformando. ¡Qué remedio lle quedaba! Pol-a tarde, á hora d'ir pr'o traballo, volveu pasar outro disgusto grande. Estaban afiando as «guatecãs», que as afían n-unha moa para que corten a herba millor, e veu vir un home vestido de branco, montado n-un caballo, branco tamén, c'un sombreiro color do trigo, que alí chaman de «jipiçapa»; un machete e un revólver á cintura. O machete chegáballe hastra máis abaixo dos pés, e o revólver

ESTEBO

arrumbáballe como un saquete de medio ferra-
do de trigo. Por debaixo da ala ancha do
sombreiro víanselle os ollos á todo abrir, mi-
rando pra un lado e pra outro do «batey» men-
tras facía il-o cabalo pra todol-os sitios á toda
présa do seu paso lixeiro, dando grandes be-
rros.

— ¡Vamo, muchacho; que ahorita son la tre
y ajún etamo aquí!

Era o maioral. Somellaba un xeneral dando
ordes para entrar en batalla.

Estebo, que nunca tal vira, cuasemente ga-
nou medo. Pero vendo que os demáis ouvían
berrar como si zoara o vento, pois ninguén
salía do paso que levaba, tranquilizouse un
pouco. O maioral seguía dando berros e indo
d'aquí para alí á todo o paso do cabalo. Can-
do xa toda a xente salía pra traballar cos
seus capataces atrás, él quedábase véndoa ir.
Despois largaba á recorrel-as cuadrillas e o
campo.

Así e todo Estebo non-as tiña todas consigo
Cada vez collíalle máis xenreira á todo aque-
lo, e non deixaba de matinar cómo había fa-
cer pra virse o máis axiña,

Aquela tarde foina levando con máis pacen-
cia. Vía que non quedaba máis remedio que
baixal-a cabeza hastra que Diol-o quixera.
Resinouse.

Pol-a noite o Malmesirves lle tiña buscado

XOSÉ LESTA MEIS

outro silio. Iba ganando c'un real máis. Era para arar con rútilos. «Aporcor» lle chamaban. Un traballo lixeiro. Arábase pol-a tona da terra para arrincal-as herbas que lle iban salindo â caña nova. O arado parecía un curaco. Tiña tres sellas cativas como sachos. Podía manexalo un rapaz. Os sucros por onde había que arrar eran d'un metro de ancho. Andábase por eles como se quería. Aquel traballo non mataba á ninguén. Ademais non había negros. Eran brancos, e españoles coasementente todos. O capataz tamén viña sendo d'aquí. Nen decía.

- ¡«Vamo, muchacho, vamo; tira p'alante!», como o dós negros. Estábase moito millor. O Malmesirvos era amigo do capataz e trataríao ben.

Foi probar. A primeira dificultá xa a tuvo ô montal-a mula. Era grande. Para chegarlle ô armón do lombo facía falla unha escada. Estebo tampouco sabía andar á cabalo. Nunca montara n-un.

Quixo levala da corda. Pero esto non podía ser. O traballo estaba lonxe. Nen chegaría aló menos da media tarde. Os compañeiros ríanse que se partían da ocorrencia de Estebo de querer leval-a mula pol-a corda, como se fora unha vaca. Axudoulle á montar un.

Cando se viu enriba aínda lle pareceu máis grande a mula. Miraba pr'o chan como desde

ESTEBO

o tellado d'unha casa. Papexaba de medo. Para máis, a mula non levaba albarda e magoábanlle os ósos. Cando chegou ó traballo xa os demais araran dous sucos. Baixouse da mula cos cadrís escontramiñados.

O mesmo capataz enseñoulle á aparelhar a mula, e como se «aporcaba». Non tiña nada que depender aquel traballo. Estebo diuse conta axiña. Pero a mula tiña o paso moi lixeiro; non iba pouco á pouco, como os bois conque araba Estebo na sua terra. Despois d'aporcár dous sucos, mal como poido foise apañando.

Refreusionou á sobre de cómo é a vida. Marchara da sua terra por non querer arar e baixarse pol-as cousas da casa. e viase obrigado á facelo en Cuba, onde il coidaba facerse un cabaleiro, e c'unha mula que sólo de tel-a que montar poñialle medo. Así son as cousas. E aínda de por parte tendo que ouvi-los berros d'un maioral, con machete e revólver á cintura, montado n-un cabalo e todo, como un guerreiro conquistador. ¡Se tal souperan na aldea!

Foi aguantando. Esperaba a zaíra como a sua salvación.

Co que non poido entrar foi co arroz e co caldo de fabas negras. Non lle fol posibre. E como o Malmesirves tampouco lle podía dar

XOSÉ LESTA MEIS

sempre patacas con carne guisada, que inda non-a tiña pra él, fixo cos compañeiros do cuarto que o ademitiran a comer co eles, pagando a súa parte, como era natural. Dendes d'aquel Estebo pagaba o que lle tocase á escote no gasto do mes, e comía do que houberese.

En vindo do traballo metíase no cuarto e xa non salía. Ou sentábase á porta, pensando sempre en Mari-Pepa, en súa nai, na aldea, e cómo había facer pra virse o máis axiña. Iba ó baúl moitas veces sin ter nada que ir buscar, sólo por vel-o pano de Mari-Pepa, e recrearse co ulido da lesta e mazás que inda tiña a roupa.

¡Qué noites máis longas e aburridas! Estaba como n-un cárcere. Non podía estraerse en nada, porque non había en qué. Todol-os días e total-as noites eran o mesmo. Do cuarto pr'o traballo, e do traballo pr'o cuarto. Non había outra cousa que ver nin que facer. Non había tuna, nin rapazas, con quen parolar, nin bailes á onde ir, nin romerías, nin eiras con esollas en noites de luar, nin corredoiras retorcidas e fondas onde sealcontrasen rapazas palicadoras. Nada d'esto había. Alí. Somenten un campo grande c'unha fábrica no medio; casupas d'arredor; negros, con quen non se podía ter un trato querendoso, inda que era boa xente, por outra raza; e limitando este ca-

ESTEBO

tivo e triste círculo, canavales que cerraban o hourizonte.

Era pra morrer de pena.

O Malmesirves, vendo que Estebo non se animaba, levouno ô barracón á vela rumba dos negros. Esto nos inxenios é unha distraición pr'os brancos que xa están afeitos á aquela vida. Estebo non quería ir. Non lle gustaba cousa ningunha dos negros. Nin velos diante. Pero tanto lle dixeron o Malmesirves e máil-os demáis compañeiros, que foi.

O barracón era unha muralla cuadrada, c'unha porta grande de ferro para entrar. Arri-mados á muralla pola parte de dentro estaban os cuartos onde vivían os negros. Eran cativos, como os demáis traballadores. Malamente podían vivir dous n'eles. Pero n-algús, había á catro e máis entre pais e fillos. Non sei cómo se podían remexer. Todos tiñan fora, ás portas, a cociña, que viña sendo un queixón grande ou un barril, c'unha cousa de ferro onde facían lume; cazolas, pratos e culle-res, farrapos, lorchos, e así. Lavar tamén lavaban ali mesmo, dentro d'un barcal que tiñan enriba d'un barril. Pol-as «lareiras», apañando os graus d'arroz que quedaran de comela xente, andaban galiñas e pitos sin que ninguén lles dixera un ¡isca! No medio do barracón había dous silios á onde a xente tiña que ir

XOSÉ LESTA MEIS

facel-as suas necesidades. Xa ô pasar por alí cheiraba que fedía.

N-algús cuartos tamén había facos. Como eran de xente gorda tiñanos millor que ás personas.

Eran do maioral e do dono da tenda, que son autoridá dos inxenios. Entre o cheirume dos escusados e dos silios dos facos non se paraba. As moscas podíanse coller á paxes. Nas moreas de barredura das «casas», que tiraba por alí cada un onde lle viña ben, ulian os gatos e remexían os cás. Por unha gavia grande e ancha corrian, (ou escorrian, mellor dito, porque correr non lle era posibre, de tanta gordura que tiña), todal-as augas porcas. Estaba chea de vermes negros, que as galiñas comían metidas de patas hastr'o peito, enzou-pándose en toda aquela porcallada. Os negros cativos andaban en corro xoldeando. Entraban e saían nas «casas» como coenllos en buracos. Todo esto c'un sol que queimaba.

Sentadas ás portas viáanse as negras coas saias moi brancas e pranchadas algunhas, e un puro na boca. Poucas estaban limpas e cursidosas así. Unha que outra. As demais vestían como correspondía á aquel silio tan escandalosamente porco.

Estebo, á tal ver, recuou pr'atrás. Non poido pasar da porta, por moito que os compa-

XOSÉ LESTA MEIS

ñeiros o animaban. Era a primeira vez que entraba alí e non sei que lle dou.

Ouvíronse golpes rexos de tambor. D'un tambor que sonaba de maneira distinta á cantos ouvira Estebo. Viñan vindo máis brancos vel-a rumba Entraban no barracón sin ningunha aquela, como quen entra na sua casa. Isto animou á entrar á Estebo. Pouquiño á pouco foi indo atrás de todos, quedándose cerca da porta, pór se había que escapar. Seguía zoupando o tambor. Agora xa eran máis. Pero non tocaban seguido nin todos á unha. Us golpes de vez en cando, como se estiveran probando n-eles.

Así era. Estaban tembrando. Estebo viunos cómo facían. Acenderon lume con papeles e lousada seca que había por alí, e quentáronnos. De cando en cando dábanlles golpes coa man. Ibanos quentando todo arredor. N-esto botarían cinco minutos. Cando os tiveron en condicións preparáronse pra tocar.

Os tambores eran troncos d'árbres valdeiros por dentro, como tubos. N'unha das cabezas tiñan un coiro cosido ou cravado. Habíaos dos de metro pr'a abaixo. Según eran de grandes ou cativos, así daban o son máis ou menos forte. Cando estiveron preparados puxéronse de par. Eran tres. Dous tocaban de pé. Os tambores viñanlles desde o chan por entrepernas á quedar á altura da barriga. Suxe-

ESTEBO

tábanos c'unha corda á cintura. D'este modo quedabánel-as mans libres para tocar. Porque os tocaban coas mans, e a poutazolimpo.

Empezou a «música». O do tambor máis grande, que estaba no medio e todo, como de máis categoría, tiña atadas nas muñecas unhas bolas como laranxas das boas, que se dan n-un arbre d'alí. Estas bolas tiñan dentro algo como areas, que sonaban o mesmo que trigo cand'o criban, según o negro zoupaba no tambor.

Era o único adorno istrumental que se vía.

Dou comezo a rumba. De primeiro era un canto. Pero un canto que non-o entendía nin-guén máis que eles. Dous ou tres negros empezaban un, e sotíñano á un mesmo tempo. Armábase un barullo dos díaños. Hastra que o corro se decidía á escolle-lo preferido. D'estonces xa a cousa era outra; xa se lle alcon-traba algún ser,

O canto era sempre o mesmo. Dividiáse en duas partes. O que o dirixía, ou levaba a dianteira, cantaba unha. Eran catro ou cinco palabras. Con outras catro ou cinco respondíall'o corro. Estebo fixouse. Cando o «direitor» decía as suas andrómenas, o corro contestáballe:

«Aré-nié aeee...

A con-con-con maóoo».

Non salían d'esto. E os tambores toca que te toca os tres á un tempo:

XOS LESTA MEIS

!Porrompón pon-pon-pon!

!Porrompón pon-pon-pon!

Estuveron así un bó anaco, sin que ninguén bailase. Hastra que o máis arrichado ou desposto dou un brinco e prantouse no medio do corro. Cravou os pés no chan; e sin move los pouco nin moito nin falar unha palabra fixo mil figuras co aquel corpo. Alí non había ósos nin cousa que lle estorbara. Alí non había máis que un corpo que parecía de brinbio, domeándose de todol-os modos e de todol-os xeitos. ¿Vésles un monicanco d'eses que tirándolle por un cordón move as pernas, os brazos a cara, os ollos e todo canto-tén? Pois así era o negro aquel. Deu en facer remuíños coa cintura; as pás dos hombros en movemento, o corpo a retorcérselle o mesmo que unha cóbrega; regalando os ollos, abrindo e cerrando a boca; chegando unhas veces coa cabeza hastra o chan e outras dobrado o corpo pol-a metá, dando voltas d'arredor de sí...

Parecía o mesmo diaño, Dios mo perdone, Señor. E todo sin perdel-o compás do canto e dos tambores.

Non sei que daba velo. Tan axiña somellaba algo moi escandaloso como unha innovación ou sacrificio á un Deus fero. Daban ganas de escapar; pero ô mesmo tempo había algo que retiña á un alí.

ESTEBO

Despois d'estar un pouco tempo o negro bailando solo entrou unha negra. ¡Entonces foi cando aquilo deu todo de sí! O negro mátabase á facer garachusas co corpo. Os movementos eran máis lixeiros e complicados. Toda a súa teima era prantárselle diante á negra, buscarlle o fronte. Ela á procurar que non o lograse. Así estaban. Ela á pasiños cortos, ritmados coa «música»; medosiña, mirando pr'ochan, como unha miñaxoia que non sabe da misa a media. El baril, salvaxe, astuto, engaiolador. O entusiasmo chegaba á todos. Parecía que lles andaba no sangue un espírito do inferno. Todos movían o corpo ô mesmo tempo que cantaban. Aquelas cinturas, corenta ou cincuenta, iban e viñan facendo unha gran onda, como o trigo cos remuíños do vento. Hastra os dos tambores pandaban o corpo para trás e miraban pr'o ceo, dando máis forte nos coiros. Os mesmos negros cativiños de seis á seteanos, en coiro como sua nai os parira, «bailaban» tamén cas mans na cintura, refregándose us á outros como vían facer ôs maiores. O negro bailador, cando podía d'un salto prantárselle diante á negra, frente a frente, arrincaba un ¡¡¡aaah!!! longo de todo o corro admirado.

Así sigueu o canto e o baile horas e horas. Estebo marchouse axiña, porque ô empezar á suar aquela xente soltaba un cheirume ô bravío que non poido aguantar.

XOSÉ LESTA MEIS

Desde o cuarto ouviu tocál-os tambores hastra xa ben entrada a noite, e o canto recordáballe o bruar do vento nas noites d'inverno da sua aldea.

Agora tiña máis desexos de virse. Aquelo que acababa de ver facíalle imposible a vida alí. Dáballe unha idea de vida salvaxe, animal e fera que nunca poido sospeitar. Ganou medo. Parecíalle cousa do demo. Recordábaselle algús contos que ouvira ô mestre, onde se vía o inferno e as almas condenadas pol-os moitos pecados, retorcense entre labaradas como torcidas de candil.

De noite non durmiu de medo. Non sei cantas veces viu na escuridá un home negro cos ollos e os dentes brancos, bailando o can-can, en figura de diaño que o quixera matar de medo para despois levarlle a alma.

Pouco tempo tardou en empezal-a zafra. Un mes antes xa chegaban á reo três cargados de leña para quental-os fornos. Había moreas d'ela tan grandes como casas. O movimento era maior cada día. Non pasaba un sin que se vira xente nova, De semana á semana víase mais cheo o «batey». Os cuartos íbanse atestando. Notábase ás léguas que se iba entrar n'outra vida máis ampra, máis grande, máis rica. Por todo-los camiños víanse vir homes pr'o inxenio, co seu loliño de roupa ás costas; ou sea unha hamaca e tres ou catro pezas de

XOSÉ LESTA MEIS

vestir. Isto é todo o equipaxe d'un traballador dos inxenios. Nin lle convén ter máis. Como de cote se ve obrigado á ir d'aquí pr'alí, estorbaríalle. Ademais, nos inxenios non se poden ter cousas que enchan o ollo. Como hai que vivir á catro e cinco xuntos, que nunca se viron nin se sabe de onde veñen nin pr'a onde irán, é moi esposto á que un día ô vir do traballo se alcontre sin nada.

E inda que non fora eso. Tampouco terían sitio no cuarto. Os cuartos xa están feitos nada máis que pra que o traballador poida colgal-a hamaca. Un sitio pr'a dormir é a única comodidá que lle dan. E pra eso á cinco e á seis xuntos, onde sólo debía haber dous. Chega un e danlle traballo. Axiña o maioral chama un guardia e mándalle que lle busque cuarto. O guardia vaise co home e méteo onde lle parece.

- ¡Qué xa somos seis aquí, guardia, e non-os podemos remexer!

¡O vento e mail-o aire! O guardia manda entrar alí o home e o home toma posesión, se quer, da súa parte de cuarto. Moitas veces saíen pr'o traballo os que viven n-un e cando veñen atopan xente nova. E o que non-o queira así que o deixe. Pero como sucede o mesmo nos demais inxenios, todos achantan.

ESTEBO

XII

Decidido á quedarse n-aquel inxenio hastra poderse vir, Estebo escribeulle á Mari-Pepa. Non o fixo denantes, por que non sabía se quedarse alí ou non, e eso tiña que saber primeiro para mandarlle as señas.

Foi unha carta triste, con toda a negra anguria da súa alma. Fixérona entre o Malmesirves e él. Decía así;

•Estimada mari pepa saberas como chejei a abana pois mari pepa saberás que estou traballando nun inxenio entre neiros e neiras saberas que coidei morrer no bapor de tan malo que me puxen sabras como este país é moi probe e moi feo todos son neiros e neiras que cheiran que apestan mandarame adedir se marchou pro servisio necho o de culasa a abana e moi fea saberás ca comida e moi mala nin o demo acome inda acoemen mellor os cochos alo pois mari pepa saberás que me quero marchar o maisaxiña que poida senon non duro un ano pois saberás que aqui non se pode vivir memorias alelo o de curral ea qantos por min pregunten, saberas como jardo o teu pano moi jardadiño memorias a todolos que pre-juntan por min a señas prames cribir son Estas posasí inxenio conChita cuba para Entrejar A esteBo souto. 33

ESTEBO

Así arrematou a carta, sin firmar e todo. Nin un nin outro reparou n-eso.

Mari-Pepa esperaba carta de Estebo con toda a ilusión conque deseamos recibir noticias d'unha persona querida, e mais si está n-un país maravilloso, como para Mari-Pepa e moitos da aldea era a Habana. A Habana poñía no pensamento de Mari-Pepa relumbres d'ourados. Coidaba que Estebo lle iba mandar unha carta chea de admiración d'aquel país. Que lle escribiría como dende a mesma gloria. A total-as amigas lles tiña prometido contarlles cousas d'aló que lle diría o seu Estebo.

Cando recibeu a carta foi correndo co ela á doña Adela pra que lera. Doña Adela era unha señorita que viña pasalos vrans á aldea Vivía sola c'unha criada. Andaba pol-os trinta anos Pero estaba de moi bon ver. Non parecía pasar dos vintecinco. Tivera amores moi queridos d'ela e despreciados de seus pais. Por com-
pracer á seus pais deixou os seus amores. coidando que outros lle virían. Pero non lle viñeron. Seus pais fóronselle para o outro mundo, e quedou sola. Esperou moitos días n-aquela casa, detrás dos mesmos cristás por onde vía chegar-o seu amor cando o tiña. Agardou canto máis poido. Pídeulle á Noso Señor que o fixera volver, que llo trouxera. Pero Noso Señor non-a debeu ouvir, porque nunca máis o poido ver diante dos seus ollos.

ESTEBO

Pideulle outro, anque fora. Tamopuco llo dou. Xa cansa de agardar, coa tristura de que os anos corrían, deixou os cristás da fenestra e foise pr'o altar e pr'o confesionario. Todol-os días iba â misa, confesaba e comungaba moi á miudo. Quería enchel-o corazón de algunha cousa que lle quitara *aquelo* que a fiña decote desacougada.

Pol-o día iba pasando, anque malamente. Pero de noite a probe sufría moito. Soñando vía vil-o seu amor, aquel amor que tivêra nos seus dazaoito anos, e que puxera no seu vivir un carreiriño estreito cheo de froes e estrelas, moi longo, moi longo, hastra nunca máis acabar, para andal-os dous soliños por él mentras lles durara a vida. E cando iba botarl'os brazos ô pescozo n-unha aperta moi grande e moi forte, acogulada das ansias confidas de tanto esperar, ô mesmo tempo que xa daba un jaaai...! esvaído de pracer, despertaba e alcontrâbase sola n-aquel cuarto, que se lle facía escuro e frío o mesmo que se fose a coba d'un morto.

Moitas noites tense erguido e posto á chorar. Chorando ben quedáball'o peito alixeirado d'aquel peso que a facía acorar. Pero ô outro día levantábase a probe que non tremaba o corpo d'ela. Ô vela así todos lle perguntaban o que fiña. Ela contestaba que eran voltas que lle daban á miudo.

XOSŔ LESTA MEIS

Mari-Pepa tiña trato con doña Adela porque lle vendía o leite e máis porque viña moitas veces á sua casa.

Cando ouviu lel-a carta de Estebo quedouse coma se llas deran. ¡Ela que esperaba deixar coa boca aberta ás suas amigas contándolles cousas maravillosas do que lle dixera Estebo! Moito lle pesaba xa prometerlles decir nada. Se poidera facer creer que non recibira a carta facíao. Pero non podía ser. Na aldea ninguén recibía cartas, sacando o que tiña xente fóra ou no servicio. E como eran poucos e ben conocidos, o día que chegaba unha non había can nin gato que non-o soupera.

Aquel mesmo día contestoulle Mari-Pepa á Estebo. Fíxolle a carta doña Adela. Era unha carta bonita. Doña Adela, sin quere-lo, puxo nela algo do que tiña no seu corazón. Escribeu:

•Querido Estebo: Recibín a tua carta o domingo pola mañán ó vir da misa, e vexo que non che foi aló moi ben que digamos no viaxe, nin estás á gusto en Cuba, ou sea no inxenio, porque non hai máis que negros e negras, e a comida non é de cristianos.

•Sempre sucede o mesmo nos primeiros días de chegada á un país extraño; pero despois as cousas van sendo d'outro modo. Cando te afaigas verás como non has d'estar tan tristeiro nin ter tantas ganas de vir. Poida que chegue

ESTEBO

día que nin tan siquera d'escribir te acordes nin en min penses. As cubanas teño oído que son moi engaioladoras e que lle fan perdel-o sentido ôs homes.

Sinto moito que non fixeras ben o viaxe e que esteas contragusto. Rézolle â Virxe para que che dea sorte; e ti rézalle tamén. Vai â misa todol-os domingos, anque non sea máis, que Dios cho ha d'agradecer. Xa che mandarei unha cartilla.

Todos me preguntan por ti. Queren saber como chegache, cómo estás e cómo é a Habana. Coidan que me mandas decir unha chea de cousas boas que contar, e non saben que de bô non dis nada.

N-outra carta xa non estarás tan aquelado; e pr'a terceira poida que téñal-o pensamento tan estraído que non te acordes de min pouco nin moito. Os homes sodes así. Por máis xuramentos que fagades non se pode un fiar en vos.

Alegrareime moito que te alccontres ben. Non te enfades pol-o que che digo, que xa sabes che quero moito. Coida do pano; non sea que o vaías perder ou que cho rouben.

Mándanche memorias Lelo o de Cural, Necho o de Culasa e Xelo o da Fonte.

Sabes que che quer

Mari-Depa.

Firmaral-as cartas, que non traí firma.

Xosé LESTA MEIS

Estebo ó lel-a carta virouse máis contento que un cuco. ¡Moito lle tardou en chegar! Pero non se atreveu á contestala. Co seu pouco saber ben comprendeu que estaba feita por boas mans. Douse conta axiña que á fixera doña Adela, porque na aldea non había outra que soupera escribir así, e ademáis porque era moi amiga de Mari-Pepa.

Cando veu o Malmesirvés amostroulla. O Malmesirves sinteu envexa. Nunca recibira unha carta así da sua moza. E eso que lle mandara o retrato e todo.

Puxéronse á cavilar á quen habían d'ir pr'a que lles fixera a resposta. Parecíalles un atrevimento facela eles. Foron a cabo de don Vicente.

Don Vicente era un escritor e algo poeta que viña algús anos pol-a zafra á aquel inxenio. Estaba us meses, ganaba cartos pol-a vella e volvía marchar pr'a Habana hastra o outro ano. Na Habana traballaba nos periódicos. Estivera en moitos. Non tiña paraxe en ningún, porque cando lle pagaban non aparecía pol-a redacción hastra acabal-o último ichabo. Así andaba d-un n-outro.

Moitos días non tiña un carto. Pero non faltaban amigos que llos deran. Entre a xente do teatro e compañeirós da prensa sacábano d'apuros. Entraba de balde en todol-os sitios, como se fora da casa. Algunhas veces facía

ESTEBO

versos. que lle pagaban ben para anuncios do chiculate ou outra calquera cousa. Cando tiña cartos e sabía d'algún compañeiro que estaba sin eles iball-os ofrecer. Mentres durasen gastaban. Dispois Dios diría, Ou dáballo á facer. un dibuxo ou poesía que lle encargaran a él, pra que ganase algo. Deitábase ô abril-o día e erguíase ô escurecer.

Traxe que poñía enriba de sí traxe que non quitaba hastra que tiña que facer outro. Cando as rodilleiras somellaban cherepas e os cóbados empezaban a abrir, entonces había que remudalo. Para esto iba ô inxenio en tempo de zafra. Iba ben recomendado, que para eso pintábase solo, e por non facer nada dábanlle a mellor paga de todos. Así que ô mesmo tempo que descansaba un pouco d'aquela vida da Habana, que o consumía, facía unha chea de cartos.

Estaba solteiro. Tería us trinta anos. Sempre andaba alegre, para él non había pena nin gloria. Us amores moi grandes e moi desgraciados que tivera (todo o grande é desgraciado decía él) fixéranlo ser así, un tantomedá. Non había cousa que lle dera importancia. Un día perdeu un billete de dez pesos que gardaba no peto de fora da chaqueta, revoltó con papeles que sempre tiña. Estaba sentado n-un café. Iba tomar un chiculate. Eran as dúas da mañán. Botou a man ô peto ealcontrouse sin

ESTEBO

o billete. Como alí non conocía á ninguén e non tiña máis cartos, ergueuse e púxose á pasear pol-a rúa adiante sin acordarse máis do billete para nada.

De quen se lembraba sempre algo era d'aquel amor tan grande que tivera. Era o único que inda lle poñía lume no corazón e nos ollos ó falar d'él.

Estebo fíxolle saber o que deseaba por outra persona. Don Vicente mandouno ir ó seu cuarto. Leu a carta, fíxolle algunhas preguntas á sobre da vida e personas da súa aldea e como empezaran os amores. Coa mesma púxose a escribir.

•Querida Mari-Pepa:

N-este mesmo instante chegou a tua carta as miñas mans. Cando me dixeron que a tiña empezoume á dar brincos o corazón. Xa sabía que era tua sin vela. Dábamo a alma e non me engañei.

•Púxenme tan contento que de primeiro non-a poiden er. Todo se me volvía mirala e remirala. Tembrábanme as mans co ela como de pequeno cando pillaba un paxariño en Xangaio e iba correndo á mostracho, dando berros por ti, tolo de ledicia. ¿Non te lembrás?

•Cando a lin non me gustou tanto. Disime que despois dos primeiros días xa non me acordarei mais de ti. E eso non é verdá. Eu

XOSÉ LESTA MEIS

penso en ti de cote, por que che quero moito. como sabes, e dóeme que non-o creas.

•¿Afacerme eu aquí, entre negros, bois e mulas? ¡Non me digas somellante cousa, Pepiña! E moito menos que hei deixar de quererche. ¡Pero se non ven día ô mundo que non te teña no pensamento, nin hora que non matine cómo habemos facer hoxe ou mañán que nos casemos!

•Algúnhas noites de lua quédome mirando pr'a ela como un bobíño. ¿Sabes porque? Porque a víamos sempre desde a tua porta, cando estábamos tunando. E paréceme que me fala de ti, e que ti me sorrís nas suas sorrisas. Eu inda hai veces que lle falo e todo como se falara contigo. E coido que ô estar eu mirando pr'a ela miras ti tamén, e que os dous nos vemos na sua cara.

•¡E despois dime que â terceira carta poida que teña o pensamanto tan estraído que xa non me acorde de tí! ¡Tés cada cousa, mirando ben!..

•Non podó ir â misa. Nos inxenos non hai igrexa, nin cregos, nin doutrina. Nin falla que fai. ¿Para qué? ¿Nunca poiden comprender para qué hai quen pensa tanto na outra vida cando temos todo por facer n-esta. Non facemos máis que pedir para despois da morte, como si xa non tivéramos nada que desear na vida. E eu vexó que ninguén está satisfeito nin

XOSÉ LESTA MEIS

temos razón para estar. ¿Porqué non poñemos ben estar, que é onde temos que vivir, antes de perdel-o tempo en querer arreglal-a outra, que non sabemos si existirá? Humanicémol-a vida: queirámonos moito; reine amor e a alegría entre todos aquí e despois falaremos do demais.

•O pano anda de cote connigo. ¿Cómo iba poder deixalo pouco nin moito? Téño que levar á onde eu vaia. Mirando pra él véxote á ti e collo folgos de contado. Hastra me parece que me libra de morrer n-esta terra. ¡Se veras cantos bicos lle dou, e que coidado teño que non mo vexa mirar ninguén! Porque me parece que coas miradas mo poden arroubar ou quitarlle algo do encanto que tén pra min.

•Contéstame tan axiña como poidas. Necesito recibir carta tua para consolarme n-este desterro.

•¡Quén me dera poderlle mandar esta carta á lúa para que esta noite ô estar ti sentada na pedra da porta onde nos poñíamol-os dous á tunar, cha deixara cair no colo•!

Quérche moito, moiño

Estevo.

Esta carta fíxolle remuíños no corpo á doña Adela. O párrafo primeiro de lúa metéuselle no fondo do corazón, onde tiña outros da mesma cras que lle deixaran aqueles amores para sempre idos e por sempre recordados.

ESTEBO

Don Vicente, por veces, esquenciábase que estaba escribindo para outro, para unha persona desconocida, e entusiasmábase como se fora para él. Íbasell-o pensamento para aquel amor imposible que nunca podía esquencer de vez, e escribía co ardemento que sempre lle facía sentir. Por eso na carta de Estebo puxo aquelas cousas.

A doña Adela pasáballe dous cartos do mesmo. Algo de interesante que levara a carta de Estebo saleulle da cinza chea de muxicas amorosas que gardaba no fondo do corazón.

Algunhas veces pillaba a pruma e poñíase á escribir horas e horas. Enchía pregos de letra miúda no silencio da noite, cando os degoros do corazón eran tantos e tiñan tanta forza que non podía co eles. Alí baldeiraba todol-os desexos que a consumían. Despois gardaba os priegos no fondo dún queixón, ou rompíaos. Según estivera cando paraba d'escribir. Os que gardaba metíaos n'un sobre e todo, para que fose máis grande a ilusión de que era unha carta. Despois de pasar algún tempo, ô abril, como estaba n-outro estado de ánimo moi diferente, recibía unha sensación de cousa nova. Pero âs veces esterreeíase lendo.

- ¡Cómo estaba eu aquela noite; decía pra si.

Con esta segunda carta de Estebo entrulle un desaongo íntino que non podía espricarse ben ô direito. Revolveulle todo o que tiña

XOSÉ LESTA MEIS

apousado no corazón. E inda para máis, viña escrita n-un papel fino que había que velo. Era como o das cartas do seu amor, que gardaba tan gardadiñas.

Non sei cantas veces a leu. O párrafo da lúa aprendeuno de memoria. E anque sea o que lle seguía non deixou de chamarlle ben a atención. Tiña razón; ¿para qué pensar tanto no outro mundo, que inda non sabemos si o hai, tendo como temos tantas cousas que facer n'este?

Púxose á contestal-a carta de noite. Ela sola ¿Qué tiña que ver alí Mari-Pepa? No instante que pillou a pruma na man xa se lle foi Mari-Pepa do pensamento. Xa non existía. Nin Esteban tampouco. Sentouse para escribir *ela*, para contestal-a carta que acababa de recibir.

Estivo escribindo hastra que se lle acabou a vela. Levoulle ben dúas horas. Alí puxo todo o que tiña no corazón. Ó arrematar quedouse tranquila e satisfeita. Quitou derriba de sí un peso abafante. Alentou forte. Xa máis serea púxose a ler o que escribira e douse conta de que aquilo non podía ser. Rompeu a carta en mil anacos e ô tirar co eles solfáronselle as bágoas.

- !Eu toleo, non-o queira dios; - dixo.

Ó outro día pol-a mañán, cando Mari-Pepa lle veu trael-o leite inda estaba na cama. Sempre se erguía cedo; pero aquel día non se er-

ESTEBO

gueu hastra as dez. Volveu máis tarde á ver si lle tiña a carta escrita. Doña Adela díxolle que non poidera. De noite déralle unha das voltas que acostubraba ter, e non lle fora posibre.

Puxéronse á escribila.

De primeiro doña Adela foi indo á salir do paso de calquera xeito. Pero chegou o momento en que xa non lle foi posibre deixar de poñerse ela alí. E fixo unha carta amorosa que conmovía ás pedras. Decía nu'n dos párrafos:

•Eu tamén estou de cote mirando pr'a lúa. Eu soliña, dende á ventana, vendo cómo sube pouquiño á pouco pol-o ceo estrelado ¿Pra quén hei mirar, se non teño no mundo á quen volvel-os ollos máis que á ti, e á ti non te podó ver?

•Desde que te fuche váiseme a vida en deseos de que volvas, e teño os ollos cansos de tanto mirar pra todol-os camiños á ver se te vexo vir. Consúmeme esta soedá chea de saudades. Póñome tan esmorriñada ás veces que me esterrece mirarme ô espello e ver que cada día que pasa vou sendo menos a de denantes. O tempo non sabe agardar nin quer ir pasando sin que nos leve cada día un pouco de nós. Non admite súplicas nin fai caso ôs choros. Non ten entranas. E insensibre como a morte.

Despois d'un párrafo así empezaba á darse conta algo de que iba máis aló de onde que-

XOSÉ LESTA MEIS

ría chegar e volvía á poñerse no seu sitio de persona allea ó asunto que tiña entre mans. Pero de contado se salía d'él, e a carta seguía sendo un safaio de íntimas e doces congoxas d'amor.

Non se precisaba ser sabio para ver que vivía n-unha anguria perpetua. Don Vicente, que ademáis de entender moito d'estas cousas, porque as tiña no corazón, ouvira algo de Estebo á sobre da vida de Doña Adela, emocionouse léndoa. Toda a súa sentimentalidade romántica fixo esprosión. Aquela, carta non tiña nada que ver con Estebo. Se acaso no nome namáis. Todo o que pasara d'ahí non lle pertencía. Pero ¿pertencíalle a él?

Don Vicente tiña unha teoría especial. Consistía en recoller, espiritualmente, todo aquilo que lle poidera dar unha emoción agradable, sin reparar moito nos fundamentos que tivera. Así como non quería ver nin ouvir falar de cousas tristes ou desagradables, si ben as remediaba todas, podendo, non deixaba d'aproveitar toda ocasión que lle poidera dar un pretesto, inda que namáis fora, para alonxarse o máis posibre da «estúpida realidade» (así decía él).

Cando recibía unha emoción doce agrandábaa todo o máis que poidera na maxinación, e íbaa rendendo para tel-a ben tempo e facer máis duradeiro o pracer. Algunhas veces non

ESTEBO

lles comunicaba ôs amigos unha cousa, e andaba solo, para que non lle desfixeran a ilusión. Para él, matar unha ilusión era un crime.

En troques quitáballe importancia á todo o que fora contra esto, inda que se referira á él, e non aguantaba que ninguén llo recordase.

Se algún amigo lle facía unha mala acción, como antes lle tivera feito outras boas, non se lembraba da mala e sólo tiña presente as boas. E se se vía obrigado á separarse do amigo non lle gardaba rencor. Borrábao do pensamento. Pero a súa man, de cote estaba aberta para todas as reconciliacións honrosas, como tiña o peto pra todas as xenerosidades á onde poidera chegar.

Era así por natureza e por refreusión. Razonaba d'este xeito:

• Todos din que no mundo non hai máis que maldás e traicións. Non é verdá. Pero inda que fora ¿val-a pena pensalo? Non; porque estonces había que renunciar á vida, ou conformarse con ter que vivir nun eterno sufrimento. D'aquela é mellor pensar que todos somos bos, pero que temos momentos malos Arretinos, encabuxos e carraxes que nos volven tolos. D'este modo doémonos us d'outros en vez de odiarnos, e máis vivimos alerta sempre, como quen está ô pé d'unha persona á que lle dan rautos.

XOSÉ LESTA MEIS

«Unha cousa calquera, inda âs que lles damos máis valor, non nos beneficia máis que no poder creador que nos dá; nas ilusiós que produce. Logo quen teña en sí mesmo ese poder creador tén o maior tesouro da vida».

Para asegurarse n-este razonamento lembrábase de todol-os seus feitos agradabres. E sempre resaltaba *todo o que había d'arredor, denantes e despois*, de cada un. Querse decir: o que non chegou a SER. O que estuvo nos fogos fatuos da sua alma.

D'aquel grande amor que tivera ¿qué cousa o conmovía máis? Os primeiros tempos antes de ser amor. Os días en que na sua alma empezou a lumear a lámpara dós soños. E todo así.

Para él era un erro grande ese afán de todol-os humanos de querer realizal-os soños. Realizar un soño é matalo, porque perde a sua diviña movilidade, que é tanto como decil-a súa eterna renovación. Pasa como coas aveleíñas. Velas voar engaiólannos. Pero se as pillamos na man vólvense us vermes noxentos.

Pol-a noite, tomando café forte con caña d'alí, e fumando un bo puro púxose á escribir. Primeiro fixo unha poesía adicada a *lectora*. Foi un lóstrego de ispiración. Despois empezou coa carta. Estaba xa algo aluspado; pero máis que pol-a bebida, pol-a emoción. Cando se poñía así entráballe unha morriña que non

ESTEBO

podía co ela. E non-o deixaba hastra que lle salía pol-a pruma en líricos arranques de romántica eisaltación.

Escribeu esto:

«¡Qué triste é estar separado da persona a quen amamos! ¡Cómo todo perde o gusto para nós sin ela! Cando estamos así samente nos sostén a esperanza de que a habemos ver. ¡E qué pracer máis soave e ledicioso nos envolve; qué ilusión querida máis que ningunha sentimos cando nos asiste esta esperanza...»

«Anque ti non me quixeras eu tería que escribir estas liñas d'amor para calmal-o meu corazón e darlle unha ilusión de que me querías sempre.

«Xa estou máis contento que denantes de poñerme a escribir. Xa non me aperta tanto o nudo da gorxa, que me afogaba bárbaramente como unha man asesina. ¿E sabes por qué? Pois porque me parece que todo o que acabo de escribir cho dixo xa o meu pensamento, que está todo contigo, cheo da túa imaxe adorabile, que levo conmigo de cote á todol-os sitios. A túa fermosa imaxe é a que non me deixa facer cousa ô dereito. Sempre se me pón diante, celosa de canto fago, e obrígame á dar tumbos e tropezos en todal-as cousas, como á quen lle quitaran a vista de repente no medio da rúa.

XOSÉ LESTA MEIS

«Se me sento á escribir algunha cousa que teña que facer non son capaz. En vez de ler o que teño á vista, leo o que está no meu pensamento, que eres ti, e eso escribo. Moitas veces, canso de loitar deixo todo e póñome á mirar pol-a ventana, querendo pensar n'outra cousa para que se me serez a cabeza. Porque cando estou así árdeme que non sei. En fin, que me consumo no teu amor.

«Pero non coides que o sinto. Non me doi. ¡E tan doce á miña alma sufrir pol-o teu amor! Tan doce, que por cousa ningunha deixaría este sofrimento. Nin sería ninguén capaz á quitarmo sin darme a morte. E se houbera algen con poder d'abondo para eso e me dixera que non te iba ver máis, e que tiña que deixar de pensar en ti e non amarte, eu, ou me volvía tolo, ou estaría escribíndoche sempre ¡sempre! cartas moi longas moi longas, cheas do meu amor, que o meu pensamento che iría trasmitindo despois. Porque eu coido que as almas que se aman teñen poder para comunical-os seus pensamentos. Pol-o menos a miña n'este instante está segura de que a oes e a entendes. E tendo eu esa seguranza ¿qué me importa que sea ou non verdá pr'os demás? Hai cousas que non «poden» ser verdá máis que para un. Non poden nin deben sela. Porque non total-as personas comprenden total-as verdades. Algunhas, algunha cras de verdades non

ESTEBO

entra máis que en corazóns grandes e xenerosos como os nosos, e que se amen tan tola-mente como nós nos amamos.

«Son feliz con esta diviña loucura do teu amor. E coido que si me poidera morrer co ela e por ela, levaba a gloria connigo pr'o cam-posito.

«¿Pode haber no mundo cousa máis grande? Non é posibre. Como non é posibre que eu deixe pouco nin moito de pensar en ti e soñar contigo. Soñar desperto, que é como soñan as almas que saben voar e subir ás alturas azules e sempre risoñas do Amor...»

Esta carta acabou de tolear á doña Adela. Despois de a ler viñéronlle ganas de rir, de cantar e de chorar á un mesmo tempo. Sentábase e non podía estar queda. Todo se lle volvía ir d'un lado para o outro, como se fivera azougue. Barréronselle as ganas de comer Parecía levada da cabeza.

Non sei cantas veces a leu. Copiouna ô seu nome. E á forza de pensar e desexar que aquelo llo dixeran á ela, acabouno por creer. Era unha creencia esvaída, unha ilusión da sua alma chea d'ardores de deseo. N-este estado de suxestión vía na carta o nome de Mari Pepa como unha bulra do destino, como unha desgracia da sua mala sorte. Aquel nome e máil-o da firma, es'aban alí por pauto do díaño. Pero a carta era para ela. Escribírala *él*.

XOSÉ LESTA MEIS

o home que ela tiña no corazón, e que de noite vía en soños.

— ¡Vállame Dios, que tola estou! — dixo despois de cansa de matinar n-esto. Fixo o sinal da cruz e botouse fora da casa. Acoraba dentro. Necesitaba espazo, ver moito ceo, ¡moito! por onde poideran voar todas aquelas cousas que lle agurgullaban na cabeza entolecendoa.

Viñanlle ganas de decirlle á Mari-Pepa que buscara quen lle escribira as cartas. Tiña medo que lle sucedera algo malo. Pero ¿qué disculpa lle iba dar? Ademáis que se por veces quería verse libre do compromiso, outras non se sentía con valor para deixalo. Era verdá que lle daba congoxas; pero no fondo eran congoxas tan doces ¡tan doces! que lle daba a alma que sin elas non podería vivir.

Mercou unha caixa de papel de cartas fino como o que traía as de Estebo. E siguiu escribindo cartas á Estebo, que non eran para Estebo, como Mari-Pepa recibía cartas ô seu nome que tampouco eran para ela. Eles non viñan sendo máis que un medio de comunicarse don Vicente e doña Adela, que eran os que verdadeiramente se escribían, anque sin pensar un no outro d'unha maneira concreta, posto que nin se conocían nin facían mentes de verse.

ESTEBO

Pero as cartas recibíanas cada día con máis gusto. E non deixaban de sufrir cando tardaban máis da conta...

XIII

Tres días antes de empezal-a zafra deuse orde de cortar caña. Os negros, armados de machete, cortaban n-ela á eito, e íbana deixando atrás en grandes moreas. Despois, en carros e trés, traíña pr'o inxenio. A xente que iba e viña pol-os camiños collía unha, pelábaa e chupáballe o zume, que sabe moi rico.

Todo o mundo andaba alegre. Madrugábase. Aproveitábase o día. Na zafra é cando se poden aforrar algús cartos. Non hai quen non a espere con afán. Non hai quen deixe de pensar n-ela como única ocasión de facer cousas. O que quer ir vel-a sua moza; o que se vai casar; o que desea ir pra cabo da familia; o que quer facer unha maxencia; o que tén mentes de facer un viaxe... Todo o mundo tén os ollos postos na zafra. Gánanse millores xornales; o traballo é máis levadeiro, e pode andar á destallo quen non queira ter capataz. Hai máis cartos e máis liberdade. ¡Cómo non han pensar n-ela con total-as ansias!

Todo era movemento. Entraban e salían trés cargados de caña e de leña. Os carreteiros, ô mesmo tempo que falaban ôs bois, cantaban hermosas «guajiras», alabando â muller cubana, á Cuba, â independencia, á Maceo e demais sonados libertadores na guerra que tive-

ESTEBO

ton con España. Estebo quedábase bobíño
ouvíndoos.

«Maseo le madó á desí
á generá de la Habana
que la libertá cubana
pronto la iba á conseguí.»

De cantos d'estos estaban cheos os camiños.
Ôs amañecidos e ôs lusco e fusco era cando se
ouvían máis e millor.

No medio do cantar falaban ô gando.

- ¡Ben aquí, Pelafüina! ¡Tesia, Guaca-
maaaaio! ¡Mira que buey ma sinvergüensa, ca-
ramba! ¡Hate bobo y verá como te cogee cuero!»

Volvía á seguilo cantar.

Si vían pasar unha mulata que lles enchera
moito o ollo tamén lle botaban un piropo.

- ¡Jesú, Dio mío, qué cosa má hermosa hai en
mi Cuba beya! ¡Dio te bendiga, mulata linda!

Algús ô decir esto hasta quitaban o som-
breiro e todo. Era un cadro moi bonito, co
aquele ceo azul, aquelas palmeiras de xentileza
única destacándose por riba d'un hourizonte
branco-rosa e os canavales co seu verde e os
seus plumachos brancos en grandismas es-
tensiós.

O víspera de empezal-a zafra víase o «ba-
tei» cheo de carros e carretas cargados de

XOSÉ LESTA MEIS

caña. Carretas chámanlle alí á us carros de dúas rodas, altos como carromatos e da mesma feitura, sólo que máis rexos. Úsanos así para que non se enterren na lama cando as augas son moitas. E cartos son us vagós do ferrocarril, feitos xa para traer caña. Non teñen cuberta; non teñen máis que a prafatorma e os taboados das bandas. N'as cabezas pónenlles unhas estacas como fungueiros para que a caña non lles caia.

Estos carros-vagós viñan en três grandes. Había veces que unha sóla máquina traía á vinte e máis xuntos. Viñan de lonxe, das colonias que tiña o inxenio propias, ou que levaba en arrendo. Tamén o inxenio tiña carros-vagós e máquina para trael-a sua caña. Pero a caña d'él sola non lle chegaba á media merenda. Por eso mercaba canta podía e pagaba moitos cartos á empresa do ferrocarril que lla viña traer. De modo que entre a que lle viña de fora e a que xuntaba da d'él, enchía as vías que rodeaban o inxenio; sin contal-as moitas carretas que entraban día e noite das colonias de por alí á carón.

Denantes de encomenzar á moel-o inxenio facía probas. Estebo poido ver todo aquel movemento de grandes rodas, eixos e mazas de ferro, que aturdían á quen os ouvise por primeira vez. Mecánicos d'aquí pr'alí á toda preza, acudindo á todol-os sitios onde viñan algo

ESTEBO

que correxir. O maquinista no medio recibindo avisos e dando ordes, e mirando todo. Non sei que daba ver tantas máquinas e tan diferentes en tamaño e feitura andar todas á vez. Era un espectáculo tan atractivo que inda á moitos de por alí que o vían todol-os anos non deixaba de lles gustar.

Empezou á moel-o inxenio. Estebo quedouse coa boca aberta. Todo se lle volveu mirar cómo se facía o zucre. Vía entral-a caña por un lado, o dereito según viña da terra, e por outro salir xa feito o zucre. Moitos días a mesma máquina do trén que viña cos carros-vagós de caña pra moer, salía con vagós cheos de zucre pr'o mercado. Así sempre; a três. Alí non se andaba pouquiño a pouco.

Fíxouse. Chegaban os carros-vagós e entraban n-un aparato que chamaban basculador. No mesmo intre un home dáballe á unha roda e o basculador empinaba ô carro-bagón, según viña cheo de caña, hastra que lle caía toda d'un solo golpe n-un depósito. D'este depósito íbaa botando pouco á ponco n-un conductor sin fin, un eixo gordo de ferro c'us dentes grandes que ô dar voltas, prendía na caña do depósito e facíaa ir caendo regularmente no conductor, que á levaba ás máquinas moedoras. As máquinas moedoras eran as que facían andal-o conductor. De modo que si moían moito, moito andaba o conductor. Andaban

XOSÉ LESTA MEIS

sempre ò mesmo paso. O conductor tiña o mesmo ancho que as mesas moedoras. Estaba todo en proporción.

Ó salir a caña do conductor iba dar á primeira máquina das catro por onde tiña que pasar. Esta máquina esnaquizábaa. Tiña dúas mazas redondas de ferro, como eixos, de pouco menos d'un metro de gordo, con dentes. Entre as dúas mazas non cabía un dedo. Por este pouco sitio pasaba a caña toda que traía o conductor, que, sendo do mesmo ancho das mazas moedoras, dous metros pouco máis ou menos, erguía como medio metro. E decir que por onde non cabía un dedo pasaba un volúmen de cincuenta centímetros. A caña viña dos terreos en trozos de medio metro, e así entraba na primeira máquina. Cando saía iba toda esmagada, e en anacos cativos como d'unha cuarta.

D'esta máquina, que chamaban «desmenuzadora», pasaba a caña, desfeita e esmagada como deixo dito, á outra. Esta chamábase moedora. D'aquí, por outros conductores da mesma feitura que o primeiro, iba á terceira e cuarta máquinas. O nome d'elas era remoedoras. Compoñíanse de tres mazas de ferro redondas tamén, como as da primeira, sólo que sin dentes. Non tiñan máis que unhas arrabuñaduras para que non escorresen por riba da caña sin moela. Dúas mazas estaban

ESTEBO

Debaixo, postas de par, e a terceira enriba. O sitio de paso da caña por entre elas era como a metade menos das da primeira máquina. Así que cando a caña pasaba da primeira remoedora, era xa «bagazo», non tiña zume ningún. E inda lle quedaba outra por onde ir. Ó salir da derradeira iba tan chuchada que xa a leaban ô dereito á queimar ôs fornos, coa axuda de venteadores. Despois de dal-o zume todo pra facel-o zucere, inda producía forza pra moel-as máquinas que a deboraban.

Das dúas primeiras máquinas, á todo ancho das masas moedoras, caía o zumo da caña en gran cantidá. Podíase encher unha sella en menos de medio minuto. Despois iba por unhas canles á un pozo. Para entrar no pozo tiña que pasar por un colador que o limpaba do palluso que traía. D'este pozo subíao unha bomba á us tanques grandes. Alí botábaselle un pouco cal. Pol-o mesmo chamábase aquel sitio a «alcalización». D'aquí iba á us aparatos que chamaban «tripleefectos». Son da mesma feitura dos garrafós, pero moi grandes. Acaban n-un tubo ancho como d'un metro, que vai dar á un condensador. Están valdeiros por dentro. Non teñen máis que un tubo de cobre todo arredor no fondo, en forma de «serpentina».

Aquí é donde o zumo da caña, pasa pol-a primeira operación importante para facerse

XOSÉ LESTA MEIS

zucres. Énchese o aparato de zume e póneno á ferver dúas ou máis horas. Con esta fervedura, a auga que téñ o zume vaise evaporando e saí pol-o tubo do aparato pr'o condensador. D'ese xeito o zume que queda no aparato vai facéndose máis gordo e volvéndose mel pouco á pouco. Por us cristás que téñ o aparato vese ferver e collel-o coor dourado.

Cando está no seu punto valdeírase. O mel, que xa sale mel, vai á us tanques, como os da «alcalización». Alí queda hastra que se enfria. Custión d'unhas horas. Despois lévanos á outros aparatos da mesma feitura do primeiro, solo que moito máis grandes. Tamén n-estes fáiselle unha operación semellante. Chámanse «tachos».

D'aquí saí como lama. Pódese comer. É zucres xa. Fáltalle unha operación namáis para quedar listo. Esta masa vai dar por un tubo ancho á us grandes depósitos de feitura redondos e longos, para refiar. Con ese fin teñen dentro unhos eixos con palas que a remexen sin parar, e bótanlle de vez en cando un pouco mel pra que non se seque. Porque si se seca nin o demo a amolece. Ponse como un penedo. Estes depósitos chámanse «cristalizadores». D'estes cristalizadores pasan ás centrífugas, onde leva a derradeira man.

Centrífugas son us aparatos redondos e fondos como caldeiros grandes. Terán un metro

ESTEBO

de diámetro e pouco máis de medio de fondo. Todo arredor teñen unha tea metálica con buratiños cativos como puntas d'agulla. Encheñas de masa de zucre e póñenas á virar por medio de poleas. Non se ven de tanto que corren. Voan. Pol-a tea metálica vai saíndo o mel. Canto máis voltas dá a centrífuga e máis mel sai de dentro, máis branco queda o zucre. Ós catro ou cinco minutos d'estar virando sai o zucre xa feito de todo. Enchese nos sacos, cósense e vai en três pr'o mercado.

O conxunto é este. Máquinas á virar. Por un lado do inxenio entra a caña e por outro sai o zucre. Veñen três cargados de caña e saen cheos de zucre.

Os que facían turnos extraordinarios xa non iban ó cuarto para nada os máis dos días. Non tiñan tempo. Nin xiquera para comer. Durmían alí mesmo, enriba dos sacos de zucre, ou no chan. Pasaban o mes enteiro sin quitall-a roupa de riba d'eles. Nin se lavaban, nin se afeitaban, nin cortaban o pelo. Non se pensaba n-eso tampouco. Nin tan xiquera en comer. Moitos mandaban traer da tenda us bolicos de pan e comíano con mel. Con esto e con «guarapo», ou sea zume de caña, e xarros d'auga con zucre iban pasando. Así traballaban á dazaoito e á vintecatiro horas seguidas. Habíaos que entraban ás seis da mañá, ou ás doce da noite, e non paraban

XOS LESTA MEIS

hastra o outro día â mesma hora, que ibair durmir un pouco por alí en calquera curruncho para volver â mesma. Hastra que non podían máis. Hastra que se caían. Non sei que daba vel-os. Somellaban esqueletes; tiñan coor da tiriza; os ósos da cara saíanlles pr'afora; os ollos afundidos aló dentro; o armón do lombo dobrábase e facíalles pandal-o corpo pr'a diante; e os pantalós, por non ter onde suxetalos, caínlles pol-as pernas abaixo.

Estes homes, galegos coasementa todos, facendo así podían xuntar us cartiños no tempo que duraba a zafra, si é que a podían botar toda. Pero despois non lles chegaban pra meiciñas e pra quitál-a fame de riba d'eles. Algúxa non podían acabal-a zafra. Uu mes antes ou así líñanse que ir pra un hospital de Matanzas, ou pr'a Quinta do Centro Galego, na Habana. ¡Cántos foron e non volveron! E moitos dos que logran «salvarse» tiveron que virse acabadiños de vez, que parece que non houbo pan por onde eles anduveron.

Estebo, algús días, tamén traballou dazaioito horas. Tiña que o facer se quería xuntar pra virse. Pero soilo un día que outro. Para axuda dos gastos namáis. En todo o mes non pasaba de seis ou oito turnos extraordinarios. E así e todo bo traballo lle costaba. O día que facía un andaba dous ou tres esmoreado. Pesáballe a cabeza; tiña mal gusto na boca; perdía as

ESTEBO

voluntades de comer. Non lle iba ben. Pol-o menos facía os menos que poidera.

Outra cousa viu Estebo no inxenio que nunca poido creer. Non deixaban irse libremente ô que se quixera marchar. Como había falta de xente, algúns que querían cambear pra outro inxenio onde pagaban millores xornales non os deixaban ir. Non era que os prenderan. Pero non lles pagaban o que tiveran ganado. Iban â tenda, que era a encargada de pagar, e na tenda decíanlles que non tiñan cartos; que foran ô adeministrador. Iban ô adeministrador e o adeministrador mandábaos â tenda. Así os tiñan unha ou máis horas. Hastra que protestaban. Entonces viñan os guardias e arreglábano todo facéndoos calar axiña:

- ¡Aquí no se quieren ecándalos!

E como os guardias facían o que lles mandara o dono ou adeministrador do inxenio, que pra eso os teñen e lles pagan, non había máis remedio que achantar. Os homes non se podían ir ou tiñan que perdel-os días do mes que tiveran ganados. Nin 'valía agardal-o cabo do mes para cobrar e marcharse, porque nunca pagaban hastra o día catro ou seis. De modo que tres ou catro días sempre os levaba o diaño. Ou tiñan qué gastalos na tenda pol-o que quixeran darlles.

Casos d'estes veu moitos Estebo.

Como negárrelle-o axustado. A catro da pro-

XOSÉ LESTA MEIS

vincia de Ourense, que axustaran abrir unha gabiá fonda e longa que lles levou máis de mes e medio, non lles pagaron senón a metá do axuste porque sacaran bo xornal. Lástema fora. Pra eso traballaron como lobos. Tampouco lles valeron protestas. Tiveron que collel-o que quixeron darlles e calal-o pico

Roubarlles na tenda xa non digamos. O tendeiro, que fai de pagador para tel-a cobra na man sempre, no intre de pagar ós traballadores xa lles desconta o que teñan de gasto. Moitos levaban unha libreta para que lles foran apuntando n-ela o que iban gastando. Pero ô cabo do mes nunca daba a conta da libreta coa do libro do tendeiro. Sempre resultaban algús pesos de diferenxia a favor d'él. E había que apouñalos. Se non o gardia, que xa estaba por alí ô xeito, botaba á un fora do sitio á garapaldos, ou á planazos de machete. (1)

Cando se acabou a zafra Estebo botou á andar. O que tiña xunto non lle chegaba pr'o pasaxe pero D. Vicente doulle o que lle faltaba e máis unhas pesetas pra desembarcar.

(1) Todo esto e verdá. «Diario Español», da Habana, que dirixe un galego de corazón. Adelardo Novo, ten denunciado casos d'estes á barullo. Claro que ninguén se tomaba á molestia de correxilos. Nin as autoridades, nin o noso ministro, nin o cónsul nin o «Centre Gallego.»

ESTEBO

XIV

Despois que Estebo marchou toda a xente da aldea botaba contra d'él, por deixar abandonada á súa familia, podendo vivir tan ben todos xuntos. Cada un decía á súa ocorrencia.

- O moito vicio.

- Foi o diaño que se lle meteu na cabeza. Dios mo perdone, Señor.

- Mira que lle faltaba aquí pra botar á andar pol-o mundo adiante e deixar á súa nai e a suas irmás solas.

A siña Marica disgustouse moito e botou moitas contas a sobre de cómo había facer. Quedáballe unha parexa de bois, unha baca e un cuxo, e todal-as terras do lugar. Era visto que ela sola non podía atender a todo. Pagar xornaleiros á reo, tampouco. Non daban pra tanto as terras. Ademáis os animais en mans alleas non ganan nada. Non doen máis que á seus donos.

Non faltou quen a aconsellara que vendera os bois, inda que namáis fora, e que arrendara a metá ou máis da terra. Pra ela traballar e mail-as suas fillas ben lle abondaba coa horta. A horta era a mellor terra do lugar, estaba ô pé da casa e era de bo traballo. Patacaís, millo e fabas pra elas ben podían coller pr'o ano, e non tiñan necesidá de máis cavilaciós. As fi-

XOSÉ LESTA MEIS

llas tamén pensaban o mesmo, sacando Gorecha, que non estaba conforme.

À siña Marica non lle parecía mal de todo. Podía vendel-os bois e quedarse coa vaca e máis co cuxo. Os cartos dos bois gardalos sin lles tocar para hoxe ou mañán que Estebo viñera mercar outros, se quería seguir coa tráfa-la. Pero esto ben se dí. O malo é podelo facer. Na casa os cartos sempre fan falla; sóbralles sitio onde meterse. E despois que se foran ¿cómo iban facer para volver ter bois? E â siña Marica que non lle dixeran que na sua casa, mentras ela vivira, non había de haber bois e labranza. Ela nacera e criárase entre labranza, e entre labranza se puxera a vivir co seu Mingos, despois de casados como Dios manda. Así poideron ir vivindo sin deber un carto á ninguén, e criá-os seus fillos con moita fartura, e así quería seguir hastra que Diol-a levara.

Non, que non lle falaran d'eso. Iría tremando pouco á pouco, según poidera. As leiras, se non-as podía traballar todas traballaba d'elas. Quedaban para apastalo gando. A renda que había que pagar non era aló moita, que digamos, e malo sería que non poidera ir saindo, coa axuda de Dios. Estebo volvería desengañado xá do que era o mndo, e adicariase ô traballo con toda a ansia. E outra vez verían os seus ollos a eira chea de malla-

ESTEBO

dores no vrán; o palleiro á subir tan alto como as figueiras; cabazo acubulado de millo; a barra domeándose co peso das patacas e as sacas cheas de trigo e centeo como na vida de Dios perdone o seu Mingos.

Dáballo a alma que así había de ser. E cousa que lle dou a alma sempre sucedeu.

Nas cartas que lle mandaba á Estebo nunca deixaba de lle decir que se viñera; que non era vergonza ningunha chegar sin cartas, porque a sorte non está para todos. E que primeiro era a súa saúde. Que con saúde e coa axuda de Dios non lles había faltar que comer, nin unha peseta pr'o demáis.

Foi traballando a eira e algún anaco máis da terra mellor do lugar. Coasementa era sempre ela quen botaba o gando a apastar pol-a mañán e pol-a tarde. Dábase moi bo xeito. Estraíase moito con ese labor. Tamén falta lle facía, á pobre. Así como denantes era tan alegre e cantaruxaba á total-as horas, agora non se ouvía. Miraba de cote pr'o chán e fóraselle da cara o coor de saúde tan bo que tiña. Nin andaba xa con aquel espelimento de cando lle vivía o seu difunto. Pesáballe o corpo e viñérase moito ô vello.

Tamén Gorecha andaba con él algunhas veces. Facíano entre as duas. Cando había que ir ô monte por un carro de louza eran elas as que o iban buscar. Tiñan o monte cerca.

XOSÉ LESTA MEIS

alí na mesma aldea, e traían unhas fungueiradas d'ela namáis de cada vez. Así que os bois estaban gordos e vizosos que había que velos. O que se perdía n-unha cousa ganábase n-outra:

Todol-os domingos pol-a tarde iban pra eira da siña Marica algunhas veciñas. Levaban roupa e remendábana â sombra das figueiras, e máis de pasó tiñan conta dos fillos. As que máis iban era a tía Carmela e mail-a tía Farruca a de Bardallas.

Estas duas vellas eran as máis sonadas de toda a aldea. Eran moi boas e moi amigas de facer ben. Sabían unha chea de remedios contra todol-os males, o mesmo de meiguería que d'outra cras, e non eran nada negadas pra facerllos á quen llos pidira.

A tía Carmela era alta, delgada e ben feita. Moi piadosa. Creía en Dios e nos santos todos como un neno á quen non lle falan máis que d'estas cousas. Tería us sesenta anos. Doíase dos males alleos como dos seus. Cando sabía d'algunha desgracia na aldea aló iba sin que a tivese que chamar ninguén. Daba consolos e remedios á todos. Âs veces tamén ofrecía un polo, se o tiña pra que se lle fixera un pucheiro ô enfermo, cando era moi probiño. E non-o facía porque tivese moito. Ela iba vivindo co seu vello, o tío Farruco, como podían. Non

ESTEBO

sin traballar máis xa do que o corpo os deixaba ós seus anos.

Era lavandeira. O mesmo que moitas na aldea, lavaba roupa pr'os señores da Cruña. D'eso comía. A súa vida era no río sempre, fóra os días que tiña que ir á Cruña á levar ou trael-a roupa, ela e mail-o seu Farruco. Iban os dous, cada un co seu lótiño. El levábaa ô lombo. Ela na cabeza.

A casa onde vivían era d'eles. Era unha casa pobre, sin calear por dentro nin por fóra. Debeu pertenceren n-outros tempos á xente de labranza, porque á man esquerda, según se entraba, tiña unha corte como para unha boa parexa de bois, coas súa comedeiras ou preseres de pedra moi ben postos, e tan grandes que a señora Carmela poñía n-elas os paxes e lotes de roupa d'ela e de moitos máis que lle deixaban alí d'un día para outro.

Porque tamén había esto. Como a casa d'ela era a primeira que se alcontraba vindo do río, moitas, que tamén lavaban roupa pr'os señores da Cruña e en gran cantidá, por non levala pr'as súas casas mollada e tela que traer ô outro día pol-a mañán, para o que precisaban facer varios viaxes, deixábana na casa da señora Carmela, e así tiñana á un paso, como quen di, do río.

E non era que a xente abusara da bondá da tía Carmela. A tía Carmela sempre que vía

XOSÉ LESTA MEIS

andar á calquera cargado con roupa que inda había que traer máis d'unha vez ô río ou ô tendal, que estaban por alí ô pé da sua casa, facíallela deixar. Algunhas veces tiña tanta que coase non se podía remexer. Pero ela de cote buscaba sitio, e sempre decía que non l'estorbaba. Así que da sua casa podemos decir que era a casa de lócamerrouque.

O tío Farruco ás veces rosmaba por sel-a sua dona así. Nin tanto nin tampouco. Pero non pasaba adiante na sua protesta, e as cousas seguían o mesmo. Non era que lle disgustara a bondá da sua Carmela. Pero algús días quería coller cousas dos currunchos donde as tiña e non lle era posibre, con tantos atracos. Aquelo era un valado de lotes en paxes.

Iban ô monte unha vez ou duas â semana os días de vran á buscar cepos, queiroas e gallos secos de pinos para queimar no inverno, cando non había un carabullo seco a que botal-a man. Como eran vellos os dous traían us pistigallos que podía co eles un neno. Coasemente non lles chegaba para afervantal-o pote do caldo. Esta leña poñíana á secar ô sol diante da porta. Despois de ben seca recollíana e gardábana. Podendo arregíarse non lle chinca-ban hasira o inverno. No inverno, que chove á dez e á quince días á reo e con frío, víñalles moi ben para ila mesturando coa verde ou mollada que tiveran. É o que fan os probes na

ESTÉBO

aldea. Pois a tía Carmela iba mercar un capón
â tenda para facel-o lume, porque a leña que
tiña na casa non se podía pillar pol-os moitos
lotes de roupa que tiña diante. E para que non
rosmara o seu Farruco decíalle que a leña da
casa conviña ila deixando para as ocasiós.

Era limpa como a prata. E non podía ver
unha persona que fora cócha. Nin que lavase
mal. Ó que tivera estes defectos decíallo; con
moi boas palabras, con moita dozura. Pero de-
cíallo. «A limpeza daia Dios de valde». Era a
razón que poñía para xustificall-a sua protesta.

Tiña a casa que se podía comer no chan. A
artesa, que tamén servía para comer, estaba
branquiña que non sei. Bilaba. O mesmo a
sella da auga, e a ferrada, e o tanque. Todo o
tiña que daba xenio verllo. O pote, que debía
ser tan vello como ela, parecía acabado de
mercar. E eso que moitas veces facía o lume
con toxos e queiroas, que afuman ô demo, e
todo o enchen de tisno.

Pero a tía Carmela antes de poñel-ô lume
pra facel-o caldo rascábao c'un coitelo vello.
Cando facía este labor, sentada â porta, can-
taba

•Véndeme os bois e véndeme as vacas
e non me véndal-o pote das papas.
Véndeme a cunca e máil-o cunqueiro
e non me véndal-o meu tabaqueiro.
Ou unha d'estas:

ESTERRO

«Eu ben cho dixen, rapaza,
Eu ben te desengañei.
Díxenche que era casado.
Agora ¡que che farei!»

Tén coidado, Maruxiña,
cando te deites na cama
que non vai á vil-o-
trasno e facerche unha trasnada.»

«Algún día algo, algo;
Agora, ¡malpocadiño!
Xa non me queren as nenas
Porque vou acabadiño.»

A limpeza n-aquela casa notábase xa ô po-
ñel-o pé na porta. Viña de dentro á fora un
olor á cousa fresca que mesmo consolaba. Ese
olor á cousa limpa que non se parece á nin-
gún, porque él soilo é millor que todos. Ta-
mén se notaban ulidos de loureiro e outras
cousas que a tía Carmela botaba na colada
que lle facía á roupa. A casa toda olía moi ben.
Colgados nas vigas víanse ramos de herbas de
San Xuan, que gardaba porque eran moi boas
para unha chea de remedios que ela sabía.
Pol-o mesmo, sempre que na aldea había
unha persona c'un delor íbanlle pedir con-
sello.

A tía Carmela para todos tiña algo. Era
consolo dos tristes e alivio dos enfermos. O

XOSÉ LESTA MEIS

gusto d'ela, despois de facer canto ben lle fose posible, era que na semana viñesen dous ou tres días bõs para aparelal-a roupa. Un día para crareala, outro pra poñel-a secar. Non había gusto para ela como este.

¡Había que vela entre a roupa estendida no tendal, branca como unha espelma, recreándose véndoa bailar ô sol! Gozaba. Nin tan xiquera se lle acordaba ir xantar. Sentábase ô abrigo d'unha toxeira, poñía unha peza dobrada na cabeza para que non lle fixera daño o sol, e así estaba nas súas gorrias. Sempre se ouvía unha cántiga nos seus beizos.

•Corredoiriña da fonte.
A dos escuros loureiros;
Sempre me recordarei
Dos amorinhos primeiros. •

•Vaite d'ahí, Pedro o chosco,
Non me engañel-a criada;
Non ma calzas nin ma vistes
Nin lle págal-a soldada. •

O máis das veces tiña o tío Farruco que levarlle o xantar. Por ela pasaba sin comer. E cando o tío Farruco lle rosmaba por ser así, ela decíalle que comera él; que non tiña fame. Pero fame non-a tiña mentras estivera coa roupa. E si xantaba había ser no tendal, vendo cómo se lle secaba e cómo relucía ô sol.

XOSÉ LESTA MEIS

¡Canto gusto lle daba cando a xente, ô pasar, lle decía que a roupa d'ela estaba máis branca que a de ninguén! Ela quería desimular. Pero non podía. No brilar dos ollos e no tembrar da voz cando falaba conociaselle âs légoas. Si gozaba con que lle dixeran que a brancura da súa roupa era máis relucente que a de toda a que se vía por alí.

Non deixaba d'ír á un enterro nin â misa os domingos e días santos por nada do mundo. Nin de preguntar total-as ocasiós pol-a saúde dos enfermos. ¡Coidadiño! Interesábase como se fora da súa familia. Doíase de todo o mundo e estaba de cote desposta á facer todo o que poidera por dar alivio e consolo á quen lle fixere falla.

Na aldea queríana moito. ¡Dios nos libre que algún se atrevese á faltarlle ô respeto! E non xa faltarlle ô respesto, senón que nin deixar de escoitala. O que tal cousa lle fixera máis lle valía non se erguer aquel día da cama. Aburábano. A tía Carmela era no pobo como a persona elexida por Dios para facer ben e poñer paz entre todos. Gozaba d'unha estimación e d'un respeto así. Merecía tamén. Hasta o seu falar era doce ô corazón e ô ouvido.

Non tiñan fillos. Eran na casa ela e máil-o seu Farruco namáis. Tiña catro galiñas moi gordas e moi papudas. Coidábaas o mesmo que

ESTEBO

se foran catro nenos. Fixéralles un poleiro moi feituco detrás da porta. Tamén tiña un gato. Era branco, con pinchas negras pol-a barriga. Estaba gordo e lucido que era moito conto. Mesmo daba ganas de comelo.

As galiñas e o gato levábanse moi ben. Non salían do pé da porta. Cando vían un can armaban un barullo dos díaños. Moitas veces o can non lles facía caso; pero eles asustábanse o mesmo e facían sair â tía Carmela de mal aire, c'un fouciño vello na man, todo enferruxado, que tiña para ir partindo os toxos enriba da lareira, según os iba metendo debaixo do pote. E tiráballe ô can, se non lle ganaba medo, anque xa estivera lonxe. E rosmáballe tamén, como si o can á entendera e lle fixera caso. Xuráballe que non se había d'ir sin elas.

Se había xente por alí, e ela non-o conoía, preguntaba quen era o dono, e non pasaba sin darlle as queixas. E había que lle dar algunha disculpa, decindo que o can se soltara da cadea, e que era un tal e un cal, e que xa lle poñerían unha mais forte, anque fora a da grade, para que non se soltara máis.

Se non lle daban estas satisfaiçós anoxábase de verdá. Ela decía que o que tivera animais que os arrecadara. Tamén ela arrecadaba os seus.

Esta era a única tacha que se lle podía po-

XOSÉ LESTA MEIS

ñer. Pero tampouco había motivo, porque ela sempre quedaba conforme, con tal que ouvira boas palabras e se lle dera a razón.

Non era moito pedir esto en troques de tantas bondades como tiña pra todos. ¡Ai, pero òs seus animais non se lles podía chincar! Nin xiquera asustalos. Primeiro pasaba que lle fixeran á ela calquera cousa. Ser eran moi cariñosos. Pero como os tiña no maior vicio do mundo asustábanse pol-a menos.

A tía Farruca a de Bardallas, andaba pol-os mesmos anos da tía Carmela. Inda me parece estal-a vendo. Era cativa, regordecha, moi fei-tuca, moi xeitosa e moi probiña. A roupa xa non se sabía de que pano fora; todo era remendos. Pero moi ben postos. Limpa e cursi-dosa non-a había máis. As saias moi redondi-ñas sempre e moi ben postas. O pano da ca-beza traíao d'un xeito que non lle deixaba ver máis que a metá da cara. Baixáballe d'arriba abaixo, tapándoll-as orellas e as cacheiras, e iba por debaixo do queixo atarse atrás no pescozo. As chambras eran d'unha tea gorda e dura, que chamaban tartán. Eso sí; moi fei-las. Co puño axustadiño, a manga ampria, sin moito voo, que digamos, e tamén cheas de remendos.

Andaba sempre pol-os camiños e corredoiras c'un fouciño vello na man, collendo espi-nallas. Algún toxo que quedaba prendido nas

ESTEBO

silvas, ô pasar un carro cargado d'eles; unha silva que empezaba á secarse de vella; un ceppo ou raíz de toxo que co roce contínuo e forte dos carros cargados de leña e de louza iban quedando ô aire; algún carabullo que vira pol-o chan... E así. A tía Farruca buscaba d'este xeito leña d'abondo para as súas necesidades, que eran poucas e cativas: quental-o caldo, asar unha sardiña cando Diol-a daba, ou cocer us cacheliños. Todo era moi pouca cousa. Con dous toxos, como quen dí, aparelaba. O caldo facíao n-un pote cativo, moi vello. Poida que máis vello que ela. Xa lle faltaba un pé, e o testo estaba todo comido pol-as beiras. Tiña limpiño e moi coidado. A tía Farruca era na casa como se vía por fora: limpa e corsidosa. Como que as náis poñíanlla por exempro ás fillas. Cousa da man d'ela podíase comer cos ollos pechados.

Vivía ela soila n-uha casíña vella; catro paredes escuras e mal cubertas, ca porta caéndolle de podre. Non tiña ventana ningunha. Nin eses ventanucos que se ven en moites casuchas da aldea, por onde entra ás veces unha raiola de sol, cando o fai, ou algunha craridá do día. Os trastes compoñíanse d'unha cama de casqueiros e un xergón de poma non moi cheo xa, unha hucha vella que tiña preto da cama, cos pés e algo do fondo comidos da friaxe; un fallo pequeno, unha gaveta pr'a

XOSÉ LESTA MEIS

auga; dúas cuncas escachadas pormoitos sitios e suxetas con aramios d'eses que botan os afiadores que van pol-as aldeas a «compoñer pratos, fontes e paraugas»; «duas culleres e un cullerón de pau, xa todos comidos; un candil de ferro, unha estrepia, unha artesa, unha ti-xola, e un pucheiro. Eran todol-os trastes que tiña a tia Farruca. A casa, a chouza, mellor dito, non lle custaba nada. Non tiña dono. Ou se o tiña non se sabía d'él.

¿Cómo vivía a tia Farruca? Cuasementes non vol-o podo dicir. Pero ela andaba limpa, abrigada e farta, ô parecer. Pol-as corredeiras adiante cantaruxaba de cote. Para ela non había tristezas. E se as tiña sabía tapar. O caso é que cantaba á todal-as horas como un paxaro.

- «¿D'onde ves, Marica?

- Veño da verdura

¡Qué ricos repolos,

¡Cáscalle alí!

Ten o señor cura,

¡Ai eso sí!

Ôs veciños do pé da porta dábanlle sempre algo pra facel-o caldo; unhas poucas patacas, unha presa de verdura, unha cunca de fabas... Para xabrón, luz, fío e agullas iba quitando cos ovos de dúas galiñas que tiña. Agulla con-

ESTEBO

servaba unha desde non sei cando n-un alfiniteiro, gorda que na miña vida. Cando non tiña fío e precisaba dar unhas puntadas pedía unha liña á calquera ¡Xúrovos que mesmamente me parece estala vendo botar remendos sentada ô sol nas tardes do outono, cando xa tén pouca forza, detrás d'unha muralla vella toda cuberta de edras, con dous ou tres nenos d'arredor, que lle daban os veciños a coidar, unha hora ou así, mentras facían algús labores. E sempre cantando como se estivera no mellor dos mundos. Despois da cántiga seguía con este estribillo:

•O can, o can,
o díaño do can;
roeuille as cirolas
ô meu cirolán.
Deixarllas roer,
deixarllas roer
que outras cirolañas
inda as ha de ter. •

De cada media ducia de puntadas pasaba a agulla pol-o pelo. Sempre que lle preguntaba por qué o facía contestaba unhas veces que «era ben»; e outras porque a agulla estaba cega. Cega quería decir que non tiña punta. E non tería. ¡Sabe Dios cantos anos levaba a pobre dando puntadas! Despois era gorda como un fungueiro.

XOSÉ LESTA MEIS

Non acendía a luz de noite hastra que se iba deitar. Pasaba horas enteiras á escuras como n-unha coba. Era por non gastar-o aceite. Media cuarta d'él tiñalle que chegar para non sei cantos días.

Para remendal-a roupa non-a había como ela. Non porque o soupese facer millor que ninguén. Non me estrevo á decir tanto. Era que á cada cousa dáballo o seu tempo. Se non podía acabar hoxe deixábao para mañán. A ela sempre lle ehagaba. Non sabía facel-as cousas de calquera maneira. E cando algunha se sentaba ô pé d'ela, e pol-a présa daba algunhas puntadas de mala morte á tía Farruca non podía pasar sin decirlle algo. Non podía. Ás veces hastra se facía unha miixa rallanta.

- Anda, muller - decíalle un día á Fumegas - ; que o tempo daio Dios Noso Señor de balde. Tanto tén un pouco máis que un pouco menos. O mundo ha quedar e nós habémonos d'ir. Pouco máis che leva facelo ben que facelo mal. ¡Estrica máis o remendo, muller, que vai enrugado! ¡Pon a peza enriba da rodilla! Axéitaa, muller, axéitaa. ¡Ai que carai!

- ¡Boh, tía Farruca, vosté tén moito tempo e eu non lle me poido parar tanto. Inda teño que facer unha chea de cousas, e xa se está poñendo o sol!

- Pois, deixa, muller, deixa que eu cho fa-

ESTEBO

cerei. ¡Se hastra é unha lástema, muller, que n-unha chambrá coasemente nová aínda como esa, poñas un remendo así! Eu non podo vel-as cousas mal feitas. Non sei qué me dá. Dirás ti que cada un no seu manda e fai o que máis lle pete. Pero á min dame unha carraxe que non sei. Moitas andan mal amañadas porque queren. Porque non son cursidosas. ¡É tanto gusto como dá ver unha muller coa roupa ben cosida! Denantes a xente non era así. ¡Ai, non! ¡Así Dios me dea a groria como non!

A tanto chegaba algunhas veces a tía Farruca. Pero sabía decil-as cousas c'unha aquela que ninguén lle tomaba nada á mal. Decían, sí, ás veces que era un pouco molexas. O caso é que a querían ben e tiñan moito gusto en estar co ela, por ser tan falangueira, tan chistosa e tan alegre. É verdá que tamén lles facía cantos favores lle era posibre ôs seus anos. A unha coidáball-os nenos cando tiña que ir á algaruz; á outra tíñalle conta da case, ou reparáballa do cócho, que botaba por alí; peláballas patacas, escollíalle-a verdura ou as fabas pr'o caldo. Ela daba á todo, con tal que poidera.

Pr'os nenos tiña unha gracia que non sei. Habíalle de estar chorando moito un á sua nai, sin facer caso á canto lle dixera. Collíao a tía Farruca, aloumiñábao, decíalle catro

XOSÉ LESTA MEIS

cousas co aquel seu falar engaiolador, e xa quedaba o neno contento. Ela mesmamente gozaba. Cando os quería facer dormir cantáballes esto:

*¡Qué vida tés gaitero,
Qué vida tès pol-o vraan;
Cóllel-a gaita ò lombo,
Tan-parrantán-parrantáaan!*
¡Aaaaah! ¡aaaah aah?

Outras veces dáballes de comer. E despois que estaban fartucos poñíalos enriba das rodillas, e sacudíndoos cantáballes:

*¡Tin, tirintin, tirintin, tirintiña
O que non come non tén barrigiña!
¡Tin, tirintin, tirintin, tirintola,
O que non come non tén barrigola!*

- ¡Eu non sei que tén vosté pr'os nenos. tia Farruca; que moito a conocen e lle queren!
- decíanlle.

- ¡E que hei ter, muller, que hei ter! ¡Eu non sei que hei ter! E que vos non tedes paciencia pra andar co eles. Enfadádesvos, berrádeslles e gánanvos medo. ¡Meus anxos! Coidades que un neno é como un de nós. Aínda a nós gústanos que nos traten con agarimo para canto máis eles.

Así eran e así vivían estas velliñas.

ESTEBO

A tia Carmela tiña de toda-as herbas de facer remedios; tiña asentes, apio, ruda, cili-donia, herba de Santa María, herba Luísa, xarxa, romeo... ¡Qué sei eu! E sabía para que era bo cada unha.

Ademáis dos moitos remedios que sabía facer coas herbas, tiña outros con palabras para cural-as belidas; o mal de ollo e as lombrizas. Traíanlle nenos para curar de todo por alí d'arredor. Da aldea xa non digamos.

Para cural-as belidas facía así:

Pillaba nove grans de trigo na man e con un de cada vez cruzáball-o ollo ô neno, decindo estas palabras:

•Santa Lucía
Tiña tres fillas;
Unha bordaba,
Outra cosía
E outra descontaba as belidas. •

•Pol-o poder de Dios e o da Virxe María, un padre nuestro e unha avemaría. •

Rezaba o padrenuestro e mail-a avemaría.

Todo esto repetíao con cada gran, hastra arrematal-os nove. Según acababa con un íbao botando n-un prato con auga. N-esta auga tíñase que vel-a belida do rapaz.

Habíao que facer nove días á reo. Sabando que se empezase en viernes, que entonces

ESTEBO

abondaba con tres porque o viernes, sábado e domingo valían cada un por tres días dos outros.

Para cural-o mal de ollo collía un dente de allo e pasáballo ô animal (o mal de ollo soilo entra ôs animais) d'atrás pr'adiante, pol-o lombo, decindo;

«Mal de ollo,
vaite ô rolo,
E do rolo
Vaite ô mar
Onde nadie te poida trepar.

As mesmas palabras e os mesmos rezos que para cural-as belidas arremataban o remedio. Sempre tiñan que ser nove días á reo, ou tres, empezando en viernes.

A tía Farruca tamén sabía algúñ remedios. d'estes. Levantaba a paleilla, «cortaba» o lume, a liricia, e non sei qué máis.

Para cortar-o lume tiña un saquetiño feito de baeta virxe, ou sea sin mollar, c'un cacho de grasa sin sal dentro. Pillaba o seu saquete, e facendo cruces enriba da ferida empezaba:

«A auga mata o lume,
O viño mata â sede,
Así como estas cousas son verdades.
Lume, nin andes, nin escaladres».

XOSÉ LESTA MEIS

Para erguel-a paletilla:

«Como a auga vai pr'o mar,
e as palomas pr'o seu palomar
a paletilla de Fulana (nome e apelido)
Dios lla traia ô seu lugar».

Tamén tiña que ser nove días á reo, ou tres empezando en viernes. E sempre os mesmos rezos e poñendo por diante o poder de Dios e mail-o da Virxe María. Tamén sabía quitall-a sombra ôs nenos e sanalos da crebadura.

Cando facían os remedios eran outras. Poñíanse moi serias e solemnes, como se estiveran na misa para recibir á El Señor. Falaban baixiño, o mesmo que si as palabras perdesen a virtú milagreira con ser ouvidas.

Así eran e así vivían a tía Carmela mail-a tía Farruca.

A xente que pasaba pol-a corredoira e miraba pr'a eira da señora Marica, non deixaba de dicir algo.

- ¡Seique se para ben ahí, eh?

- Inda non hai queixa. ¡Ven pr'aquí un pouco, muller!

- ¡Xa cho creo! ¡Se non houbera máis que facer..!

- ¡Anda, muller, anda que hoxe é domingo, e unha hora para morrer non ha faltar. poña;

XOSÉ LESTA MEIS

Tamén, non vai ser todo traballar. Tras d'un día ven outro.

Era o diálogo de moitos domingos pol-a tarde, no vrán, que a esa hora e n-ese tempo iban as veciñas para eira da señora Marica.

A tía Farruca e mail-a tía Carmela consolaban moito na señora Marica.

- ¡Cala, muller, cala, que Noso Señor nunca falta ós seus! Ten pasensia. Inda non sabes o que será. Pol-o d'agora vas andando, en boa hora o digas,

Tamén iban pol-a eira doña Adela e don Andrés.

Don Andrés era un home alto, de bigotes grandes e ollos afundidos debaixo d'unha teta ampria. Facíase moi serio e de poucas palabras. Pero cando decía as primeiras víase n-él un home moi agradabre e de bon corazón. Para total-as culpas liña un esquecemento. Non podía ver padecer á ninguén. Se algún rapaz pillaba un paxaro dáballe unha cadela por él e botábao á voar. Iba ô café todol-os días e as pedras de zucre que lle sobaban gardábaas para repartir ós nenos. En véndoo vir xa iban correndo pra él.

- ¿Don Andrés, dáme unha pedra de zucre?

Se non podía traer pedras de zucre mercaba caramélos e dáballer-os. Sempre procuraba ter algo conque os contentar.

Viña pol-a aldea moi a miudo. Estando o

ESTEBO

tempo bo ten vido a semanas enteiras. O seu gusto era andar pol-os curulos. En canto chegaba, subía òs silios máis altos e poñíase á mirar todo arredor. Para ir á algúis tiña que tornal-os cás ladradores que lle salían ô camiño, escandalizados de ver aquel home por alí, tan diferente dos demais da aldea; e dar voltas e reviravoltas como un muiño por carreiros estreitos e arecosos, cubertos de toxales, que lle cravaban nas pernas as suas espiñas feridoiras. De vez en cando parábase e escribía n-un papel.

Sempre andaba cantaruxando. No oxal traía unha margarida dos campos, cando era o tempo d'elas, unha pola de néveda ou de menta brava. Outras veces eran frores de xesta e de codeso. Do xardis nunca se lle víron.

Falagueiro non-o había máis. Palicando cos vellos non tiña presa nunca. Preguntáballe mil cousas a sobre da vida presente e pasada. Enterábase de có no eran as colleitas; do valor do gando; do moito que costaba mantelo cando non había herba d'abondo. Doíase co eles cando a sequía era moita e gozaba cando os vía satisfeitos e contentos. Moitas veces pagálle-a parba. O seu gusto era que á donde él chegase houbera unha hora, inda que non fose máis, d'esquencemento da dureza do vivir. Pra que así fose facía todo o posibre. Xa tén dado cartos á algúis pr'axuda

XOS LESTA MEIS

de pagal-a renda. Ademáis facía na vila cantos favores lle pedisen e poidera. Cousa que estivera nas suas mans era de todos. Na aldea queríano moito.

Algús días de vrán viña de noite e todo. Aparecía pol-as corredoiras cando menos se pensaba. Sempre solo. Máis d'unhá vez téñeno alcontrado mirando pr'a lua á través dos loureiros. Estaba así bos anacos. Iba e viña a xente pr'a tenda ou pra fonte, e víano sempre na mesma. Gustáballe respiral-o ambiente aldeán de noite, cando a aldea está en silencio e sal das casas, a través dos tellados escuros, o fume cheo d'aromas das pólas de moita crás d'árbores que queiman no fogar, mesturados co olor á caldo fresco, que mesmo abre as ganas de comer. Procuraba ir por diante dos currales para alental-o olor do estrume, que tamén frotaba no ambiente nas noites craras e sereas. Non lle daba noxo o esterco nin o zurro da casa do labrador. Máis ben lle agradaba. En troques non podía resistil-o da vila. Cando o vía n-algún sitio, que o levaban moitos labradores, arredábase canto máis poidera. Esfollas non perdía de ver unha. Pagáballes media «libra» ou unha dz caña ôs mozos xoldeantes e él puñíase á un lado para ouservar todo. Despóis apuntaba no papel.

Pol-a tardechiña, entre lusco e fuscó, sentábase nos cómaros e arrimadas altas para ver

ESTEBO

morrel-o día. Alí estaba hastra que xa non había ninguén por leiras, prados, arredores e rios, nin se oía unha fala, máis que o ¡rurrr! dos avechuchos que cantan â noite. Ouservaba todol-os movementos da xente facendo os últimos labores; mulleres collendo paxes d'herba, roupa de crareo ou do tendal, Este home que bota o último rego e da coa cota da aixada enriba d'unha pedra para sacudirle a terra; ese que ven vindo cos bois d'apastar; aquél que guía a auga pol-o prado... Mentras facían esto falaban us cos outros, As voces esparxíanse pol-o val co son apagado na tarde murrufosa. Chegaban ôs ouvidos de don Andrés como falas d'un enfermo ou ecos de lonxanas conversaciós. E inda somellaban voces da mesma Natureza.

Ulindo a sua póla de néveda e coa margarida no oxal chegou unha tarde â eira da señora Marica. Era día santo. Alí estaban a tía Carmela e máil-a tía Farruca de Bardallas, e outras. Falaban da morte do Bulbule. Collérao unha enfermédá moi mala, que chamaban mal do peito. En pouco tempo comeulle a barriga toda e deixoulle os osos ô aire.

Malo e todo non quería perder das suas. Iba â Cruña un ou dous días cada semana, á saber cómo andaban as trampas da xusticia, en que de cote facía danzar â xente. Ir inda iba

XOS LESTA MEIS

indo, porque era costa abaixo, arrimado ô seu paraugas. Pero ô vir de volta era todo costa arriba e acoraba. Tiña que irse sentando nos marcos da carretera, de cada media ducia de pasos. A todo o que vía e lle quixera escoitar, contáballe as súas augurias, para que se doeran de velo así, que lle daba moito gusto.

- ¡Non podo, non podo con este meu corpiño! ¡Eu non sei o qué teño aquí, (levando a man o peito) que non me deixa alentar pouco nin moito! As pernas xa non poden conmigo. Non teño ánemos para nada... ¡Ai! ¡Ai! ¡Ai!..*

Nunca faltaban personas que por non conocelelo pidiran á Dios de corazón que lle truxera a saúde. E conecendo tímela algunhas decíanllo na cara, de medo, e despois, por detrás, pedíanlle ôs santos todos que o levasen pr'os infernos.

Paraba sempre, ô ir e máis ô vir da Cruña, pra descansar na casa do Crecho. O Crecho tiña taberna. Era un home natural, sinxelo e xeneroso. Favor que estivera nas súas mans podíase contar co él. Era forte, amigo do bo viño do Ribeiro, e dos homes leales. Ôs cureñas e carroñas, como él decía, arrastrando moito as erres, non os podía ver. Tiña unha forza como un boi. Onde poñía as mans non había quen llas quitara. O día que viña «de chiquitas», ô entrar na casa, o primeiro que facía era mandarlle â dona que convidara á

ESTEBO

todo-os que estiveran alí. E habíao que facer, e pronto! anque algú dos presentes lle tiveran metido bós pufos. Cando collía carraxe ou estaba «de chiquitas» berraba á falar que se ouvíaa ás légoas.

Como abusaba moito do viño, inda que era forte, poñíase o corpo mal. Pasaba sin comer algú días por non ter gana. Pero coidábao moi ben a dona. Facíalle bós caldos limpos, que moitas veces tomaban algú veciños probes e enfermos, que non tiñan conque se coidar. Tanto o Crecho como a sua dona, eran moi amigos de valerlles ós enfermos da aldea que pasaran necesidá.

O que tiña de bó tiña de craro. A calquera lle decía o que lle parecese. Pero decíallo d'un xeito salvaxe. Non sabía emprear outro modo nin lle gustaba que o usaran co él. Sempre gardaba na casa botellas de xerez e coñac Domecq que mandaba traer para cando se lle poñía o corpo mal.

Algunhas veces ó estalo tomando aparecía o Bulebule. Degoábase mirando pr'o Crecho como enchía as copas d'aquel viño color d'ouro. Co seu falar mariqueiro decíalle, sorríndose como unha almiña de Dios:

- ¡Carai! esa si que debe ser cousa boa!
¡Cando ti a tomas...!

O Crecho sabía moi ben como era o Bule-

XOSÉ LESTA MERS

bule. Pero si o pillaba de ole non se lle enfadada, e inda fiña algunha atención co él.

- ¿Quérel-a proba?

Dáballa. Ô Bulebule gustáballe moito aquel viño.

- ¡Mesmo parece que vai dando vida pol-o peito abaixo, ho, así Dios mæ salve! - díxolle un día pasando a man pol-a barriga, despois de tomar un grolo - E canto costa unha copiña d'estas?

- Se queres unha cóstache tres patacós.

- ¡Carai! ¡Non che é pra min! ¡Boa cousa ea, ho, así Dios me dea sulú; pero tres patacós unha copiña como esta... ¡carai! non che é para probes.

O Crecho, que-xa non podía ver ô Bulebule nin pintado, por ser tan chupón e tan cuitre. púxose salfurio.

- ¿Ai logo ti queríafo de balde? ¿Gústache empetal-os cartos ou gástalos en trampas de xusticia e tomar á conta d'outro? ¡Pois toma zurro, mandilón! Anque dzas unha peseta por unha copa non cha dou. ¡Adozce! ¡Déixaste morrer por non gastar, larpán! ¡Amólate!

Amostráballe a botella:

- ¿Vela? ¡Non-o probas! Inda que adozce-ras por un chisco non cho daba. ¡Por carroña! Mentras eu bebo ti asobía.

E poñíaselle á beber diante dos morros.

Outras veces o Bulebule queixábase á quen

ESTEBO

eslivera na taberna de que non podía máis consigo; que acoraba ôs dous pasos e que non sabía como poidera chegar hastra alí. Pero o Crecho paráball-os pés de contado, inda que non fora con él a conversación.

-- ¿E logo non hai coches na Cruña? ¿Xa se acabaron, ou? ¡Dóeche afroxal-os cartos! Secho pagara o outro viñache ben ¿non? ¡Cata que diaño! ¡Pois come lume! ¡Amócate! ¡A ver se estoupas d'unha vez.

Pouco antes de morrel-o Bulebule meteuse en xusticia c'un señor que tiña moitos e bos amigos na Cruña. O Bulebule perdeu. Perdeu a custión e máil-a casa onde vivía o Poutas, que non era d'él, senón que viña sendo de Dios perdone ô pai do Poutas, á quen o Bulebule lla quitara con manganchas.

Cando o Poutas tal soupo púxoo á pan pedir, e quixolle botar-as mans á gorxa e pisarlle peito, por estal-o roubando tanto tempo, e máis aínda abusar d'él como abusara.

O Poutas foille ô enterro para tel-o gusto de vel-o quedar na cova. Aquel día estrenou us morceguís novos. Indo pol-a costa abaixo de Monelos rinchábanlle ô andar; e cando os cregos cantaban o responso, os morceguís do Poutas decían:

- ¡Es-toupou! ¡es-toupou! ¡es-toupou!*

Había outros motivos na conversación, que tiñan divididos os pareceres. Pidíronlle o seu

XOSÉ LESTA MERS

á D. Andrés, que o dou de contado, sin deixar de util-a folla de néveda, unha vez que outra.

Don Andrés falou así.

- «Non, señora, non. Todol-os pecadores merecen compasión e Dios non é quen menos lles quer.

A tía Carmela persinouse.

- ¡Ai, virxe Santísima de Pastoriza, vosté que di, Don Andrés!

Don Andrés sigueu como se non vira escandalizarse á tía Carmela.

- «A Virxe tamén os ampara, porque sabe que son os que precisan d'amparo. Paréceme que a cartilla di n-algunha parte.

«Salve, señora,
Reina do ceo,
nai e consolo
do pecador.»

Vosté, que a sabe toda, recordará mellor que eu, que non-a volvin á ver dende que salín da escola, en que páxina está eso. De modo que a Virxe é «nai e consolo do pecador». Logo se non houbera pecadores a Virxe non tería fillos aquí n-este mundo. Non sería nai tampouco, nin tiña á quen dar consolo, que é o don máis grande que pode haber: o don diviño que mellor debe gustar ós dioses e santos todos. E se un pecador téñ piedade e amparo na gracia

ESTEBO

diviña ¿cómo non ha de tel-a tamén en nós, que todos pecamos algo?

- ¿E logo os malos tamén irán á gloria?
- volveu a atallal-a tía Carmela.

- ¡Se non hai malos, tía Carmela, non hai malos nin bos! Todos só: mol-o mesmo. Solo nos diferenciamos: d'unha banda: os que están ben, con saúde e con todo o demáis pra vivír; doutra os que non teñen saúde nin conque buscala; e por último os que teñen conocimiento e os que viven sin pizca d'él. Todo lle está n-eso.

O máis das cousas desagradabres que suceden son por falta de alcance; por non comprender máis. A maldá de moitos non lle é outra cousa que falta de conocimiento. Cada un de nós quer que os demáis sean como é él. E non pode ser. Non pode ser nin debe ser, porque estonces a vida perdería a infinita variedá que tén, que é unha das millores cousas que Dios lle dou. Tamén é o que a conserva, porque é o que a anova sempre. Por eso cada persona tén os «seus» gustos, os «seus» sentimentos e a *sua* maneira de ver e d'entendel-as cousas. Cando sabemos respetar esta maneira de ser de cada un, establécese o equilibrio na vida; a armonía, tan necesaria pr'a convivencia d'us e d'outros como a tranquilidá para as almas. Pero se queremos impoñer ôs demáis á nosa maneira de ser,

XOSÉ LESTA MEIS

desfaise o equilibrio, e estonces estamos en guerra sempre, hastra que cada un poida colocarse no «seu» sitio, buscal-o seu centro.

Para min é un crime impoñerlle á outro, ou quererlle impoñer namáis unha maneira de ser. Porque como cada un tén a súa, non se lle pode impoñer outra sin matarlle a propia. ¿E conqué dereito pode un home facer esto á outro? Todol-os medios para evital-o *deben* ser permitidos. •

•O desconocemento é o que máis dano fai na vida. Sei d'unha muller, boa nai, moi doída e querendosa dos seus fillos, que mallaba á tundas á un porque xa estaba sendo home e inda lle mexaba na cama. Á probe muller consumíase pol-a vergonza de ter un fillo así, e fixo todo o que puido por quitarlle o costume, sin podelo alcanzar. Pero vaise un día e chamou ô médico para que lle vira ô home, que se lle puxera malo. O médico foi e alcontrouno todo salfurio. Preguntoulle a causa e díxolla. Acababan de darlle unha tolina ô rapaz pol-o mesmo de sempre. Vaise o médico e mandou que llo trouxeran pra reconocelo, e resultou que tiña unha enfermédá, que era a causa de que se lle foran os ouriños sin sentir.

– ¡Meu probe! – escramaron todas á unha.

•Cando tal soupo a nai coidou tolear. •

– ¡E vaia señor, xa o creio! – volveron á decir.

Don Andrés sigueu.

ESTEBO

«Pois así lle son moitas cousas. E como hai enfermidades do corpo hainas tamén da alma e do corazón. Estas son as que menos comprende a xente, e son as que máis debía comprender. Matan sin ferida nin mágoa. Non hai meiciña para elas. Sólo o sabe quen as pasa. O que as padece vive como alma en penas. E ós poucos anos, cando aínda debía estar no mellor, xa o colle a vellez. Pero unha bellez triste e fea, que asusta e fai tremer ós nenos».

«D'esta vellez, non da natural, que sempre é simpática e moitas vces alegre, debeu vil-a mala fada que teñen as vellas n-algús contos. Sempre aparecen facendo maldás; chuchándolle o sangue ós nenos; roubándoos de noite; botando ó mal de ollo, facendo pauto co demo para arruinar á alguén... E así. De cote as acciós malas ou feas son feitas pol-as vellas en todol-os contos. A min non hai quen me quite da cabeza que toda a culpa ven da vellez sin anos d'esas pobres mulle es que teñen os corazóns cheos de tristeza e d'abandono, cansas d'agardar e de sufrir por algo que desearon moito e que nunca poideron ver nin unha vez tan siquera».

«Hai quen precisa e anda á pedir unha limosna de pan. Pero hai tamén quen precisa limosna de consolo, de piedade ou d'amor. ¡Cántos irían pol-as portas do mundo á buscar agarimo para as suas almas orfas; un peito

XOSÉ LESTA MEIS

morno onde recrinal-as suas cabezas doridas, ou unhas palabras d'amor pr'os seus corazóns cheos d'ansiedades, sedentos de todas as ilusións! Moitos dos que o buscan no ceo é porque xa perderon a esperanza d'alcontralo aquí na terra. E se ninguén anda á pedir d'estas cousas é porque se se piden xa perden o seu mérito. Teñen que ser voluntarias. Ou polo menos que parezan así. Ademais, danos vergonza doernos d'elas. Se, o facemos algunha vez é cando xa o sufrimento nos fai acorar. Estonces imos á aquel dos nosos coñecidos que coidamos que nos vai escoitar con máis agarimosa atención, e abrimoslle o peito todo, porque xa non podemos gardar máis tempo n-él aquilo que nos chucha e roi a alma.

«Hai quen está cantando sempre; hai quen nunca canta. ¿Porqué? A xente di que o que canta é porque está alegre. Pero si está alegre será por algo. Alegres quixéramos estar todos e somos moitos máis os tristes. Hainos con saúde e que teñen pra ilo pasando ben, e máis non viven alegres; hainos que non teñen máis que o de cada hora e cantan sempre como os paxaros. Isto ten que ter unha causa. A causa non é máis que unha d'estas: O que ten fatura na barriga pode ter fame no corazón, e d'estonces está triste. O que ten fame na barriga pode tel-o corazón satisfeito e esto poñerálo alegre.

«A min paréceme que a cartilla non está

ESTEBO

compreta. Sólo ten rezos á Noso Señor pol-as nosas almas. Debía tel-os tamén pol-os corazóns. Está ben que lle pidamos á Dios pol-a alma. Pero ¿porqué esquencémol-os corazóns? A gloria será a mellor cousa d'ese outro mundo que din que hai. Pero o amor é a máis grande que pode haber n-este e en todos. É o único que trema de nós na vida, e pol-o que se pode resistil-o delor de vivir. E coido que para ir á gloria non hai máis camiño que o do amor. Nin pode habelo. Do amor á gloria comprédeo calquera que teña corazón. Pero da tristeza e do sufrir, que eso son os rezos, non lle cabe na cabeza á ninguén*.

*A Dios debíamos rezarlle menos e cantarlle máis. Non sei porque nos empeñamos en facelo amigo da tristeza, cando pol-as suas obras vemos que lle gusta a ledicia. E se non, botémol-a vista á Natureza. Todo é alegre. O sol, o ceo, as estrelas, o mar, os ríos, as fontes, os regachos, os campos, os paxaros, os coores. Todo. Unicamente as personas somos tristes. Pero é porque nos fan ser. Cando nacemos todos somos alegres. Como que vida quer decir alegría. Se choramos ô vir ô mundo é pol-a dureza das mans que nos reciben, que non están afeitadas á tratar cousas tan moles como son as nosas carnes. Pero de que todos somos alegres non ten dúbida. Non se precisa ser sabio para comprendelo.

XOSÉ LESTA MEIS

Abonda ver un neno. Como teña saúde e estea ben farto ¿fai outra cousa que rir? O que quererá é que o pandexen e sacudan. Pois velahí*.

E despóis, según imos medrando, cando nos fan conocel-a tristeza, privándonos de moitas cousas, ou cáseque todas cantas nos dan alegría. O primeiro que nos quitan é a libertá. E sin libertá xa non hai cousa boa.

Ha de vir tempo que se enseñe á cantar e a sentil-a alegría de vivir, como hoxe se enséña á ler. Será cando comprendámol-o verdadeiro sentido da vida. N-esto están máis adiantados nas aldeas. Nas aldeas, inda que se traballa máis e en piores condicións, canta todo ô mundo. Hasta traballando e todo. Por algo a xente está máis á carón da Natureza.

Pero hai moitos á quen non lles couvén que a vida sea así, amable e doce para todos, porque estonces ninguén pensaría en alcanzal-a gloria no ceo; xa a tiñamos entre nós. E daquela ¿de qué iban vivir tantos como viven magnificamente facéndonos creer que habemos tel-a aló, mentras eles gozan d'ela aquí canto poden?

Acabando de decir esto don Andrés, entraba doña Adela pol-o portelo da eira. A tía Farruca chamouna.

- ¡Veña, doña Adela, veña para aquí, que hoxe hai moito que ver.

ESTEBO

A doña Adela gustáballe moito estar con don Andrés. Non se cansaba de ouvílo falar. E máis desde que un día o señor cura lle dixo ó ouvido estirando moito a coliga para chegarlle ben a él:

- ¡Con don Andrés hai que ter cuidado! Elle unha miaxa anarquista!

Todo foi porque estando o señor cura dándoll-as queixas á siña Dominga de que un fillo d'ela era moi rebelde e que o había que ensinar, don Andrés, que se encontraba no sitio, defendeu ó rapaz. Co seu bo aire de sempre, ó mesmo tempo que ulía a póla de néveda, e como quen non quer a cousa, díxolle ó señor cura:

- Déixeo, don Luís, déixzo. Dos rebeldes é o porvir. A rebeldía é a gran criadora da vida. Dios foi o primeiro rebelde. Ó facela luz fixo a revolución máis grande e máis duradeira de todol-os tempos. Estremeceu ó mundo todo n-unha eterna larada de fecundación. Logo a rebeldía, orixinariamente, é santa. Por eso sempre hai e haberá rebeldes, in da que todol-os medosos da rebeldía non pensen máis que en matala.

Cando se sentou doña Adela díxolle a tía Carmela.

- Non sabe o que perdeu con non vir máis antes: padricou aquí don Andrés que... ¡había que velo!

XOSÉ LESTA MEIS

- ¡Ai, no!.. Así Dios m'axude como seique
inda padrica mellor que o señor cura - enca-
nou a tía Farruca.

- ¿E logo qué dixo, señora, qué dixo!
preguntou doña Adela sorríndose.

- Dixo que vosté debíase casar - contestou-
lle a tía Carmela.

- ¿Eu? ¡Téñolle boa gana! Non lle hai vida
como esta. Eslou como quero. ¿E qué millor?
Vou e veño cando me dá a gana. Non teño
quen me rosme nin quen me estorbe. Á hora
que chego aparezo. Déitome e érgome cando
me ven ben. Como e roo según mo pide o
corpo. ¡Eu non sei que máis se pode pedir!

A doña Adela gustáballe falar d'estas cousas
diante de don Andrés, namáis que por ouvilo.
Don Andrés tamén falaba de moi boa gana con
doña Adela. Contestoulle;

•Precisamente por eso, inda que non fose
por outra cousa, non creo que estea vosté
satisfeita de todo. Poder facel-o que un queira
é un motivo grande de ben estar. Pero non
abonda. Precisamos tamén algún atranco que ven-
cer; algo que nos faga cavilar e nos estorbe de
noite o sono...•

•¿Quén pode resistir unha vida, sempre o
mesmo, hoxe como onte, mañán como pasa-
do, este mes como o que ven; comer, dormir e
e andar de paseo; sin inquedanzas que calmar;

ESTEBO

sin deseos que cumprir, sin unha ilusión que embelocer!... Vendo pasalas horas, e os días, e os anos coa mesma indiferencia conque pasan as d'un reló n-unha casa valdeira... ¿Quién é capaz de vivir así?*

En troques ¡qué diferente para aquela persna que lle tarda en vir un día que cada hora agarda con máis ansiedá, e que cando chega tremra por cada minuto que pasa, porque quixera que nunca se lle fose!

Don Andrés non poido seguir falando. A doña Adela doulle un vaído e caíu para atrás, regalando os ollos e berrando como se a mataran. Téndoa nos brazos a tía Carmela, coa cabeza arrimada o seu peito, doña Adela falaba baixiño, como en soños. Algunhas veces chamaba por Antón, e sorriase... Antón era o nome d'aquel amor que tivera nos seus dazaoito anos, e que lle deixara no corazón unha anguria que lle chuchaba a alma...

* * *

Despois d'acabada a zafrá embarcou pra Galicia Estebo e máis don Vicente. Nos doce días que durou o viaxe, Estebo conoeu algús compañeiros que se fixeron amigos d'él. Viña o barco cheo de xente. O máis d'eles estiveran de catro anos pr'arriba en Cuba. Eran traballadores. Tamén, pouco bo traían que contar.

XOSÉ LESTA MEIS

Ben se lle vía. Viñan feitos esqueletes. Poucos eran os que non se lle podían contal-os ósos sin moita dificultá. O peito e máil-a barriga non se sabía que fora d'eles. As costas tiñanas enriba dos hombros.

O que máis e o que menos viña por vir. Como se o trouxeran e él se deixara, por ferlle todo o mesmo xa. Algús non sabían se poderían parar nas suas casas. Nin xiquera se a tiñan. Desfixéranse da vida para poder marchar; aló non tiveron sorte e non lles foi posible cumpril-os seus compromisos. As cartas de suas donas e de seus pais iban cada vez máis supricantes: había que pagal-os rédetos dos cartos que se pediran; debíanse as rendas de dous anos xa; os fillos non tiñan que poñer, e moitos días non había pan que lles dar.

Estas cartas facían máis anguriosa a situación, xa triste, dos homes. E como non podían acodir co remedio, que inda non tiñan pra eles, deixaron d'escribir. Cansos de loitar, vencidos pol-a vida, botáronse a conta de perdidos e non quixeron saber máis das cousas da casa. Para tristezas tiñan d'abondo coas d'eles...

E se dianteis c'un anaco de terra e un animal, ou as dúas cousas, non podían vivir. ¿cómo iban facer agora que non tiñan nada. hasira nin salú? Por eso moitos quedaron aló.

ESTEBO

Antes que vir así deixábensen morrer primeiro.

Os máis d'eles viñan fríos, cavilosos e tristes. Algúns xa se arrepentían d'haber embarcado. Andaban pol-o vapor adiante solos sempre, matinando, non como iban facer, que xa non podían facer nada no estado que viñan, senón que sería d'eles.

Estes eran dos que, como Estebo, non tiveron na Habana quen os fora buscar á bordo para ocupal-os nos empregos que xa lles terían preparados, poida que nas mesmas casas dos que os levaban. Estes foron sin saber onde irían á parar, como agora iñoraban o que iba ser d'eles.

En troques, algún que viña dos que xa foron d'aquí empregados, era outra cousa. Conociaselles ás légoas que viña da América. Andaba ben portado e ardía en deseos de chegar ó seu pobo, onde pensaba facer montóns e moxas. Traía permiso por un ano, o que quería decir que se lle gardaba o emprego para cando volvera, se non era da casa e todo, xa.

Un día pol-a mañán correuse a voz de que se puxera moi maliño un dos de terceira. Moitos ibano á ver. Estebo tamén foi. Cando viu quen era quedouse como se lle fora dar un vaído... ¡Era o ourensán, aquel mozo tan alegre e adevirlido que fora no mesmo barco que Estebo para a Habana, facendo rir á

XOSÉ LESTA MEIS

todol-os compañeiros, e que entrou en Triscornia coa súa gaita ò lombo, o mesmo que se entrara de ruada n-unha aldea da súa parroquia..!

Viña chinchadiño. Caíalle a roupa por él abaixo por non ter onde se suxetar. Non era máis que ósos

Estebo contoulles ós demais compañeiros como era aquel mozo cando veu pr'a Habana. A todos lles deu moita lástima. Entre os que podían, xuntáronlle algús cartos.

Estebo non se arredou do seu lado pouco uin moito en todo o viaxe, e fixolle todo o que poido porque o pasara o menos mal posibre.

Contoulle o caso á don Vicente, que viña en en segunda, e don Vicente pagoulle ós camareros para que o serviran ben. El tamén lle traía algunha larpeirada de vez en cando, e decíalle palabras d'alento.

ESTEBO

X

Ô desembarcar na Cruña Estebo quixo levar á sua casa o ourensán. Pero o ourensán non aceptou. Tiña moita presa por estar coa sua familia. Acompañouno a estación do ferrocarril. Despedíronse c'unha apréta forte, chea de emoción. Despois Estebo volveuse para a vila. Quixo chegar á casa caladiñamente, sin que vira ninguén.

Así foi. Xa escurecera cando entrou pol-a porta. Entrou sin decir nada. Presentouse na cocíña. Estaba a señora Marica facendo lume de toxos c'un fonciño vello na man. Ô velo botoulle as mans ô pescozo n-unha apréta grande, grande que non sei.

- ¡Ai, Estebiño, meu neno! ¡Xa Dios te trouxo para cabo de nós!

Empezou á chorar de ledicia. A Estebo tamén se lle soltaron as bágoas, abrazando á nai. Quixo ir vel-as irmás, no mesmo intre que xa o rodeaban preguntándolle agarimosamente se viña bo. Tamén choraban coa alegría de velo.

Traía ganas de se deitar. A señora Marica foi á toda a présa á prepararlle a cama. N-un siriño de Dios acabou. E eso que inda tiña que facer. Pero como total-as cousas estaban á man, que así as poñía ela sempre, arrematou

XOSÉ LESTA MEIS

de confado. Á cabeceira, debaixo da sábana, púxolle unha poliñas de oliva benditas e un escapulario da Virxe de Pastoriza, que levara á bendecir á San Pedro Mártir.

Xa deitado Estebo non se cansaban d'estar ô pé d'él a nai e máil-as irmás fala que te fala. Hasira que a señora Marica dixo que poida que non lle fixera ben falar tanto, e que era millor deixalo descansar.

Como Estebo dixera que non quería cear, a señora Marica asustouse. Estebo tranquilizouna facéndolle ver que viña mareado do viaxe, e que debido á eso non tiña gana nin lle conviña cear. O corpo non lle pedía outra cousa que descanso.

Deixouno ben tapado e á gusto, e foise p'ro seu cuarto. Alí pideulle de rodillas á virxe de Pastoriza que llo sanara e ofreceulle dous polos dos millores que tiña.

Pouco despois chegouse á cama de Estebo con moito cuidado, por sí durmía. Estebo non tiña sono. Bailábanlle na cabeza mil cousas de Cuba, do viaxe e de verse na sua casa ô pe de sua nai, en quen non deixou de pensar moitas veces todol-os días desde que marchara.

Viñanlle momentos que lle parecía que inda andaba pol-o inxenio «Conchita» adiante, coa alma chea de saudades pol-a sua aldea. Hasira vía ôs negros ir e vir pol-o «batey», cantando as suas andrómenas, todos esfarrapa-

ESTEBO

dos, e bailando a «rumba» no barracón. Os petos dos tambores resoábanlle nos miolos da cabeza. Vía ô Malmesirves feito un pelenxin por alí adiante, parolando coas negras como se non fora nada, e inda sentindo algunha fachaenda que o visen os demais galegos, a quen as negras non querían falar nin de noxo. Porque nos inxenios, cos galegos, as negras mozas non falan; téñeno á menos.

Estebo tiña que fixarse ben nas cousas todas da súa casa para convencerse, intimamente, de que non soñaba; que era verdá que ¡por fin! víase entre os seus, na súa aldea e na casa de seus pais.

Vendo que non dormía, a señora Marica preguntoulle se non estaba a gusto. Estebo contestoulle que si. Púxolle ben o embozo da cama, que o tiña arrugado, e foise. Ô pouco tempo levoulle unha cunca de leite, acabado de munnir, coa espuma d'unha cuarta. Estebo non contaba con semellante cousa. E poida que se llo dixeran antes de levarllo que non aceptara. Pero véuno tan branquiño na cunca de barro, e co aqueles faroles da espuma que se iban desfacendo un á un, que o tomou todo. Sólupolle a gloria. A señora Marica quedou ancha e satisfeita que na miña vida. E sigueullo dando total-os días. Pol-a mañanciña cedo, era o primeiro que facía sempre.

Ô outro día pol-a mañán Estebo ergueuse e

XOSÉ LESTA MEIS

púxose na ventana. Era domingo. O sol inda non deixara de todo os curutos dos montes desde onde comeza á pillar forza. A súa luz facíase leitosa pola evaporación que levantaba da humedén da terra. Os vales e cómaros estaban cubertos d'unha brétema moi lixeira, de coor azul e trasparente. Das casas, por entre as tellas, saía fume delgado, crariño, tirando tamén á azul, e subía pouquiño á pouco ô ceo, facendo pequenas ondas que somellaban de gasa fina.

Non se movía unha palla. A Natureza parecía atóneta vendo ô ceo azul, con algunhas nubes branquiñas como espuma de leite acabado de munnir. As nubes tamén estaban quedas, engaioladas. Os mesmos árbores parecían ter entendemento e escoital-o que pasaba aló arriba. Maceirentos, xirises, verderolos e xilgaros cantaban ô sol nos olmos, figueiras e loureiros, entre o rechouchou barullairo dos gorriós. Os campos estaban verdes e cheos de margaridas, que se abrían ô sol e somellaban estrelas. Era no mes de Santiago. O trigo estaba chegadoiro, e as espigas, reventando de cheas, relucían ô sol o seu coor dourado, entre o verde escuro do millo. Os árbores non podían coa frúta, de tanta que tiñan. Dobraban as pólas. Polos valados adiante as silveiras ofrecían grandes piñas de amoras, moi ricas, que os rapaces depinicaban golosos, correndo us diante d'ou-

ESTEBO

tros á ver quén pillaba máis. Por campos e arredores apastaba o gando, solto ou téndoo de corda seus donos, con moita cachaza, dando un paso hoxe e outro mañán...

Empezaban á vi-las mulleres do mercado. Moitas traían na man o xarro do leite, que relucía ô sol. Outras, cestos na cabeza, sin agarrar, cunha soltura equilibrada encantadora. Todas cos brazos ô aire, ô frescor da mañán. Todas co eles colorados, redondos, fortes, afeitos ô traxín de todol-os días.

Iban vindo en fatos, según as edades. As mozas aparte das vellas. As casadas á un lado; as solteiras á outro. Unhas e outras ouvíanse de lonxe. Falaban á tres e á catro á un tempo. Había cada risa que enchía de alegría todo por alí arredor.

Tocaba a campana á misa de tarde. Vías vi-la xente da de cedo. As mulleres cos mantós colgados no brazo, unhas, e outras co eles postos; pano amarelo â cabeza, saias escuras e chambra branca. Os homes coas chaquetas â hobreira, deixando ve-la brancura da camisa; sombreiro negro de alas anchas, sin forma nin xeito, e unha vara na man. Us e outros viñan vindo pouquiño á pouco, como se non lles importara chegar â casa á unha hora ou a outra, falando das cousas da vida.

Xa o sol iba máis alto. Xa se desfacía a corfina bretemosa que cubría os cómaros e valga-

XOSÉ LESTA MEIS

das. O aire era máis transparente; a luz máis crara; o ceo máis azul.

¡Qué ben tocaba a campana n-aquela hora! ¡Cánto gusto daba ouvila! Os seus tanxidos eran d'unha musicalidá cristiáña que enchía a alma de íntimas dozuras. Iban caendo no aire pouquiño á pouco, como risas de anxeliños. Alentábase humildá e xinxeleza. Parecía que acababa de nacer-o mundo. A alma sentía doces congoxas. Non sabía se rir, se chorar, se rezar. Quixera ter áas e voar ó través da poeira d'ouro que vertía o sol no espazo. Quixera ser un lixo máis dos que vía frotar no aire; quixera sel-o canto dos paxaros. Quixera selo todo...

Estebo non se poido aguantar máis. Visteuse e largou fóra da casa. Foi vel-os tarreos do lugar. Pero non saleu da eira. Non se cansaba de mirar cada cousa das que había por alí. Ademáis quería apartarse da xente. Sabía que cando o viran habían de aburalo á preguntas, e él o que deseaba era que ninguén lle recordase nada do viaxe nin de Cuba. Se poidera esquencer todo, de boa gana o esquencia.

Chegou ás Espeladas. Dendes d'alí botou a vista atrás para vel-os sitios onde enredaba de pequeno. A chouza da siña Marica a da Pena, arrimada á casa vella, da que xa non había máis que unha parede toda cuberta de edras: alí dormían os gorriós da aldea e despertaban

ESTEBO

total-as mañás ôs veciños co seu rechouchou escandaloso. N-esta casa vella poñíase Estebo cando era rapás á decir nos días d'orballo, be-r-rando:

• ¡Ai, como chove na casa do probe!
¡Ai, como pinga na cas de Dominga! •

Os vellos loureiros da corredoira, onde xol-deara tanto de cativo, alí estaban tamén, tan conservados como sempre. Ó pé da casa da siña Xuana, n-aquel campo pequeno, facían a roma para andar ôs chés. Ou andaban ôs cobos, ou â billarda. Era o sitio de xoldeo de todol-os rapaces.

A señora Marica decíalle que non salira á fora mentras non se puxera bo. Estebo non ti-ña nada. Viña famento, eso sí. Contábanselle os ósos. Pero a señora Marica tanto e tan ben coidaba d'él que ôs oito días xa era outro. Tamén atullaba n-él que era moito conto.

Empezou á traballar. Erguíase ô abril-o día e aproveitaba ben o tempo. En poucas semanas virou o lugar co d'arriba para abaixo. Os bois estaban ben folgado's e gordos. Inda que os xunguira todol-os días non había d'uda nin-gunha. Tiraban pol-o arado como nada.

Puxo total-as terras en movemento. Preparou cada unha para o que había levar. Sempre que había un porielo tapábao axiña. Puxo

XOSÉ LESTA MEIS

cancelas novas; arruou onde facía falla e non lle quedaba cousa sin facer na sua hora.

¡Había que velo agora con qué fachenda andaba cos bois, e cómo coidaba n-eles! Sempre que había unha feira levábaos; non para vender, senón para sabel-o que lle ofrecían. Ou iba él sólo por estar ô tanto dos precios.

Fixo a sementeira. Fíxoa na leira grande de Franxeiro, onde a facía moitos anos seu pai. Preparou a terra. Deulle dúas araduras boas e gradouna ben gradada. Un día dos de Nadal empezou. Xa viñera San Martiño. «En San Martiño cada día un ferradiño», dí o refrán.

O tempo estaba como se quería. Despois d'us días orballosos quedouse o ceo azul e con sol. Un sol morno, cargado d'evaporación dos rocíos de denoite, que envolvía as cousas n-un ser e n-un non ser que enchía a alma de mil suxestións engaioladoras. As casas, os árbores, os montes e cómaros quedaban esvaídos. Somellaban algo feitos de fume azul. Os árbores tiñan maxestá herálica. Parecían misioneiros de ideais subrímes. A Terra, a Gran Nai, estaba vestida de branco e azul. A luz chegaba á ela peneirada pol-a túnica da evaporación, que a cubría, e quedaba como sumerxida en si mesma, suxestionada, mística o mesmo que si preparara o seu ventre sagro para a fecundación grandiosa da Vida.

Os campos parecía mesmamente que aca-

ESTEBO

baban de nacer. Tiñan un matiz verde-pálido delicadísimo, que armonizaba maravillosamente co demáis. Todo era soavidades e branduras. Todo era tenro, mimoso, sentimental.

Aquel día estaba o val cheo de cántigas de carro e voces labregas. Eran moitos os que facían a sementeira. Por todol-os sitios se ouvíaa o mesmo:

- *¡Ei boooooi....! ¡Ei boiiiiño....! ¡A rego, Marelo, a reeeego! ¡Mira qué calma eles levan! ¡Ei á fora, eeei!*

E o cantar dos carros;

¡Chiiii!..... ¡Choooooioooooío..!

Non se oía outra cousa. As voces mesturábanse co cantar dos carros, e todo así, á unha, somellaba un canto salvaxe e doce da Naturalidade, que mesmo engaiolaba ô ouvido.

Víanse andal-os bois coa súa calma natural, á compás da voz que lles falaba, como se n-ela tivesen os latexos da súa vontade. Andaban pouquiño á pouco sempre, pero decote ô mesmo paso, que tiña a solemnidade d'un rito dos vellos tempos. A voz do labrego, sólida e baril, sin deixar por eso de ser soave, parecía un rezo cantado, que os bois escoitaban con intelixente atención. O arado iba abrindo o rego, onde caía a semente que había dal-o pan para comer e máis para pagala renda. De trás do arado, voando por entre pernas do que guiaba, andavan lavandeiras, co-

XOSÉ LESTA MEIS

lovías e labercas en procura de vermes e miñocas. Máis atrás, dous ou tres regos, viña a xente trullando cos insiños, ou sea virando a terra para tapal-a semente e máis algunha herba que iba deixando o arado. Elas e eles, mozos cuasementa todos, traballan entre bromas e risas, en contos sempre.

O traballo non parece máis que unha desculpa pra se xuntar e divertir. En cada sementeira son doce ou catorce de varias casas. Axúdanse us á outros e non paran hastra acabal-a do último. Por eso hai gandaia e xoldeo. Todos comen na casa de quen traballan. Xantar, xantan na mesma leira. Todos xuntos, us d'arredor d'outros, como se foran unha mesma familia. Trai o xantar a dona da casa n-unha cesta grande, como tén que ser pra cabel-a comidade todos. Hai viño. Hai pantrigo. A comida é do millor que cada casa poida facer. Tamén os bois comen na leira.

Xantando e todo siguen as bromas.

- ¡Cómo encaldas, Xan! - dílle Teresa á un que bota arriba un vaso de viño.

- ¡Seique non tén espiñas! - asegunda outra.

- ¡Quén che pagara o gasto! - axuda unha terceira.

E así. Cada un deféndese como pode. No que menos se pensa é no traballo, anque to-

ESTEBO

dos traballan ben. Pero non-o sinten. Non lles pesa o corpo nin lles doen os cadrís.

Nesta aldea os gorriós son un gran perigro para o trigo. Cando está logrado caen n-él á centos. O labrego que se descoida queda sin un gran. Moitos, cando está chegadeiro, pónen espantallos na leira e mandan rapaces á tocar caldeiros para tornalos. Pero os gorriós non fan caso d'esto. Da imposibridá de se ver libre d'eles xurdeu un «remedio», o mito. É o que fai sempre o home cando non dispón de outra cousa millor. O remedio é unha de tantas creencias do noso pobo. O tío Mingos facíao sempre, e Estebo fíxoo tamén. El aínda non-o sabía. Díxollo sua nai.

Antes d'empesar á sementar puxo os bois diante do arado, sin xunguir. Quitou ò chaveluco da fura d'atrás - o arado tén duas - e por ela botou un puñado de trigo dez veces seguidas. Unha na contou. Era pr'o desmo. Meleuno coa man dereita e colleuno coa esquerda. Despois ergueu o arado por detrás, collido pol-a rabela, hasíra a altura do cesto da semente, que tiña colgado no brazo. Rezou tres padrenuestros, unha avemaría, un credo e unha salve. Feito esto, foi sementado o puñado de trigo pol-a veira da leira todo arredor. Tén que chegar para toda, aunque sea un gran diante d'outro. E xa non hai medo ós gorriós. Pódese sementar á confianza.

XOSÉ LESTA MEIS

Por si este remedio non abondaba aínda fixo outro que lle dixo o vello Cainzos. Non será mellor que o primeiro para tornal-os gorriós. Pero máis poético si que é.

Púxose no medio da leira co sombreiro na man. Rezou tres padrenuestros, tres avemarias e tres salves. Despois dou unha volta todo arredor da leira, sempre descuberto. Colleu o cesto da semente e levantouno nove veces á altura da súa cabeza. Feito isto volveuse poñer no medio da leira, cara ó nacente, de- cindo:

*Paxariños paxareiros:
deixádeme o meu triguíño,
deixádemo todo enfeiro;
xa lle ofrecín nove veces
a semente ó Dios do ceo.*

Eran as palabras sacramentales. E xa para remate fixo nove nudos n-un cordel. N-estes nove nudos quedaban os paxaros presos. O cordón habíao que gardar ben, e desfacel-os nudos cando se collera o trigo. Se non, os probes paxaros seguían presos sempre. E isto era unha xudiada moi grande.

Ó acabar de facel-a sementeira arruou as beiras moi ben arruadiñas e deixou os arredores limpos de terra, como facía seu pai, para apastar ben os bois.

Como o tempo se presentou ben e a terra es-

ESTEBO

taba deseosa de trigo, porque facía anos que non-o tivera, houbo moi boa anada d'él. Encheu a leira de molgueiras. Despois na casa fixo unha meda que había que vela, Enriba de todo púxolle unha forcada de silvas, para que non foran á él os gorriós, e prantoulle un ramo deloureiro. Así se acostumaba á facer na aldea.

Ben entrado o mes d'agosto preparou para a malla. Era cando se facían todal-as de por alí. Primeiro limpou ben a eira de pedruallo. Achanzouna. Donde tiña un alto quitoullo; donde había unha coba tapou con terra. Ó mesmo tempo foi xuntando toda a bosta mol n-un paxe vello e ibaa remollando todol-os días para que non se lle puxera dura. Xa con bosta d'abondo barreu a eira das areas máis gordas e comenzou á facela. Facel-a eira chamábase alí preparala para mallar.

Foi metendo a bosta n-un caldeiro e botoulle auga hastra poñela feita un paparruallo, como lameiro de póza. Feito esto doulle a derradeira man. Emboreou aquí e alí un pouco do paparruallo, e c'unha escoba de silvarda foino espaxando pol-a eira adiante, hastra quedar toda cuberta d'unha capa fina e suave. Cando arrematou, a eira era como unha parede recibada con mezcra, e bruñida. Daba gusto, vela.

Deixouna así us días sin pisar por ela hastra que se secou ben. Despois de ben seca podía-

XOSÉ LESTA MEIS

se andar. Pero con moito fino e non con zocos embrochados. Daba un gusto que non seij. Era como quen pisaba por riba d'un cobertor. Se- ca e todo conviña andar o menos posible. O tío Míngos non lle gustaba ver á ninguén. Nin galiñas, por temor á que escarabellaszn. Este- bo fixo o mesmo.

Empezou a malla.

É unha mañán do mes d'Agosto. O sol queima. Aínda á través de figueiras e lou- reiros fai sudar. A eira está cheza de xente, que se move d'aquí para alí preparando todo. En- riba da meda está un tirando pr'abaixo mon- llos á eito. Cando os monllos veñen pol-o aire soltan unha poeira fina que brila ô sol o mes- mo que se fose d'ouro. Os monllos vannos poñendo pol-a eira adiante. Us dz pé coas es- pigas pr'arriba. As espigas dóbranse co peso do gran e relucen ô sol como como cabelos louros. Outros esténdenos ô xeito pra ser mallados. Vannos deitando pol-a eira adiante coas cabezas xuntas, us ben arrimadiños á outros. A cada tendido d'estes chámalle unha eirada. Fan duas ou tres, se a eira o dá. Entre unha e outra deixan paso para andal-os malla- dores. Cos monllos que poñen de pé pra que se vaian secando ô sol, fan como un vala lo para que non salte o gran fora da eira.

Das polas das figueiras colgan mallos, ensi- ños, chalecos, faixas e outras prendas de vestir.

ESTEBO

Debaixo, á sombra, están rapaces e nenos sentados que veñen xoldear. O día da malla ninguén dos da casa traballa n-outra cousa. Todos teñen que facer alí. Os rapaces, carrexar auga fresca pr'os malladores; as donas, aparelal-o xantar e axudar por alí no que faga falla.

Xa está todo preparado. Os malladores tamén. Son doce. Hainos mozos e hainos de edá. Pero todos son fortes. Todos están en camisa ou elástico, descalzos ou en alparagatas, para non desfacel-a eira. Os que teñen camisa desbotónana no pescozo, deixando o peito ó recacho. Algús amostran us pelos grandes, gordos e espesos como de peito de lobo. Todos poñen ó pescozo un pano branco ou de coor, según lles cadra ter. Non sei é para recollel-o suor ou se pra que o sol non lles pique alí tan forte.

Na eira hai unha ledicia como de festa. Os homes falen alto us cos outros e dínse bromas entre grandes e barulleiras risotadas. O mesmo elas e todos entre sí. As chanzas e donaires andan de boca en boca, picanles como abellas; de cando en cando salta brincadeira e aloucada unha risa xeneral de todos a un tempo, celebrando unha ocurrencia afortunada. Están as caras acendidas como fizós. Ferve o sangue nos corpos. No ambiente hai algo que fai cóxegas no corazón.

XOSÉ LESTA MEIS

Empeza a malla. Van os homes pouco á pouco, mitá de cada lado. Todos á compás, cada un ó seu tempo: ¡plin! ¡plan! ¡plin! ¡plant! ¡plin! ¡plan! Cando suben os mallos d'unha banda baixan os da outra.

Acabáronse as bromas. Por un momento perdeu «algo» a malla o aire de festa que tiña. Agora sólo se oi algunha palabra formal e o bourar dos mallos: ¡plin! ¡plan! ¡plin! ¡plant! ¡plin! ¡plan! É que a xente aínda «non entrou en calor». Están os corpos vencendo a resistencia que alcontran sempre nos primeiros momentos d'un traballo forte. Cando os homes levantan os mallos véñse os pértegos no aire dar voltas así como de mala gana, como por forza.

¡Xa entrou a xente en calor! O tío Chinto votou unha das suas que á todos fixo rebulir. Atopou un monllo duro de dal-o gran. Resistese ós mallos.

- ¡Cargar, rapaces, que trema! ¡Ei, corcio!
- berrou.

Todos cargan de alma. Estrícanse os corpos e doméanse como brinbios. Suben e baixan os mallos máis á présa. Cando están no aire, os pértegos brincan dereitiños que mesmo parece que eles solos se manexan. Dos labios d'unha das mozas que anda coa xesta xuntando os grans de trigo que saltan «fóra» da cira, sal unha broma que pón colorado á un

ESTEBO

dos malladores máis mozos. Este devólvea axudado pol-os compañeiros.

Entra a malla de cheo no seu carácter de festa. Festa de sol, de traballo alegre e farturento. De risas e chanzas. De licencias graciosas. De promesas d'amor. Os petos dos mallos son máis fortes e sostidos que denantes. Ó seu bater saltan pol-o aire os grans de trigo, que vistos ó través dos raios do sol somellan pingotas d'ouro. Os malladores moven o corpo con soltura e gracia, firmes sobre das pernas rexas. Teñen un ritmo d'armonía que mesmo parece que lles sal da alma. Os rapaces brincan nas eiradas, us por riba d'outros, dando voltas e pinchecar-neiros, As suas fales e risas xúntanse coas dos homes e fan un barullo de brincadeiro que obriga á parar á cantos pasan por alí. Tamén axudan os gorriós novos co seu arrechouchiar. Hai olor á graneiras cheas; á pan novo; a forno cocendo. Aléntase fartura e benestar...

Xa se arrematou de mallar. Os malladores van pousando os mallos pol-as veiras da eira ou colgándoos nas figueiras. Agora ben o acañamento do trigo, que é, c'us insiños, irlle quitando a pallougada máis gorda que tén e mailos caños, ou sea os sitios onde está melido o graa; a «camisa», como si dixéramos, conque nace. Feito esto collen «acañadeiras», que son ramos de lourzeiro ou de xesta, e pásanas por riba do trigo no aire, para facer

XOS LESTA MEIS

vento, co fin de que voen os moitos anacos de caños que deixaron os ensiños. E xa se colle o trigo da eira en sacas, para darlle despois, d'alí á quince días máis ou menos, a última man de limpeza. Eso xa é cousa de mulleres.

Falta partil-a palla. Desfán os monllos e vanna poñendo á pé dereito, como estaba na leira antes de collel-o trigo. Xa toda posta así, colle cada un o seu mallo e danlle unha malla-dura lixeira. É o que chaman «partil-a palla», que pra eso o fan namáis. Non lles leva nada de tempo. Coa mesma ven a espalladura; os homes vana pñllando en presas e sacudín-doa, subindo e baixando os brazos dende á cabeza hastra a cintura. De cada movemento d'estes vai caíndo a palla toda esmolcada e revolta atrás. Mentras us espallan outros fan o palleiro. O palleiro faino un solo. Os demais carréxanlle a palla en forcadas.

Cando o palleiro está á medio facer, xa anda pol-a eira adiante e todo arredor da casa un ulido que consola e fai auga na boca. É a cazolada que está aparellando a dona para facel-o xeste. Ô que máis e ô que menos xa lle tarda a hora de sentarse diante do prato e da xarra de viño.

Xa está o palleiro arrematado. Cada malla-dor recolle as súas cousas e vanse indo todos pouquiño á pouco á sentarse ô pé da porta, agardando que a dona avise.

ESTEBO

- ¡Hala que xa está enfriando - di a dona desde dentro.

Entran.

Unha hora despois cantan todos trailalaila.


XVI

De volta d'un viaxe que foron facer despois de casados, viñeron pol-a aldea doña Adela e máis don Vicente. Viron a casa da siña Marica remozada. Tiña portas e ventanas novas. O tellado tamén. A chiminea subía por riba do cume c'unha fachenda de moza en traxe de festa. O palleiro era máis alto que as figueiras. O cabazo estaba cheo d'espigas. Na eira, a siña Marica e máis Mari-Pepa cribaban no trigo. A siña Marica, sentada, íballe quitando as areas. Mari-Pepa enchía cribas d'él, e déndesd'a altura da sua cabeza, íbao deixando cair á modo, sacudindo a peneira pouquiño a pouco, rítmicamente, para que ô caíl-o trigo fora o vento levándolle os caños e lixos que tivera. A siña Marica cantaruxaba unha vella copra que o vento levaba e traía, engaiolado do seu sabor enxebre. O pè d'elas había dous nenos. Un andaba de galiñas. O outro xa brincaba por alí adiante. Un pouco máis aló, Es-

XOSÉ LESTA MEIS

tebo alindaba os bois â corda. Don Vicente
ouviulle esta cántiga, no vello estilo da aldea:

Non hai terra como a miña,
Nin casa como a que eu teño;
N-ela viviron meus país,
N-ela os meus fillos naceron.

A handwritten signature in cursive script, which appears to read "José Lesta Meis". The signature is written in dark ink and is positioned above a horizontal line that is crossed by a diagonal stroke, creating a stylized underline.

FIN



A novela *Estebo*, publicada por vez primeira na Coruña, en 1927, pola Biblioteca de Novelas Lar, da editorial Nós, é a contribución literaria máis importante de Xosé Lesta Meis.

Estebo segue a ser unha obra fundamental para achegármonos ao contexto do mundo rural na época da masiva emigración a Cuba. Trátase dunha novela-documento que nos permite coñecer unha visión da emigración galega a Cuba no primeiro cuarto do século xx. Con este texto, esta temática é levada por vez primeira ao relato novelesco, aínda que no seu tempo estaba presente na poesía de Rosalía de Castro e, nomeadamente, na de Curros Enríquez.

A interpretación que Lesta Meis fai da emigración galega en Cuba está baseada en experiencias sentidas moitas delas en carne propia, polo que esa identificación entre o autor e *Estebo* —o personaxe protagonista— converte a materia literaria nunha evocación de elementos autobiográficos ficcionalizados nos que a estética literaria obedece a unha compoñente emocional.

A novela *Estebo* emprega procedementos narrativos tradicionais próximos ao costumismo, cos que se reflicte nos dezaseis capítulos a vida diaria da aldea natal e da emigración a Cuba, con esa conmovedora descrición das penurias na estación de emigrantes de Triscornia, no alto do monte da Cabaña, nas aforas da Habana, a onde eran enviados ao chegaren os que non tiñan familiares, un contrato de traballo ou diñeiro.

A recepción de *Estebo* foi moi boa na súa época e mesmo antes de saír xa concitou o interese da prensa.

